ANUARIO BRIGANTINO

2016 Nº 39

Celestino Poza Domínguez, pintor (1959-2016). *In memoriam*:
«para Tino Poza, amigo eterno nas praias da memoria, Erias, 1-IV-2011».

Obra de Tino Poza (2012).

ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Alberto López Fernández (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Manuel Mª de Artaza Montero
Xosé Ramón Barreiro Fernández
Pablo Cancelo López
Marta Colón Alonso
Concepción Delgado Corral
José García Oro
Mª Jesús Lorenzo Modia
Carmen Manso Porto
Luís Monteagudo García
Xosé Luís Mosquera Camba
Manuel Núñez Rodríguez
James Duran/Séamas Ó Direáim
Carlos Pereira Martínez
Antonio Raúl de Toro
Xesús Torres Regueiro
José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):

José Antonio Fernández de Rota
Antonio Meijide Pardo
José Antonio Miguez Rodríguez
Xulio Cuns Lousa

Colaboradores técnicos

Concepción de Barrena-Sarobe
Rocío García Presedo
Silvia Muíño Naveira
Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2016 **nº 39**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946
anuariobrigantino@gmail.com
alfredoerias@gmail.com

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos, que está considerada na categoría "C-Normal" segundo valoración do Ministerio de Cultura, e clasificada, así mesmo, pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades).
A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet. O *Anuario Brigantino* completo (desde 1948 ata hoxe) pode consultarse nas webs:
http://www.betanzos.net
http://anuariobrigantino.betanzos.net
http://hemeroteca.betanzos.net
Ademais, intégrase nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, accesible na páxina: **http://busc.usc.es**
Tamén aparece nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *«Centro de Información y Documentación Científica»* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*«Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas»*); DIALNET (*«Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana»*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (Red de Bibliotecas Universitarias Españolas) Catálogo de Publicaciones Periódicas...

Cuberta e contracuberta:
Pezas da colección Jiménez-Cossío do Museo das Mariñas.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-

Don José Ramón García Vázquez
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

Como é tradicional por estas datas, teño a honra de presentar o *Anuario Brigantino* que, neste caso, corresponde ao ano 2016 e ao n. 39. É unha revista de investigación de alto nivel, feita en Betanzos, pero que a súa temática abarca toda Galicia, ás veces Portugal (como este ano), e mesmo pode chegar a Irlanda (como tamén neste número) e máis aló. 2016 empezou cun acto gratificante para o *Anuario Brigantino*, porque o seu director, Alfredo Erias, recibiu en xaneiro no Museo das Mariñas, de mans de Felipe Senén, presidente dos «Amigos dos Museos de Galicia», o «Premio Pedra do Destino 2015» polo seu labor cultural. O deseñador betanceiro Jorge Vázquez acadou o Premio L'Oreal París á mellor colección na pasarela Mercedes Benz Fashion Week Madrid. E Alfredo Crespo, estudante do IES As Mariñas, obtivo a nota media máis alta de toda Galicia nos exames de selectividade.

Moi especial foi o ciclo de conferencias do *Anuario Brigantino*, para celebrar o centenario das Irmandades da Fala, das que Betanzos ten a única bandeira que se conserva. Participaron: Xesús Torres Regueiro, Xesús Alonso Montero, Carlos Caetano Biscaínho e Goretti Sanmartín Rei. Complementouse cunha mostra con fondos do arquivo e do museo.

Espectacular foi o concerto que ofreceu na igrexa de San Francisco (o 6 de abril) o gran barítono italiano Leo Nucci, de fama mundial. Foi organizado pola Unidade Pastoral de Betanzos en favor de Cáritas. E non me podo esquecer da inauguración, o 22 de abril, no Museo das Mariñas, da Sala Rafael Seoane, con máis de cincocentas pezas, entre as que sobresaen dous torques de ouro e un de prata, cerámica grega e ibérica, machados da Idade do Bronce, exvotos ibéricos e romanos, cerámica prehispánica, etc.

Transcendente foi sen dúbida a presentación da web do Arquivo Municipal de Betanzos, realizada por Alfredo Erias e que pon a disposción de todo o mundo, non soamente unha rica información sobre os contidos da institución, senón tamén numerosos documentos, empezando polas actas capitulares desde mediados do s. XVI ata 1900.

Para rematar, agradezo a ABANCA e a GADIS a súa axuda, e tamén aos autores, á concelleira de Cultura, María Barral, ao director, Alfredo Erias, ao subdirector, Xosé María Veiga, ao Comité Científico e a todo o equipo de colaboradores.

MOI AGRADECIDO!

Obras de Tino Poza (2012).

ÍNDICE

Historia...

* Gravados rupestres no Concello de Monfero (A Coruña) polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS..... 11

* Arte rupestre e pensamento religioso na Pré-história por FERNANDO AUGUSTO COIMBRA..... 27

* Aliñamentos arqueoastronómicos nos petróglifos de armas da Idade do Bronce, por ANTÓN BOUZAS SIERRA..... 45

* El hacha «argárica» nº 568 de Luís Monteagudo: metales, territorios y gentes en la Cultura del Bronce del Noroeste, por JOSÉ SUÁREZ OTERO..... 73

* Vestigios de cultos celtas al roble en las romerías gallegas, por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 95

* El relato eumés de las tres fuentes hermanas: ¿un antiguo mito fluvial?, por VÍCTOR ALONSO TRONCOSO..... 113

* Construcións verbais progresivas en gaélico irlandés e en galego: conexións coa Prehistoria, por JAMES DURAN/SÉAMAS Ó DIREÁIN..... 121

* Achado de estruturas arqueolóxicas no barrio da Ribeira de Betanzos: resultado dos traballos de control arqueolóxico das obras de instalación da rede de gas natural no ámbito do Malecón, por SIMÓN PENA BASSO e XURXO BROZ RODRÍGUEZ..... 141

* Alfonso Molina: el hombre de los Franco en A Coruña, por FRANCISCO MARTÍN OSSORIO..... 155

Arte, Literatura, Antropoloxía...

* Herdanza do frío, por XULIO L. VALCÁRCEL..... 175

* Talleres de Tui, Braga y Zamora en la arquitectura románica del norte de Portugal y Galicia, por RAMÓN YZQUIERDO PERRÍN..... 195

* Cossío y el arte popular, por ANA MARÍA ARIAS DE COSSÍO..... 219

* Elogio del Arte Popular (De Bordados populares y encajes. Exposición, Madrid, Mayo, 1913), por MANUEL BARTOLOMÉ COSSÍO..... 225

* Museo das Mariñas (de Betanzos) (V): La colección Jiménez-Cossío, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ y CONCEPCIÓN DE BARRENA-SAROBE 227

* Un traje maragato en el Museo das Mariñas, por VICENTE DE LA FUENTE GARCÍA y CONCEPCIÓN DE BARRENA-SAROBE..... 333

* Juan Alonso y Canto: Maestro Mayor de Pintura del Arsenal de Ferrol, por JOSEFINA SÁNCHEZ CONS..... 343
* Los Hermanos García Naveira, indianos:nota-homenaje, por AURORA ALONSO DE ROCHA..... 383
* El reloj de la iglesia de Santa María de Verís -Irixoa-, por ANTONIO PÉREZ CASAS..... 389
* Manuel Vilariño (aproximadamente), por XOSÉ LUÍS MOSQUERA CAMBA.... 395
* A poesía galega do século XIX nos xornais de Betanzos, por MARTA GONZALEZ RODRIGUEZ..... 419
* Oliveira Guerra ao encontro da Galiza, por XESÚS TORRES REGUEIRO..... 439
* Francisco Antonio Espino Rodríguez, funcionario e erudito compostelán, (1832-1896), por CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ..... 473
* O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo (1985-2002), por JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO..... 485
* Riesgos globales ubicuos en España, por DELFÍN MARIÑO ESPIÑEIRA..... 517
* Con Betanzos siempre presente, por EDUARDO JOSÉ FUENTES ABELEDO... 523

Entidades culturais e deportivas...

* FUNDACIÓN CIEC..... 541
* Outras entidades..... 549

Acontecementos do ano 561

* Pregón da XIX Feira Franca Medieval de Betanzos, por EDUARDO XOSÉ FUENTES ABELEDO..... 577
* Pregón das Festas Patronais, por JAVIER GUILLÉN....., 584
* Función do Voto, por JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ..... 588

HISTORIA...

Obra de Tino Poza (2011).

Gravados rupestres no Concello de Monfero (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS[1]

Sumario

Neste artigo presentamos os gravados prehistóricos e históricos do concello de Monfero (A Coruña), que veñen a complementar o catálogo que estamos a realizar na zona do Baixo Eume.

Abstract

In this article we present the prehistoric an historical engravings of the Council of Monfero, (A Coruña). This article completes the catalog that we are doing in the Baixo Eume area.

I - INTRODUCIÓN

Durante máis dunha década, a nosa Asociación fixo unha serie de traballos na zona do Baixo Eume[2] nos que localizamos, ata a data, 157 paneis con gravados nos concellos de Vilarmaior[3] e Irixoa[4], e que en próximos anos ampliaremos cara ao S, ao concello de Paderne. Neste artigo presentamos os gravados prehistóricos e históricos do concello de Monfero, onde os resultados, como non podería ser doutra maneira, son máis que satisfactorios, localizando trinta e un paneis. A diferenza doutros concellos deste marco xeográfico, atopámonos con que na gran maioría do territorio prospectado non hai o soporte natural no que habitualmente se localizan os gravados: o granito, presente tan só en parte das parroquias máis occidentais Taboada, Queixeiro e Vilachá, nesta última é onde se concentran a totalidade dos gravados prehistóricos localizados e algún histórico. No resto do concello, é decir, nas parroquias centrais e orientais, non hai granito, e o soporte onde se atopan os gravados é lousa, neste caso todos eles son históricos.

Convén sinalar que debido á extensión deste concello, non foi posible prospectalo na súa totalidade. De feito, non puidemos facelo nas parroquias máis orientais (Santa Xiá de Monfero, San Pedro e Santa María de Xestoso), e tan só nunha mínima parte da parroquias central (San Fiz de Monfero), na que obtivemos bos resultados.

Para a localización e identificación da maioría destes gravados históricos foi fundamental a consulta da documentación medieval e contemporánea (privilexios, foros, apeos, preitos, etc.) proporcionada maioritariamente polas coleccións diplomáticas dos mosteiros de Santa María de Monfero e San Xoán de Caaveiro.

---

[1] **A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, e ten por fins a investigación, inventario, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.**

[2] Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», *Anuario Brigantino*, nº 26, páxs 51-76;

[3] G.A.T.T, 2008, «O Monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», Anuario Brigantino, n. 31, páxs. 11-32; G.A.T.T., 2009, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior- (I)», Anuario Brigantino, n. 32, páxs. 11-30; G.A.T.T., 2011, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior- (II)», Anuario Brigantino, n. 34, páxs. 27-46.

[4] G.A.T.T., 2012, «Gravados rupestres no concello de Irixoa (A Coruña)», *Anuario Brigantino*, n. 35, páxs. 11-24.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O Concello de Monfero conta na actualidade cunha extensión de 173'28 km² e está delimitado administrativamente ao N cos concellos de Cabanas, A Capela e As Pontes, ao L coa provincia de Lugo (concellos de Xermade e Guitiriz), ao S cos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e ao O cos de Vilarmaior e Pontedeume. Monfero está dividido en sete parroquias, de O-L son: Sta. Mariña de Taboada, S. Xurxo de Queixeiro, Sta. María de Vilachá, S. Fiz de Monfero, Sta. Xiá de Monfero, S. Pedro do Val de Xestoso e Sta. María de O Alto de Xestoso.

Xeograficamente limita ao N co río Eume, polo L con parte da dorsal meridional galega (Serrón do Lobo, 700-709 m e a Serra Loba, 676-687 m), polo S coas estribacións dos montes de Moncoso, Pico Vales (699 m) e o río Lambre. Mentres que polo O linda co río Anduriña e as estribacións do Monte do Catasol, sendo a altura máxima do concello o monte de Pena Feixa (716 m) situado na zona central do concello.

O clima é oceánico húmido con matices continentais nas zonas máis altas, invernos fríos e chuviosos e veráns secos, chegando á aridez nalgunhas zonas.

Xeoloxicamente[5] o concello pertence á zona IV de P. Matte, que se caracteriza estratigraficamente pola presenza dun Precámbrico antigo formado por rochas metabásicas e outro moderno formado pola serie de Ollo de Sapo; un Ordovícico de desenvolvemento relativo e un Selúrico potente e variado, formado sobre todo por xistos. Na zona O aparece unha grande diversidade de rochas graníticas de tendencia alcalina e calcoalcalina (granito de dúas micas) que varían en idade e textura. Así pois estratigraficamente considéranse dous dominios: a serie Ollo de Sapo e a serie Ordes, coa presenza principalmente de gneis, xisto, cuarzoxisto, filita e cuarcita.

III - DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS GRAVADOS

Como xa dixemos hai dúas clases de soportes non que se fixeron os gravados, o granito e a lousa, que ao mesmo tempo están directamente relacionados coa antigüidade destes, aínda que con algunhas matizacións. Polo tanto para unha mellor compresión do texto relacionaremos primeiro os gravados de orixe prehistórica de norte a sur, e despois os que consideramos de orixe histórica, seguindo o mesmo criterio, aínda que ambos os dous estean intercalados xeograficamente.

Santa María de Vilachá

É a parroquia máis ao O do concello, e é a única na que temos constancia que hai gravados de orixe prehistórica[6]. Xeoloxicamente, só hai granito na parte O da parroquia entre a confluencia dos ríos Anduriña ao N e o Baxoi ao S; mentres que no resto da parroquia tan só encontramos lousa, que é onde se atopan os gravados históricos.

En total localizamos seis paneis con gravados prehistóricos (mapa 1).

1) Edreiros-1 (coordenadas UTM 572142 - 4801392[7], xeográficas 8º 06' 35,01" – 43º 21' 40,11", cota de altitude 298 m). Trátase dun afloramento dividido por unha greta NNL a

[5] Os datos xeolóxicos e estratigráficos foron tomados do Mapa Geológico de España, 1:50.000 nsº 22 e 46 do Instituto Geológico y Minero de España.

[6] G.A.T.T, 2003, «Gravados rupestres na comarca...», *Opus cit.,* páxs 55-62; no que describimos os paneis de Edreiros 1 e 2, así como un gravado de orixe histórico que neste artigo se denominaba Edreiros 3 e que agora denominamos coma Cal do Machuco.

[7] Ata agora nos nosos traballos as coordenadas sempre se presentaron co datum ED50, que no caso de España levava vixente dende 1970. Pero a partir de 2007 no R.D. 1071/2007 regulouse o denominado

Mapa 1.- Situación dos gravados da parroquia de Santa María de Vilachá. As estrelas refírense ós gravados prehistóricos e os rombos ós históricos.

SSO e un valo de pedras de N-S. Ten unhas dimensións totais de 7,90 N-S x 4,10 L-O e unha altura máxima de 0,80 m polo LSL, onde presenta claros síntomas da acción do home.

É sen dúbida o petroglifo máis interesante de todolos os localizados ata a data neste concello. Ao L da greta localizamos seis gravados e dúas cazoletas. Situados na zona máis baixa, dous semicírculos con cazoleta central. Na parte máis alta outros catro gravados, posiblemente de factura máis moderna, consistentes en dúas figuras ovaladas, unha cuadrangular, un cadrado cunha cruz interior e una cazoleta no extremo.

Na parte O da greta, localizamos dezanove gravados e dúas cazoletas soltas. Na parte máis baixa desta zona hai unha magnífica figura xeométrica de 65 x 60 cm que ven puidera representar unha figura antropomorfa (foto 1), semellante ás localizadas no limítrofe do concello de Vilarmaior. A maioría dos gravados atópanse na parte superior da pedra ao O do valado: unha figura en forma de oito; dúas figuras semicirculares con un e dous aros respectivamente, ambas as dúas con cazoleta central; tres combinacións de círculos concéntricos que miden entre 45 e 65 cm de diámetro, de dous e tres aros cunha vacía central e un suco de saída que en todos os casos acaba ensanchándose; e una combinación

Sistema Xeodésico, polo que a partir do 1 de xaneiro de 2015, a información xeográfica e cartográfica oficial poderíase recompilar e publicar en calquera dos dous sistemas: ED50 ou ETRS89. A partir deste traballo, todas as coordenadas dos traballos que publiquemos levarán como *datum* de referencia o ETRS89.

Foto 1.- Posible figura antropomorfa do panel Edreiros-1 (Vilachá).

Fotos 2 e 3.- Conxunto de combinacións circulares ao oeste do panel Edreiros-1 (Vilachá).

Fig. 1.- Debuxo interpretativo do panel Edreiros-1 (Vilachá).

círcular cun só aro que ao igual que as anteriores ten un suco de saída que se ensancha. Consideramos que esta combinación non é da mesma época que as anteriores, xa que tanto a vacía como o suco de saída foron rebaixados deixando un rebordo superior polos extremos da figura, ao que hai que engadirlle que o aro ten na actualidade unha profundidade duns de 5 cm. (foto 2).

Máis ao O hai unha gran pía natural que está franqueada ao arredor por catro pequenos círculos e varios semicírculos con cazoleta central, dúas figuras ovaladas e unha figura en forma de oito. Na cara N, case partindo da pía, hai unha gran figura xeométrica (95 x 65 cm) que consta dun círculo concéntrico de dous aros con vacía central e un suco de saída, asociados a uns rebaixes na pedra e figuras recticulares (foto 3). Tamén é destacable que no fondo da pía natural hai unha figura circular cun aro e un semicírculo con cazoleta central (fig. 1). Estas figuras no fondo das pías son excepcionais, aínda que xa as atopamos con anterioridade, entre outros nos paneis de Coto dos Golpes 1 e 3 (Concello de Cabanas)[8]; Chousa do Montañés 4 (Concello de Vilarmaior)[9] e A Fontela (Concello de Irixoa)[10].

2) Edreiros-2 (coordenadas UTM 572096 - 4801399, xeográficas 08º 06' 37,05" – 43º 21' 40,35", cota de altitude 302 m.) Situado na parte máis alta do monte, trátase dun afloramento fragmentado con claros sinais de labores de cantaría. Ten unhas dimensións totais de 6,30

[8] G.A.T.T, 2006, «Gravados rupestres no Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas)», *Anuario Brigantino* nº 29, páxs. 11-22.
[9] G.A.T.T, 2008, «O Monte da Calvela... Vilarmaior», *Opus cit.*.
[10] G.A.T.T., 2012, «Gravados rupestres... Irixoa..», *Opus cit.*.

N-S x 3,30 e unha altura non superior aos 40 cm. Os gravados concéntranse na zona S do afloramento.

Na parte superior localizamos dous pequenos circuliños, un deles con cazoleta central; cinco semicírculos, dous deles con cazoleta central e tan só un con suco de saída; tres cazoletas e unha cruz rematada na parte superior por un semicírculo, similar a outras que están na mesma zona, e que describiremos dentro do apartado de gravados históricos (foto 4).

Cara abaixo ollamos tres combinacións circulares dun só aro, entrelazadas entre si, con vacía central ou cazoleta. A situada máis enriba ten destruído parcialmente o aro externo polos labores agrícolas. Máis ao extremo ollamos dúas cazoletas e dous pequenos semicírculos, un deles con cazoleta central. No extremo oposto da pedra hai outra cazoleta (foto 5).

Fotos 4 e 5.- Parte alta e parte baixa do panel Edreiros-2 (Vilachá).

3) Edreiros-3 (coordenadas UTM 572090 - 4801380, xeográficas 8º 06’ 37,32" – 43º 21’ 39,74", cota de altitude 300 m.) Trátase dun afloramento cunhas dimensións totais de 4,20 N-S x 6,50 L-O. Enriba, na zona central ollamos o motivo principal, unha combinación circular de tres aros concéntricos con cazoleta central enlazados cun óvalo de 45 x 60 cm. Nel, como noutras partes da pedra, pódense apreciar os impactos producidos polos labores agrícolas de limpeza da finca. Máis ao N están os restos dunhas combinacións circulares. No chanzo inferior da pedra (zona L), fican os restos moi esvaecidos dunha combinación en forma de oito, dous semicírculos e unha cazoleta.

4) O Pico (coordenadas UTM 572017 - 4801272, xeográficas 8º 06’ 40,62" – 43º 21’ 36,26", cota de altitude 289 m). Afloramento en forma de chanzo a ras do chan inclinado cara ao L, de 7,80 N-S x 4,50 m L-O, roto polo L, onde aínda se atopan os restos das pedras extraídas. Nesta parte é onde se concentran a maioría dos gravados: dúas combinacións de círculos concéntricos de dous aros, con cazoleta central; dous semicírculos; os restos de tres combinacións de círculos concéntricos, situados ao L e que na actualidade están rotos polos labores de cantaría. Na parte inclinada do chanzo hai, entre outros, dous gravados de difícil interpretación, que ben puidesen representar figuras antropomorfas (foto 6).

Na parte inferior da pedra hai un círculo simple, unha cazoleta, e no extremo O unha espiral destroxira (que se desenrola no sentido das agullas do reloxo) de tres voltas,

Foto 6.- Conxunto de gravados do panel O Pico (Vilachá). En primeiro plano, posibles figuras antropomorfas.

Foto 7.- Vista xeral dos gravados do panel O Pico (Vilachá). En primeiro plano, espiral destróxira.

cunhas dimensións de 76 x 65 cm. (foto 7). Na súa parte central ten un pequeno círculo con cazoleta central e suco de saída.

5) Chousa de Abercovo (coordenadas UTM 572140 - 4801103, xeográficas 8º 06' 35,22" – 43º 21' 30,74", cota de altitude 290 m). Trátase dun afloramento moi fragmentado, cunhas dimensións totais de 8,70 x 4,50 m a ras do chan, que tan só levanta polo SSL uns 40 cm. Na parte máis alta ollamos cinco cazoletas de diferentes diámetros; dúas combinacións de dous aros en forma de oito, a maior de 55 x 43 cm, e os posibles restos doutra; dous semicírculos simples e un gravado en forma de M. (foto 8).

Na parte inferior hai unha combinación de círculos concéntricos de dous aros con suco de saída, outra combinación de dous aros que remata en cazoleta, e outra cazoleta solta.

Cara ao SSL, nunha pedra exenta atopamos un gravado en forma de axedrezado, de factura claramente histórica. Presenta claros signos de alteración pola man do home.

6) Pataqueiras (coordenadas UTM 573157 - 4800830, xeográficas 8º 05' 50,19" – 43º 21' 54", cota de altitude 290 m). Pequeno afloramento de 120 N-S x 68 cm de L-O e unha altura que oscila entre os 60 cm polo L os 30 cm polo O. Na cara LNL ollamos seis cazoletas de entre 5 e 7 cm de diámetro.

De orixe histórica identificamos oito paneis:

7) Edreiros-4 (coordenadas UTM 572130 - 4801427, xeográficas 8º 06' 36,52" – 43º 21' 41,25" , cota de altitude 301 m). Pequeno afloramento a ras do chan, que xunto a Edreiros-5 están intercalados xeograficamente entre os paneis de Edreiros 1 e 2. Ten unhas dimensións de 1,25 x 1,00 m. No extremo O encontramos unha cruz de 25 x 18 cm, que remata nun semicírculo. A cruz é moi similar á atopada na zona superior do panel Edreiros-2.

Foto 8.- Combinacións circulares do panel Chousa de Abercovo (Vilachá).

8) Edreiros-5 (coordenadas UTM 572119 - 4801426, xeográficas 8º 06’36,01" – 43º 21’ 41,22", cota de altitude 301 m). Pequeno afloramento ao O do anterior. Ten unhas dimensións de 95 x 60 x 40 cm de alto. Na parte central ollamos una pequena cruz de 20 x 15 cm. O brazo superior e os dous horizontais acaban en pequenas cazoletas, mentras que na parte inferior está patada, dando a apariencia dunha forma antropomorfa esquemática. Pensamos que a factura é moderna.

9) O Curvo-1 (coordenadas UTM 571814 - 4801407, xeográficas 8º 06’ 49,57" – 43º 21’ 40,71", cota de altitude 271 m). Pequeno afloramento de 1,50 x 1,90 m. No O do afloramento ollamos un pequeno rectángulo de 15 de alto x 10,5 cm de ancho que no seu interior ten unha cruz.

10) O Curvo-2 (coordenadas UTM 571764 - 4801413, xeográficas 8º 06’51,79" – 43º 21’ 40,92", cota de altitude 269 m). Afloramento a ras do chan inclinado ao O, cunhas dimensións de 2,30 N-S x 6,30 L-O. A maioría dos gravados están situados ao N e ao L do afloramento. Nel podemos identificar cinco figuras cuadrangulares, dúas delas con unha cruz interior; unha cruz simple e outra cruz, ao igual que as dos paneis anteriores, rematada nun semicírculo.

11) O Curvo-3 (coordenadas UTM 571765 - 4801488, xeográficas 8º 06’51,71" – 43º 21’ 43,35", cota de altitude 262 m). Trátase dun afloramento no comezo da aba do monte cara ao NO. Ten unhas dimensións de 2,60 N-S x 3,40 L-O x 0,80 m de alto polo N, e 0,60 polo O. Na parte superior, un pequeno teto do afloramento foi cortado e destruído, algo que xa ollamos noutros afloramentos da zona. Esto fainos sospeitar que nel habería algún gravado. Actualmente só se conserva unha cruz 40 de alto x 28 cm de ancho, e a letra J.

12) Calexón (coordenadas UTM 571930 - 4801245, xeográficas 8º 06’44,49" – 43º 21’ 35,42", cota de altitude 268 m). Afloramento de 3,20 N-S x 1,40 L-O x 0,75 m de alto polo S. Nel ollamos representado un xogo de tres en raia (pai - fillo - nai) cunhas dimensións de 18 x 18 cm.

13) Marco Grande (coordenadas UTM 572018 - 4801153, xeográficas 8º 06’ 40,63" – 43º 21’ 32,41", cota de altitude 290 m). Pequeno afloramento a ras do chan de 70 x 70 cm. Nel está representado, ao igual que no anterior un xogo de tres en raia, neste caso incompleto, cunhas dimensións de 40 x 40 cm.

14) Cal do Machuco (coordenadas UTM 572230 - 4801026, xeográficas 8º 06’ 31,27" – 43º 21’ 28,22", cota de altitude 264 m). Afloramento moi fragmentado cunhas dimensións totais 1,60 N-S x 5,30 m L-O, e unha altura que oscila entre os 40 cm ao NL os 80 cm ao SO. Nunha das pedras puidemos ollar unha cruz patada que remata nun semicírculo, e noutra das pedras un pequeno rectángulo de 13 x 12 cm.

San Fiz de Monfero

É a parroquia situada no centro do concello. Xeoloxicamente o seu territorio está constituído por xistos e cuarzoxistos, e tan so hai granito nunha pequena esquina ao SO, na zona que limita cos concellos de Vilarmaior e Irixoa. Coidamos que todos os gravados localizados nesta parroquia son de orixe histórica, aínda que con reservas, como exporemos nas conclusións.

15) Cruces do Monte de San Bartolo. Mapa 2, (coordenadas 579028 - 4805259, xeográficas 8º 01’27,12" – 43º 23’ 42,95", cota de altitude 481 m). Afloramento de 9,50 N-S x 2,10 L-O x 2,90 m de alto polo L. É precisamente por este lado onde se encontran gravadas cinco cruces, e outra serie de trazos de difícil interpretación. A primeira, de 12 x 8 cm, está nun pequeno chanzo inclinado situado no S do afloramento. O resto sitúanse en dúas filas na parte central

do afloramento: na fila alta unha cruz de 26 x 14 cm, con unha peana semicircular, e outra cruz de 18 x 12 cm. Na fila inferior hai unha cruz de 9 x 7 cm e outra de 7,5 x 8,5 cm.

Mapa 2.- Situación dos gravados do monte de San Bartolo (San Fiz de Monfero).

16) Marco do Monte de San Bartolo (coordenadas 578892 - 4805128, xeográficas 8º 01' 32,23" – 43º 23' 38,75", cota de altitude 488 m). Trátase dunha pedra exenta, probablemente un marco, que foi tumbado. Ten unhas dimensións de 1,75 N-S x 0,78 m L-O. Actualmente está roto no extremo N, onde debeu de rematar en punta. Na cara visible podemos ollar dous pares de cazoletas unidas por una raia e seis cazoletas simples, cuns diámetros de entre 5 a 7,5 cm, e cunha profundidade nalgún caso superior aos tres centímetros.

17) Pena Cruzada de sobre San Bartolo[11] (coordenadas UTM 578513 - 4805018, xeográficas 8º 01' 50,13" – 43º 23' 35,22", cota de altitude 451 m). Afloramento de 5,90 N-S x 1,85 L-O e unha altura que oscila entre 1,45 polo O a 1 m polo L. Ao tratarse dun marco do Couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero, e como seu nome indica, ten gravadas varias cruces. Na cara vertical do lado L unha de 23 x 20 cm dentro dun círculo que está roto, e unido a el, un pequeno cadrado de 10 x 10 cm cunha cruz no seu interior (foto 9). Na cara de enriba hai gravadas outras dúas cruces, unha de 11 x 10 cm, e moi preto outra casi imperceptible de 8 x 7 cm, en ambas as dúas os seus brazos rematan en pequenas cazoletas. (foto 10). No resto da pedra, localizamos doce cazoletas simples cuns diámetros que oscilan

[11] LÓPEZ SANGIL, José Luís, 1997, «Un problema resuelto: La fundación del monasterio de Santa María de Monfero, los privilegios de Alfonso VII y su filación al Císter», *Revista de Estudios Mindonienses n. 13*, págs. 621-683; SANGIL, 1998, «Privilegios reales concedidos por Alfonso VII, Fernando II y Alfonso IX al monasterio de Santa María de Monfero (años 1135 a 1213)», *Revista Cátedra n. 5*, Pontedeume, págs. 107-146; SANGIL, 1999, *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*, Diputación de A Coruña. Neles faise unha transcrición do primeiro privilexio do Couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero, datado en 1135. Atópase no Archivo Histórico Nacional (AHN), sección de Códices coa signatura 259N, escrito por Frai Bernardo Cardillo de Villalpando, co título «Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus coutos y jurisdicciones con las grandezas de dicho Monasterio», folios 4 r-v, 5 r *«Por esta donación va demarcando el Emperador la jurisdicción y couto d'este Monasterio, según los términos antiguos de ella... de allí a Monte Meade, de allí a o marco do Rego de Feal, de allí a* ***Pena Cruzada****, de allí a o Porto de Lavandeira, de allí baja por campo de Fris...»,*
Outra referencia aclaratoria otopámola no Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Fondo de privados, eclasiásticos coa signatura C-460, coa denominación na primeira páxina *«Memorial de fueros, así de los que se van haciendo de dentro de la Jurisdicción coo de fuera, el qual se hizo en el año de 1666 por mandato de nuestro R.P.M. fray Pedro de Oviedo, de nuestra sagrada religión y abbad de esta Imperial Casa, el muy Rdo. Pe. D. fray Basilio Valentín, hijo de la mesma casa. En este libro se halla a folio 39, el apeo de toda la jurisdicción echo el año de 1669»* nos folios 7-10 hai unha transcripción do apeo de 1668 e a do mencionado de 1669. A letra é propia do século XVII, no de 1668 dise *«... de allí todo enel río grandeabajo asta porto losío, ial sejo datexueira deallí amonte meao i al marcodorejo dofeal, deallí* ***alapena cruzada****, de allí baja extremando los terminos del lugar do regueiro i de fornos...»* e no de 1669 *«... ala portela pequeña dofeal í de allí al marco dorejo dofeal en dondesele icieron dos cruces i dos cuñeiras, de allí* ***alapena cruçada que está entre i sobre el lugar de S. Bartolome*** *i el de rreguei[r]o...»*

Fotos 8 e 9.- Cruces no lateral L e parte superior da Pena Cruzada de sobre San Bartolo (San Fiz de Monfero).

entre dous e nove cm. No bordo O do afloramento, hai dúas pequenas pías con suco de saída cara á vertical, e no interior delas sendas cazoletas unidas por unhas raias.

18) Pena das Ebes-1. Mapa 3, (coordenadas UTM 578346 - 4802039, xeográficas 8º 01' 59,09" – 43º 21' 58,84", cota de altitude 414 m). Pequeno afloramento de 1,80 N-S x 2,20 m L-O. Nel tan só puidemos localizar dúas cazoletas de 6 cm de diámetro.

19) Pena das Ebes-2 (coordenadas UTM 578351 - 4802052, xeográficas 8º 01' 58,86" – 43º 21' 59,26", cota de altitude 414 m). Separada da anterior uns 11 m cara ao NNL, e dentro do mesmo afloramento, hai unha parte plana da pena na que se localizan xunto a unha greta tres pequenos entalles en liña recta, cunha forma case cónica. Teñen unhas dimensións de entre 14 a 8 x 9 a 14 cm. Supoñemos que puideron servir a modo de cuñeiras para a extracción da lousa. Nun extremo do afloramento hai unha cazoleta de 8 cm de diámetro.

Grupo de Pena Bicuda, está formado por nove pequenos afloramentos, algúns deles exentos. En catro deles tan só hai unha cazoleta, debido ao cal non imos describilos.

20) Pena Bicuda-1 (coordenadas UTM 578499 - 4801243, xeográficas 8º 01' 52,70" – 43º 21' 32,98", cota de altitude 440 m). Afloramento exento cunhas dimensións de 3,30 N-S x 1,60 m de L-O. Nel podemos ollar dous pares de cazoletas unidas por unha raia, e outras sete cazoletas simples cuns diámetros que oscilan entre 4 e 9 cm.

21) Pena Bicuda-2 (coordenadas UTM 578502 - 4801242, xeográficas 8º 01' 52,57" – 43º 21' 32,95", cota de altitude 440 m). É un afloramento inclinado ao O cunhas dimensións de 1,80 x 1,80 m. É sen dúbida o panel máis interesante deste grupo. A práctica totalidade dos gravados están feitos nun plano inclinado que case chega á verticalidade. Nel podemos identificar quince cruciformes, dous deles dentro dun círculo, outros dous rematados nun semicírculo, e moitos deles cos brazos rematados en pequenas cazoletas; tamén podemos ollar un semicírculo con cazoleta central, e treinta e una cazoletas de entre 3 a 5 cm de diámetro espalladas polo panel.(foto 11).

22) Pena Bicuda-3 (coordenadas UTM 578501 - 4801244, xeográficas 8º 01' 52,61" – 43º 21' 33,02", cota de altitude 441 m). Afloramento que forma parte dun valo, cunhas dimensións de 4,40 N-S x 2,00 polo O x 1,5 m de altura. Nel tan só localizamos tres pequenas cazoletas na parte alta, e unha nun pequeno chanzo.

Foto 11.- Conxunto de gravados do panel Pena Bicuda-2 (San Fiz de Monfero).

Mapa 3.- Situación dos gravados da Pena das Ebes - Pena Bicuda e Cabuchiña (San Fiz de Monfero).

23) Pena Bicuda-4 (coordenadas UTM 578504 - 4801244, xeográficas 8º 01' 52,48" – 43º 21' 33,02", cota de altitude 442 m). Pena en vertical, que ao igual que a anterior forma parte dun valo. Ten unhas dimensións de 1,90 de alto x 2 m de ancho, na parte superior do lado N, hai unha pequena cruz de 11 x 9 cm.

24) Pena Bicuda-5 (coordenadas UTM 578504-4801245, xeográficas 8º 01' 52,48" – 43º 21' 33,05", cota de altitude 441 m). Afloramento exento, lixeiramente inclinado ao N, identificamos trinta e dúas cazoletas, algunhas delas con forma ovalada. O seu diámetro oscila entre 4 e 15 cm.

25) Cabuchiña (coordenadas UTM 578474 - 4800555, xeográficas 8º 01' 54,17" – 43º 21' 10,69", cota de altitude 444 m). Afloramento de 3,40 N-S x 1,00 L-O x 0,80 m de alto. Na parte superior ollamos oito cazoletas de entre 4 a 6 cm de diámetro, e na

Mapa 4.- Situación dos gravados de Lombo de Egua-Pena Carqueixa e Pena Cruzada de sobre Cortizas (San Fiz de Monfero).

base do afloramento unha pía de 85 N-S x 52 cm L-O, que posiblemente sexa artificial.

26) Lombo da Egua-1, mapa 4. (coordenadas UTM 577200 - 4801101, xeográficas 8º 02' 50,48" – 43º 21' 28,87", cota de altitude 465 m). Pequeno afloramento de 1,50 N-S x 2,50 m L-O. Nel hai cinco cazoletas de entre 4 e 5 cm de diámetro.

27)Lombo da Egua-2 (coordenadas UTM 577204 - 4801096, xeográficas 8º 02' 50,30" – 43º 21' 28,70", cota de altitude 465 m). Aforamento de 2,20 N-S x 4,30 m L-O, tan só identificamos dúas cazoletas unidas por unha raia, e outras dúas espalladas polo panel.

28) Pena da Carqueixa (coordenadas UTM 577396 - 4802756, xeográficas 8º 02' 40,93" – 43º 22' 22,43", cota de altitude 400 m). Trátase dun afloramento de forma escalonada, inclinado ao O, cunhas dimensións de 10,20 N-S x 5,50 L-O x 4,60 m de altura polo L. O afloramento está parcialmente soterrado. Nel pódense ver dúas cazoletas na parte máis alta, catro na zona S do afloramento, e outra unida por unha raia a unha pequena pileta de 20 x 12 cm.

29) Pena Cruzada de sobre Cortizas[12] (coordenadas UTM 577388 - 4803021, xeográficas 8º 02' 41,15" – 43º 22' 31,03, cota de altitude 417 m). Afloramento de 6,20 N-S x 3,20 L-O x 2,00 m de altura. Ao igual que a Pena Cruzada de sobre San Bartolo, forma parte deste deslinde do Couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero. Na parte de enriba da rocha hai unha cruz de 20 x 22 cm e unha cuñeira. No resto do afloramento vense vinte e catro cazoletas todas xuntas, de entre 4 a 8 cm de diámetro, e unha apartada de 10 cm de diámetro no extremo N da pedra. Na parte vertical do lado O atopamos outra cruz de 18 x 19 cm. (foto 12)

30) Caldoval-1 (coordenadas UTM 574532 - 4797794, xeográficas 8º 04' 50,61" – 43º 19' 42,65", cota de altitude 302 m). Os dous paneis que forman o grupo de Caldoval, son os

[12] LÓPEZ SANGIL, José Luís, 1997, «Un problema resuelto...», *Opus cit;* SANGIL, 1998, «Privilegios reales...», *Opus cit;* SANGIL, 1999, *Historia del Monasterio..*, Opus cit., neles se fai unha transcripción do primeiro privilexio do couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero, datado en 1135, atopase no Archivo Histórico Nacional (AHN), sección de Códices coa signatura 259N, escrito por Frai Bernardo Cardillo de Villalpando, co título «Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus cotos y jurisdicciones con las grandezas de dicho Monasterio», folios 4 r-v, 5 r «... *so pe da Ponte Velossa, de allí sube por el monte de a Coreira e as Cernadas das Corticas a la Pena cruzada, de allí a o marco de Martín Gardado...»*
Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Fondo de privados, eclasiásticos coa signatura C-460, *Opus cit*, no Apeo de 1668 «... *y las cernadas das cortiças i ala pena cruzada i al marco de martin gardado...»* e no Apeo de 1669 *«... i sesube derecho ala pena cruzada q^e esta sobre del soto das çernadas que es de monfero i de allí por el monte de Azoreíra arriva al marco de mar tingardado...»*

Foto 12.- Vista xeral dos gravados de Pena Cruzada de sobre Cortizas (San Fiz de Monfero).

Mapa 5.- Situación dos gravados de Caldoval (San Fiz de Monfero).

únicos afloramentos ganíticos con gravados que atopamos na parroquia de San Fiz. Este primeiro está a ras do chan, e ten 1,30 N-S x 2,30 m L-O. No L podemos ollar dúas cazoletas e unha raia con forma de cuñeira; ao O once cazoletas e unha pequena cruz.

A pesar de que é moi complicado poder fixar a cronoloxía das cazoletas, o feito de que dez delas estén feitas en dúas filas paralelas, nas que se intercalan algúns granetazos, xunto a que o panel de Caldoval-2 teña cruciformes, fainos pensar que son gravados históricos.

31) Caldoval-2 (coordenadas UTM 574523 - 4797793, xeográficas 8º 04’ 51" – 43º 19’42,62", cota de altitude 302 m). Afloramento a ras do chan, agás polo O, onde se encontra roto pola acción do home. Ten unhas medidas de 3,30 x 1,50 x 0,30 m de alto polo O. Nel tan só atopamos unha cruz e os restos doutras dúas.

IV - CONCLUSIÓNS

Ao igual que nos traballos que vimos presentando nestes últimos anos, non podemos facer unhas conclusións definitivas, xa sexa porque os traballos están en constante evolución pola aparición de novos xacementos, ou porque o traballo de prospección tan só abarcou a parroquia de Vilachá e a parte occidental da de San Fiz de Monfero. Aínda así,

como xa indicamos con anterioridade neste traballo, hai dous claros tipos de gravados: os prehistóricos e os históricos.

En referencia ós prehistóricos, limítanse á parroquia de Vilachá, na que localizamos seis paneis. No ámbito xeográfico, esta parroquia incrústase entre as de Grandal-Doroña ao N, e ao S nas de Vilarmaior e Torres (Concello de Vilarmaior), que onde se localiza unha das maiores concentracións de gravados de Galicia.

A escasa cantidade de gravados prehistóricos localizados podería estar en relación directa cos gravados de Vilarmaior. Nese concello existe unha zona nuclear arredor do Monte da Calvela con abundantes petroglifos. A medida que nos afastamos a cantidade deles disminue, chegando a localizarse tan só unha ducia deles polo norte da parroquia de Torres e os gravados case desaparecen ao achegarnos ao N de Doroña (Vilarmaior) e ao S de Andrade (Pontedeume). Lembremos que Vilachá como zona de estudo quedaría intercalada entre Torres a Doroña.

As figuras representadas son xeométricas, destacan as dimensións das combinacións de círculos concéntricos de entre 45 a 60 cm de diámetro, bastante grandes con respecto ós localizados ata o de agora na mesma zona xeográfica. No caso de Edreiros-1, que é o máis interesante de todos os paneis, as combinacións circulares presentan unhas piletas centrais de entre 15 a 22 cm de diámetro e unha profundidade de sucos é superior ós descubertos ata o de agora. Neste mesmo panel hai unha figura, que ben puidera ser unha representación antropomorfa, similar a outras localizadas no panel do Pico e que teñen similitudes coas localizadas en Vilarmaior no xogo dos valeirados interiores.

No caso dos gravados históricos localizamos dez paneis en soporte granítico: oito en Vilachá e dous en San Fiz, e quince en lousa, todos eles en San Fiz.

En granito, o caso do cruciforme de Edreiros-4, ben puidera representar tamén unha figura antropomorfa esquemática, pero a localización doutros cruciformes moi similares en Edreiros-2, 5 e Cal do Machuco (anque con semicírculos na parte superior), fainos pensar que se trata dun gravado histórico.

En lousa, hai dous paneis: Pena Cruzada de sobre San Bartolo e Pena Cruzada de sobre Cortizas, que presentan similitudes entre si e diferenzas sobre os demais paneis. As dúas están perfectamente documentadas dende o século XV - XVIII coma marcos do Couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero, que non se diferencia moito do deslinde do século XII. Por un lado, as cruces gravadas en ambas as penas están perfectamente orientadas ós catro puntos cardinais, e documentadas nos apeos e deslindes existentes, nos cales se reflexan as cruces e marcas que se lles fan ós marcos. Por outro lado, nos dous paneis hai doce e veinticinco cazoletas respectivamente. Esas cazoletas non figuran nos apeos nin deslindes, ademáis de diferenciarse do resto das localizadas en lousa por estar máis redondeadas e pulidas. Esto condúcenos a pensar na posibilidade de que foran anteriores aos apeos, sendo reaproveitadas para servir coma marcos do Couto. De aí a nosa reticencia a adscribilas coma históricas.

Tamén cabe destacar o grupo da Pena Bicuda, no que hai nove paneis, seis deles nun espacio de 20 m². Neste grupo están representadas en total setenta e oito cazoletas e dezaseis cruciformes, todos eles feitos con ferro. Parécenos evidente que é un linde, se ben non puidemos documentar se é xurisdicional, parroquial, ou municipal.

As fotografías deste traballo son propiedade da Fundación Luís Monteagudo
e foron realizadas por José Manuel Salgado.

Arte rupestre e pensamento religioso na Pré-história

FERNANDO AUGUSTO COIMBRA*

Sumario

O presente artigo tenta analisar o pensamento religioso de povos sem escrita, com recurso a imagens de arte rupestre. Este tipo de iconografia transmite, como escreveram P. Taçon e C. Chippindale (1998) imagens de mundos antigos, tal como antigas mentes as observaram, estabelecendo, assim, uma certa comunhão entre essas mentes e o investigador. Trata-se, portanto, de um campo privilegiado para o estudo de temas como o pensamento religioso das sociedades sem escrita, sejam elas muito recuadas no tempo ou mais recentes como os bosquímanos San ou os índios Chumash.

Neste artigo, o autor apresenta alguns casos de gravuras/pinturas rupestres onde se torna possível conhecer um pouco das crenças pré-históricas com carácter religioso, como por exemplo o culto solar, que se difundiu por toda a Europa a partir do III milénio a.C.; a fenomenologia relativa a cometas e eclipses e sua implicação nas mentes dos observadores; a crença numa vida além-túmulo.

Abstract

This article tries to analyze the religious thought of people without writing, using rock art images. This type of iconography transmits, as P. Taçon and C. Chippindale wrote (1998), images from ancient worlds, such as ancient minds observed them, thus establishing a certain communion between those minds and the researcher. It is therefore a privileged field for the study of topics such as the religious thought of societies without writing, be they very early in time or more recent as the San or the Chumash Indians.

In this article, the author presents some cases of engravings/paintings where it becomes possible to learn a little of the prehistoric beliefs with religious character, as for example the solar cult, which spread across Europe from the III Millennium BC; the phenomenology related to comets and eclipses and its implication in the minds of the observers; the belief in a life in the Otherworld.

INTRODUÇÃO

O presente artigo, ao tentar analisar a religiosidade de povos sem escrita com recurso a imagens de arte rupestre assume características interpretativas e, como tal, pode conter alguma subjetividade, tornando-se, portanto, um juízo de valor. Todavia, como muito bem escreveu o sociólogo Boaventura S. Santos (1987: 52), «os pressupostos metafísicos, os sistemas de crenças, os juízos de valor não estão antes nem depois da explicação científica da natureza ou da sociedade. São parte integrante dessa mesma explicação. A ciência moderna não é a única explicação possível da realidade e não há sequer qualquer razão científica para a considerar melhor que as explicações alternativas da metafísica (…), da religião, da arte (…). A razão por que privilegiamos hoje uma forma de conhecimento assente na previsão e controlo dos fenómenos nada tem de científico. É um juízo de valor.»

---

* **Fernando Augusto Coimbra** é Doutor em Pré-História e Arqueologia (com Prémio Extraordinário) pela Universidade de Salamanca; Pós-doutoramento em Arte Rupestre pelo Centro de Geociências da Universidade de Coimbra; Professor convidado do Mestrado em Arqueologia Pré-histórica e Arte Rupestre (Instituto Politécnico de Tomar); Vice-Presidente do Centro Português de Geo-História e Pré-História; publicou mais de 70 artigos, em inglês e em português, sobre arte rupestre, arqueoastronomia, arqueoacústica, simbolismo e arqueologia interpretativa, em revistas científicas e em actas de congressos internacionais; efetuou, segundo convite, conferências em Portugal, Espanha, França, Itália e Grécia.

Ou seja, todo e qualquer tipo de atividade científica, dado que efetuada por seres humanos, é obviamente, um juízo de valor e daí existir também uma determinada subjetividade, resultante das próprias conceções de vida de cada cientista.

Vítor e Susana O. Jorge chegaram mesmo a afirmar «se o passado não é um dado em si, mas implica um observador colocado no futuro e portanto uma perspetiva, ele é necessariamente subjetivo» (Jorge & Jorge, 1996: 157). Deste modo, entre o estudo do passado e a interpretação que dele é feita, frequentemente muitos milénios depois, torna-se necessário uma metodologia, uma estratégia de abordagem, ou algo que pelas suas características particulares facilite a investigação e diminua a inerente subjetividade.

Este «algo» parece existir na arte rupestre. Como escreveram P. Taçon e C. Chippindale (1998), ela transmite imagens de mundos antigos, tal como mentes antigas as observaram, estabelecendo, assim, uma certa comunhão entre essas mentes e o investigador. Trata-se, portanto, de um campo privilegiado para o estudo de temas como o pensamento religioso das sociedades sem escrita, sejam elas muito recuadas no tempo ou mais recentes como, por exemplo, os bosquímanos *San* ou os índios Chumash. De facto, a iconografia que se pode observar em painéis com arte rupestre torna acessível ao arqueólogo determinado tipo de informações que de outro modo não seria possível obter[1].

Neste artigo, apresentamos alguns casos de gravuras/pinturas rupestres onde se torna possível conhecer um pouco das crenças pré-históricas com carácter religioso, como por exemplo as relacionadas com o aparecimento de um culto solar, a interpretação relativa a eventos astronómicos transitórios e a crença numa vida além-túmulo.

1.– O APARECIMENTO DE UM CULTO SOLAR

No seio das religiões primitivas verifica-se um processo que consiste em se passar do abstracto para o concreto. Ou seja, como escreveu Mircea Eliade, «a tendência dos seres supremos de estrutura celeste para desaparecerem do primeiro plano da vida religiosa, dando lugar a forças mágico-religiosas ou a figuras divinas mais activas, mais eficazes e, de maneira geral, mais directamente relacionadas com a «vida».» (Eliade, 1990: 164).

De facto, o ser humano, a certa altura, parece ter necessidade de proteção por parte de uma figura divina que seja visível, que esteja presente diariamente na sua vida, ao contrário da aparente indiferença em relação aos seus problemas, por parte dos seres supremos (Coimbra, 1999b). Deste modo, o ser supremo, que é abstrato, invisível, passa a ser identificado preferentemente através da imagem da divindade solar. M. Eliade denomina este processo como «solarização dos seres supremos» e acrescenta que «é assim que as camadas arcaicas das culturas primitivas denunciam já o movimento de transferência dos atributos do deus uraniano para a divindade solar, assim como a coalescência do ser supremo com o deus solar» (Eliade, 1990: 164-165).

Esta análise de Eliade permite compreender a importância que o culto a uma divindade solar atingiu na Eurásia a partir do Neolítico.

De acordo com M. Green (1991: 24), «megalithic sun imagery is the earliest unequivocal evidence we have for solar veneration in Europe». A mesma autora argumenta que «solar motifs engraved in passage graves could have been placed there as a comfort to the dead, as a reminder that rebirth and renewal would take place» (Green 1991: 27). Um exemplo sugestivo desta ideia ocorre no *cairn* T de Loughcrew (Irlanda), onde uma laje decorada com iconografia solar, na última câmara, é iluminada pelo nascer do sol do equinócio, como se fosse um despertar dos mortos (op. cit.).

EVENTO ASTRONÓMICO	FITO PAISAXÍSTICO	NOTA	FOLCLORE
Ocaso Lunasticio maior Norte	Monte Aloia (629 msnm)	O emprazamento do santuario foi elixido por un carro de bois que se detivo aquí mentres transportaban a imaxe sagrada descuberta no monte. Tras edificar a capela colocando a imaxe cara o Aloia esta virábase milagreiramente cara Portugal, polo que se reorientou o edificio	
Orto Solsticio de Inverno	Alto da Capela Velha (292 msnm), Nossa Senhora de Loreto (Sanfíns, Portugal)		
Orto Solsticio de Inverno	Alto do monte Faro en Valença do Minho, Portugal (565 msnm)	No cumio do monte está a Capela da Nossa Senhora do Faro, onde se celebra unha popular romaría	
Orto Solsticio de Verán	Monte Couto da Vella (941 msnm)	A vella, personaje mitolóxico tradicional. Ao pé deste monte está o Santuario da Franqueira, un dos mais importantes da Galicia suroccidental.	
Orto Solsticio de Verán	Monte Curuto, (611 msnm)	Festa da Rapa das Bestas no primeiro no primeiro fin de semana de Xullo (trás San Xoán).O monte domina o horizonte do lugar.	Ofrécense ao santo dos cabalos ceibados no monte para protexerse da peste.
Orto Samain	Monte Carrio (827 msnm)	Situada a escasos kilómetros do Santuario de Corpiño. Monte Carrío é onde vivía o ermitán do Corpiño	Son os dous montes mais importantes da comarca que resultan visibles desde aqui
Ocaso Samain	Monte San Sebastián (750 msnm)		
Ocaso Solsticio de Inverno	Outeiro do Castro da Boa Nai (692 msnm)	O sol acghégase a aba e vaise poñer ao pé do outeiro, nunha nunha escotadura do monte	Santa Mariña sufriu martirio nunha triple morte de tipo céltico: Desgarrada, queimada e decapitada
Ocaso Samain	Monte Couto da Moura (944 msnm)	Situada na Serra de Silva Oscura (ou Silvana). No punto máis alto esta a "Cova da Moura"	
Orto Lunasticio maior Norte	Monte Meda (1.316 msnm)	1º a dereita da cima do monte mais alto que resulta visible desde aquí	Trátase dunha basílica medieval inacaba que foi construida sobre unha sauna castrexa onde a tradición afirma que foi queimada a santa.
Orto Samain	Igrexa de Santa Mariña	Igrexa anterior	
Ocaso Samain	Castro de Armeá	Poboado da idade do ferro ao que pertence a sauna e ata onde se dirixe a procesión anual que sae da igrexa, pasa polo forno e vai ao castro na festa da Santa	
Cornón de Peña Sagra (2.047 msnm)	Orto Solsticio de Verán	Santuario de "la santuca", patrona de Liébana situado ao pé deste pico de Peña Sagra, máxima elevación da serra	Descuberto milagreiramente por unha pastora. Os romeiros suben o 24 de xuño e o 8 de setembro

Fig. 2: Tipoloxía dos motivos mais frecuentes nos petróglifos galegos (modificado de Bradley & Fábregas).

Os datos das táboas presentadas obtivéronse dun Modelo Dixital do Terreo mdt-50 da infraestrutura de datos espaciais da Xunta de Galicia e foron corrixidos coas altitudes dos mapas 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional, ademais de aplicarlles as correccións de esfericidade e refracción pertinentes. Isto foi complementado coas inspeccións «in situ» que se consideraron imprescindibles (sempre condicionadas pola escaseza de recursos propios). A fixación exacta das datas de equinoccios e solsticios foi determinada pola observación virtual da posición aparente do Sol mediante o programa informático «Starry Night», e logo consecuentemente as festividades de media estación obtivéronse sumando 40 días ás anteriores, baseándose nas hipóteses das publicacións anteriores (BOUZAS SIERRA, 2015). Este software astronómico permite coñecer as posicións estelares entre os anos 99999 antes de Cristo e 99999 despois de Cristo, ademais de monitorizar as dos 8 planetas visibles nun lapso temporal de +/- 3000 anos (cunha precisión de 5 arcosegundos) e as da Lúa en varios milenios máis en calquera dirección desde o presente (cunha precisión de 10 arcosegundos).

Na táboa de santuarios calculáronse as posicións do Sol e a Lúa para hai 3000 años, debido a que a variación experimentada pola precesión do eixe da Terra nun lapso de +/- 1500 años arredor do 1000 a. C. resulta inferior a +/- 0,25º (equivalente a medio disco solar ou lunar). Cómpre considerar que a lixeira variación de aproximadamente 1º nas posicións de solsticios e lunasticios nos últimos 4.500 anos resulta case inapreciable para as festividades de media estación. No caso dos lunasticios optouse por calcular as posicións extremas do ano de lunasticio independentemente da fase da Lúa, dado que as lúas novas e cheas de ambos solsticios deses anos mantéñense dentro dun rango máximo de +/- medio grao. Finalmente resta subliñar que moitas das aliñacións descritas non se establecen en horizontes planos, senón que aparecen a diferentes graos de altura, chegando nalgúns casos a considerables valores de ata 8, 10 e 24º, o que practicamente descarta a posibilidade de que sexan produto do azar.

Fig. 3: Tipoloxía de Espadas, Puñais, Alabardas e Escutiformes dos petróglifos galegos (modificado de Peña Santos A.).

2. O SOL E A LÚA NOS PETRÓGLIFOS DE ARMAS DE GALICIA

Como vimos, os datos indican que na antiga Gallaecia a práctica da astronomía do horizonte» foi empregada con propósitos rituais e calendáricos durante a Idade do Ferro, o que posteriormente deixou a súa pegada nos inicios da cristianización. No estudo que se desenvolve a continuación preténdese aportar probas de que como mínimo isto remonta as súas orixes á Idade do Bronce.

Os fundamentos astronómicos nos que están baseadas estas antigas prácticas poden consultarse por exemplo na publicación de APARICIO, BELMONTE Y ESTEBAN (2000) en castelán, ou na de CLIVE RUGGLES (2005) en inglés. En canto aos antecedentes publicados por outros autores para casos atopados en Galicia, compre resaltar a análise arqueoastronómica do Santuario castrexo da Ferradura en Amoeiro (correspondente á Idade do Ferro) efectuada por GARCIA QUINTELA & SANTOS ESTEVEZ (2004). Para épocas anteriores destaca o traballo pioneiro sobre o megalitismo de LÓPEZ PLAZA, S., ALONSO ROMERO, F., CORNIDE CASTRO-PIÑEIRO, M., & ÁLVAREZ SANTOS, A. (1991-1992), xunto a outros máis recentes e reseñables como o de GONZÁLEZ GARCÍA A.C. (2009), que analiza unha gran base de datos de orientacións de monumentos megalíticos da Península Ibérica (que inclúe Galicia) da que se conclúe que o 85 % do total pode explicarse polos movementos de saída do Sol ou a Lúa.

Dado que para o autor esta temática comezou coa hipótese da orixe astronómica do mito de Santiago en Compostela (BOUZAS SIERRA, 2009), o obxectivo deste traballo é corroborar se noutros petróglifos galegos de armas semellantes aparecen patróns similares

aos atopados no dobre aliñamento xeo-astronómico de Compostela: o do Petróglifo do Castriño de Conxo - Pico Sacro, correspondente ao orto do Solsticio de Inverno e o da Catedral- Pico Sacro, correspondente ao orto do lunasticio Maior.

Os petróglifos de Galicia representan unha das manifestacións arqueolóxicas máis significativas e singulares do noroeste peninsular. Como en toda cuestión suxeita a estudo e investigación non existe un completo consenso académico en canto á interpretación e cronoloxía da arte rupestre ao aire libre de Galicia, como se manifesta no feito de que uns autores caractericen o conxunto dos petróglifos galegos como «Grupo Galaico de Arte Rupestre» (PEÑA SANTOS; REY GARCÍA, 1998), mentres que outros prefiren empregar a denominación de «Estilo Atlántico de Arte Rupestre» para referirse aos xeométricos (SANTOS ESTÉVEZ , 2008).

Sinteticamente os motivos gravados nos petróglifos galegos clasifícanse tradicionalmente en dous tipos de representacións diferentes: por unha banda os esquemáticos, xeométricos e abstractos e por outra os figurativo-naturalistas. Entre os primeiros, os deseños máis representativos consisten maioritariamente en coviñas ou cazoletas xunto con combinacións circulares, que ocasionalmente van acompañadas por outros deseños como espirais, labirintos, labirintoides, esvásticas e cadrados. Frecuentemente aparecen tamén cruces, que as máis das veces se consideran relacionadas con cristianizacións posteriores ou marcas de termo. Do segundo tipo son os motivos que representan figuras claramente identificables como armas metálicas, cervos, antropomorfos, esceas de monta, idoliformes e outros máis escasos. Estes últimos particularizan a arte rupestre galega, pois mentres que a primeira tipoloxía esquemática se estende polo Atlántico dende o norte de Portugal ata Escocia, Irlanda e o norte de Inglaterra, os motivos figurativos circunscríbense exclusivamente ao noroeste da Península ibérica.

A distribución da arte rupestre galega mostra unha máxima concentración de gravados nunha área estendida aproximadamente uns 60 km desde a costa occidental ao interior. Trátase dunha rexión de clima atlántico, que sen embargo presenta unha marcada seca estival de entre un e dous meses de duración. Correlativamente as maiores concentracións de petróglifos aparecen ao longo de rutas naturais que conectan as áreas baixas de maior tendencia mediterránea coas húmidas e hiperhúmidas das serras litorais e prelitorais. Seguindo estes primeiros camiños históricos, os humanos e animais realizarían desprazamentos en busca de mellores condicións para o pastoreo. De acordo con este mesmo patrón, os petróglifos tenden a situarse na contorna das brañas ou depresións húmidas, onde aparecen asentamentos coetáneos (BRADLEY & FÁBREGAS VALCARCE, 1999).

Os petróglifos de armas consisten basicamente en representacións de puñais, espadas e alabardas, que se localizan na periferia das áreas de explotación preferencial e acostuman gozar de boas panorámicas. Por veces aparecen vinculados con rutas que unen asentamentos, mentres que noutras están máis illados. En ocasións utilizan afloramentos moi conspicuos onde os gravados aparecen sobre superficies inclinadas, de xeito que as imaxes confrontan ao observador cando se aproxima á rocha (BRADLEY & FÁBREGAS VALCARCE 1999). Nestes casos tenden a formar composicións que adoitan presentar un plan de organización, constituíndo auténticas «rochas panoplia de armas».

Aínda que non sempre resulta doado identificar o tipo de armas representado, recoñécense ben certos modelos de puñais, espadas curtas e alabardas. A análise tipolóxica de puñais e espadas curtas identifícaos maioritariamente coas producións locais de modelos

CÓDIGO	TIPO	NOME
P-1	Petróglifo	A Laxe
S-1	Santuario	A Nai de Deus do Corpiño
P-2	Petróglifo	Auga da Laxe 1
P-3	Petróglifo	Auga da Laxe 3
S-2	Santuario	Catedral de Santiago de Compostela
P-4	Petróglifo	Chan de Deus
P-5	Petróglifo	Conxo
P-6	Petróglifo	Coto das Laxas
P-7	Petróglifo	Coto de Aspra
P-8	Petróglifo	Coto de Cornellal-20
P-9	Petróglifo	Coto de Cornellal-21
S-3	Santuario	Forno da Santa
P-10	Petróglifo	Foxa Vella
P-11	Petróglifo	Laxe do Chan
P-12	Petróglifo	Mogueios 2
P-13	Petróglifo	Mogueios 3
S-4	Santuario	Nosa Señora da Lanzada
S-5	Santuario	Nosa Señora do Faro
S-6	Santuario	Nosa Señora dos Dolores
S-7	Santuario	Pedra da Serpe
P-14	Petróglifo	Pedra Longa 1
P-15	Petróglifo	Pedra Longa 2
P-16	Petróglifo	Poza da Lagoa 2
P-17	Petróglifo	Primadorno
S-8	Santuario	San Bartolomeu de Rebordáns
S-9	Santuario	San Lourenzo de Sabucedo
S-10	Santuario	San Mamede
S-11	Santuario	San Miguel de Oleiros
S-12	Santuario	Santa Eufemia do Xurés
S-13	Santuario	Santa María da Franqueira
S-14	Santuario	Santa María dos Ánxeles
S-15	Santuario	Santa Mariña de Augas Santas
S-16	Santuario	Santa Mariña de Castrovite
S-17	Santuario	Santiago de Requeixo
S-18	Santuario	Santiaguiño do Monte
S-19	Santuario	Santo Ourente de Entíns
S-20	Santuario	Virxe da Barca
S-21	Santuario	Virxe da Pastoriza
S-22	Santuario	Virxe do Camiño
S-23	Santuario	Virxe do Carme da Atalaia

Fig. 4: Mapa de localizacións.

de folla triangular (con ou sen crista central e estrías paralelas ao fío) da transición do terceiro ao segundo milenio. Algunhas espadas do Castriño de Conxo en Compostela emparéntanse claramente con modelos británicos do Wessex, contemporáneos. As alabardas sitúanse a inicios do II Milenio, sendo claramente identificables cos modelos atlánticos do tipo «Carrapatas» do Norte de Portugal, de claras afinidades irlandesas (BELLO DIÉGUEZ J Mª. & PEÑA SANTOS A. 1995).

A datación dos petróglifos galegos de armas abrangue desde o Calcolítico ata o Bronce final (VÁZQUEZ VARELA J. M. 1983) e considéranse a expresión dunha ideoloxía guerreira relacionada con posibles cultos e consagracións a figuras bélicas relixiosas, podendo constituír o escenario de ritos iniciáticos masculinos, confrarías de guerreiros, ou servir de indicador de valores asociados ao territorio (VÁZQUEZ VARELA J. M. 1999). Aventúrase incluso que os gravados das panoplias visibles desde certa distancia (por estar sobre rochas inclinadas) representarían puntos de reunión de sociedades de guerreiros, por aparecer uniformemente repartidos en diferentes territorios contiguos (GÜIMIL-FARIÑA A. & SANTOS-ESTÉVEZ M. 2013).

Xunto aos puñais, espadas e alabardas aparecen tamén gravadas nalgunhas panoplias unhas estrañas figuras de forma trapezoidal ou triangular que presentan un eixo perpendicular sobresaíndo do vértice inferior. Algúns autores considéranos idoliformes, outros falan de estandartes e a maioría identifícanos como escudos polo simple feito de

Fig. 5: Fotogrametría 3D (Simón Peña Villasenín) e foto (Pablo Sanmartín López) de Pedra Longa 2, realizadas polo Colectivo a Rula, 2017.

aparecer representados xunto ás armas, pese a que esta tipoloxía non aparece documentada no rexistro arqueolóxico, aducindo que estaban confeccionados con materiais perecedoiros como madeira ou coiro. Esta hipótese impúxose na bibliografía acuñando o termo de «escutiforme», pese a que en todos os casos coñecidos de petróglifos galegos da Idade do Bronce onde aparecen humanos portando escudos, estes sempre son circulares (SANTOS ESTÉVEZ M. 2008). Finalmente unha nova alternativa postula que se trata de carros de guerra, semellantes aos das estelas de guerreiros do Bronce Final no suroeste peninsular (PASCUAL HERMIDA, G. 2011), coa diferenza que aquí aparecerían sen os animais de tiro nin rodas. Esta opción retrasaría a cronoloxía destes motivos cara ao Bronce final, unha época similar á das escasas espadas longas que están representadas nos petróglifos de armas de Galicia.

Sen pretender dispoñer dun criterio claro sobre esta cuestión, resulta xustificado dubidar da eficacia destes artefactos en caso de necesidade de defensa persoal, desequilibrados polo peso dun eixo disfuncional. A non ser que se estea pensando en inverosímiles panoplias modernas con escudos ou coirazas e espadas cruzadas. Sen embargo, á luz dos resultados do estudo etnoastronómico dos santuarios e dos que se mostrarán máis adiante, resulta cando menos igualmente plausible pensar en carros maxicamente movidos polo Sol e a Lúa. Pois ao fin e ao cabo teñen tantas posibilidades reais de desprazamento como

Fig. 6: Novo petróglifo de Pedra Longa 2.

as mitolóxicas barcas de pedra sobre o océano que transportaron aos santos cristiáns. Por tanto seria máis apropiado reservar a denominación de «escutiforme» para os casos máis canónicos, mentres que para as representacións trapezoidais con eixe perpendicular podería empregarse pseudo-escutiforme, xa que «carriforme» ou eventualmente «chasisforme» resultaría polo de agora igualmente discutible.

Existen en Galicia máis de 40 petróglifos de armas, que foron gravados durante a Idade do Bronce. A maioría deles están publicados, aínda que non sempre resulta doado coñecer a súa posición xeográfica exacta. Existen ademais algúns outros inéditos pendentes de publicar, aos que presumiblemente habería que sumar os que falten por descubrir. Neste traballo revisouse a posición e aliñamentos de practicamente a metade das localizacións existentes e tres cuartas partes dos motivos existentes. O criterio de selección consistiu en concentrarse en todos os que teñen alabardas máis todos os que teñen pseudo-escutiformes, o que de feito inclúe a meirande parte dos puñais e espadas gravadas do inventario galego. Os que non foron estudados teñen polo xeral unha temática diverxente dos anteriores, xa que na maioría dos casos conteñen temáticas máis ricas (con motivos xeométricos, cérvidos ou outros aínda máis singulares), e polo menos na metade deles aparece un único puñal gravado. Debido a tratarse dunha investigación independente, desvinculada de universidades ou organismos públicos, e sen ningún tipo de axuda económica ou de calquera outro tipo, lamentablemente a escaseza de recursos impediu ampliar o estudo ata incluilos.

Dos xa publicados na bibliografía con alabardas e pseudo-escutiformes, non puideron estudarse o desaparecido de Montecelo no concello de Poio (unha alabarda), e o das Chanciñas no concello da Cañiza (unha alabarda e un puñal), por non dar atopado as coordenadas publicadas nin aparecer nos arquivos consultables dos servizos de patrimonio

Fig. 7: Orto do solsticio de inverno desde o Castriño de Conxo, en Santiago de Compostela con vistas ao Pico Sacro. Fotos tomadas desde 0,5º mais á esquerda, en posición equivalente ao orto observable no ano 1000 A.C. En 2500 A.C. o sol aparecía desprazado 0,25 º mais a dereita (1/2 disco solar)

da Xunta de Galicia.

Sen embargo, inclúese no presente estudo un caso inédito cunha aliñación de 19 coviñas e tres alabardas moi gastadas, que está situado a 200 metros do xa coñecido de Pedra Longa en Dumbría e foi descuberto polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Fernando Alonso Romero (e comunicado posteriormente aos servizos de patrimonio da Xunta de Galicia no ano 2014). Na bibliografía deste lugar o petróglifo principal identifícase como Pedra Ancha, pese a tratarse dunha denominación errónea como pode comprobarse no catastro desta zona de Dumbría, que identifica claramente o solar como Pedra Longa. Por tanto denominaremos ao xa coñecido como Pedra Longa 1 e Pedra Longa 2 ao novo. A característica máis importante deste emprazamento é que ambas pedras están situadas ao pé do vello do camiño de Santiago a Fisterra, resultando que se trata do primeiro lugar onde resulta visible o mar cando se transita desde o interior: Cabos Touriñán e Vilán desde a Pedra 1 e Fisterra e Touriñán desde a 2.

Na seguinte táboa móstranse os resultados do traballo feito polo autor, na que se optou por calcular as posicións do Sol e a Lúa para o 2500 a. C. (cos seus lunasticios máis próximos), debido a que a variación experimentada pola precesión do eixe da Terra resulta inferior a +/- 0,25º (equivalente a medio disco solar ou lunar), para un lapso de +/- 1.500 anos en torno desta data.

Cando os diferentes gravados descritos na bibliografía están tan próximos que resulta imposible discriminar diferenzas no seu horizonte agrúpanse nun único punto central,

Fig. 8: Solsticio de inverno e ciclo do lunasticio en Pedra Longa 1 e 2

como é o caso de todos os de Poza da Lagoa que están distribuídos nun radio inferior a 15 metros. Asemade inclúense o caso de estacións que conteñen puñais ou espadas illadas por estar relativamente próximas a outras con pseudo-escutiformes, aínda que debido a representar distancias superiores a 50 metros trátanse separadamente, como é o caso dos de Moguelos e Coto de Cornellal. Finalmente no caso de Auga da Laxe, onde existen varias pedras con alabardas, estúdanse unicamente dúas que están ben separadas, pois estacións tan complexas coma esta requiren de estudos máis detallados (como por outra parte precisaría todo o tema en xeral). Evidentemente, todas e cada unha das estacións requirirían un estudo pormenorizado, pero aquí pretendeuse unicamente identificar as aliñacións importantes cos fitos da paisaxe de primeira orde.

Neste traballo considéranse fitos de primeira orde aos montes principais do horizonte ou da comarca (non sempre coinciden), así como as intersecções do mar e terra. Isto non significa que o valor do horizonte do lugar de cara á monitorización astronómica non

PETRÓGLIFO	COORD. & ALTITUDE (ETRS89/29N)	RUMBO (2500 A.C. e lunasticios coetáneos)	DISTANCIA (mts.)	FITO PAISAXÍSTICO	EVENTO ASTRONÓMICO
Castriño de Conxo (Santiago de Compostela)	8° 34' 02" W 42° 51' 56" N 213 msnm	Acimut = 123,1° Altura = 1,3°	11.801	Cima Pico Sacro (533 msnm)	Orto Solsticio de Inverno
		Acimut = 115,8° Altura = 0,7°	61.135	Cima Monte Faro (1.181 msnm)	Orto Imbolc
Pedra Longa 1 (Dumbría)	09° 05' 51" W 42° 59' 04" N 360 msnm	Acimut = 122,5° Altura = 0,9°	2.602	Mte. Castelo de Logoso (402 msnm)	Orto Solsticio de Inverno
		Acimut = 92,4° Altura = 1,9°	2.765	Mte. das tres Pedras (402 msnm)	Orto Equinocio
Pedra Longa 2 (Dumbría)	09° 06' 02" W 42° 59' 05" N 358 msnm	Acimut = 235,5° Altura = -0,5°	17.182	Cabo de Fisterra (239 msnm)	Ocaso Lunasticio intermedio (sur)
Coto das Laxas (Rodeiro)	07° 55' 36" W 42° 36' 45" N 829 msnm	Acimut = -65,2° Altura = 8,1°	2.346	Cima Monte Faro (1.181 msnm)	Orto Solsticio de Verán
Coto da Aspra (A Golada)	07° 59' 46" W 42° 42' 39" N 607 msnm	Acimut = 126,0° Altura = 2,1°	6.267	Cima Monte Coto de Suime (834 msnm)	Orto Solsticio de Inverno
Os Moguelos 3 (Cangas do Morrazo)	08° 51' 02" W 42° 16' 24" N 65 msnm	Acimut = 288,7° Altura = 7,0°	946	Cima Monte Facho, (184 msnm)	Ocaso Lugnasad & Ocaso Lunasticio menor (Max)
Os Moguelos 2 (Cangas do Morrazo)	08° 51' 04" W 42° 16' 25" N 72 msnm	Acimut = 243,2° Altura = 0,0°	6.047	Punta Cabalo (Illas Cíes) / Mar	Ocaso Lunasticio menor (min)
Laxe do Chán (Cangas do Morrazo)	8° 47' 33" W 42° 16' 14" N 103 msnm	Acimut = 54,2° Altura = 3,1°	8.928	Cima Mte. Faro de Domaio (533 msnm), sobrepasa cima 1° a esquerda	Orto Lunasticio maior (Max)
		Acimut =124,5° Altura = 0,9°	52.021	Serra da Peneda (1.290 msnm), sobrepasa 2° a dereita da cima	Orto Solsticio de Inverno

NOTA	DESCRICIÓN	Alabardas	Puñais Espadas	Pseudo-escutifor-mes	Escutiformes
O Pico Sacro e o monte con mais visibilidade da zona centro occidental de Galicia. O corpo do Apóstolo chega transportado por un carro de bois bravos deste monte	Panoplia de armas da idade do bronce.	4	11	4	0
Monte máis alto da Galicia central e occidental. Romaría da Virxe do Faro documentada nas cantigas medievais.					
Domina o camiño de Santiago a Fisterra, que tamén pasa polo petróglifo	Panoplia de armas da idade do bronce.	3	2	5	0
Domina o horizonte leste					
Nos intermedios entre os lunasticios sur maior e menor a Lúa ponse na península do cabo, oscilando entre os dous peque-nos sectores visibles de mar a ambos lados durante o ciclo de 18,61 anos, tocando terra nos extremos e o intermedio.	3 Alabardas cun-ha aliñación de 19 coviñas e eviden-cia de extraccón de cantería	2	0	0	0
O Monte Faro é o mais alto da Galicia central e occidental	Panoplia armas con 1/2 carro e 1 idoliforme	14	1	1	0
Monte visible máis alto e cercano, que aparece re-cortado contra a Serra do Faro (1.005 msnm a 10.895 mts de distancia.)	Panoplia armas idade do bronce.	7	10	0	0
Situado no alto do monte o santuario galaico-romano do deus autóctono Berobreo, anteriormente castro da idade do ferro e poboado do bronce.	Ambos situados moi próximos (70 mts.) en di-reccion NW-SE	0	2	0	0
Illas dos Deuses na antiguidade		2	0	0	0
Monte visible máis alto e cercano		4	0	1	0
Cimas Nevadas no inverno					

PETRÓGLIFO	COORD. & ALTITUDE (ETRS89/29N)	RUMBO (2500 A.C. e lunasticios coetáneos)	DISTANCIA (mts.)	FITO PAISAXÍSTICO	EVENTO ASTRONÓMICO
Poza da Lagoa (2) (Monte Penide, Redondela)	8° 38' 50" W 42° 16' 26" N 335 msnm	Acimut = 121,3º Altura = 9,4º	621	Pico San Vicente (448 msnm), sobrepasa 2º a dereita da cima	Orto Samain
A Foxa Vella (Monte da Pena, Rianxo)	8° 46' 29" W 42° 40' 15" N 115 msnm	Acimut = 127,1º Altura = 3,3º	7.507	Monte Xiabre (642 msnm), sobrepasa 2,4º a dereita da cima	Orto Solsticio de Inverno
Primadorno 1 (Castro, Saidres, Silleda)	8° 15' 05" W 42° 43' 49" N 430 msnm	Acimut = 247,1º Altura = 2,1º	8.487	Cima Monte San Sebastián (750 msnm)	Ocaso Samain
		Acimut = 113,0º Altura = 1,2º	3.1245	Monte Faro (1.181 msnm), sobrepasa 1º a dereita da cima	Orto Samain
Chan de Deus (Moraña)	8° 33' 55" W 42° 35' 07" N 283 msnm	Acimut = 294,2º Altura = 1,5º	12.118	Monte Xiabre (642 msnm), sobrepasa 0,8º a esquerda da Cima	Ocaso Lugnasad & Ocaso Lunasticio menor (Max)
		Acimut = 243,6º Altura = 0,3º	28.884	Cima Monte Siradella (163 msnm)	Ocaso Lunasticio menor (min)
A Laxe (San Pedro de Sárdoma, Vigo)	8° 43' 04" W 42° 13' 02" N 42 msnm	Aliñacións dubidosas que non poden comprobarse cos medios dispoñibles, nesta contorna completmente urbanizada da cidade de Vigo.			
Coto de Cornellal-20 (A Golada)	8° 00' 07" W 42° 42' 57" N 615 msnm	Acimut = 136,1º Altura =2,0º	13.480	Monte da Ermida do Faro (1.155 msnm), quedando a 1,5º á esquerda da cima	Orto Lunasticio maior (min)
Coto de Cornellal-21 (A Golada)	8° 00' 08" W 42° 42' 58" N 615 msnm	Acimut = 136,1º Altura =2,0º	13.525		

NOTA	DESCRICIÓN	Alabardas	Puñais Espadas	Pseudo-escutifor-mes	Escutiformes
Monte visible máis alto e cercano. Os petróglifos sitúanse ao seu pé, todas moi próximas (concentradas en 15 mts de radio).	Rocha 1 = 2 espadas e coviñas / Rocha 2 = 2 alabardas e covi-ñas / Rocha 3= 5 alabardas + 6 espadas e coviñas	7	8	0	0
Monte visible máis alto e cercano		2	2	0	0
Segundo monte visible máis alto e cercano		2	4	0	1
Monte máis alto da Galicia central e occidental					
Segundo monte visible máis alto e cercano		1	0	0	0
Monte da península do Grove que sobresae recortado contra o mar					
		2	0	0	0
Ambos situados moi próximos (40 mts.) e aliñados en dirección ao Mte. Faro		0	0	2	0
		0	1	0	0

PETRÓGLIFO	COORD. & ALTITUDE (ETRS89/29N)	RUMBO (2500 A.C. e lunasticios coetáneos)	DISTANCIA (mts.)	FITO PAISAXÍSTICO	EVENTO ASTRONÓMICO
Auga da Laxe 1 (Vincios, Gondomar)	8° 42' 51" W 42° 08' 02" N 461 msnm	Acimut = 77,6º Altura = 13,6º	919	Cima Centro Serra do Galiñeiro (709 msnm)	Orto Lug-nasad & Orto Lunas-ticio menor (Max)
		Acimut = 303,8º Altura = -0,5º	18897	Mar / Illas Cíes (dos Deuses na antiguidade), na silla da Raíña e punta do príncipe	Ocaso Solsticio de Verán
Auga da Laxe 3 (Vincios, Gondomar)	8° 42' 46" W 42° 08' 07" N 473 msnm	Acimut = 124,9º Altura = 9,5º	1.422	Cima Sur Serra do Galiñeiro (709 msnm)	Orto Imbolc
		Acimut = 126,6º Altura = 9º	1.415	Cima Sur da Se-rra do Galiñeiro (709 msnm) sobrepasando 1º á dereita da Cima	Orto Lunasticio menor (min)

poida eventualmente incluír fitos de segunda orde ou incluso microtopográficos, do estilo de formacións xeolóxicas singulares, mámoas, castros ou outros petróglifos, pero iso é algo que só podería desvelar un estudo detallado de cada sitio. O obxectivo do presente traballo consiste unicamente en comprobar se existe un patrón común a todas as estacións, detectando valores simbólicos do horizonte por estar relacionados con eventos astronómicos do calendario.

Como pode comprobarse nas imaxes que se acompañan, existe un evidente paralelismo entre o aliñamento do Castriño de Conxo - Pico Sacro durante o orto do solsticio de inverno, co de Pedra Longa 1 – Monte Castelo de Logoso nas mesmas datas. Paralelamente aparece outra correspondencia entre o de Compostela -Pico Sacro durante o lunasticio maior co de Pedra Longa 2 - Cabo de Fisterra, que marca o intermedio da alternancia entre os lunasticios maior e menor (sur) a ambos lados do cabo. A falta de estudos máis completos, pode unicamente aventurarse unha posible relación entre as 19 coviñas aliñadas en dirección ao cabo co ciclo de lunasticios de 18,61 anos, pero isto último non pasa de ser unha mera hipótese pendente de validación.

NOTA	DESCRICIÓN	Alabardas	Puñais Espadas	Pseudo-escutifor-mes	Escutiformes
Horizonte moi complexo con outras diversas aliña-cións probables. A Serra do Caliñeiro é moi penedía e conta con 3 cimas principais. Os petróglifos están localizados nunha chaira situada ao pé da Serra, do-minando as vistas sobre a costa.	Panoplia de armas da idade do bronce. Existen mais pedras moi próximas con mais repre-sentacions de armas e outros petróglifos.	6	11	8	0
	Situado 180 mts ao NE do anterior	2	0	0	0

3. CONCLUSIÓNS

Os datos aportados nas táboas 1 e 2 apoian que:

1. As lendas fundacionais e selección de emprazamento de moitos santuarios cristiáns de Galicia (moitos deles datables en tempos altomedievais) evidencian que son herdeiros dunha tradición pagán anterior. En definitiva o culto xacobeo en Compostela só constitúe o expoñente mellor documentado destas orixes astronómicas e precristiás.

2. A existencia durante a Idade do Ferro da antiga Gallaecia dun calendario luni-solar de tipo céltico, no que se atendía ás posicións de lunasticios, solsticios e equinoccios xunto ás chamadas festividades de media estación: Imbolc, Belteine, Lugnasad e Samain, establecidas 40 días despois dos solsticios e equinoccios.

3. Estas festividades de media estación resultarían particularmente axeitadas para o control e manexo do calendario. A determinación exacta da data dos solsticios resulta en principio máis difícil de precisar (pois durante case unha semana antes e despois resulta difícil apreciar a simple vista unha variación significativa na posición solar), mentres que a dos equinoccios deduciríase do previo recoñecemento do concepto xeográfico dos puntos cardinais: Norte, Sur, Leste e Oeste (deducibles cada día), o que concordaría coa información de César sobre os druídas galos: *discuten ademais moitas cousas ao redor dos astros e os seus movementos, do tamaño do mundo e das terras* (De belo Gallico, VI. 13 - 18).

4. A existencia dunha longa continuidade cultural de práctica ritual dunha astronomía do horizonte que como mínimo se remonta á Idade do Bronce. Os petróglifos de armas con alabardas e puñais característicos do bronce inicial reflectirían o emprego dun calendario lunisolar de tipo céltico no ámbito xeográfico da antiga Gallaecia.

5. A constatación deste calendario nos petróglifos galegos non esclarece por si mesmo a función e significado destes gravados, aínda que si os relaciona coa tradición cultural atlántica. Descoñécense os cultos e rituais practicados nas datas cos eventos astronómicos identificados, aínda que pode inferirse que eran dirixidos por individuos pertencentes a unha casta sacerdotal depositaria duns coñecementos calendáricos e astronómicos reservados para iniciados, que servirían para estruturar e controlar a sociedade.

6. A teoría do chamanismo como orixe ou xustificante dos gravados da Idade do Bronce debe ser cando menos matizada, pois a alteración dos estados de conciencia por medio de alucinacións inducidas mediante a inxesta de drogas ou calquera outro método non explica total e satisfactoriamente a práctica empírica dunha astronomía do horizonte e o manexo dun calendario ben estruturado. Isto só pode conseguirse no seo dunha casta sacerdotal que practica observacións sistemáticas e transmite hereditariamente os coñecementos de xeración en xeración, ata chegar a acumular un corpus suficiente de coñecementos precientíficos coherentes.

7. Existe en Galicia unha rica paisaxe cultural de profundas raíces onde quedaron fosilizadas parte das elucubracións mentais precientíficas e mitolóxicas dos nosos antergos, que habitaron, ordenaron e transformaron un territorio primordial. Esta antiquísima herdanza, transmitida ao longo de milenios, constitúe un patrimonio cultural salientable, que aínda hoxe pervive trasmutado nos múltiples santuarios e romarías tradicionais das terras atlánticas deste confín europeo.

Unha consecuencia lóxica do traballo aquí presentado sería intentar comprobar se puidera existir algún tipo de correspondencia entre os motivos gravados e as datas ou eventos astronómicos identificados. Malia que dos resultados presentados podería chegar a sospeitarse parcialmente algo semellante, resultaría prematuro chegar a conclusións precipitadas sen antes revisar máis intensivamente a arte rupestre galega. Resulta evidente que non todos os petróglifos (tanto esquemáticos como figurativos) poden gardar unha relación directa con datas concretas do calendario, como se deduce da súa tendencia a presentar un modelo de distribución agregada no que a presenza dun incrementa a posibilidade da existencia de outro, pois tenden a concentrarse en sectores específicos do hábitat. Sen embargo, tamén é obvio que os petróglifos representan un «xeito de apropiación do territorio», no que a ordenación temporal xogaría un papel case tan importante como a territorial, en base a principios de estruturación da sociedade e optimización da productividade agraria.

Cabería por tanto esperar que as trazas dun calendario lunisolar como o descrito apareceran tamén noutros petróglifos galegos da Idade do Bronce con temáticas estilísticas diferentes. Neste sentido compre referirse finalmente neste artigo a outros dous casos alleos ás armas metálicas, consistentes en petróglifos con motivos tipicamente xeométricos e algún exemplo naturalista, que ilustran a necesidade do traballo sistemático de investigación que resta por facer nestes eidos.

O primeiro é o petróglifo de Oca do concello de Ames (226 msnm, 8° 40' 41" W / 42° 55' 43" N –ETRS89), que aparece gravado nun penedo dominando o territorio delimitado por un gran meandro do río Tambre. Neste mesmo lugar localízase a capela da Virxe do Corpiño,

Foto 8: Ocaso do solsticio invernal desde a Pedra das Serpes (Mte. dos Vilares, Valga), en 2500 A.C. estaba desprazado 0,8º (1,5 disco solar) á esquerda.

coñecida tamén como o santuario do Corpiño de Oca (para diferencialo do aquí chamado «Corpiño de lonxe» en Lalín), onde ata os anos 60 do século pasado levaban maniatados aos que padecían *«o mal pequeno, por culpa do demo»* para seren exorcizados. Cando un veciño vía chegar un «paciente» nestas condicións avisaba aos do lugar: *«Ei veciños, o ramo cativo!»*, e a xente congregábase para participar nun prolongado, excitante, público e comunal exorcismo (LISÓN TOLOSANA C.; 1990). No petróglifo, situado a 250 metros de distancia da capela, atopamos un complexo deseño de combinacións circulares acompañadas de coviñas (SOBRINO LORENZO-RUZA R.; 1951) e incluso cun podomorfo, presumiblemente da Idade do Ferro. Xeoastronomicamente a singularidade deste emprazamento reside na aliñación co orto do solsticio de inverno sobre o monte San Marcos (a elevación máis importante do concello, con 351 msnm), en cuxo chan amesetado aparecen os muros dun probable castelo altomedieval e a cimentación dunha antiga ermida.

No caso da Pedra das Serpes do monte dos Vilares no concello de Valga (340 msnm, 8° 37' 07" W / 42° 42' 15" N –ETRS89) existen varias combinacións circulares xunto con outros motivos esquemáticos e naturalistas entre os que aparece un cérvido e dúas grandes serpes que semellan reptar pola pedra (APARICIO CASADO B., CARRERA RAMÍREZ F., PEÑA SANTOS A., 2013). A pedra, que sufriu unha extracción parcial de cantería, goza dun amplo horizonte cara ao oeste, onde poden divisarse diferentes montes e algún pequeno sector de mar disposto entre eles. Fronte á pedra vese a 6 quilómetros en dirección suroeste o monte Fontebecha (372 msnm), cuxa toponimia alude a unha «fonte da becha»,

ou sexa da serpe. As lendas tradicionais galegas contan que cando as serpes avellentaban nacíanlle ás e marchaban voando para o mar cara unha cidade asolagada (CUBA, X.R.; MIRANDA, X., REIGOSA, A.; 2006). Durante o solsticio de inverno o Sol ponse a 0º de altura e 236,5º de acimut (actualmente o rumbo é de 0,8º maior que hai 4.500 anos) na parte dereita do cumio deste monte alombado, nunha área denominada Fonte Santa que recorta o horizonte en dirección ao mar. Impresiona comprobar como a conxunción da paisaxe, o rexistro arqueolóxico e o patrimonio cultural inmaterial conservaron un relato que leva cando menos 4.000 ou 5.000 anos contándose.

CRÉDITOS E AGRADECEMENTOS

Este traballo foi realizado de xeito independente sen contar con axuda, apoio ou soporte formal de ningunha institución académica ou administrativa, pública ou privada. Sen embargo resulta de agradecer o alento dos membros da Asociación cultural «Colectivo a Rula», compañeiros e amigos comprometidos coa protección, o estudo e a divulgación da arte rupestre e o patrimonio galego, así como tamén a inestimable compañía nas saídas ao campo do profesor emérito da USC Fernando Alonso Romero. As hipóteses, teorías e conclusións defendidas neste documento son puramente persoais e non teñen necesariamente por que coincidir parcial ou plenamente coas de calquera cos que se mantivo algunha relación durante o dilatado proceso de elaboración deste traballo.

Todos os cálculos, táboas, mapas e imaxes son obra do autor, salvo que se indique expresamente o contrario.

Bertamiráns, 10 de outubro de 2016

4. BIBLIOGRAFÍA

APARICIO, A.; ESTEBAN, C.; BELMONTE, J. A. (2000): «Las bases astronómicas». En J. A. Belmonte, Ed.: Arqueoastronomía Hispana. Equipo Sirius. Madrid. ISBN: 9788492509492 PP. 19-65.

APARICIO CASADO B., CARRERA RAMÍREZ F., PEÑA SANTOS A. (2013). «Arte rupestre en Galicia». Edicións do Cumio, ISBN: 9788482894669, 256 pp.

BELLO DIÉGUEZ, J Mª. & PEÑA SANTOS, A. (1995).: «Galicia na Prehistoria». *Historia de Galicia*, vol. 1. A Coruña, Ed. Vía Láctea ISBN: 9788489444126, 214 pp.

BOUZAS SIERRA (2009). «Aportaciones para una reinterpretación astronómica de Santiago de Compostela». *Anuario Brigantino*, ISSN 1130-7625, Nº. 32, 2009, pp. 47-92.

BOUZAS SIERRA (2013). «Espacios paganos y calendario céltico en los santuarios cristianos de Galicia». *Anuario Brigantino*. ISSN 1130-7625, Nº. 36 pp.43-73.

BOUZAS SIERRA (2015). «Etnoastronomía del calendario céltico en Galicia». *Anuario Brigantino*, ISSN 1130-7625, Nº. 38, pp. 67-90.

BRADLEY R. & FÁBREGAS VALCARCE R. (1999*)*. «La ley de la frontera: grupos rupestres galaico y esquemático y prehistoria del Noroeste de la Península». *Trabajos de Prehistoria*, ISSN 0082-5638, Vol. 56, Nº 1, pp. 103-114

CUBA, X.R.; MIRANDA, X., REIGOSA, A.; (2006): *Diccionario de los Seres Míticos Gallegos*. Eds. Xerais. Vigo. ISBN: 9788497824682. 296 pp.

GARCÍA QUINTELA M.V. & SANTOS ESTEVEZ M. (2004*)*. «Alineación arqueoastronómica en A Ferradura (Amoeiro-Ourense)». *Complutum*, ISSN 1131-6993, Nº 15, pp: 51-74.

GONZÁLEZ GARCÍA A.C. (2009). «Análisis estadístico de las orientaciones de los megalitos de la Península Ibérica». *Complutum*, Vol. 20 Núm. 2: 177-186 177 ISSN: 1131-6993. 10 pp.

GÜIMIL-FARIÑA A. & SANTOS-ESTÉVEZ M. (2013). «Territorialidad en la Edad del Bronce del noroeste de la Península Ibérica». *Revista d'arqueologia de Ponent*, ISSN 1131-883X, Nº 23, 2013, pp. 9-25.

LISÓN TOLOSANA C. (1990). *Endemoniados en Galicia hoy.* Ediciones AKAL. ISBN: 9788476006276. 280 pp.

LÓPEZ PLAZA, S., ALONSO ROMERO, F., CORNIDE CASTRO-PIÑEIRO, M., & ÁLVAREZ SANTOS, A. (1991-1992). «Aplicación de la astronomía en el estudio de la orientación de sepulcros megalíticos de corredor en la zona noroccidental de la Península Ibérica». *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología*, ISSN 0514-7336. Nº 44-45, pp. 183-192.

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO I. (1990): «Vencellos galeco-irlandeses. Arredor dun libro da Dra. Keating». *Grial: revista galega de cultura*, ISSN 0017-4181, Nº. 108, pp.539-553.

PASCUAL HERMIDA, G. (2011): «Los Carros de Guerra en Los Petroglifos del Noroeste Peninsular». Dispoñible en liña: http://masquepetroglifos.blogspot.com.es/.

PEÑA SANTOS, A.; REY GARCÍA, J.M. (1998): «Perspectivas actuales de la investigación del arte rupestre galaico», en Fábregas Valcarce (ed.): *A Idade de Bronce en Galicia: novas perspectivas.* Cadernos do seminario de Sargadelos 77. A Coruña. Edicións do Castro, pp. 221-241.

RUGGLES, CLIVE L.N. (2005): *Ancient astronomy: An encyclopedia of Cosmologies and Myth.* ABC-CLIO, Santa Barbara, California. ISBN-10: 1851094776, ISBN-13: 978-1851094776. 552 pp.

SANTOS ESTÉVEZ M. (2008). «Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del noroeste de la Península Ibérica». *TAPA: traballos de arqueoloxía e patrimonio*, ISSN 1597-5357, Nº 38, ISBN 978-84-00-08733-2, pp. 13-216

SOBRINO LORENZO-RUZA R.; 1951. «El petroglifo de Oca en Ames, Coruña». *Boletín da Real Academia Galega*, ISSN 1576-8767, Nº. 294-296, , pp. 260-269.

VÁZQUEZ VARELA J. M. (*1983*). «Los petroglifos gallegos». *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología*, ISSN 0514-7336, Nº 36, 1983, pp.. 43-51.

VÁZQUEZ VARELA J. M. (1999-b). «Los petroglifos prehistóricos de armas metálicas de Galicia en el contexto de la Península Ibérica, Europa y Africa». *Semata: Ciencias sociais e humanidades*, ISSN 1137-9669, Nº 11, 1999 (Ejemplar dedicado a: Galicia nos contextos históricos / coord. por María del Pilar Cagiao Vila), pp.15-32.

Fotos de Pedra Longa 1, realizadas polo Colectivo a Rula
(Pablo Sanmartín López, 2017).

El hacha «argárica» nº 568 de Luís Monteagudo: metales, territorios y gentes en la Cultura del Bronce del Noroeste

JOSÉ SUÁREZ OTERO
Grupo de investigación de Análisis territorial (ANTE)
Universidad de Santiago de Compostela[1]

Sumario
La reaparición de una pequeña hacha de la Edad del Bronce nos permite reencontrarnos con la obra y la metodología de Luís Monteagudo, y elaborar una lectura tipológica de la pieza que va más allá de lo formal. Una tipología escasa y disonante en el NO, pero no así en el ámbito cultural argárico del Sureste, que apunta posibles influencias externas de origen mediterráneo (ca.1800-1500 BC). Hachas de tipo argárico que parecen relacionarse con un espacio metalúrgico diferenciado en torno a las Rías Baixas gallegas, tipológicamente diverso en un acusadamente homogéneo Noroeste hispánico. Un espacio marcadamente costero que coincide con un área de depósitos de estaño abundantes y de fácil acceso y que apunta una posible relación con la explotación y distribución del mismo, clave, además, en el momento de despegue de la metalurgia del bronce. Esa conexión con la cultura argárica abre el camino hacia el mediterráneo para el estaño gallego y, como ya Luís Monteagudo había propuesto, lo introduce en el debate sobre su presencia en el Mediterráneo oriental.

Abstract
The reappearance of a small Bronze Age axe allows us to reengage with Luís Monteagudo's work and methodology, and develop a typological reading of the piece that goes beyond the conventional. A limited and dissonant typology in the NO, but not as it the Argaric cultural sphere of the Southeast, points to possible external influences of Mediterranean origin (ca. 1800-1500 BC). Argaric axes that appear to be connected with a distinct metallurgical space around the Galician Rias Baixas, typologically diverse in a strikingly homogenous Iberian Northwest. A markedly coastal space that coincides with an area of easily accessible and abundant tin deposits, points to a possible relation with the extraction and distribution of the same, essential, besides, in the initiation of bronze metallurgy. This connection with the Argaric Culture paves the way towards the Mediterranean for the Galician tin and, as Luis Monteagudo had proposed, introduces it in the debate about its presence in the Eastern Mediterranean.

Con motivo del reciente ingreso en el Museo das Mariñas de una serie de objetos de la Edad del Bronce, como parte de la colección Seoane, se presentó la posibilidad de reestudiar algunas piezas ya conocidas, pero de las que, una vez que desaparecieron las colecciones de las que originalmente formaban parte, no se había vuelto a tener noticia. Una de esas piezas es una pequeña hacha dada a conocer en su día por Luís Monteagudo García en su amplio corpus sobre las hachas metálicas prehistóricas en la Península Ibérica, y que había pertenecido a la colección Blanco Cicerón de A Coruña, de la que pasaría a la de Rafael José Seoane Martínez, quien, junto a un amplio y diverso conjunto de piezas, la donaría finalmente a este museo.[2] Esta reaparición nos permite ahora o, mejor, nos sirve de excusa, para hacer una aproximación a su contextualización y posible significado en el ámbito gallego, apurando lo que el propio Luís Monteagudo nos

[1] En la actualidad *Visiting Scholar* en la Universidad de California, Los Ángeles (UCLA).
[2] Otro ejemplo de los contenidos de esa colección, in: LADRA, L., ARMADA, L., MARTINÓN-TORRES, M. (2014): Ourivería galaica no Museo das Mariñas: a colección Seoane, Anuario Brigantino 37, 25-52.

trasmitió y reubicándolo en un marco hoy más rico en hallazgos e información.[3] Una aproximación hecha, por otra parte, al hilo de nuestro reciente trabajo de traducción y relectura del mencionado corpus (con el patrocinio de la Fundación L. Monteagudo), originalmente en alemán y dentro de los *Prähistorische Bronzefunde*, y, por lo tanto, en una intensa cercanía con las propuestas de ese autor.

I. EL HACHA Nº 568

En este caso, nos permite reflexionar sobre la posible presencia en el Noroeste hispánico de hachas de tipología argárica, siguiendo la clasificación de quien dio a conocer la pieza. Monteagudo incluye las hachas argáricas en su grupo 8, en el que diferencia cinco tipos, del A al E. El que nos afecta aquí es el D y tiene la siguiente caracterización: «Las hachas del tipo 8D son delgadas, grandes, medianas, escasamente pequeñas. Sus lados tienden a rectos, la sección transversal es gruesa y rectangular, el talón grueso, el filo amplio (debido al uso y reavivado) y levemente curvado -ocasionalmente arqueados».[4] En cuanto a la función apunta hacia un uso con cincel, para los de filo más corto, y hachas las que lo tienen expandido. Cronológicamente, manifiesta la dificultad de precisarla, pues se trata de hallazgos aislados, pero por su semejanza con el tipo 8B, apunta a una datación en el Argar B1. Finalmente, en cuanto a su distribución se constata su exclusividad en el núcleo argárico, con proyección por el Este hasta Cataluña.[5] Fuera de ese marco el vacío es absoluto, salvo los casos gallegos que motivan estas páginas y de ahí su interés.

En este caso se trata de una pequeña hacha trapezoidal alargada, de lados casi rectos: solo una leve excurvación en el tercio inferior, frente al superior de bordes casi paralelos. El filo es de curvatura poco acentuada, sin expansión de los extremos, y de corte algo biselado. La sección transversal es rectangular. El talón es grueso y de remate rectilíneo:

> **568.** *¿A Coruña?* España. – Cincel o escoplo, argaroide, 105 x 39 x 7,5 mm, posiblemente en bronce; huellas de golpes recientes (*Lám. 30, 568*). – Colecc. Blanco Cicerón, A Coruña. – Inédita.[6]

Luís Monteagudo la integra en su variante 8D1 (« Granada Menor»), una forma idéntica al tipo 8D, salvo por su menor tamaño, afectando también al grosor. Está representado por escasos ejemplos, en concreto este autor reúne seis, de los que cuatro se sitúan en Navarra, este posiblemente en A Coruña, y un último, en la provincia de Granada. Sin embargo, los ejemplares navarros son de mayor tamaño, al tiempo que más robustos, especialmente en el talón. Talón que aparece siempre aplastado, certificando un uso como cincel, a lo que también parece hacer referencia la propia forma. Algo difícil de aplicar a la pieza que tratamos, más próxima a la idea y función de instrumentos para trabajos delicados, como los de la madera. Una propuesta implícita en la propia identificación que Luís Monteagudo propone: *«stemmgerat»*.

Por lo tanto, consideramos que esta pieza y la similar granadina cabe interpretarlas como versiones extremas del tipo 8D, relacionándolas con los ejemplos de menor tamaño

---

[3] Aprovechamos para agradecer a nuestras colegas Ana Bettancourt y Beatriz Comendador, por las informaciones e indicaciones con respecto a algunos hallazgos poco conocidos o, simplemente, inéditos.
[4] MONTEAGUDO, L. (1977): *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*, Prähistorische Bronzefunde IX, 6 (München), esp.93.
[5] MONTEAGUDO, L. (1977): *Die Beile* , Op.Cit., p. 93.
[6] MONTEAGUDO, L. (1977): *Die Beile* , Op.Cit., p. 93.

Escaneo del hacha nº 568 de Luís Monteagudo. Tamaño real.
Museo das Mariñas (Betanzos, A Coruña). Nº de registro: 3.131

dentro del mismo: Monteagudo 559, 560 o 565, todos ellos relacionados directamente con el núcleo territorial argárico. Matizaríamos la tipología de Monteagudo, proponiendo, o bien integrar esas dos piezas en el tipo 8D, o para todos esos ejemplares como una variante reducida del tipo, es decir la 8D1, y, en cualquier caso, separaríamos los ejemplares para una posible 8D2, en la que se incluirían los cinceles de forma similar, como los ejemplos navarros mencionados.

En cuanto a la cronología, para Luís Monteagudo la gran semejanza con el tipo 8D permite suponer una misma datación en el Argar B1, y, como su Variante 8D1 está también

muy próxima a los tipos de hachas, cinceles y escoplos más pequeños de la Edad del Cobre, considera el estimar el comienzo de esta forma ya el horizonte Argar A. En la lectura tradicional, que en Monteagudo parte, principalmente, de los trabajos iniciales de B. Blance, estaríamos en fechas entorno al 1500 aC., que equivalen a la transición entre el Bronce Inicial y el Medio.[7] En una visión actual de la temporalidad y evolución de la Cultura Argárica, nos situamos en la Fase III, entre 1750 – 1550 BP, pero con un posible origen que nos retrotraería al Argar II (1900-1750), e incluso al Argar I, ya en el último cuarto del III milenio, donde ocurriría esa relación con posibles precedente de la Edad del Cobre.[8] A esa indefinición que en la más precisa datación actual hace difuminarse el tipo a lo largo de prácticamente toda la cultura argárica, tenemos que añadir el estar ante objetos sin referencias cronológicas precisas, como reconoce el propio Monteagudo al hablar del tipo 8D, que fecha exclusivamente por su semejanza con el 8B, e incluso tiene que acudir a una laxa contextualización de un ejemplo gallego, al que nos referiremos en detalle a continuación, y en base a una asociación cerámica para refrendarlo.

Así e todo, antes de facelo, gustaríame revisar brevemente algunhas pescudas recentes e moi interesantes sobre a linguaxe e a cognición que tratan especificamente do tema do aspecto gramatical.[2] Nesas pescudas acéptase como hipótese de traballo que o/a falante da lingua, ó intentar verbalizar os seus pensamentos, *segmenta* a realidade percibida en unidades, *selecciona* as unidades concretas desexadas para describir a situación particular que quere comentar, *estrutura* esas unidades nunha pauta de conversación característica da súa lingua e só ó final *aliña* as unidades nunha cadea audible de palabras faladas.

No artigo de Schmiedtová et al., os autores manteñen que «...á preparación de contido para verbalizar na mente do falante danlle forma as características lingüísticas dispoñibles no sistema lingüístico do falante»[3]. Así e todo, «...as categorías lingüísticas non só son relevantes na organización da información para a verbalización, ...tamén centran a atención en certos aspectos dunha situación dada»[4]. Noutras palabras, a selección de categorías gramaticais e a estruturación desas categorías para a conversación son de importancia vital no enfoque cognitivo diferenciado dado ós moitos elementos dun evento ou dunha situación.

No seu artigo, Emanuel Bylund segue un enfoque teórico similar, pero céntrase máis a fondo na «estruturación temporal» ou «perspectivación temporal» dos eventos – na duración dun evento ó longo do tempo.[5]

En ámbolos dous artigos, os autores céntranse no efecto sobre a percepción cognitiva da gramaticalización do aspecto no sistema verbal das linguaxes. As categorías aspectuais examinadas foron as categorías *imperfectiva*, *progresiva* e *imperfectiva secundaria* (que

«se refiren a unha acción ou a un evento en curso») e a categoría *perfectiva* (que, polo contrario, se emprega para un evento rematado).[6]

Contrastan o comportamento lingüístico de falantes monolingües e bilingües de linguas nas que o aspecto está marcado gramaticalmente no sistema verbal co comportamento lingüístico de falantes de linguas nas que o aspecto non está marcado gramaticalmente.

As linguas examinadas foron: árabe moderno estándar, checo, ruso, inglés e castelán («o grupo con aspecto») e alemán, holandés, noruegués e sueco («o grupo sen aspecto»).[7]

Neste artigo, Bylund examina experimentos nos que os falantes de holandés, alemán, noruegués e sueco (linguas sen aspecto) ligaron eventos nunha película segundo unha «estratexia anafórica de ligazón», que se podería resumir como «evento X logo evento Y». «Os eventos preséntase explicitamente como se ocorresen nunha secuencia», por exemplo, «*(a) Érguese un home do chan, (b) despois mira arredor del e (c) despois cae unha pedra*».[8]

Isto contrastaba claramente cos falantes de árabe, inglés e castelán (linguas con aspecto). «...Nestes grupos de linguas, raramente se facía explícita a secuencia temporal de eventos». Polo contrario, «atópase unha relación temporal de *inclusión*... o punto de referencia fórmase cun «*agora*» deíctico, que se pode parafrasear como «que está pasando agora?»: *Está a espertar* (e mentres esperta) *mira diante del* (e mentres mira) *cae un penedo grande*... Dentro desta pauta de perspectivación temporal, as formas verbais marcadas para o imperfectivo/progresivo xogan un papel na identificación dun espazo de tempo durante o cal teñen lugar certos eventos... A pauta de punto(s) deíctico(s) de referencia pode ser caracterizada como '(agora) evento X (agora) evento Y'.» [9]

Para clarificar a distinción, imaxinen estas dúas descricións da seguinte situación: *Bebeu, cantou, bailou e encomiou os seus amigos* (sen o aspecto gramatical marcado no sintagma verbal) vs. *Estaba a beber, a cantar, a bailar e a encomiar os seus amigos* (co aspecto progresivo/imperfectivo marcado no verbo). Na segunda descrición, non só percibimos que as actividades estaban ocorrendo, en lugar de ser momentáneas e secuenciais, senón que, ademais, é posible que fosen actividades simultáneas, unha interpretación moito menos probable no caso da primeira descrición.

Observemos que non só é moi diferente o encadre da situación nas dúas descricións, senón que, ademais, os mecanismos gramaticais empregados nos exemplos para verbalizar a situación tamén son moi diferentes.

A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA GRAMATICALIZACIÓN DO ASPECTO NAS LINGUAS DO OCCIDENTE DE EUROPA

Os datos das pescudas que vimos de citar teñen unha gran relevancia para nós ó intentarmos descubrir as amplas pautas da prehistoria lingüística do occidente de Europa, con especial referencia ó gaélico irlandés e ás linguas iberorromances. Observemos que as devanditas linguas do occidente de Europa con aspecto gramatical están concentradas en dous sitios – nas Illas Británicas (inglés) e na Península Ibérica (castelán). Polo contrario, tódalas linguas continentais mencionadas (excluíndo as do oriente de Europa como o checo ou o ruso) son linguas sen aspecto gramatical. Isto non é accidental e a diferenza está arraigada na historia lingüística de Europa.

Para darmos un exemplo concreto do que implica esta diferenza, examinemos unha oración simple en diversas linguas europeas. Se queremos dicir «Estou falando (no momento presente)», en inglés diríamos *I am speaking*, pero tamén diríamos o equivalente en gaélico

irlandés (*Tá mé ag caint*) e en galés (*Rydw i'n siarad*), e así vemos que o uso do aspecto gramatical (neste caso construcións perifrásticas verbais presentes/progresivas construídas de maneiras semellantes) é unha característica zonal das Illas Británicas e non unha propiedade peculiar do inglés.

Por outro lado, un/unha falante de alemán diría *Ich spreche*, (*eu falo*, literalmente) só co contexto, lingüístico ou non lingüístico, para revelar se a actividade é algo que está facendo nese mesmo momento, ou se é algo que fai habitualmente, pero que, se cadra, non está a facer agora mesmo. E o mesmo faría un falante de francés, producindo *Je parle* coa mesma ambigüidade temporal exactamente. Mesmo un falante de lituano faría o mesmo, producindo *(Aš) kalbu* coa mesma ambigüidade temporal.

Así que, como mostran os devanditos datos da investigación en holandés, noruegués e sueco, esta ausencia de aspecto gramatical no sistema verbal é algo xeneralizado na Europa continental. Así e todo, como vemos nos exemplos presentes, o aspecto gramatical non só está ausente nas linguas xermánicas, senón tamén nas linguas romances e bálticas. (As excepcións a esta norma na Europa continental nos datos da investigación son as linguas eslavas, a checa e a rusa, que marcan o aspecto.)

Pero o inglés é unha lingua xermánica. Por que non reflicte o comportamento lingüístico dos seus parentes xermánicos do leste? Adquiriu o inglés este hábito lingüístico dos seus veciños celtas do oeste: o gaélico irlandés e o galés? Pero, de ser así, a que se debe que este hábito lingüístico sexa característico das linguas romances da Península Ibérica? Espallouse o aspecto gramatical desde as zonas celtas á Península Ibérica? Espallouse ó norte desde a Península Ibérica? Ou desenvolveuse o aspecto gramatical independentemente nas dúas zonas? Pero, se foi así, por que? E por que non se desenvolveu nas demais linguas romances como o francés?[10]

O feito de que a construción presente-progresiva non exista en lituano, a máis arcaica de tódalas linguas indoeuropeas vivas, vainos dar unha pista. E o árabe moderno, unha lingua que si ten aspecto gramatical, vainos dar outra pista.

Pero hai outra complicación. Entre as linguas que desenvolveron a construción presente-progresiva, as dúas linguas veciñas, o galés e o inglés, usan o mesmo verbo auxiliar, un verbo herdado do verbo indoeuropeo «ser», para formar a construción, mentres que o gaélico irlandés e as linguas iberorromances usan un verbo auxiliar diferente para formar a construción – un verbo que xorde da raíz protoindoeuropea **stā-*, que significa «quedar(se)» ou «estar de pé».

En galego e en castelán, esta raíz está representada polo verbo *estar,* e en gaélico irlandés, polo verbo substantivo (*tá*, etcétera), e nas súas funcións gramaticais é distinto do verbo *ser* e máis do verbo copulativo gaélico-irlandés (*is*, etcétera), respectivamente. Esta importantísima innovación en gaélico irlandés e en iberorromance foi analizada en detalle en Duran (2014) e Duran (2015), e posteriormente volveremos a este apartado, pero cando volvamos, analizaremos as cousas desde unha nova perspectiva.

SEGUINDO A PREHISTORIA DO DESENVOLVEMENTO DO ASPECTO GRAMATICAL NAS LINGUAS DO OCCIDENTE DE EUROPA

Para explicar o desenvolvemento revolucionario do aspecto gramatical – e o desenvolvemento das construcións verbais progresivas en específico – tanto nas Illas Británicas como na Península Ibérica, é mellor recapitular os argumentos en Duran (2014) e Duran (2015) sobre movementos de poboación na Europa prehistórica e o seu probable

impacto nas linguas alí faladas. Así poderemos presentar os datos lingüísticos que apoian eses argumentos, pero esta vez examinaremos máis a fondo o desenvolvemento do sistema verbal do indoeuropeo temperán, non só co seu sistema básico de tempos, senón tamén cos seus substantivos verbais e xerundios.[11]

Podemos dividir en diversos períodos de tempo o fluxo dos cambios socioculturais que se desenvolveron ó longo de milenios nas rexións mediterránea e atlántica e os consecuentes cambios lingüísticos que ocorreron entre as poboacións desas rexións.

Etapa I: O período indoeuropeo tardío nos Balcáns. (4000-3000 a.C.)

Durante este período, na Península Balcánica existe un subconxunto de dialectos indoeuropeos, e estes dialectos están en profundo contacto entre eles. Moitos destes dialectos darán orixe a grupos de linguas espallados ó leste e ó nordés de Europa en milenios posteriores: as bálticas (incluídos o prusiano antigo, o letón e o lituano), o grego, o armenio, o indoiranio e o tocario. Outros darán orixe a grupos de linguas espallados ó oeste e ó noroeste de Europa, tales como os grupos de linguas itálicas, xermánicas e celtas. Neste período, a metalurxia alcanza os grupos indoeuropeos da Península Balcánica.

Etapa II: A dispersión por terra e mar dos prospectores de metais ó occidente de Europa. (3000 a.C.)

Durante este período, chegan a Italia os pobos itálicos, pero os celtas tamén se desprazan cara ó oeste desde unha zona no oeste dos Balcáns, en Albania ou nas súas proximidades. Primeiro desprázanse a puntos da Península Itálica, pero axiña avanzan máis ó norte e ó oeste, dividíndose en dous grupos principais. Os devanceiros dos pobos britónicos (galos, bretóns, córnicos e galeses) avanzan por terra cara ó norte a través da Galia e despois pasan a Gran Bretaña. Os devanceiros dos pobos goidélicos, polo contrario, (gaeles irlandeses, escoceses e de Manx) navegan cara ó oeste directamente polo Mediterráneo, afianzándose firmemente na costa atlántica da Península Ibérica.

Etapa III: A celtización do occidente e do centro da Península Ibérica. (3000-2500 a.C.)

Os pobos goidélicos consolídanse na costa atlántica da Península Ibérica, desenvolvendo os minerais metálicos que atopan alí en abundancia. Os iberos manteñen a súa rica cultura na metade oriental da Península Ibérica por medio da súa constante forza militar, pero os celtas goidélicos expándense ó interior desde a costa atlántica ata a meseta central da península, formando a cultura celtibérica co seu claro dialecto celta. Galicia forma a súa vigorosa e distintiva cultura castrexa no noroeste mentres no suroeste se crean os alicerces da civilización celta de Tartesos.

Etapa IV: A expansión ó norte, a Irlanda, da metalurxia e da cultura castrexa. (2500 – 1000 a.C.)

Os prospectores de metais de Galicia descobren ricos depósitos de cobre en Ross Island, fronte a costa do suroeste de Irlanda, e comezan a explotación intensiva dos depósitos de cobre. Con estaño das zonas córnicas, Irlanda convértese rapidamente nun importante exportador de ferramentas e armas de bronce ó noroeste de Europa. A cultura castrexa, e con ela a Idade do Bronce, florece en Irlanda baixo os gaeles.

Etapa V: Os fenicios pasan a dirixir o comercio de metal en Iberia. (1000 – s. II a. C.)

Durante un período de 800 anos, os fenicios organizan o comercio de metal en Iberia, cooperando cos pobos locais. Dirixen o comercio ó sur, ó Mediterráneo, facendo que o comercio co Norte do Atlántico decaia un pouco, aínda que se manteñen os contactos entre as Illas Británicas, Armórica e a Península Ibérica. O bilingüismo social entre as comunidades de colonos fenicios e as comunidades atlánticas celtas xera un cambio lingüístico nas linguas celtas faladas nas comunidades celtas costeiras. Nótanse por primeira vez fortes influencias semíticas nas devanditas linguas.

Etapa VI: A conquista romana da Península Ibérica, Galia e as Illas Británicas. (s. II a.C. – 476 d.C.)

Os romanos conquistan a Península Ibérica, a Galia e o sur de Gran Bretaña. A lingua latina é introducida como a lingua do comercio e da administración e comeza un longo período de bilingüismo que abrangue os primeiros séculos do cristianismo. As linguas iberorromances conservan fortes trazos do substrato lingüístico goidélico – especialmente no sistema verbal.

CAMBIOS LINGÜÍSTICOS ASOCIADOS Ó DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL

Intentemos relacionar agora o desenvolvemento lingüístico do aspecto gramatical a estas etapas de desenvolvemento sociocultural. Na Etapa I, podemos postular a forma básica do paradigma verbal tal como existía na Península Balcánica no período indoeuropeo tardío (4000 – 3000 a.C.)

Como se sinala en Beekes (1995), é difícil reconstruír o paradigma verbal enteiro do protoindoeuropeo, e algúns eruditos optan polo paradigma máis primitivo atopado no hitita, mentres que outros optan polo paradigma máis elaborado atopado no grego e no sánscrito.[12] Por simplicidade, eu, persoalmente, opto polo paradigma verbal atopado no lituano moderno, que é a máis arcaica de tódalas linguas indoeuropeas vivas e que, ademais, é moi semellante ós paradigmas verbais do galego, do castelán e do gaélico irlandés moderno. Podemos deixar a un lado as formas verbais do subxuntivo, xa que agora estamos centrados no desenvolvemento do aspecto gramatical nas formas verbais do indicativo. Observemos que o aspecto gramatical, no sentido dos tempos progresivos ou imperfectivos, está ausente nestas formas verbais.[13]

Este é o paradigma do indicativo do verbo lituano *kalbėti* («falar»), xunto coas súas formas en castelán para comparármolas:

Futuro	*kalbėsiu (hablaré)* (etcétera)	*kalbėsime (hablaremos)* (etcétera)
Presente	*kalbu (hablo)* (etcétera)	*kalbame (hablamos)* (etcétera)
Pasado	*kalbėjau (hablé)* (etcétera)	*kalbėjome (hablamos)* (etcétera)

Pasado Frecuentativo	*kalbėdavau (hablaba)* (etcétera)	*kalbėdavome (hablábamos)* (etcétera)
Condicional	*kalbėčiau (hablaría)* (etcétera)	*kalbėtume (hablaríamos)* (etcétera)

Dos dous últimos grupos de formas – a do pasado frecuentativo e a do condicional – dise que son relativamente recentes,[14] pero aínda que as súas formas sexan relativamente frecuentes, iso non significa que as categorías verbais que representan non existisen en formas anteriores da lingua. O feito de que existan paradigmas verbais moi similares en diferentes partes do mundo indoeuropeo suxire que as formas verbais máis modernas poden representar categorías antigas do mundo protoindoeuropeo.

Observemos que as formas verbais do condicional teñen unha importancia especial tanto para as linguas iberorromances como para o gaélico irlandés[15] – ámbolos dous grupos constrúen as formas do condicional combinando o tema do tempo futuro do verbo cos sufixos persoas do pasado habitual.

vendrá + *venía* = *vendría* (para o verbo «vir» en castelán)
tiocfaidh + *thagadh* = *thiocfadh* (para o verbo «vir» en gaélico irlandés)

Considero que este fenómeno reflicte unha innovación importante que ocorreu entre os celtas goidélicos na Península Ibérica. Probablemente ocorrese tan cedo como a Etapa III (3000 – 2500 a.C.), xa que o cambio ocorreu soamente na Península Ibérica e foi levado a Irlanda posteriormente coa expansión dos gaeles ó norte.

Volvendo á Etapa I, observemos a presenza tanto de substantivos verbais como de formas xerundiais no protoindoeuropeo. É probable que o protoindoeuropeo non tivese formas infinitivas,[16] que se puidesen ver como formas de substantivos verbais posteriores. Posteriormente, o lituano e as linguas itálicas (incluídas as linguas romances descendentes delas) desenvolveron formas infinitivas, pero as linguas celtas, tales como o gaélico irlandés e o galés, xamais as desenvolveron. Logo veremos que os substantivos verbais xogan un papel importante no desenvolvemento das frases verbais perifrásticas. Estas son os alicerces dos tempos progresivos e foron o modo principal da introdución do aspecto gramatical nas linguas celtas.

Parece que as formas xerundiais foron numerosas no protoindoeuropeo[17], e abondan no lituano moderno. Como veremos máis adiante, o uso de xerundios en lugar de substantivos verbais foi a maneira na que as linguas iberorromances chegaron a formar frases verbais perifrásticas para producir tempos progresivos.

OS PERÍODOS DE AMPLO CAMBIO LINGÜÍSTICO

Considero a Etapa IV (2500 – 1000 a.C.) un período de cambio revolucionario e de consolidación ó convertérense as linguas celtas nas linguas francas do mundo atlántico da Idade do Bronce. É difícil calcular o posible papel das linguas goidélicas e britónicas nas rutas comerciais do Atlántico, e o das linguas xermánicas na extensión do devandito comercio polo Mar do Norte, pero podémonos facer unha idea aproximada.

Eu vexo os celtas goidélicos mantendo unha conexión próxima coa patria galega, mentres que os celtas britónicos – especialmente os armoricanos – tratan tanto coa

Península Ibérica como coa Galia occidental no seu comercio polo Atlántico. Desde o comezo da Idade do Bronce en adiante, os celtas britónicos das zonas belgas da Galia tratarían dun xeito moi próximo cos seus veciños xermánicos ó norte e tamén cos seus parentes próximos en Gran Bretaña. Así e todo, sería difícil esquematizar a probable distribución das linguas comerciais, e estas poden desprazarse considerablemente en períodos moi curtos de tempo.

A Etapa V (1000 – s.II a.C.) representa un período de máis cambios lingüísticos revolucionarios, coa presenza de comerciantes fenicios moi activos na costa da Península Ibérica durante uns 800 anos. Por primeira vez, habería un amplo bilingüismo coa inclusión dunha lingua semítica entre os fillos daqueles involucrados no comercio atlántico. Poderíase esperar unha forte influencia fenicia ó longo de toda a costa da Península Ibérica, desde Cádiz a Galicia. Só podemos supoñer ata onde chegaría a actividade dos comerciantes fenicios polas rutas marítimas do norte, pero é moi probable que o comercio estivese nas mans dos celtas que tivesen certo coñecemento da lingua fenicia e dunha das linguas comerciais celtas como mínimo.

Nesa época, poderíase esperar un alto grado de crioulización nas linguas comerciais da zona, cunha influencia relativamente forte da lingua fenicia. O fenicio é unha lingua semítica estreitamente emparentada co hebreo. Lembremos que o árabe, outra lingua semítica, xa foi mencionada entre as linguas que marcan o aspecto gramaticalmente e pódenos dar unha idea aproximada da natureza do sistema verbal fenicio.

O ASPECTO GRAMATICAL NUNHA LINGUA SEMÍTICA

O sistema verbal básico do árabe é moi diferente ó das linguas indoeuropeas.[18] É un sistema baseado en dous aspectos gramaticais – o aspecto imperfecto e o aspecto perfecto – e «poucos verbos árabes expresan un tempo inequívoco»[19]. Por exemplo, «o imperfecto pódese referir ó presente, ó futuro e ó pasado; e o perfecto pódese referir ó pluscuamperfecto, ó futuro e ó presente»[20]. Un exemplo concreto serían estas dúas formas do verbo «escribir»:

Imperfecto: *yaktub* («el escribe; el está escribindo; el escribirá»)
Perfecto: *kataba* («el escribiu»)

A raíz do verbo é o marco consonántico *k-t-b*, e a diferenza entre as dúas formas son as distintas vogais inseridas entre as consoantes e maila disposición desas vogais para formar sílabas entre elas, dando como resultado formas fonéticas marcadamente diferentes para as dúas formas verbais.

Aínda que os mecanismos gramaticais empregados para expresar imperfectividade nestes exemplos serían moi distintos ós usados nas linguas indoeuropeas da costa atlántica, a existencia desas formas na mente dun neno/a bilingüe poderíao/a levar a explorar as posibilidades de usar formas gramaticais dispoñibles na súa lingua local para expresar tales conceptos.

O caso é que o fenicio sería unha lingua que empregaba formas aspectuais imperfectas nunha zona lingüística na que, normalmente, as linguas non marcaban a continuidade de acción gramaticalmente, e iso podería levar os bilingües que non fosen fenicios a empregar construcións imperfectivas nas linguas celtas locais. Estamos a falar dun desenvolvemento cognitivo en individuos bilingües que, co tempo, acabaría producindo cambios gramaticais

nas linguas comerciais celtas da rexión atlántica – unhas linguas que probablemente xa estarían sufrindo certo grao de reestruturación e crioulización.

Pero este proceso ocorrería de vagar ó longo do tempo, abríndose camiño a través da gramática lexema a lexema. Mesmo hoxe, os castelanfalantes din *vengo* (*agora*) para indicar que están no proceso de vir nese momento, sen marcar a forma verbal para o aspecto imperfecto, mentres que marcan o verbo para o imperfecto, e.g., *estoy viniendo*, soaría estraño.

Non se pode saber se o bilingüismo en fenicio foi realmente o que desencadeou a creación das construcións progresivas endémicas tan características das linguas celtas de Gran Bretaña e de Irlanda – especialmente do galés – pero está claro que a adquisición do fenicio por nenos bilingües nunha rexión xa caracterizada por linguas comerciais celtas crioulizadas axudaría a estimular o proceso.

Centrándonos no Aspecto Gramatical e nos seus Efectos Cognitivos

Lembrando a investigación antes citada sobre a interpretación de eventos ou situacións que ocorren cando os falantes falan linguas que marcan o aspecto gramatical, concentrémonos no impacto de centrarse na duración dunha actividade ó longo do tempo, en lugar de accións momentáneas. Ó traducir a frase antes presentada (*Estaba a beber, a cantar, a bailar e a encomiar os seus amigos*) ó gaélico irlandés, obtemos *Bhí sé ag ól, 's ag canadh, 's ag damhsa agus ag moladh a chairde*.

En gaélico irlandés, a frase é totalmente natural e moi característica desa lingua. A frase describe unha serie de actividades continuas que ben poderían ser actividades simultáneas. Non sabemos onde nin por que tiñan lugar as actividades, pero tiñan lugar nun pasado vago. Estamos centrados nas actividades – non no contexto. Coa terminoloxía de Bylund, os eventos teñen lugar nun «'agora' deíctico». Poderíamos trasladar ese «'agora' deíctico» ó tempo presente (*Tá sé ag ól...* [«Está a beber...»]) ou ó futuro (*Beidh sé ag ól...* [«Vai estar a beber...»]). Situemos onde situemos a actividade no tempo, estaremos centrados na actividade en curso e non no contexto no que está incrustada. A narrativa estará centrada no evento, centrada na actividade.

Isto é moi diferente á maneira na que un falante de lituano, de alemán ou de francés estruturaría a narrativa. A falta de definición da actividade sería substituída por unha sobria recitación de accións separadas, quizais vendo cada unha delas como un momento separado no tempo: «Bebeu, cantou, bailou e encomiou os seus amigos».

Este cambio na interpretación dos eventos é o que fai as linguas celtas vivas tan diferentes das súas veciñas do leste, no norte da Europa continental. Tanto se os fenicios participaron naquel cambio transcendental na perspectiva lingüística como se non, durante o período de comercio da Idade do Bronce e a Idade do Ferro, ocorreu algo que fixo que as linguas transformasen os seus paradigmas verbais radicalmente, engadíndolles o aspecto gramatical.

Vexamos como puido ocorrer.

A EVOLUCIÓN DO ASPECTO GRAMATICAL NAS LINGUAS ATLÁNTICAS

O papel clave da adición do aspecto gramatical nos sistemas verbais das linguas celtas é o papel central do substantivo verbal nas novas construcións progresivas. Observemos, como ilustración, estas frases en gaélico irlandés moderno, contrastando o pasado simple con dúas construcións en pasado progresivo:

(Pasado simple) *Bhuail sé an buachaill.* («El mallou o rapaz»)
(Pasado progresivo) *Bhí sé ag bualadh an bhuachalla.* («El estaba a mallar o rapaz»)

Pero isto significa, literalmente, «El estaba na malleira do rapaz». Agora, a malleira do rapaz é un evento – como un linchamento!

E agora, unha versión diferente desta construción, na que o que concibimos que é o obxecto directo é un pronome.

(Pasado progresivo) *Bhí sé do mo bhualadh* («El estaba a mallar en min»)

Pero isto é, literalmente, «El estaba na miña malleira». A persoa que dá a malleira asiste ó meu evento! Esta é unha estraña maneira de describir unha malleira!

Observemos que, en ámbolos dous casos, unha simple acción se converteu nun evento, representado por un substantivo verbal que é o obxecto dunha preposición, igual que podería selo calquera substantivo concreto.

Como salientamos anteriormente, o substantivo verbal formaba parte da caixa de ferramentas do protoindoeuropeo, as linguas celtas nunca desenvolveron formas verbais infinitivas, e parece que as formas xerundiais tan características do protoindoeuropeo (e do lituano moderno) se desvaneceron moi cedo nas linguas celtas, polo que é natural que se combinasen un verbo auxiliar e un substantivo verbal para formar unha construción progresiva.

Pero podemos atopar construcións similares nas linguas xermánicas – polo menos, esporadicamente. Hoxe, nos dialectos alemáns podemos atopar expresións como *Eine Frau ist am Stricken* («Unha muller está a calcetar» [na calceta]), nas que a acción en curso vese como un substantivo definido que é o obxecto dunha frase preposicional.[21]

Así e todo, en islandés, descubrimos que esas construcións progresivas son endémicas:

Hún er að tala við mig («Ela está a falar comigo»).[22] Pero ademais do verbo «estar», pódense usar outros 16 verbos auxiliares para formar construcións perifrásticas.[23]

É posible que, de feito, as linguas escandinavas incorporasen o aspecto gramatical xa na Idade do Bronce, cando participaban nun sistema comercial da Idade do Bronce que se estendía desde Portugal a Suecia? Foron estes cambios nas linguas escandinavas parte da crioulización que ocorreu nas linguas comerciais da fachada atlántica?

Unha ollada ós dialectos da Escandinavia continental dános unha clara resposta negativa. Non hai nin rastro de aspecto neles – igual que suxeriron antes os experimentos con falantes noruegueses e suecos. Xa que os islandeses se relacionaron claramente con falantes de linguas celtas – especialmente de gaélico – ata o punto de que a orixe dunha cuarta parte dos xenes islandeses se pode rastrear ata as Illas Británicas – temos que considerar o bilingüismo con falantes de linguas celtas durante o período viquingo e posteriormente como a fonte desta reestruturación do paradigma verbal. Pódese dicir o mesmo das construcións progresivas en inglés antigo.

O PAPEL DO VERBO AUXILIAR NAS CONSTRUCIÓNS PROGRESIVAS

Como vimos no caso do islandés, pódese usar unha variedade de verbos como verbos auxiliares para formar construcións perifrásticas. Botémoslles unha ollada a uns cantos verbos auxiliares empregados para formar construcións progresivas en gaélico irlandés:

Thosaigh sé ag caint. («El comezou a falar»)

Bhí sé ag caint. («El estaba a falar»)

Lean sé ag caint. («El continuou a falar» [literalmente, «seguiu a falar»])

D' éirigh sé as caint. («El parou de falar» [literalmente, «ergueuse (fóra) de falar»])

Todos estes verbos auxiliares fan referencia á duración da acción. Observemos agora o segundo exemplo. Parece o tempo pasado do verbo «ser» pero, de feito, é o verbo substantivo (cf. *estar* en Galego). O verbo substantivo fusionou dous verbos protoindoeuropeos para formar un novo verbo. O verbo novo, á parte de formas herdadas do verbo protoindoeuropeo «ser», tomou prestadas formas herdadas do verbo protoindoeuropeo **stā-,* que quere dicir «quedar(se)», «estar de pé» (cf. latín *stare*, alemán *stehen*), e usounas para reforzar o concepto de duración. Polo que:

Tá sé ag caint («El está a falar») significaría literalmente «El quéda(se) a falar».

Resulta que unha vez que os falantes de gaélico se apropiaron da forma verbal *tá* para usala como un verbo auxiliar para indicar duración no tempo presente, substituíron o verbo *fan* («quedar, permanecer») para expresar a súa gama anterior de significados verbais ordinarios (normais), e.g., *Fan sa bhaile!* («Queda na casa!»). De tódolos xeitos, tamén se podía usar o novo verbo *fan* como verbo auxiliar:

D'fhan sé ag caint («El seguiu a falar»), co mesmo significado, aproximadamente, cá construción *Lean sé ag caint* que vimos anteriormente.

O uso do verbo substantivo distingue o gaélico irlandés do galés, que só usa formas derivadas das formas protoindoeuropeas para o verbo «ser», como nos casos do islandés e do inglés.

Por outro lado, o gaélico irlandés comparte a forma *tá* coas linguas iberorromances, xunto con moitas características sintácticas importantes, como as descritas en Duran (2014). Isto, claro, non é un accidente, e volveremos a este notable fenómeno contra a fin deste artigo.

MÁIS SOBRE ORACIÓNS TRANSITIVAS EN CONSTRUCIÓNS PROGRESIVAS

Lembremos a frase *Bhí sé ag bualadh an bhuachalla* («El estaba a mallar o rapaz»). Isto significa, literalmente, «El estaba na malleira do rapaz». Por que está en xenitivo o obxecto directo? Noutras palabras, por que se trata toda a construción como a nominalización da actividade?

Ó fin e ó cabo, isto non se fai nin en galés nin en inglés. É o momento de volvermos á Península Ibérica e de volver visitar os fenicios. En Duran (2014) salientei a semellanza entre as construcións en xenitivo nas linguas semíticas e nas linguas celtas. Nas linguas semíticas temos o que se coñece como «o estado construto», empregado para formar sintagmas nominais en xenitivo. En árabe, por exemplo, «o libro do rei» expresaríase como *kitabu 'l maliki.*[24] O primeiro nome, aínda que definido, non vai precedido polo artigo definido *al*, pero aínda así enténdese como definido.

Temos a mesma construción exacta tanto en gaélico irlandés como en galés, e é obrigatoria. Por exemplo, en gaélico irlandés, a devandita expresión árabe expresaríase como *leabhar an rí*. Non atopamos nada semellante nas demais linguas indoeuropeas. Para empezar, en protoindoeuropeo non existían artigos definidos, moito menos este peculiar despregue deles.

No caso do gaélico irlandés, a resposta ten que ser que esta construción entrou na lingua a través do contacto cos fenicios. Non está claro se esa transferencia a través de comunidades comerciais bilingües ocorreu en Galicia ou se ocorreu en Irlanda. Se a innovación ocorreu en Galicia, tivo que ocorrer moito despois de que os «milesios» iniciais saíran cara a Irlanda, e despois tivo que ser transmitida á propia Irlanda. Pero, como imos ver axiña, é un cambio lingüístico de envergadura que afectou a sintaxe profundamente, e non é fácil transmitir un cambio tan profundo a unha comunidade alén do mar separada da patria hai moito tempo.

Así e todo, a tradición gaélica insiste no contacto constante entre as dúas comunidades ata a conquista romana da Península Ibérica e posteriormente. E temos o asombroso paradigma do tempo presente do verbo *estar* en galego, que é incriblemente similar ó seu equivalente en gaélico irlandés antigo: (*estou, está, estamos, estades*, etcétera vs. *atáu/ató*, *atá, ataam, ataaid*, etcétera). Estas semellanzas só se poden explicar postulando un contacto próximo entre as dúas comunidades, de xeito que incluso o material lingüístico absorbido no dialecto local do latín vulgar en Galicia tivese un forte parecido á lingua dos seus curmáns alén dos mares.

En canto a explicación alternativa, esixiría unha presenza considerable de fenicios en Irlanda. Ata agora, temos as cidades irlandesas mencionadas no mapa de Ptolomeo pero, que evidencia material temos da presenza de fenicios en Irlanda?

En canto os galeses, como xa mencionamos, ó igual cós gaeles, eles tamén forman sintagmas nominais en xenitivo como *car y meddyg* («o coche do doutor»),[25] usando a mesma construción de sintagmas nominais en xenitivo cós falantes de gaélico irlandés. Tomaron prestada a construción en xenitivo dos gaeles irlandeses, ou foron influenciados polo contacto directo cos fenicios? Non podo ofrecer resposta ningunha.

Unha cousa está clara – aínda que a lingua galesa está repleta de construcións progresivas, os galeses non empregan unha construción en xenitivo para expresar o obxecto directo nas construcións progresivas transitivas. Xa que eles, igual cós os falantes de inglés, só producirían o equivalente de «el estaba a mallar o rapaz» – non o equivalente de «El estaba na malleira do rapaz».

O que fan os falantes de gaélico irlandés, é empregar «o estado construto» moi loxicamente na nominalización da actividade descrita na construción progresiva. Para eles, un só pode dicir *Bhí sé ag bualadh an bhuachalla* («El estaba na malleira do rapaz»).

Sexa cal sexa a súa orixe, o uso desta construción en xenitivo trouxo un cambio revolucionario a todo o sistema verbal do gaélico irlandés. Como vimos, incluso os

pronomes que expresan obxectos directos nesas construcións son expresados por pronomes posesivos nun sintagma verbal nominalizado, e.g., *Bhí an buachaill á bhualadh* («O rapaz estaba na súa malleira», e.g., «O rapaz estaba sendo mallado»).

ORACIÓNS DE INFINITIVO CON OBXECTOS DIRECTOS EN GAÉLICO IRLANDÉS

Vimos que o gaélico irlandés dependía dos substantivos verbais para expresar unha acción en construcións progresivas, xa que non desenvolvera formas verbais infinitivas e as súas formas xerundiais se estaban esvaecendo rapidamente. Polo tanto, ó formar unha oración de infinitivo para expresar unha acción prevista en lugar dunha acción concreta, o gaélico irlandés usaba a mesma forma de substantivo verbal para expresar a acción, pero permitía que a sintaxe distinguise a diferenza de significado. Por exemplo,

Bhí sé ag bualadh an bhuachalla, ach níor mhaith leis an buachaill a bhualadh.

(«El estaba a mallar o rapaz, pero non quería mallar o rapaz.» Literalmente, «... non quería o rapaz a mallar».)

A oración de infinitivo (en gaélico irlandés) da segunda frase está composta por un substantivo obxecto directo + a preposición *do* (> *a*) + o substantivo verbal. A posición do substantivo obxecto directo e a do substantivo verbal están invertidas (e o substantivo obxecto directo non está en xenitivo), así que está claro que non é unha acción que está tendo lugar, senón un reflexo mental desa acción.

Esta particular construción do infinitivo, aínda que non ocorre en galés nin en inglés, está moi estendida nas linguas xermánicas.[26] Por exemplo, en alemán poderíase dicir *Er ist nach hause gegangen um den Knabe zu sehen*. («Foi ver o rapaz á casa.»)

Tamén se atopa en lituano, e.g., *Atėjo draugo aplankyti* («[El] veu visitar o seu amigo»).[27]

Así, tanto en alemán como en lituano, o obxecto directo precede a forma infinitiva do verbo. No caso do alemán, incluso temos a preposición *zu* (= en gaélico irlandés *do*, en inglés *to*), relacionando a construción tanto ó gaélico irlandés como ó inglés. No caso do lituano, non hai preposición e o obxecto directo *draugo* está en caso xenitivo. Isto non pode crear confusión, xa que, en lituano non hai construción progresiva — con ou sen o caso xenitivo.

A existencia desta construción en infinitivo nunha gama tan ampla de linguas, e a súa presenza en lituano, suxire que esta construción puido orixinarse na prehistoria. Isto é evidencia de que en gaélico irlandés a oración de infinitivo é unha retención dunha característica sintáctica arcaica, máis ca unha innovación.

Etapa VII: a romanización de Galicia

Agora, ímonos centrar na propia Galicia e na incorporación da cultura goidélica en Galicia – a cultura castrexa – no mundo romano. En Duran (2014), en Duran (2015) e neste artigo, vimos que o mundo gaélico que atopamos en Irlanda coincide ben coa cultura castrexa da Galicia prerromana. Tamén atopamos que unha lingua goidélica parece subxacer a lingua galega e maila toponimia da Galicia actual.[28] Ademais, descubrimos que a lingua

gaélica mostra unha profunda influencia dunha lingua semítica[29] – fenicia sen dúbida – e que o máis probable é que o amplo contacto bilingüe ocorrese aquí, en Galicia, e non en Irlanda.

A asombrosa semellanza das formas verbais que encontramos no paradigma do presente do verbo *estar* en galego e as súas equivalentes en gaélico irlandés antigo (*estou, está, estamos, estades*, etcétera vs. *atáu/ató*, *atá, ataam, ataaid*, etcétera) testemuña os contactos en curso entre os gaeles en Galicia e os descendentes dos «milesios» en Irlanda, de maneira que non é unha sorpresa que as profundas innovacións ocasionadas polo contacto fenicio fosen, aparentemente, transmitidas moi eficientemente á propia Irlanda ata a conquista romana de Galicia.

Antes de meternos coa maneira na que o dialecto de latín vulgar entrante tratou coa lingua celta existente falada en toda Galicia, botémoslle unha ollada final ó sistema verbal do gaélico irlandés moderno, cos seus novos tempos progresivos, traídos orixinalmente de Galicia, aparentemente.

Futuro	*labhróidh mé*	(«Falarei»)
	(etcétera)	(etcétera)
	beidh mé ag labhairt	(«Estarei a falar»)
	(etcétera)	(etcétera)
Present	*labhraím*	(«Falo [decote]»)
	(etcétera)	(etcétera)
	tá mé ag labhairt	(«Estou a falar»)
	(etcétera)	(etcétera)
Past	*labhair mé*	(«Falei»)
	(etcétera)	(etcétera)
	bhí mé ag labhairt	(«Estaba falando»)
	(etcétera)	(etcétera)
Past Frequentative	*labhraínn*	(«Adoitaba falar»)
	(etcétera)	(etcétera)
	bhínn ag labhairt	(«Adoitaba estar a falar»)
Conditional	*labhróinn*	(«Falaría»)
	(etcétera)	(etcétera)
	bheinn ag labhairt	(«Estaría a falar»)
	(etcétera)	(etcétera)

Como representaría un falante da lingua goidélica local de Galicia tales construcións progresivas no seu rudimentario e novo latín vulgar? Podería usar o verbo latino *stare*

(«estar de pé»), claro, como verbo auxiliar na construción, como fixeran os seus devanceiros ó usar a raíz protoindoeuropea **stā-* ó formar o sistema verbal goidélico usado en Galicia.

Á fin e ó cabo, xa estaba moi afeito a usar o verbo substantivo na súa lingua ancestral para formar construcións que expresasen posición (situación), tales como *tá sé sa bhaile* («El está na casa»), e, presumiblemente, xa estaba empezando a usar o verbo *stare* para formar construcións en latín vulgar que chegarían a oírse finalmente como *'tá na casa* (coa forma reducida do verbo *estar* oída (usada) coloquialmente).[30]

Do mesmo xeito, había tempo que estaba afeito a usar o verbo substantivo en construcións que expresasen un estado ou condición duradeiros, tales como *tá sé sásta* («El está satisfeito»), e agora podía usar o verbo *stare* para formar construcións en latín vulgar que, finalmente, asumirían unha forma como *'tá contento* (satisfeito).

Similarmente, estaba afeito a usar o verbo substantivo coa preposición *ag* («en») e un substantivo verbal para producir unha construción progresiva que expresase unha acción duradeira, e.g., *tá sé ag labhairt* («El está a falar»).

Por que non seguir os seus hábitos lingüísticos nativos e usar o verbo *stare* para producir unha construción idéntica, usando a forma do infinitivo do verbo latino (que tamén funciona como un substantivo verbal)[31] en lugar do substantivo verbal na súa lingua ancestral? Mesmo podía reducir a preposición *ag* ó son [Y] como fan tódolos falantes de gaélico ó pronunciar a preposición *ag* antes de un substantivo verbal que comeza por unha consoante nunha construción progresiva.

Así, *tá sé a' labhairt* sería expresado finalmente na lingua que estaba a desenvolverse a partir do latín vulgar como *'tá a falar* / *'tá a laretar* / *'tá a leriar.*

USANDO FORMAS XERUNDIAIS PARA FORMAR CONSTRUCIÓNS PROGRESIVAS

Pero tanto en galego como en castelán hai unha segunda maneira de facer unha construción progresiva, claro. Pódese usar o verbo *estar* cun xerundio:

Está falando/hablando (Está a falar)

Para isto, tanto os gaeles de Galicia como os celtiberos doutras partes da Península Ibérica poderían valerse das formas xerundiais que aínda estaban en uso en latín, aínda que os gaeles estivesen deixándoas caer en desuso.

Como xa mencionei, o protoindoeuropeo tiña unha variedade de formas xerundiais usadas para expresar accións duradeiras, e o lituano aínda ten unha sorprendente variedade desas formas. As formas xerundiais pódense usar como adxectivos, como nas frases *the laughing woman* en inglés, *die lachende Frau* en alemán, *besijuokianti moteris* en lituano ou na frase similar en francés *la femme souriante* («a muller riseira»).

Pero tamén se poden usar como xerundios para describir accións simultáneas. Por exemplo, en lituano,

Jam kalbant, moteris iṧėjo iṧ salės. («Mentres el estaba falando, unha muller saíu do vestíbulo.» Literalmente, «Por el falando...»)

En gaélico irlandés, a mesma frase representaríase como *Ag labhairt dó, d'imigh bean as an halla*[32] ou como *Agus é ag labhairt, d'imigh bean as an halla*.[33]

De feito, normalmente, tanto en lituano como nas linguas romances, o suxeito da frase subordinada (co xerundio) sería idéntica ó suxeito da frase principal.

Por exemplo, en castelán pódense esperar frases como

Hablando en serio, yo no lo haría. («Falando en serio, eu non o faría».)

De tódolos xeitos, en frases con oracións subordinadas subxacentes que conteñen un xerundio como predicado, a énfase estaría na continuidade da acción expresada polo xerundio e na simultaneidade desa acción coa acción da oración principal. Nese caso, para facer unha construción progresiva co verbo auxiliar *estar* e un xerundio, non hai máis ca un paso. Polo tanto,

Hablando en serio > Yo estaba hablando en serio cuando dije que yo no lo haría. («Eu estaba falando en serio cando dixen que eu non o faría»)

Así, no latín vulgar en desenvolvemento de Galicia, poderíamos chegar por dúas rutas diferentes ás construcións equivalentes *Paula estaba chorando* e *Paula estaba a chorar*[34]. A primeira construción usaría os xerundios dispoñibles en latín, mentres que a segunda construción estaría baseada na construción ancestral goidélica.

Antes de deixar a discusión desta recreación do sistema verbal goidélico no sistema verbal do latín vulgar local en Galicia, observemos algunhas características mencionadas en Duran (2014). A primeira é a orde obrigatoria de palabras en gaélico irlandés VSO (verbo-suxeito-obxecto), que se reflicte na orde VSO de alta frecuencia tanto en galego como en castelán.

A segunda é o uso obrigatorio dunha forma verbal apropiada en gaélico irlandés ó responder a unha pregunta «si/non» e unha forte tendencia en galego a facer o mesmo. Por exemplo, en resposta á pregunta *An ndeachaigh Seán chun na mara?* («Foi Seán ó mar?»), en gaélico irlandés a única resposta posible sería *Chuaigh!* («Foi!») ou *Ní dheachaigh!* («Non foi!»). En gaélico irlandés non hai «si» ou «non». Da mesma maneira, en galego, as respostas serían *Foi!* ou *Non foi!*

Con respecto ó último exemplo, obsérvese o parecido fonético da forma verbal galega *foi* á forma verbal gaélico-irlandesa *Chuaigh* ([xuai] ou [xuə]). Isto lémbranos o parecido fonético da forma verbal gaélico-irlandesa *tá* e á da súa equivalente galega fonoloxicamente reducida *'tá* (= *está*)

CONCLUSIÓN

Neste artigo, centreime no efecto da introdución do aspecto gramatical no sistema verbal de linguas de dúas zonas lingüísticas distintas da Europa Atlántica: Irlanda e a Península Ibérica. Intentei explicar o desenvolvemento das construcións verbais progresivas tanto en gaélico irlandés como nas linguas iberorromances.

Ó facelo, escollín a Galicia como lugar de orixe deste desenvolvemento, e o período de gran actividade comercial fenicia na Península Ibérica desde o ano 1000 a.C. aproximadamente ata o colapso da potencia cartaxinesa no século II a.C. como a época do seu desenvolvemento. Imaxinei o espallamento desta innovación desde as zonas goidélicas de Galicia ata as colonias gaélicas alén do mar, en Irlanda, onde a innovación enraízou con forza na lingua gaélica de alí.

Posteriormente, a innovación espallouse desde Irlanda ás linguas britónicas, se non se desenvolveu a través do contacto directo cos fenicios. Moito despois, durante o período cristiano, espallouse ás linguas xermánicas como o inglés e o islandés a través do contacto cos irlandeses e os galeses.

Na Península Ibérica, o transformado sistema verbal goidélico foi absorbido no latín vulgar local en desenvolvemento en Galicia e en outras zonas da Península Ibérica. No caso do presente do verbo *estar* en galego, houbo unha notable incorporación de formas verbais da lingua goidélica local que se parecen moito ás formas verbais correspondentes do gaélico irlandés antigo e que argumentan a favor dunha prolongada comunidade de fala goidélica que incluía a Irlanda e a Galicia ata o momento de latinización de Galicia.

Os dous elementos clave da formación das construcións progresivas en goidélico foron (1) a selección das formas herdadas da raíz protoindoeuropea **stā-* (cf. ó latín *stare*, «estar de pé, quedar[se]») para servir como un verbo auxiliar que especificase o período de tempo da actividade en cuestión e (2) o uso dun substantivo verbal para representar a actividade en curso. O substantivo verbal iría precedido dunha preposición (xeralmente *ag* [«en»]). Toda a construción progresiva sería vista como unha construción locativa, na que un axente sería visto como ocupado nunha actividade en curso durante un período de tempo.

Como a acción en curso foi percibida como unha actividade ou evento, foi manexada gramaticalmente por medio da nominalización. «Ela estaba a facer o traballo» sería conceptualizada como «Ela estaba no feito/facer do traballo». Do mesmo xeito, «Ela estaba facéndoo», cun pronome como obxecto directo, sería conceptualizada como «Ela estaba no seu feito/facer». En gaélico irlandés, as construcións correspondentes serían, *Bhí sí ag déanamh na hoibre* e *Bhí sí á déanamh,* respectivamente.

Así, no caso de que aparecese un substantivo como obxecto directo, a nominalización sería representada á maneira do «estado construto» atopado nas linguas semíticas, incluído o fenicio. Noutras palabras, nas construcións progresivas, a nominalización sería modelada nos sintagmas nominais normais que denotan posesión que xa se encontran na lingua, e.g., *ag teach an fhir* («en [na] casa do home»).

Resumindo, estas dúas cruciais innovacións –a especialización da raíz protoindoeuropea **stā-* como verbo auxiliar e o uso dunha construción locativa que contén un sintagma verbal modelado nunha construción posesiva semítica– foron os elementos esenciais para introducir o aspecto gramatical no sistema verbal gaélico. E, aparentemente, ámbalas dúas innovacións ocorreron na Península Ibérica.

Cando entrou o latín na Península Ibérica, os habitantes locais non tiveron problemas para adaptar o novo sistema verbal ó seu sistema verbal ancestral. Seguiron formando construcións verbais progresivas – ó contrario dos seus curmáns britónicos na Galia, e elixiron o verbo latino *stare* como o verbo auxiliar. En canto o substantivo verbal, puideron seguir usando un substantivo verbal na forma dun infinitivo latino (*'tá a falar*) ou aproveitar unha forma xerundial (*'tá falando*).

De calquera xeito, os galegos puideron continuar sentíndose cómodos, empregando o que, en esencia, era un sistema verbal ancestral disfrazado de latino.

NOTAS

[1] Cf. Duran (2014) e Duran (2015).
[2] Cf. Pavlenko (2011), pero en especial os capítulos de Schmiedtová et al. e de Bylund nese tomo.
[3] Schmiedtová et al. (2011), p. 66.
[4] Ibid., p. 67.
[5] Bylund (2011), p. 113.
[6] Schmiedtová, op. cit., p. 73. Nestes artigos, a diferenza esencial é entre linguas que marcan gramaticalmente a actividade en curso («linguas con aspecto») e as linguas que non as marcan («linguas sen aspecto».) As linguas con tempos progresivos ou imperfectos marcados gramaticalmente no sistema verbal serían consideradas «linguas con aspecto».
[7] Os datos das linguas árabe, inglés, castelán e alemán vannos ser de particular interese por motivos que axiña serán aparentes.
[8] Bylund, op. cit, p. 113.
[9] Ibid., pp. 113-114.
[10] Cf. a discusión da anomalía da gramaticalización parcial do aspecto en italiano en Duran (2014).
[11] Aquí entramos nun pantano terminolóxico. Os «xerundios» do galego e do castelán correspóndense co «participio activo ou de presente» do Inglés e cos «participios» do protoindoeuropeo e do lituano. Polo contrario, os «participios» do galego e do castelán correspóndense co «participio pasado ou pasivo» do Inglés e co «tempo pasado de participios pasivos» do lituano, pero tamén se corresponden co «adxectivo verbal» do gaélico e do protoindoeuropeo. Por iso empregamos o termo «xerundio» incluso cando falamos dos «participios» do protoindoeuropeo.
[12] Beekes (1995), pp. 225-226.
[13] Nas formas verbais do lituano pódese indicar o aspecto gramatical, pero por medio do uso selectivo de prefixos verbais, principalmente, como no caso das devanditas linguas eslavas, do checo e do ruso. En canto o pasado frecuentativo en lituano, indica actividade habitual no pasado, non acciones en curso no pasado.
[14] Zinkevičius (1996), pp. 146-147 e pp. 154-156, respectivamente.
[15] Cf. Duran (2014), pp. 71-72.
[16] Cf. Beekes (1995), p. 251.
[17] Ibid., pp. 249-250.
[18] Kaye (1990), p. 682.
[19] Ibid.
[20] Ibid.
[21] Schmiedtová et al. (2011), p. 74.
[22] Glendening (1961), p. 17.
[23] Ibid., p. 19.
[24] Kaye, op. cit., p. 678.
[25] Cf. King (1993), p. 38.
[26] Cf. McCloskey (2006), p. 165.
[27] Ambrazas (1997), p. 557.
[28] Cf. especialmente Duran (2015) e o amplo material presentado polo Proxecto Gaelaico nos seus sitios web.
[29] Cf. especialmente Duran (2014), así como o presente artigo.
[30] Dependo do meu colega, Martín Fernandez Maceiras, para os exemplos de palabras coloquiais galegas.
[31] Obsérvense expresións galegas tales como *O comer e o beber non queren présa*, ou expresións castelás tales como *El comer y el rascar todo es empezar*.
[32] Cf. o exemplo *ag teacht isteach dom, bhí m' athair ansin romham* («Cando entrei, meu pai estaba [alí] ante min») en *Graiméar Gaeilge* ... (1999), p. 204.
[33] Obsérvese o paralelismo exacto das dúas frases *Jam kalbant...* e *Ag labhairt dom....* Nos dous casos, o suxeito da oración subordinada subxacente está en dativo.
Isto podería ter a súa orixe na sintaxe protoindoeuropea.
[34] Viñas et al. (2010), p. 376.

BIBLIOGRAFÍA

AMBRAZAS, VYTAUTAS (ed.) (1997): *Lithuanian Grammar*. Vilnius: Baltos lankos.

BEEKES, Robert S.P. (1995): *Comparative Indo-European Linguistics: An Introduction*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Co.

BYLUND, Emanuel (2011): Language-Specific Patterns in Event Conceptualization: Insights from Bilingualism. (In Pavlenko, 2011, pp. 108-142.)

COMRIE, Bernard (1990): *The World's Major Languages*. Oxford: Oxford University Press.

DOYLE, Aidan and Siobhán Ní Laoire (2006): *Aistí ar an Nua-Ghaeilge in Ómós do Bhreandán Ó Buachalla*. Dublin: Cois Life.

DURAN, James/Séamas Ó Direáin (2014): Conexións linguísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica: Unha perspectiva nova para unha pregunta vella (Linguistic Connections between the British Isles and the Iberian Peninsula: A Fresh Perspective on an Old Question). *Anuario Brigantino*, 37, 2014, pp. 53-91.

DURAN, James/Séamas Ó Direáin (2015): Descubrindo o vocabulario de substrato celta en Galicia (Uncovering Celtic Substratum Vocabulary in Galicia). *Anuario Brigantino*, 38, 2015, pp. 35-66.

GLENDENING, P.J.T. (1961): *Icelandic*. London: Teach Yourself Books.

Graiméar Gaeilge na mBráithre Críostaí (1999): Dublin: An Gum.

KAYE, Alan S. (1990): Arabic. (In Comrie, 1990, pp. 664-685.)

KING, Gareth (1993): *Modern Welsh: A Comprehensive Grammar*. London: Routledge.

MCCLOSKEY, James (2006): Déantús an Chlásail i gCanúintí na Gaeilge. (In Doyle and Ní Laoire, 2006, pp. 159-176.)

PAVLENKO, Aneta (ed.) (2011): *Thinking and Speaking in Two Languages*. Bristol: Multilingual Matters.

SCHMIEDTOVÁ, Barbara, Christiane Von Stutterheim and Mary Carroll (2011): Language-Specific Patterns in Event Construal of Advanced Second Language Spreakers. (In Pavlenko, 2011, pp. 66-107.)

VIÑAS, Xoán López, Cilha Lourenço Módia, and Marisa Moreda Leirado (2010): *Gramática práctica da lingua galega: Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.

ZINKEVIČIUS, Zigmas (1996): *The History of the Lithuanian Language*. Vilnius: Mokslo ir enciklopedijų leidykla.

Dolmen neolítico de Pentre Ifan (Nevern, Newport), na zona norte de Pembrokeshire, ao oriente de Gales. Foto: <https://commons.wikimedia.org>

Achado de estruturas arqueolóxicas no barrio da Ribeira de Betanzos:

resultado dos traballos de control arqueolóxico das obras de instalación da rede de gas natural no ámbito do Malecón

SIMÓN PENA BASSO e XURXO BROZ RODRÍGUEZ*

Sumario

Informe sobre o control arqueolóxico das obras de instalación da rede de gas no Malecón (barrio da Ribeira, Betanzos).

Abstract

Report on the control archaeological supervisión of the Works of the gas network installation in the Malecón, (neighborhood A Ribeira, Betanzos).

INTRODUCIÓN

Entre os meses de setembro e decembro do pasado ano 2015 desenvólvense os traballos de apertura de gabias para a instalación das tubaxes de abastecemento de gas natural no ámbito do Malecón de Betanzos, para dotar dese servizo ás vivendas localizadas nas rúas principais do vello barrio mariñeiro da Ribeira da cidade, que se artellou extramuros do primitivo burgo medieval, na marxe sur dos ríos Mendo e Mandeo.

Esta actuación desenvólvese ao abeiro do proxecto que leva por título : «Solicitud de licencia para la ampliación de redes de gas en la zona del Malecón en el Término Municipal de Betanzos (A Coruña)». O promotor destas obras é a empresa Gas Galicia S.A. quen, por outra parte, deu todo tipo de facilidades para a elaboración deste artigo, sendo a encargada de executalas a empresa instaladora Cobra S.A. por medio da subcontrata Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A..

Como estas actuacións de apertura de gabias, coa conseguinte remoción de terras, teñen lugar dentro dos límites do ámbito de protección do casco histórico de Betanzos (establecidos no PEPOCH) faise o necesario e obrigatorio control arqueolóxico dos traballos que son dirixidos polo arqueólogo Simón Pena Basso, asistido por Xurxo Broz Rodríguez , José Muiño Maneiro e Víctor Rúa Carril (os tres en calidade de equipo técnico arqueolóxico).

O itinerario dos traballos correspóndese con toda a lonxitude da rúa Marina, as rúas do entorno do Grupo Brigantium, rúa Manuel Naveira, rúa José García Acuña, coa praza de Paio Formoso, co cruce da rúa Rexemento Provisional e con todo o desenvolvemento do paseo de Antolín Faraldo, ata chegar á Ponte Vella (enlazando coa rede de abastecemento de gas existente nese punto).

Como pode verse a lonxitude do trazado das obras de apertura de gabias é considerable, o que favorece ter unha visión bastante ampla con respecto á potencialidade arqueolóxica desta zona de Betanzos, a pesar de que as gabias son estreitas (de 40-45 centímetros de

*** Simón Pena Basso e Xurxo Broz Rodríguez son arqueólogos.**

ancho), e dunha fondura relativamente reducida (cunha media dun metro de fondo, que se incrementa cando hai que introducir os tubos por baixo doutros servizos instalados con anterioridade).

Tamén cómpre indicar que antes de abrir as gabias para o gas realízanse unhas pequenas catas manuais aleatorias, sempre dentro da liña do trazado proxectado, de arredor dun metro de ancho, e dunha fondura dun metro con vinte centímetros, para ver se hai instalacións que deben ser evitadas para non resultar danadas (de abastecemento de luz, auga, saneamento, rede de pluviais...e mesmo tamén de natureza arqueolóxica).

Nunha valoración previa á execución dos traballos pensouse que esta zona de actuación ía resultar «pobre», ou cativa en canto á potencialidade arqueolóxica, posto que se actuaba nun barrio extramuros, no exterior da cidade medieval amurallada, e que se corresponde cunha zona de expansión posterior, con predominancia de edificacións decimonónicas e tamén do século XX, a non ser o vello inmoble do antigo alfolí da sal de cronoloxía medieval, que se mantén en pé , entre a vella liña do trazado da muralla e a beira do Río Mandeo. Mais niso acontece moitas veces o mesmo que cando se fai unha previsión do tempo, basta que se prediga unha cousa para que aconteza a contraria, e neste caso foi así, pois do contrario non se escribiría este artigo, dando conta do que apareceu.

Somos da idea de que un traballo arqueolóxico resulta incompleto, se non se exhiben os resultados, sempre que vaian acompañados duns resultados, claro está. Coidamos que non haberá ninguén máis interesado que os veciños dun lugar, no que se desenvolven uns traballos arqueolóxicos, en saber que é o que hai baixo as rúas ou edificacións polas que habitualmente transitan ou residen. Polo tanto, calquera tipo de «escurantismo» o único para o que serve é, para fomentar o rexeitamento social tanto pola figura do arqueólogo, como polo propio patrimonio arqueolóxico. Neste traballo levado a cabo en Betanzos a aceptación e colaboración dos veciños (especialmente a partir dunha determinada idade) foi máxima, na medida de que nos foron facilitando información detallada sobre elementos estruturais dos que tiñan coñecemento, e que hai unhas décadas estaban á vista, ou tamén da antiga rede de saneamento das rúas, feita en pedra, e que ía desaugar ao río. Tal foi o interese e ganas de colaboración por parte dos veciños que achegaron fotos antigas e litografías que axudaron a identificar os distintos elementos estruturais localizados.

Dende estas liñas agradecemos a colaboración da veciñanza do Barrio da Ribeira, que nos fixo moi grata a estadía nas súas rúas, durante o transcurso das obras. E xa que entramos en agradecementos aproveitamos para recoñecer a inestimable colaboración do persoal da Oficina de Rehabilitación do Concello de Betanzos, personalizado na figura da arqueóloga municipal Ángeles del Palacio López e da súa compañeira Mónica Núñez Vales (delineante da Oficina de Rehabilitación), tanto pola celeridade nas xestións de índole administrativa como polas informacións transmitidas sobre a realidade arqueolóxica e patrimonial da cidade. Agradecemos a sensibilidade de GasGalicia por entender que os traballos de instalación da rede de tubos de gas é perfectamente compatible coa conservación dos elementos arqueolóxicos e permitir que os resultados se divulguen. E tamén e co noso recoñecemento persoal ao doutor en Historia do Arte, Alfredo Erias Martínez, director do Museo das Mariñas e do *Anuario Brigantino*, por ofrecernos estas páxinas do boletín para este artigo, e por achegarnos datos históricos sobre Betanzos, que ninguén mellor ca el pode transmitir, froito de tantos anos de estudo e investigación.

Xa por último, e antes de entrar a referir os achados arqueolóxicos desta actuación, queremos facer dúas observacións. A primeira é a de que todos os achados estruturais non parecen ir máis atrás da Época Contemporánea (séculos XIX-XX), a non ser un tramo de paramento de selares de cantaría do antigo peirao do Mandeo, ao carón da Ponte Vella, que pode ser de feitura anterior, en todo caso non anterior á Idade Moderna.

O segundo aspecto que queremos facer constar é o de que sempre se procurou conservar *in situ* os distintos elementos atopados, procurando ir « esquivándoos» unha vez localizados e rexistrados arqueoloxicamente (mediante debuxo a escala e fotografía), o que supuxo algunha modificación puntual do trazado previsto en plano. Unha vez documentados e situados en plano de detalle, foron protexidos colocando sobre eles lenzos de xeotextil, adaptados ás formas e volumes destes; e sobre a tea botouse unha capa de area. Nalgún caso, no que non foi posible evitalos, por existir acometidas de servizos anteriores (e en uso na actualidade), ou por aparecer os restos a cotas demasiado superficiais (algunhas a tan só 50 ou 60 cms., obrigou a instalar as tubaxes por riba deles, mais protexidos igualmente por xeotextil, capa de área e colocación, sobre o tubo, de láminas de aceiro de 2-3 mm. de espesor, co cal os restos quedan preservados para a posteridade.

PRINCIPAIS ESTRUTURAS ATOPADAS

Durante os traballos de control arqueolóxico foron detectándose diversos tipos de estruturas, realizadas todas elas en pedra, mais en diferentes graos de conservación. Algunhas conservábanse en condicións óptimas, mentres que outras xa resultaran mutiladas por obras que se executaron con anterioridade ás presentes obras do gas, pero con posterioridade ao momento nos que aquelas estruturas quedaron en desuso.

Como xa referimos anteriormente a cronoloxía dos restos estruturais correspóndese cos séculos XIX e inicios do XX, principalmente, pero non por iso carecen de interese arqueolóxico-patrimonial, posto que algunhas son dunha certa entidade, e tamén porque ilustran a relación deste barrio coas vellas actividades ribeirás ligadas indisolublemente aos aproveitamentos portuarios, navegables e pesqueiros dos cursos baixos dos ríos Mendo e Mandeo, e da propia Ría de Betanzos.

O tipo de estruturas detectadas resúmense nas seguintes categorías:

-Antiga rede de saneamento das rúas, consistente nunha serie de canles ou bueiros, feitas en aparello de lousas, conformada por tapas aplanadas que se apoian sobre sendos muriños laterais, e dispostos en paralelo, e que á súa vez apoian sobre laxes planas que constitúen o fondo deste tipo de canles. Atoparse con este tipo de sumidoiros é unha práctica habitual cando se fan obras de remexedura de terras en cascos urbanos con rúas dunha certa antigüidade, xa que este viña sendo o sistema máis frecuente de saneamento urbano.

-Restos de edificación habitacional (cimentación dunha vivenda derrubada), á altura do n.º 43 da rúa Marina, fronte ao antigo edificio do Matadoiro e que delimitaba o trazado da rúa José García Acuña.

-Localización de estruturas de ámbito ribeirán, que se edificaron nas marxes dos ríos, para a súa contención e para favorecer a edificación de inmobles á beira da auga; e tamén para atraque e amarre de embarcacións. Nesta liña quedaron á vista , de maneira moi parcial, os seguintes elementos: 1.º unha plataforma pétrea que serve de base de

cimentación de vivendas á beira do Mendo, na praciña delimitada polos n.º 50, 52, 54 e 56 da rúa Marina. 2.º Tramos do vello malecón do Mandeo, con dúas escaleiras de baixada ao río á altura do edificio do Alfolí, e do Café bar O' Pepé, no Paseo de Antolín Faraldo. 3.º Pequeno tramo do antigo peirao de amarre, feito con perpiaño de cantaría, á altura da praciña do busto de Antolín Faraldo Asorey.

-Vista dun tramiño do estribo oeste da Ponte Vella, realizada en aparello de cachotaría, ou cachotería de lousa, e con restos de morteiro de cal e area nas xuntas. Polo tipo de aparello e pola feitura semella corresponderse coa fase de remodelación da ponte datada no ano 1890.

Descrición e localización das principais estruturas

Unha vez feito o resumo dos tipos de elementos estruturais atopados durante o control arqueolóxico das obras, imos proceder a falar sobre os principais (ou de maior entidade), e para iso optamos por facelo en función das distintas zonas ou espazos urbanos nos que se inscriben.

Comezamos polo tramo final da rúa Marina, en concreto entre os números 40 (Bar La Ría, para entendernos) e o número 58, ou entre os números 51 e o 81, se nos referimos ós impares. Neste treito da rúa destacamos dous tipos de estruturas: unha canle de saneamento de pedra, e un macizado dunha plataforma de edificacións, da antiga marxe da ribeira do Río Mendo.

A primeira destas estruturas, a canle, documentouse na marxe dos pares, en concreto entre os números 44 e o 56, e a unha separación das fachadas de pouco máis dun metro de distancia ; e en paralelo a estas(de feito unha pequena creba da liña de fachadas existente á altura da medianeira entre os números 46 e 48 tamén se reflexa no aliñamento do bueiro, polo cal se confirma a relación intrínseca existente entre vivendas e saneamento antigo). Desta canalización atopamos, a unha fondura comprendida entre os 90-70 cms de media, un tramo duns 30 metros de lonxitude, do que se corresponde co muro lateral «norte» desta. Está construída con pedras de lousa, e ocasionalmente por algunha de granito e algún canto rodado. As pedras están ligadas mediante unha terra arxilosa, moi «pegañenta», na que aparecen algúns anaquiños de tella polo medio.

Coincidindo cunha praciña situada perpendicularmente á rúa Marina polo lado oeste, entre os números 50 e 56 e enfronte ó número 63, aprovéitase para facer un cambio de liña da gabia do gas, pasando para a marxe dos pares. Gracias esta quebra de dirección pódese identificar unha pequena parte do muro lateral «sur», a unha distancia de 60 centímetros en paralelo ao da marxe «norte» (que a esta altura da rúa xa aparece a tan só 58 cms de fondo). Tamén se albisca o fondo da canle, de laxes planas, a unha cota de 103 cms de fondura.

Como se apuntou, a liña da gabia do gas modifícase, polo que perdemos de vista á estrutura de saneamento, que se consegue detectar de novo na apertura dunha cata manual, situada a 15 metros máis adiante, na esquina do número 58, na que poden verse os dous muriños laterais (pero deixando menos oco interior entre eles, pasando a estreitarse nada menos que 20 cms , polo que cabería preguntarse se se trataría dunha nova canle cousa que estraña , xa que en dirección coinciden).

No interior da canle aparecen anaquiños de cerámica tradicional vidrada,de lousa branca, de porcelana, de tella común, cristais de botella e cunchas de berberecho. As cerámicas asócianse aos séculos XIX e XX, principalmente ao último.

Vista da canle diante do n.º 44.

Perspectiva da canle diante do n.º 44.

Vista en perspectiva da canle diante do n.º 48.

Vista da canle diante do n.º 48 e n.º 50

A segunda estrutura, segundo o noso punto e vista algo máis interesante atopámola na apertura dunha gabia perpendicular, que se abriu na praciña anteriormente citada, e enmarcada entre os números 50, 52, 54 e 56, pasando por diante da fachada lateral do n.º 56, a unha distancia de 125 cms.

Vemos un tramo duns 10 metros de longo dunha estrutura de pedra de grande entidade, e a unha fondura de tan só 45 cms., nalgúns puntos, situándose por termo medio a 50-55 cms. Correspóndese cun macizado de muro feito con lousas de tamaño mediano e grande, dispostas de distinto xeito, conformando unha especie de trabazón do tipo «soga-tizón». As pedras van ligadas con arxila de cor amarela. A parte máis superficial do macizo constitúese coma unha superficie con altibaixos, habendo algún negativo producido pola perda dalgunhas pedras do aparello.

O problema fundamental para poder interpretar este macizo pétreo radica en que a gabia do gas só conta con 40 cms. de ancho, o que da unha visión moi reducida. A pesar diso determínase que posiblemente se corresponda cunha plataforma de pedra edificada na beira orixinal do Río Mendo, para gañarlle terreo á marisma, e poder edificar os inmobles e a praciña, como figura no Plano de Betanzos do ano 1926.

A arqueóloga municipal, Ángeles del Palacio, falounos de que nesa parte existían uns estaleiros de ribeira tradicionais, dato que puidemos comprobar nunhas fotos antigas existentes no Museo das Mariñas, no que aparecen estas vivendas case metidas na auga do Río Mendo, e ao seu carón o «esqueleto» dunha embarcación en fase de fabricación.

Vista do macizado dende o E.

Vista do Macizado dende o O.

Peirao01. Vista do peirao e da carpintaría dos Bedoia en primeiro plano (1953). Arquivo Selgas.

Peirao 02. Antiga vista de Betanzos e o peirao en primeiro termo.

Vista de detalle do peso de áncora.

Cómpre indicar, asemade, que se puido comprobar como as pedras deste macizado parecen estar enlazadas coas que constitúen o muriño lateral «norte» da canle localizada neste tramo final da rúa Marina, o que indica unha simultaneidade temporal en canto á construción e uso de ambas as dúas.

Xa para rematar con este tramo da rúa, sinalar que durante a retirada de terras para abrir a gabia para o gas, apareceu no medio da terra (capas de recheo de terra moi mesturada), apareceu, á altura dos n.º 63\ 65 un peso ou cepo de áncora, tamén coñecido coma poutada. Está realizada nun soporte de canto rodado de granito, de feitura oval, de 45 cms de longo, 30 de ancho e uns 15 cms de grosor. En cada un dos cantos laterais amosa sendas escotaduras laterais, de feitura antrópica, realizadas para fixar a poutada ao armazón da áncora. Esta peza tan ben elaborada e deseñada foi entregada no Museo das Mariñas, para a súa conservación e custodia.

Vista de detalle da cimentación da edificación.

Vista de detalle da cimentación da edificación.

Vo americano 1956. Obsérvase a existencia da edificación.

Plano dos anos 20 do século XX onde se observa a presenza da edificación e a configuración urbanística da zona do Malecón.

Continuando pola rúa Marina, situándonos á altura do emblemático edificio do antigo Matadoiro Municipal da cidade de Betanzos, polo seu lado sur, ábrese unha extensa praza pola que tamén se meteron os tubos do gas.

Na rúa Manuel Naveira e en dirección á rúa Marina documentamos en varios puntos, restos da infraestrutura histórica pertencente á rede de sumidoiros. Basicamente restos similares aos descritos con anterioridade compostos por dúas paredes laterais cubertos por tapas e todo isto executado con lousa cunha ligazón de terra arxilosa. Localizamos tamén algunhas das acometidas, xa inutilizadas, dende as edificacións cara esa rede central, construídas tamén de modo semellante.

Situándonos á altura do n.º 43 da rúa Marina, localizáronse as cimentacións dunha estrutura derrubada. Esta edificación prolongaría a rúa José García Acuña ate a fronte de fachadas da rúa Marina. Localizamos practicamente a totalidade dos trazados E e N das súas cimentacións cuns 0,7 metros de anchura media e unha profundidade dende a cota actual da rúa de un metro, a partir da cal localizamos na parte N un posible zócalo e/ou pavimentación exterior da cimentación. Observamos cara ao exterior da estrutura unha disposición de lousas estreitas e alongadas coa presenza de morteiro de cal na superficie que probablemente estivo á vista, sendo no resto a arxila típica xa descrita con anterioridade. Cara ao interior a factura é de peor calidade tanto en materiais como en disposición da lousa.

Vistas dos anos 60 da zona do Malecón próxima á Ponte Vella.

Vistas dos anos 60 da zona do Malecón próxima á Ponte Vella.

Foron os veciños do lugar os que xa de inicio nos puxeron sobre aviso da existencia dunha construción nesta zona, e que fora derrubada fará uns vintecinco anos debido ao seu abandono e ruína. Aínda que no tocante á funcionalidade as interpretacións foron diversas: vivenda, tenda, almacén relacionado coas actividades da ría...

No tramo final da rúa Marina localizáronse de maneira puntual, e moi parcial, xa que foron «collidas» en sentido transversal diversas canles ou bueiros de saneamento de pedra, en concreto á altura dos números 16 e do 12, en fronte á praza do Cristo. Outra collida en oblicuo, á altura do n.º 2/4 ,enfronte ao n.º 1. E unha nova, xa na Praza de Paio Formoso localizada moi de esguello, no extremo final dunha pequena gabia de acometida do gas para o abastecemento do n.º 6 da praza (antigo garaxe da Empresa Autocares Rivas).

Non nos imos parar nestas estruturas, posto que non teñen maior relevancia, aínda que igualmente foron documentadas (fotografía, debuxo a escala 1/20, cotas de nivel e situación-referenciación en plano) e protexidas con lenzos de xeotextil cuberto de area de canteira.

O último tramo da intervención, a localizada no Paseo de Antolín Faraldo ata a Ponte Vella, foi a que resultou máis interesante e espectacular en canto a resultados. Permitiu, unha vez máis de maneira moi parcial, documentar o vello malecón da ribeira do Mandeo, tal e como aínda se pode ver en fotos da década de 1960, obtidas gracias á colaboración dos veciños da rúa.

Localizouse unha pequena parte do vello peirao de atraque enlazado directamente cos paramentos do malecón e, a maiores, puido documentarse unha galería de cloaca aínda en uso e que entronca coa rede principal que desauga no Mandeo, debaixo do coroamento da rampla situada ao carón da ponte.

Imos pois a a sacar á luz esas vellas estruturas que quedaron en desuso e ocultas tras a construción, fai escasas décadas, do actual malecón. Como foi unha obra de realización relativamente recente (comentáronnos que se executou haberá arredor duns trinta anos) moitas persoas lembran perfectamente como estaba antes, e grazas a iso foinos máis doado ir poñéndoas en contexto.

Vista do Alfolí na actualidade.

Púidose constatar como se ampliou o malecón, posto que antano era máis estreito e próximo ás casas do Paseo de Antolín Faraldo, e tamén que non existía tal paseo, posto que existían frecuentes interrupcións de paso asociadas aos límites de propiedade. A ampliación do malecón supón, asemade , á redución da cunca fluvial do Mandeo, o que favorece os desbordamentos en casos de enchentes por aumento de caudal (abundancia de precipitacións e polas mareas vivas en fases de plenilunio).

As estruturas de contención localizadas parecen corresponderse con periodizacións contemporáneas, tanto polo tipo de aparellos como pola feitura, e tamén por contraste coas fotografías dos anos 60 (nas que aparecían reflectidas, acompañadas de balaustradas de peche de patios), mais en todo caso dende época medieval deberon existir estruturas de ribeira (peiraos, ramplas ...), relacionadas coas actividades propias do alfolí da sal.

Comezan a aparecer restos construtivos á altura da medianeira entre os n.º 16 e 18 (inmoble do vello alfolí da sal) e van localizándose de maneira interrompida ata a praciña do busto de Antolín Faraldo Asorey (onde se detectan vestixios do peirao).

Así pois, á altura da medianeira 16/18 comeza a verse un tramo de paramento de muro feito con fiadas superpostas de aparello de lousas planas, con restos de morteiro de cal e area nas xuntas. Trataríase, pois, do lenzo da fronte do malecón da ribeira do río. A continuación, e enlazando co paramento, sobresae o machón dunha escaleira feito tamén en aparello de lousas. Consiste, como pode verse nas fotos antigas, dunha escaleira de dobre derrame que serve de baixada cara ao río. Na actualidade non se conservan os chanzos da vertente norte (polo menos os superiores, non sabemos se os hai dun metro

Vista do paramento do muro.

Vista de detalle dos banzos da escaleira.

Vista de detalle da segunda escaleira documentada.

Vista en perspectiva da segunda escaleira fronte ao edificio «Alfolí 165».

Detalle da basa da columna.

Paramento interior do muro do malecón executado en perpiaño no que a peza máis grande se corresponde coa basa da columna.

cara abaixo), mais si que apareceron tres chanzos da vertente sur. As bancadas ou chanzos consisten en bloques rectangulares alongados feitos en granito, asentados no aparello de lousas mampostas do machón.

Poucos metros máis adiante, á altura do n.º 20 (edificio de estilo racionalista, cuns azulexos que poñen «Alfolí 165»), aparece unha segunda escaleira, neste caso con baixada única (cara ao sur), na que se repiten as pautas construtivas da anterior. Desta segunda escaleira víronse parte de dous chanzos, e incluso a base dun terceiro, o máis superficial, que foi mutilado posiblemente polas obras do actual paseo.

A continuación, case ao chegar á medianeira co número 22, vemos un pequeno tramo de paramento de muro. Destacamos que formando parte do aparello que o conforma apareceu deitada, e fora de contexto, unha basa de columna feita en cantería de granito. Presenta unha feitura moi elaborada, con perfís moldurados, e provista na cara superior dun rebaixe cuadrangular practicado coa finalidade de inserir un fuste de columna. Vemos, por tanto, o reemprego dun elemento estrutural arquitectónico, que puido corresponderse co soporte dunha estrutura porticada (ao mellor procedería dalgún soportal das orixinais edificacións da ribeira, por suxerir unha posibilidade).

Pasado o Bar O'Pepé, á altura do derradeiro inmoble do paseo (que leva na porta o n.º 22, aínda que pola conta debía corresponderse co n.º 26), localízase outro tramo de paramento de muro de cachotaría de lousas, da fronte do vello malecón.

Vista de detalle do paramento exterior do muro do malecón.

E xa na praciña do busto do insigne intelectual e activista Antolín Faraldo, vemos como o lenzo anterior enlaza directamente, e nun mesmo plano, cun corpo de perpiaños, perfectamente dispostos, que se corresponde cun vello frontal de peirao de amarre, relacionado coas ramplas de baixada existentes neste punto (a da vertente norte foi anulada cando se fixo a obra do actual paseo. Non a desmontaron, pero foron recrecendo muro sobre ela.

Neste muro de perpiaños poden verse elementos de ferro, consistentes en argolas para atar cabos, e tamén duns bulóns inseridos nas pedras, que poderían tratarse de amarres de embarcacións «a modo de norais».

Esta estrutura vese claramente nas estampas desta zona, tanto en fotos como en debuxo (litografía), polo que tampouco ofrece dúbidas.

Vista xeral do desenrolo do muro do malecón en anchura e lonxitude cos elementos de amarre de embarcacións incrustados no perpiaño.

Vista comparativa da situación do antigo fronte do malecón respecto do actual.

Litografía do malecón na zona das tomas fotográficas da actual intervención.

Detalle do interior da cloaca que descorre baixo a rúa do Alfolí.

Desembocadura no Mandeo dunha galería de cloaca.

No que se corresponde coa praza do busto, non se documentan restos arqueolóxicos, mais nunha cata manual realizada na rúa do Alfolí, a pouca distancia da esquina do número 25, vemos a través dun pequeno oco do perfil do lado oeste o interior dun ramal de cloaca, que discorre baixo o asfalto da rúa. A estrutura, aínda en uso, resulta moi espectacular; a fábrica é moi elaborada (destácase a rectitude e perfección dos panos de muro, e as grandes lousas ou linteis que conforman as tapas da cuberta). Polo oco do perfil da cata conseguiuse obter as fotos, pero compre dicir que non apetecía meter moito o nariz , posto que no perfil (por baixo do asfalto) víanse furados e niños de rata, que non incitaba a explorar máis. Con todo na foto pode verse con bastante nitidez como o ramal de cloaca desemboca nunha galería principal, que se pode ver (cando está a marea baixa) como desauga no Mandeo por unha porta alta e alintelada, situada baixo o coroamento da rampla.

E, xa por último, indicar que as obras de acometida dos tubos do gas tiñan como meta chegar ata a Ponte Vella, onde tamén se atoparon restos estruturais. Gracias a iso puido verse un retallo do estribo da ponte, posiblemente da remodelación e ampliación realizada no ano 1890, posto que a fábrica non é moi espectacular para ser obra anterior. Viuse unha parte moi cativa do paramento norte (do estribo occidental da ponte), realizado en aparello de cachotaría de lousa, con presenza de morteiro de cal nas xuntas. Vemos pois que se asemella aos paramentos das vellas paredes de malecón localizadas no paseo de Antolín Faraldo, e que se afastan das técnicas construtivas dos tempos do medievo.

A maiores hai que sinalar que contra o pano do estribo adosaron o muro de contención lateral da estrada (rúa do Alfolí), consistente nunha superposición de pedras, mesturada con terra por medio, sen restos de morteiro. Por así dicilo consiste nunha obra de realización «rápida», na que non se preocuparon de calzar, ou rachear, ben as pedras do pano externo. Soe acontecer que canto máis recente é unha obra máis apresurada e menos coidada semella ter sido executada.

Perspectiva da localización do estribo.

Detalle da localización do estribo.

Perspectiva do muro de contención da estrada.

Antiga estampa da Ponte Vella.

CONCLUSIÓNS

Despois de tanto comentario, non queremos dilatarnos moito máis, e redundar de novo no exposto, mais queremos facer fincapé en dous aspectos:

1.º) Todo tipo de obra que se desenvolva no Casco Antigo de Betanzos, e na súa área de cautela é, como xa se puido comprobar, susceptible de sacar á luz vestixios do seu pasado, que contribúen a completar o coñecemento histórico sobre o mesmo. Dito así pode asustar, e mesmo disuadir á hora de promovelas, mais na práctica vemos como en moitos casos pódese compatibilizar obras co respecto dos restos do pasado. Neste caso fixéronse obras sen atrancos significativos nin paralizacións.

2.º) Consideramos un privilexio para unha localidade, neste caso Betanzos, poder contar cun museo histórico local, o Museo das Mariñas, por custodiar o legado do seu pasado e tamén por contar cun boletín de seu, o *Anuario Brigantino*, aberto a traballos de investigación diversa. Grazas a iso atopamos un soporte bibliográfico no que poder plasmar estes resultados, despois de que o seu director Alfredo Erias nos ofrecese estas páxinas.

Antiga estampa da Ponte Vella.

BIBLIOGRAFÍA

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2014): «Informe sobre o escudo heráldico municipal de Betanzos». *Anuario Brigantino* n.º 37, páx. 345-416.

-*O arquivo fotográfico Selgas* (1991). Concello de Betanzos.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo e VEIGA FERREIRA, José María (2001): *Betanzos Fotográfico. Imaxes dos séculos XIX e XX*. Concello de Betanzos.

Alfonso Molina:
el hombre de los Franco en A Coruña

FRANCISCO MARTÍN OSSORIO*

Sumario

Alfonso Molina Brandao conoció a la familia Franco en el verano de 1938, en su doble condición de miembro de la «Junta Pro-Pazo de Meirás» y de ingeniero director accidental de la sección de Vías y Obras de la Diputación Provincial, lo que le hizo intervenir en diversas obras de reforma del Pazo, tanto en el interior como, con seguridad, en el exterior del mismo. Este artículo tiene como objetivo analizar la relación que existió entre ellos hasta que Molina fue nombrado alcalde de A Coruña en 1947.

Abstract

Alfonso Molina Brandao met the Franco family in the summer of 1938. Being a member of the «Pro-Pazo de Meirás» commission and accidentally the Roadwork Engineer Director in the Diputación Provincial of A Coruña, he took part in different works linked to the refurbishment of the Pazo. This article aims to analyse the relationship between them until Molina was designated Mayor of A Coruña in 1947 for direct intervention of Franco.

INTRODUCCIÓN

Alfonso Molina Brandao nació en A Coruña en el año 1907. Hijo de Ramiro Molina Couceiro, consignatario de la Lloyd Real Holandés que transportaba emigrantes y mercancías a América, y de Evarista Brandao, estudiaría Ingeniería de Caminos Canales y Puertos en la Escuela de Ingeniería de Caminos, Canales y Puertos de Madrid entre los años 1928 y 1933. En febrero del año siguiente, entraría a trabajar como ingeniero en la sección de Vías y Obras de la Diputación provincial de A Coruña.

Nombrado alcalde el 6-05-1947 por indicación del propio Franco, permanecería en el cargo durante 11 años, hasta su fallecimiento ocurrido en Río de Janeiro en noviembre de 1958.

Alfonso Molina pasa por ser el alcalde más popular de la historia de la ciudad, en gran parte por su campechanía, pero también a causa de su distanciamiento de la FET de las JONS. Hombre franquista, su completo alejamiento del Partido, le haría granjearse la estima de gran parte de los vecinos de la ciudad, tanto de los franquistas como de los antifranquistas. Esta contribución al despertar de A Coruña tras la dura posguerra, sería la que le llevaría finalmente a pasar a la Historia de la ciudad que le vio nacer, más allá de sus contribuciones más o menos exitosas (pues el dinero era escaso) a la urbanización de A Coruña.

Molina sería durante años el hombre intocable. Su línea directa con el Pardo haría que muy pocos se atreviesen a enfrentarse al «alcalde».

Este artículo pretende dar a conocer cómo nacieron esas relaciones entre los Franco y Alfonso Molina, unas relaciones que le llevarían finalmente a la alcaldía de su ciudad y a tener un lugar de privilegio en la Historia local.

*** Francisco Martín Ossorio es licenciado en Geografía e Historia por la UNED y en Farmacia por la USC.**

Fotografía de Julio Muñoz R. de Aguilar. (*La Voz de Galicia.*)

EL NUEVO GOBERNADOR CIVIL

Julio Muñoz Rodríguez de Aguilar llegó a A Coruña el miércoles 23 de febrero de 1938, el día que las tropas de Franco conquistaban la ciudad de Teruel. Había sido designado gobernador civil de la provincia en un Consejo de Ministros celebrado en Burgos el día 16 del mismo mes[1], sustituyendo a José Mª Arellano Ygea, quien había sido destituido ocho días antes.[2]

Muñoz no vino solo a Galicia, sino que lo hizo acompañado por su secretario particular Julián Cumia. Aquí conocería a Ricardo Catoira Garaboa, funcionario del Gobierno civil coruñés, que tendría una relevante intervención en la historia política de Alfonso Molina.

Había nacido en Palma del Río, provincia de Córdoba a finales de siglo. Casado en 1924 con la madrileña Magdalena Muguiro y Frígola, marquesa de Salinas, era un abogado de ideología tradicionalista, que formaba parte del grupo de 33 que habían firmado, en julio de 1934, el Manifiesto de la Agrupación Menéndez Pelayo, que defendía la importancia del pensamiento católico en la Historia de España.[3]

Su caso fue en cierto modo atípico, pues la procedencia de la mayoría de los gobernadores civiles en esos años fue o bien militar o de Falange, o ambas cosas, pero solo en muy contados casos carlista.[4] Sublevado el 18 de julio de 1936, al crearse la Junta Nacional Carlista de Guerra en Burgos el 28 de agosto, con una una sección de Propaganda y Prensa, Muñoz de Aguilar fue nombrado delegado de la Junta en Pamplona.[5]

El 13 de septiembre columnas tradicionalistas procedentes de Navarra tomarían San Sebastián. Muñoz R. de Aguilar fundaría en la ciudad el diario *La Voz de España* el día 16, en nombre de la Comunión Tradicionalista, en sustitución de otro diario de la misma ideología denominado *La Constancia*, cuyos redactores se integrarían mayoritariamente en la nueva publicación.[6]

Creada la Delegación Nacional de Prensa y Propaganda tras el decreto de unificación, promulgado el 19 de abril de 1937, tuvo ésta en su inicio dos responsables, el sacerdote navarro Fermín Yzurdiaga, fanático falangista y fundador del primer diario nacional-sindicalista, «*Arriba España*» de Pamplona, el 1 de agosto de 1936, y Ramón Serrano Súñer, que sería el sucesor de Yzurdiaga en el cargo antes de ser nombrado ministro del interior el 30 de enero de 1938. Muñoz R. de Aguilar formó parte del consejo asesor de Yzurdiaga en la Delegación, junto a otros falangistas como Gamero del Castillo o Dionisio Ridruejo.[7]

El día 20 de septiembre, fue nombrado Delegado Provincial del nuevo Partido F.E.T. y de las JONS en Guipúzcoa, puesto en el que se encontraba hasta el traslado a su nuevo destino.[8]

Al día siguiente de llegar a A Coruña, Julio Muñoz tomó posesión del cargo de gobernador civil en presencia del Gobernador interino, Ladislao Roig, Presidente de la Audiencia, y de varias autoridades como el presidente de la Diputación Provincial, el

alcalde y el secretario de la FET y de las JONS. Los funcionarios del Gobierno civil ofrecieron, tras la celebración de este acto, sus respetos al nuevo gobernador.

Pazo de las Torres de Meirás.

El domingo día 27 de febrero a las 10.30 de la noche, a través de Radio Coruña, se dirigió por primera vez a la población coruñesa elogiando la contribución de Galicia a la «cruzada». Entre otras cosas dijo que Galicia sentía morriña de contribuir a las grandes empresas, añoranza de pasadas hazañas, y «Galicia palpitaba en el corazón de los que salían hacia Asturias y para Guipúzcoa y para el alto de León y para Somosierra». Y en un arrebato de patriotismo añadió: «aquí no hay más sufragios que el de los muertos, y el de los que ofrendan su vida diariamente por España.[9]

LAS TORRES DE MEIRÁS

El 31 de marzo, apenas treinta y cinco días después de la llegada de Muñoz R. de Aguilar a la ciudad, publicó el diario La Voz de Galicia un artículo que llevaba por título: «Galicia, por iniciativa de La Coruña, testimoniará su admiración al Caudillo». En este artículo se hablaba ya de las gestiones realizadas ante la familia de Emilia Pardo Bazán para la adquisición del Pazo de las torres de Meirás. Era la primera vez que se hacía referencia a la posibilidad de ofrecer el Pazo a Franco como residencia veraniega. Resuelta la negociación con los dueños, se decía, «una representación de las autoridades y elementos sociales» de la provincia encabezada por Muñoz R. de Aguilar acudiría a Burgos a ofrecérselo al Jefe del Estado. [10]

Esta idea había tomado forma en el seno de la denominada «Junta de iniciativas de La Coruña», comisión presidida por propio gobernador civil, llegándose en ella al acuerdo de organizar una suscripción popular destinada al pago de los gastos originados por la compra y reforma del Pazo, a la que se invitaría a participar al pueblo y a las corporaciones y entidades de Galicia.

Como es sabido, las Torres de Meirás habían sido propiedad de la Condesa Emilia Pardo Bazán, quien lo había construido entre los años 1893 y 1900 para pasar en él cuatro meses al año, siguiendo un estilo medieval y bajo las indicaciones tanto de la propia escritora como de su madre Amalia de la Rúa Figueroa. Fallecida aquella en Madrid en 1921, el Pazo había pasado a ser propiedad de sus tres hijos: Jaime, nacido en 1876, Blanca, nacida en 1878, y en 1938 condesa viuda del general Cavalcanti, fallecido en San Sebastián el 3 de abril de 1937, y Carmen, nacida en 1881, condesa viuda de Torres de Cela.

El padre de todos ellos, José Quiroga y Pérez Deza, se había separado de Doña Emilia en la temprana fecha de 1884 y habiendo fallecido en 1912.

Dado que Carmen había fallecido en 1935 y que Jaime fue asesinado en Madrid en 1936 junto a su hijo del mismo nombre, recién comenzada la guerra civil, el Pazo había pasado a ser propiedad exclusivamente de Blanca y de Manuela Esteban Collantes, la viuda del primogénito Jaime. Las propietarias se encontraban, en negociaciones con la Compañía de Jesús[11], para que fuese destinado a noviciado, cuando la Junta de iniciativas promovida por el gobierno civil decidió comprarlo para donárselo al nuevo Jefe del Estado.

El arquitecto Joaquín Vaquero dirigirá las obras de embellecimiento del Pazo del Caudillo

Tuviéronse noticias en esta ciudad de que era menester un artista de exquisito gusto para ultimar las decoraciones e instalaciones del palacio de Meirás residencia que la provincia de La Coruña regala a S. E. el Jefe del Estado. Todos pensamos inmediatamente en la figura del genial arquitecto y pintor Joaquín Vaquero, que hallándose entre nosotros, tantas muestras ha hecho patentes en Compostela de su maravillosa preparación artística.

Electivamente el preclaro talento de nuestro gobernador civil señor Muñoz de Aguilar, dándose cuenta de que la mansión de la Pardo Bazán, con estar magníficamente alhajada precisaba una mano cariñosa que retocase los últimos detalles, a fin de que los Torres pudieran recibir dignamente a los nuevos señores de la residencia, requirió la cooperación de Joaquín Vaquero, el que, a no dudar pondrá toda su sensibilidad y todo su talento al servicio de la provincia de La Coruña, que quiere honrar a su hijo meritísimo Excelentísimo señor don Francisco Franco, Caudillo de España y Generalísimo de los Ejércitos.

Nuestra felicitación entusiasta al gobernador acertado, y a Joaquín Vaquero, enhorabuena.

Extracto de *El Eco de Santiago* del 10/5/1938.

El 1 de abril de 1938 publicó La Voz de Galicia un amplio reportaje sobre la historia del Pazo de Meirás.[12] Lo que al principio tal vez había podido parecer una idea un tanto descabellada, comenzaba a tomar forma.

Finalmente, el domingo 3 de abril, se reunió en el despacho del gobernador civil la Junta de Iniciativas para acordar los detalles finales de ejecución del proyecto.[13]

Para la realización de la compra y reforma del Pazo se creó una nueva comisión, la denominada Junta Pro-Pazo, que sería dirigida por Pedro Barrié de la Maza, entonces vicepresidente del Banco Pastor, entidad que pondría en primera instancia el dinero para la financiación del proyecto.

Miembros de esta Junta serían buena parte de la flor y nata política y económica de la derecha de la ciudad. Cuatro de estos miembros entrarían a formar parte de la gestora municipal creada en el mes de agosto, cuando se pondría fin al nombramiento de gestoras militares en el Ayuntamiento coruñés. Formaban parte de la Junta el pintor *Fernando Álvarez de Sotomayor* (alcalde de A Coruña desde el 11 de agosto), *Jacobo López Rúa*, José María Rivero de Aguilar[14], *José Casteleiro Varela*[15], *Alfonso Molina Brandao*[16], Juan José Barcia Goyanes[17], Antonio Vázquez, José Bugallal, Juan Jesús García, Enrique Caruncho Astray[18], José María Marchesi, Pedro López-Sors y Freyre de Andrade[19], Solis, L. Lozano y A. Vela. (*En cursiva los cuatro miembros de la gestora municipal de A Coruña que tomarían posesión en agosto de 1938).* Molina permanecería en el Ayuntamiento hasta abril de 1943.

Las obras de restauración y decoración del interior del Pazo las dirigiría el arquitecto y pintor ovetense Joaquín Vaquero Palacios, quien sería contratado por el gobernador Muñoz R.de Aguilar aprovechando que se hallaba trabajando en Galicia.[20] En estos años en que Vaquero Palacios permaneció en Galicia, entre 1938 y 1942, realizaría varias obras, entre ellas las de consolidación y restauración de la torre del reloj de la Catedral de Santiago de Compostela, el mercado de abastos en la misma ciudad y una restauración parcial del Monasterio de Sobrado dos Monxes.[21]

Frente a Mera, una cantera de color pizarroso sirvió de estructura para el nuevo muro que circunvalaría el Pazo, de unos dos Km. de largo. Algún sector del mismo fue empalmado con la muralla primitiva, pues el tiempo apremiaba para la entrega de la obra.

Dentro, las tierras del Pazo aumentaron mucho de tamaño, de modo que se ensancharon bosques y jardines. Para ello se expropiaron leiras, prados y alguna que otra casa cercana. El tamaño final de la finca superaría holgadamente los 66.000 m^2, de los que 2.115 serían de

superficie construida. La abandonada conducción de aguas fue rehecha, la fachada de la capilla fue restaurada por imagineros compostelanos que instalaron frente a ella un cruceiro, regalo del Ayuntamiento de Pontevedra. En lo alto de la Torre homenaje permanecieron sin cambios la biblioteca y la sala de trabajo de Emilia Pardo Bazán. Pinturas, armas y la hornacina de Nuestra Señora del Carmen fueron colocados en el dormitorio principal.[22]

Algunos de los muebles que allí había pasaron a ser propiedad de la Real Academia Gallega, donde aún hoy permanecen.[23]

Desde el Pazo del Marqués de Bendaña en el municipio de Dodro, provincia de A Coruña, lindando con el curso bajo y la desembocadura del río Ulla, se llevaron a Meirás una torre, escudos, figuras de la capilla y otras pertenencias.

Se realizaron, además, algunas obras, como veremos, de mejoras en los alrededores del Pazo y en las carreteras que dan a Sta. Cruz y a Sada con cargo al presupuesto de la Diputación de A Coruña. Sin embargo, en el Archivo de esta Diputación provincial no se guarda constancia de ninguna obra realizada en el interior del Pazo en 1938, tanto en la sección de Vías y Obras como en los libros de Actas de los Plenos. Tampoco existen huellas de esta obra en el Archivo General de la Administración (AGA) en Alcalá de Henares, ni en el Archivo Militar intermedio de Ferrol (Comandancia de Obras de A Coruña) o en los archivos del Gobierno civil que se encuentran depositados en el Archivo del Reino de Galicia de A Coruña. La Junta Pro-Pazo debió encargar directamente las obras, de las que no parece haber quedado rastro en los archivos públicos.

Sin embargo, podemos fácilmente deducir que Alfonso Molina debió de participar activamente en las obras del interior del Pazo, pues era entonces corriente que los particulares encargasen a la Diputación Provincial la realización de diversas obras en sus propiedades, (existen múltiples ejemplos de ello en el Archivo de la Diputación Provincial), y si esto era así, con más motivo se haría para el Jefe del Estado. Este tipo de obras incluían el arreglo o construcción de caminos vecinales, levantamiento de muros o desviaciones de ríos. Si a esto añadimos que, en 1938, Alfonso Molina era el único ingeniero en activo en la sección de Vías y Obras de la Diputación provincial a causa de la guerra, parece lógico suponer que Molina debió de intervenir al menos en el movimiento de tierras en el jardín del Pazo, tras las expropiaciones realizadas, en la conducción de agua que fue captada a ocho metros de profundidad, procedente de un manantial que se encontraba a un Kilómetro de distancia, en el traslado de la torre del Pazo de Dodro o en la construcción del nuevo muro.[24]

El coste de la compra del Pazo varía según las fuentes, aunque parece haber una cierta coincidencia en torno a las 500.000 ptas. Estas mismas fuentes suelen considerar ésta una cifra relativamente baja para los precios usuales de la época.

Relacionándolas con la entrega del Pazo, la prensa anunció en aquellos días a toda página, la continuación de las obras del Puente del Pedrido, que permanecían dormidas desde hacía mucho tiempo. El propio gobernador civil se apresuró a confirmar lo dicho anteriormente por la prensa y estimó el coste de la terminación del puente en 500.000 ptas. Sin embargo, la realidad fue que no sería hasta abril de 1943 cuando se produciría la inauguración del puente, inauguración que sería realizada por el propio Franco.

Entre los miembros de la Junta Pro-Pazo se encontraba, como hemos dicho, un joven ingeniero de la Diputación Provincial, Alfonso Molina Brandao.

Alfonso Molina había entrado a trabajar en la Diputación de A Coruña en el mes de febrero de 1934, poco tiempo después de terminar su carrera de ingeniero de caminos

Fotografía de un joven Alfonso Molina.

Firmas diferentes de Alfonso Molina como Ingeniero director accidental de Vías y Obras e ingeniero encargado de una obra.

canales y puertos en el ETSI, la Escuela Técnica Superior de Caminos, Canales y Puertos de la Universidad Politécnica de Madrid.

Empleado inicialmente como ingeniero subalterno de la sección de Vías y Obras con carácter interino, en abril de ese mismo año pasó a ocupar un puesto fijo como ingeniero subalterno de dicha sección.

El viejo reloj, mencionado en la placa de mármol como regalo de D. José Roque Naveira Golpe, es uno de los muchos instalados por la empresa de Moisés Díaz, radicada en Palencia, dedicada a la fabricación de relojes y campanas. La máquina en realidad procedía de la factoría Odobey de Morez (Francia), que en el año 1922 fue adquirida por la compañía Terraillón. Moisés tenía incorporadas a sus catálogos esas magníficas y bellas máquinas de reloj de torre, se encargaba de su venta en España, fabricaba en sus talleres las adaptaciones que fuesen necesarias y se ocupaba de su adecuada instalación en el lugar para el que iban destinadas.

La ubicación de la máquina aparentemente es buena; está situada bajo el pliegue del techo de madera, delante de la ventana de la fachada que, por la intensa luz que entra por ella, dificulta hacer unas buenas fotos. Pero probablemente la ventana no aísle suficientemente bien de la humedad exterior, ya que la máquina tiene bastante óxido. Es recuperable, pero necesita una restauración. El escape es del tipo de clavijas de Amant, mejorado por Lepaute y modificado para sus relojes de torre por Lous-Delphin Odobey Cadet. Es un escape que aportó tanta solidez y seguridad de marcha que se convirtió en el elemento típico de las fábricas de la región de Morez (Francia). Es de dos ruedas en el mismo eje, unidas por pasadores en función de dientes. El péndulo es una sólida pieza, con una lenteja muy pesada, con varilla de madera, que al ser sostenida por una delgada y flexible lámina de acero, aporta gran fiabilidad en la marcha.

Toda la máquina está montada en un fuerte bastidor de hierro. La mayoría de las piezas están encajadas en unos puentes de hierro pintados en negro, cuyo contorno se presentaba

Diversas vistas de la máquina.

bronceado. Los ejes de las ruedas y los piñones son de buen acero, las ruedas son de latón o bronce, Los centros están sujetos, cada uno de ellos, a los puentes por medio de dos tornillos y las diversas palancas son de hierro o acero, parte de las cuales originalmente se presentaban decoradas en su parte visible. Las medidas de la máquina son: ancho 160,50 cms., fondo 52 cms. y alto 47 + 2 cms. El péndulo tiene una altura total de 110 cms., quedando en 95 cms. hasta el centro de la lenteja.

El reloj es de reserva de marcha para 8 días de cuerda, con sonería de horas y cuartos. La disposición de los elementos es de la conocida horizontal. Hay tres partes, la del centro es el sistema de marcha del reloj; las de los lados son, una las sonerías de las horas y la

Placa de identificación.

Esfera interior.

Lenteja del péndulo.

otra, la sonería de los cuartos, que se tocan en sendas campanas de la espadaña. En el hueco superior del campanario falta una campana más grande. El actual encargado de la iglesia, recuerda que hace bastantes años allí había una campana que se había roto, que la llevaron supuestamente para arreglar, pero que nunca volvió.

Para dar la fuerza necesaria para el funcionamiento, dispone de tres pesadas pesas colgadas por medio de cables de acero. Dado que la máquina está situada justo debajo de la espadaña y, por tanto, en la vertical de la puerta, se hizo necesario distribuir la caída de las pesas fuera de la entrada, para lo cual se han colocado unas poleas laterales que hacen

Consola electrónica de finales del s. XX.

que las pesas bajen a los lados, a izquierda y a derecha, del hueco de la puerta. Con el fin de evitar problemas, el recorrido vertical de las pesas se protegió por medio de unos largos cajones verticales que forman una especie de columnas huecas, construidas en madera barnizada.

Sobre el bastidor hay colocada una placa pintada de rojo, que en letras en relieve informa: «Fábrica de relojes / MOISES DIAZ / PALENCIA / Modelo Nº 5 Construido el año 1927 Nº 304».

La compra del reloj fue financiada con fondos aportados por D. José Roque Naveira Golpe, según reza en la placa de mármol de la fachada. Ese mismo benefactor había financiado también la compra de otro reloj, supuestamente igual, para la torre anexa a la iglesia de Santiago de de la villa de Betanzos, el cual fue colocado en agosto del mismo año de 1927 e inaugurado con grandes festejos el día 14 del mismo mes (Libros de Actas Capitulares de Betanzos de 8 de marzo de 1927 y 13 de agosto de 1927. AMB, c. 48).

El historiador Xosé Mª Veiga Ferreira, en su trabajo «A Torre do Reloxio» (1994) sobre la Torre del Reloj municipal de Betanzos afirma en lo que respecta a otra torre, la nueva (norte, paralela a otra por el sur) de la fachada de la iglesia de Santiago donde se instala un reloj y campanas:

> «El importe de la operación, compra del reloj y las campanas, se financia con parte de las aportaciones realizadas por José Roque Naveira, porteño, hijo de un emigrante, Manuel Naveira, vecino de Betanzos, que había hecho fortuna en Buenos Aires y fallecido en 1905. Manuel, en su testamento había dejado una importante cantidad de dinero para diversas obras de equipamiento social en Betanzos, así también se creó el Asilo Manuel Naveira, construido en el período 1914 a 1928, en 1915 financia unas importantes obras del Hospital de San Antonio y se compra mucho material quirúrgico. El mismo filántropo donó otro reloj, supuestamente igual, a la iglesia parroquial de Santiago del lugar de Verís en el ayuntamiento de Irixoa, a petición de su madre Matilde Golpe, natural del lugar de Rebón».

Esa bella máquina, hoy detenida y olvidada en su soporte, ha sido sustituida por un sistema electrónico a finales del pasado siglo XX. La consola electrónica controla las agujas del reloj y también se encarga de tocar automáticamente las campanas, según la programación que se le haga.

BIBLIOGRAFÍA

COUCEIRO VICOS, José Luís (2005): «El Asilo Manuel Naveira: el Taj-Majal de Betanzos (una obra de amor y generosidad)». *Anuario Brigantino.*

VEIGA FERREIRA, Xosé María (1994): «A Torre do Reloxio». *Anuario Brigantino.*

Manuel Vilariño
(aproximadamente)

XOSÉ LUÍS MOSQUERA CAMBA*

[...]
en par de los levantes de la aurora,
la música callada,
la soledad sonora,
[...]
S. Juan de la Cruz

Sumario
Considerado fundamentalmente fotógrafo, foi entón así que recibiu no ano 2007 o Premio Nacional de Fotografía. E si, a fotografía é o medio co que máis traballa Manuel Vilariño, pero el enténdeo como un aspecto dun proceso de creación híbrido que vai máis alá do meramente fotográfico. El defínese a sí mesmo como artista visual. Temos que dicir entón que se trata dun dos artistas galegos con maior recoñecemento e presenza nos circuitos artísticos internacionais. Tamén temos que dicir que existen circunstancias concretas que vinculan a este artista coa comarca de Betanzos, o que fai que o «Anuario Brigantino» teña unha certa débeda contraída con el. Unha desas circunstancias é que reside dende hai máis de trinta anos no veciño concello de Bergondo, onde instalou a súa residencia familiar e tamén o seu estudio ou taller. Outra é que, á par da súa actividade artística, exerceu como profesor de secundaria e desempeñou entre os anos 2002 e 2009 a súa labor docente no Francisco Aguiar de Betanzos.

Abstract
Basically considered a photographer, it was in 2007 when he received the Spanish National Photography Award. And for sure, photography is the most used resource among Manuel Vilariño's work, but he understands it as an aspect of an hybrid process of building/creating that goes beyond the merely photographic. He defines himself as a visual artist. It is necessary to say that he is one of the most recognised Galician artists not only in his land, but also in the international arts scene. There are specific circumstances binding this artist and the region of Betanzos together, which makes «Anuario Brigantino» incur a debt to him. One of these circumstances is the fact that he resides in the adjacent locality/town of Bergondo, where he settled down as well as he set up his studio. Along with his artistic activity, he acted as secondary school teacher and he worked in Francisco Aguiar (Betanzos) between 2002 and 2009.

1

Vilariño nace no ano 1952 na Coruña. Tería unha infancia a cabalo entre a vida urbana e as constantes estadías por razóns familiares nos montes do Forgoselo, en pleno contacto coa natureza en toda a súa potencia.

Realizou estudos universitarios na Universidade de Santiago e licenciouse en Bioloxía. Foi nesa época cando descubriu que, ademais da ciencia, a poesía e a fotografía lle axudaban a descubrirse e soportarse. E irían aparecendo entón os seus referentes máis sólidos, modelos lóxicos dende os que ir construíndo un universo persoal que pouco a pouco se iría manifestando con maior claridade. Chegaron tamén as súas viaxes iniciáticas,

---

Xosé Luís Mosquera Camba é doutor en Xeografía e Historia e profesor de Ensino Secundario no Instituto Francisco Aguiar de Betanzos.

Fig. 1.- Sen título.

experiencias que deixarían pegadas imborrables na súa vida por uns ou outros motivos: a Venecia da arte e do amor, a Norteamérica da primeira posmodernidade, dos bosques de Walden[1] ou da refinada formación técnica como fotógrafo. Irían chegando outras non menos importantes, como por exemplo a India.

Tanta inquedanza non atopaba cauces doados e houbo que intentar abrilos. «A fotografía merecía escasa consideración social dende unha perspectiva cultural e nula dende unha perspectiva artística»[2], e entón inicia unha aventura como impulsor dunha galería en Ferrol, un local de curta pero intensa historia, ó que lle puxo o nome de «Cuartoscuro». Entre 1982 e 1984 colgaron nas súas paredes fotografías de algúns xoves entusiastas que o tempo acabaría convertindo en autores de prestixio (por exemplo, Vari Caramés), pero tamén de figuras esquecidas ou pouco recoñecidas que comezarían así a emerxer de novo (o caso de José Suárez). Por suposto, tamén as súas propias creacións. Sería entón que se conformaría un certo círculo de contactos que, co interés común pola fotografía, remataría dando vida a un colectivo que baixo a identidade de «Canbranco» desempeñou un relevante papel na consolidación da presenza da fotografía na produción cultural galega, xa que impulsaron a organización dunha bienal en Vigo que dende a súa mesma aparición non deixaría de ser un referente obrigado a nivel internacional. A I Fotobienal de Vigo tivo lugar en 1984, e entre as múltiples propostas que ofrecía, repartida por distintas sedes, acollia unha que se denominou «26 fotógrafos galegos», intentando ofrecer unha visión do que se estaba a facer nese momento en Galicia, pero basicamente fixando a atención en propostas de xoves creadores sen apenas traxectoria ou experiencia. E aí estaba tamén Vilariño.[3] (Fig.1). Participaba cunha fotografía que era ata certo punto a expresión do que por entón máis lle interesaba explorar, que falaba dun artista en proceso de búsqueda, de experimentación.[4]

Temos así xa unha certa visión (incompleta, inexacta) de como foron os primeiros pasos deste artista. Eran os inicios dos oitenta, eran tempos de efervescencia política, social, cultural, etc. Pode parecer que todo era propicio: irrupción de Atlántica, a arte galega existía, visibilízabase. Sen embargo non é de todo certo, non deixaba de manterse unha concepción moi tradicional nese sentido, nada que non fora pintura ou escultura tiña cabida dentro dese acontecer.

2

A verdadeira eclosión de Manuel Vilariño prodúcese coa aparición da súa impactante colección de fotografías editadas nun libro que titulou «Bestias involuntarias». Tratábase de imaxes en branco e negro organizadas en tres series disitintas (ou non tanto) que se organizaron cos títulos de «Osamentas», «Bestias» e «Soños». A edición da obra,

Fig. 2.- Sula Bassana.

Fig. 3.- Cabeza de home soñando.

auspiciada polo Centro Galego de Artes da Imaxe, é de 1992, pero nela recóllese o resultado dun traballo comezado no 1982 e que non concluiu ata o 1990. Con esta proposta naceu practicamente un estilo Vilariño, unha maneira de entender a fotografía perfectamente recoñecible, unha obra de autor.

As series estaban construídas tomando como leit motiv a presenza fragmentaria do animal en relación directa con diferentes obxectos («Bestias», probablemente a más impactante das tres) (Fig.2), os ósos (entre outros, un cráneo humano que acabaría por ser o motivo máis fotografíado polo artista, según palabras súas) e unha combinación de material de uso pedagóxico no laboratorio ou nas aulas compoñendo poéticas montaxes («Soños») (Fig.3).

As recepción de «Bestias involuntarias» produciu unha lectura maioritariamente compartida á hora de encasillar ó seu creador: Vilariño era basicamente un autor de clara tendencia surrealista. Por suposto, non era de estrañar, sobre todo porque nos textos que acompañaron as imaxes non se deixou de evocar ese tipo de interpretación, incluso por parte do propio artista, quen nun curto exercicio introdutorio explica que as imaxes son produto do incosciente, do «automatismo e o azar nun fondo inexplorado».[5] Curiosamente os referentes literarios que emprega para reforzar o seu discurso apuntan máis noutras direccións: Rilke, Pessoa ou Calvino. Tamén reforzou esa idea Xavier Seoane, o poeta que aporta o libro comentario máis complexo, que non dubida en establecer paralelismos con Breton ou con Duchamp, nin dubida tampouco en afirmar que o paraugas e a máquina de coser de Lautréamont mantiñan o seu encontro fortuito coa querencia de Vilariño. Mais tamén apuntou para outros lados, e soupo ver un aquel de mundo zen, de filosofía oriental disque relacionada con aquela evidente «estética de extrema nudez».[6] Claro que xa existía previamente unha consideración definitoria nese sentido, porque os seus achegados, é dicir, aquelas persoas que tiñan acceso ó seu proceso creativo xa de vello, aplicaron os mesmos xuízos á hora de valorar os resultados, tal e como se pode apreciar no libro de Manuel Rivas «Galicia, el bonsai atlántico», de 1989, cando ó facer alusión á fotografía que emerxía neses anos invoca o «experimentalismo surreal de Manuel Vilariño».[7] E foi así

Fig. 4.- Manuel Vilariño (captura de vídeo).

como se formou a extendida idea de Manuel Vilariño fotógrafo surrealista, idea que perviviu durante décadas e que, probablemente, aínda hoxe se mantén viva para moitas persoas coñecedoras do seu arte.

Sen embargo as fotografías que conforman este conxunto de series esconden moito máis. Nelas pódese atopar o compendio de certa maneira de mirar o mundo, de mirar a vida. Hai un sustrato filosófico de clara procedencia heideggeriana (referente sempre explicitado polo artista) relacionado coa presenza implícita da morte, hai tamén unha marcada coincidencia (consciente ou incosciente) con certa tendencia da arte contemporánea a empregar animais como materia primordial, algo ben visible na traxectoria de moitísimos artistas (sobre todo animais mortos: disecados, despezados, etc.)[8] e hai tamén un verdadeiro manifesto, unha proclama contra un tipo de fotografía ou, o que vén sendo o mesmo, un alegato a favor dun determinado xeito de entendela, é dicir, deféndese unha maneira de mirar, de «ver»: cos «ollos dun animal no aberto».[9] Unha consigna esta tomada da octava elexía das «Elexías de Duino», do mencionado poeta alemán Reiner M. Rilke, plantexamento que defenderá sempre Vilariño, idea central que percorre toda a súa obra. **(Fig.4)**

Como insistindo nestes seus plantexamentos foi conformando paralelamente os seus «Os Paxaros», un conxunto de fotografías de primeirísimos planos de aves (cabezas exclusivamente) tratadas co seu peculiar uso do branco e negro. Todas elas están realizadas entre os anos 1981 e 1989, e seguramente é neste friso de retratos no que se atopa o instante primordial[10] da carreira artística de Vilariño.

3

A chegada dos noventa marcou un cambio na maneira de facer que se lle atribuía ó artista. Estala descar(n)adamente a presenza da cor. Un estalido este que non deixaría

Fig. 5.- Aforcados 5.

Fig. 6.- Confesión.

indiferentes a quen era coñecedor ou coñecedora do seu pasado, expresando ás veces o temor ou a disconformidade con tan supostamente radical cambio[11].

Foron aparecendo series nas que se consolidou o vínculo de Manuel Vilariño coa presenza innegociable do animal, nas que se insistía na exploración das posibilidades que ofrecía o xénero da natureza morta, nas que se evidenciaba un plantexamento máis sofisticado á hora de articular as composicións, posto que o simbólico fíxose máis patente e á vez intensificábase a carga poética. Primeiro sería «Testemuño do lagarto», a sorpresa do xiro, o marcado contraste coa que se consideraba innegociable estética do branco e negro no «estilo» Vilariño. Logo viría «Aforcados» (1994), un conxunto de fotografías que resultou dunha experiencia peculiar posto que, xunto con un selecto grupo de fotógrafos de diversos lugares do estado, foi invitado polo Centro Andaluz de la Fotografía a participar na elaboración dunha proposta persoal para conformar un proxecto artístico que tiña como nexo o emprego dunha Polaroid xigante **(Fig.5),** unha máquina de grandes dimensións que era capaz de revelar en formato de 50x60, que pola súa complexidade requería da presenza dun técnico para o seu manexo e da que unicamente chegaron a fabricarse cinco unidades. En palabras do propio artista sería esta a serie na que «por primeira vez, aparece a iconografía relixiosa».[12]

Pouco despois xurde «Confesión» (1995), neste caso centrada nun xénero distinto, o do retrato. A serie está elaborada tomando como modelos a diferentes figuras con presenza no ámbito da cultura galega (por exemplo Margarita Ledo Andión) e presentándoas con atributos de marcada intencionalidade estética, seguramente irónica, posiblemente tamén polémica (con pretensións mediáticas?) **(Fig.6).** Na serie empregou montaxes organizadas en dípticos ou trípticos, algo que co tempo remataría por repetir en moitas outras ocasións e ás veces de xeito moi persoal e atrevido.[13] Por suposto, como non podía ser doutra

Fig. 7.- Lois Pereiro.

maneira, non era a primeira vez que cultivaba este xénero, pero non coa intención de conformar unha serie e, ata entón, manténdose apegado ó branco e negro, tal e como pode apreciarse no xa icónico retrato de Lois Pereiro (1990) **(Fig.7)**. E aparece de seguido «Orixes» (1996), unha nova serie de retratos que, insistindo no uso do branco e negro, toma como motivo central a muller, unha muller mostrada nunha dobre vertente, case como nun xogo de contrastes que pretendera falarnos do evidente e do oculto, da superficie e do interior, tamén do sofisticado e do natural. Nese xogo, nesa duplicidade, non deixa de estar presente a carga na cabeza, unha carga a todas luces simbólica, independentemente do sentido do seu simbolismo. Esas mulleres son cariátides atemporais, son as que soportan dende o principio dos tempos o peso do mundo. Son, polo demais, no dicir do autor, «imaxes de mulleres atlánticas»[14]. Pero tamén son, como afirma Castro Flórez, «una honda indagación en el enigma del rostro y cuerpo femenino, un dar rienda suelta a sus fantasmas sobre lo femenino y especialmente una materialización de los sueños»[15]. E sería con esta serie coa que Manuel Vilariño ía atoparse novamente mostrando a súa obra na grande cita fotográfica de Vigo, esta vez con ocasión da VII Fotobienal, ano 1996, sendo o artista galego seleccionado para o certame **(Fig.8)**. «Emboscadura» (1998), explicitamente vinculada ó ensaio escrito por Ernst Jünger, «La emboscadura», unha obra coa que Vilariño semella sentirse en parte identificado. O principio fundamental que soporta o argumentario de Jünger aparece xa proclamado a xeito de pórtico na primeira páxina do texto: «Aquí y ahora»[16]. A partir de aí irá desvelándose o sentido do seu discurso, irá mostrándose o carácter alegórico das palabras: o bosque como «lugar de la libertad»[17], o emboscado o «individuo aislado», aquel que non pode acabar doutro xeito máis que «entregado al aniquilamiento», sendo así que a emboscadura hai que entendela como «marcha hacia la muerte»[18]**(Fig.9)**.

O final do séculos coincidiría coa elaboración do que durante certo tempo Manuel Vilariño considerou un dos máis importantes proxectos no (seu) desenvolvemento»[19], proxecto que foi bautizado de dúas maneiras , «O anxo necesario»[20] ou «Tumbas». Recoñece Vilariño que é neste traballo no que se manifesta por vez primeira abertamente o peso que sempre tivera na súa vida a filosofía oriental. Son naturezas mortas formadas na súa meirande parte a base de combinar paxaros mortos con diferentes especias ou semillas, dispoñendo a escena ceremonialmente, como se dun ritual se tratara. Velaí toda a enerxía de oriente **(Fig.10)**. Concentrada na súa estricta e delicada composición, cada unha das imaxes descarga a través da nosa percepción visual unha intensa oferta de sensacións: aromas, sabores, tactos... Responden ó que moi ben define Alberto Ruiz de Samaniego

Fig. 8.- Carla.

como «obra de arte total, de carácter sinestésico»[21]. Pero o certo é que ese anxo necesario lévanos á vez a Wallace Stevens, ese poeta norteamericano polo que sempre sentiu profunda admiración e no que atoparía moitas veces a enerxía precisa para crear. A serie daría lugar no ano 1999 á edición dunha plaquette na colección «lo mínimo» da Editorial Mestizo, sendo probablemente unha das primeiras veces nas que se mostraba a vertente do Vilariño poeta (entendendo aquí a palabra poeta no seu sentido máis limitado, o que define a quen escribe poesía).

Fig. 9.- Emboscado 1.

Fig. 10.- Natureza morta con cúrcuma.

Fig. 11.- Crucifixión de luz partida.

Fig. 12.- *Vuelo inmóbil.*

A cabalo entre os dous séculos, con fotografías datadas en 1999 e outras no 2000 e no 2001, vai conformando a serie «Crucifixións», un conxunto de imaxes que en boa medida comparten o plantexamento de «Tumbas» pero reorientan o seu obxectivo. A cruz adquire unha presenza dominante, unha cruz de tizóns ou de pementón que despraza calquera outra evocación simbólica. Tamén o paxaro é parcialmente relegado, non desaparece, pero ten que compartir protagonismo con outros animais **(Fig.11)**. É con esta serie coa que, tal e como defende Ruiz de Samaniego, «encontramos la vida terrestre enfrentada a lo que la sobrepasa»[22], é dicir, coa que Vilariño se asenta dun xeito totalmente explícito na tradición máis especificamente propia da espiritualidade (e da relixiosidade) hispánica, un elo que engancha coa mística, unha mística explicitamente recibida por vía fundamentalmente poética e que, sen dúbida, remite antes que nada a San Juan de la Cruz, a ese transitar do visible ao invisible, do temporal ao eterno. Non deixou de afirmarse que, en esencia, o que se podía deducir era unha clara referencia á dualidade vida/morte, materia/espírito, etc.[23] Na serie reincide unha vez máis no uso de dípticos, trípticos e incluso polípticos. E hai que dicir ademais que se xestara a partir dun particular achegamento a Extremadura (non ía ser a única vez) coa mediación de Félix Duque. E si, esa terra de Zurbarán (e probablemente en parte o mesmo pintor) ía xenerar a predisposición para outro proxecto que remataría mostrándose co nome de «El instante amarillo», un proxecto no que o bodegón barroco español e reinventado unha e outra vez á luz da/s candea/s e coa presenza da caveira, da bolboreta, da froita en descomposición, etc. **(Fig.12)**Vanitas pura.

4

Fig. 13.- Seda de cabalo (det.).

O ano 2002 sería unha data clave para a traxectoria deste artísta. Comisariada por Ruiz de Samaniego ofreceríase no CGAC unha exposición individual mostrando gran parte das súas creacións máis significativas ata ese mesmo momento, incluíndo ademais algunhas obras especificamente feitas para a ocasión: «Manuel Vilariño Fío e sombra». A presentación contou ademáis co soporte teórico máis envexable, sendo así que o catálogo recolle colaboracións da talla do poeta Antonio Gamoneda, que abre a obra cun poema especial, «un texto para colocar na proximidade de imaxes de Manuel Vilariño»[24]; de Chantal Maillard, filósofa e poeta, que escribe sobre a inevitable dor que conleva a existencia, que reflexiona sobre o sacrificio como acto de amor polos demais; de Félix Duque, filósofo co que non deixará de manter unha fructífera relación, que propón unha particular lectura da estética do artista; do propio Ruiz de Samaniego, que pode ser considerado verdadeiramente o principal valedor da súa arte.

A repercusión que «Fío e sombra» xenerou consolidou definitivamente a Manuel Vilariño como un dos máis importantes activos no ámbito da arte galega. Os medios especializados (os poucos medios especializados) non deixaron de facerse eco da exposición, pero tamén foi atendida nas seccións de cultura dos medios de masas.

As críticas que foron aparecendo coincidiron en xeral en prestar atención ó sentido do título, en tratar de explicar as supostas intencións do mesmo. Unha tarefa indubidablemente propia de hermeneutas, pero imprescindible cando se trataba de achegarse ó universo Vilariño, un universo en constante expansión.

Nesta mostra do CGAC xenerou considerable sorpresa a presenza dunha obra que non tiña relación coa técnica fotográfica. Tratábase dunha «criatura» estraña que non podía pasar polo mesmo desapercivida, unha peza que levaba o nome de «Seda de cabalo» **(Fig.13)** e, como moito, podería ser catalogada de escultura. Un obxecto de forma esférica, de tamaño relativamente importante (125 cm. de diámetro), construído ao parecer con madeira de cedro, cuberta de manoxos de crin de cabalos. Pero non se trataba de algo anecdótico, eso quedaba claro cando no catálogo se constataba que conscientemente se lle concedía un considerable protagonismo pois xustamente se pechaba con dúas fotografías a páxina completa mostrándoa (a medio facer e xa feita) e cun poema de Vilariño que contén os seguintes versos: «*son seda de cabalo / son ausencia*».[25] Non pode haber dúbida ao respecto, non se trataba estrictamente dunha exposición de fotografía.

Mais a montaxe expositiva supuña en sí mesma unha especie de manifesto artístico, contiña tamén moitas outras claves que, pasado o tempo, resulta obvio advertir que avanzaban moita información precisa en torno á posición estética do artista, á súa «poética». E si, case dunha autopoética se trataba. A profunda conexión que poesía e fotografía

Fig. 14.- *Señal en el aire*.

sempre tiveran na obra de Manuel Vilariño adquiría unha intensa presenza en «Fío e sombra». Non é que antes pasara desapercibida, senon que era interpretada máis como unha consecuencia, un efecto resultante, que como a mesma esencia, unha orixe (por aludir de novo a Heidegger[26]). Ía ser a partir de aquí que nunca máis sería xa posible achegarse a «un Vilariño» sen ter en conta este principio, este punto de partida. Non poderá existir xa ningunha lectura da súa obra na que non se remita ó seu talante poético, a ese seu xeito de ver o mundo (de ver o invisible do mundo) con ollos de poeta (ollos de animal, de animal rilkeano), que poden ser os seus ollos propios, pero tamén outros ollos con mirada de poeta, con mirada de animal. Que dicir senon diante de propostas elaboradas nese mesmo 2002 como «Señal en el aire» **(Fig.14)** ou «Metamorfosis de la sombra» **(Fig.15)**, un tríptico en cor (a primeira) e un políptico en branco e negro formado por vintedous elementos (a segunda)? Nada que non poidera ser atopado con anterioridade na súa obra formaba parte dos contidos (ósos, cordas, aves, fondos neutros/abismais), ou nada excesivamente perceptible. Sen embargo o que colgaba das trenzadas cordas/cables de diferentes cores en «Señal en el aire» non eran só un feixe de ósos, era outra cousa: un poema, probablemente un poema tomado da poeta peruana Blanca Varela, do seu libro «Canto villano»: *el querido animal / cuyos huesos son un recuerdo / una señal en el aire / jamás tuvo sombra ni lugar.*[27] E os paxaros capturados en cada imaxe das vintedúas que conforman «Metamorfosis de la sombra» non eran paxaros (que paxaros, por certo?), eran o «abismo dos paxaros»[28], a interpretación (no seu sentido máis complexo/completo) da música apocalíptica de Olivier Messiaen, un dos grandes referentes de Vilariño. Ou sexa, tratábase da forma visual coa que mostrar (visibilizar) a música abismal (o invisible), e tamén o contrario, de desmaterializar (invisibilizar/espiritualizar) a materia vital simbolizada no paxaro, o visible, ata deixala reducida a un espectro, unha sombra (talvez a evocación do voo e do canto). Non pode deixar de constatarse que a invisibilización aquí aludida conleva tamén a desaparición da cor e queda unicamente a sombra do que o paxaro foi, a presenza da súa ausencia.

Que se quere dicir con todo o anterior? Basicamente que Alberto Ruiz de Samaniego elaborou unha escenografía (algo moi consustancial ó barroco) que permitira reler a Vilariño con outra luz «máis» apropiada. Coa nova iluminación debería mostrarse mellor aquelo que non estaba sendo ben visto e que, para o comisario e, supostamente tamén, para o propio Vilariño era imprescindible realzar, expoñer á luz, enfocar: a técnica fotográfica era un medio, non era o fin. Si, o artista evidenciara sempre un dominio da linguaxe fotográfica

Fig. 15.- *Metamorfosis de la sombra* (det.).

incontestable e en contínuo proceso de evolución, pero non podía ser esa a conclusión que se extraera do resultado do seu traballo. Aí, nese resultado referido, o artista expoñíase dende a súa máis fonda e arriscada reflexión persoal, unha labor árdua de combate en soedade fronte ó gran enigma do ser, do «ser para a morte». Por eso eses diálogos das súas obras con todos aqueles e aquelas que dende diferentes ámbitos do pensamento permitían avanzar na búsqueda. Por eso a poesía (unha determinada poesía e uns/unhas determinados/as poetas), a filosofía (certa filosofía), a música (un xeito elevado de poetizar e de filosofar), a relixión (certa relixión, certas relixións) e, como non, tamén a ciencia (nunca deixou de ser científico) e a arte. Moi probablemente Manuel Vilariño acababa de poñerlle definitivamente fin a un xeito de ser recibido, entendido, interpretado (que quedaba daquel artista do «surreal»?) e iniciábase a consolidación pública da súa «verdadeira» identidade: «Todo mi trabajo es un proyecto espiritual».[29]

5

Sen sabelo (como ía sabelo?), 2002 iniciaba unha etapa de trascendentais consecuencias artísticas e persoais que chegaría ó seu fin no ano 2009. Son xustamente os anos que coinciden coa súa estadía como profesor de secundaria no Instituto Francisco Aguiar. Son os anos nos que a nivel artístico iría obtendo os seus máis soados recoñecementos e tamén nos que a vida lle iría deparando o mellor e o peor. O mellor, a aparición de Hiwot, a súa filla; o peor, a desaparicion de Niní, a esposa, a compañeira. Este acontecemento último ía ser precisamente o que determinara o peche deste ciclo.[30]

Esta etapa ocupapracticamente toda a primeira década do século XXI, e ó longo deses anos Manuel Vilariño non deixou de insistir neses seus plantexamentos xa tan ben definidos. As series (ou non) que se irían sucedendo dan fe deso.

«Á aurora» **(Fig.16)**, cos seus dípticos confrontados/conxugados, coa súa non tan subliminal mensaxe ou homenaxe a María Zambrano, a admirada pensadora, a autora de obras cruciais para o artista («En el claro del bosque», «De la aurora», talvez as dúas máis

Fig. 16.- Á aurora.

sinaladas), á creadora da chamada «razón poética», á tan apreciada e respetada autoridade intelectual de José Ángel Valente. É seguramente aquí cando prende de xeito perenne a convicción absoluta de que existe unha única e enigmática luz creadora (e luz para a creación), a luz auroral, esa precisa hora de apertura na que realmente se fai visible o invisible e se manifesta a grandeza do misterio, e entón o por que da paisaxe. É quizás tamén aquí cando se reedifica a arquitectura dos seus dípticos, que poden ser agora interpretados como tradución expresa do mesmo pensamento zambraniano.[31] En todo caso non podemos pecharnos a esa única e evidente lectura ou vinculación, a arte nunca é exclusivamente eso, non podería selo. Como moi ben di Vilariño, el constrúe círculos concéntricos, «círculos de desaparición»[32], e aínda que con eso alude á visión máis extensa da súa traxectoria, pode tamén ser útil para aplicar a cada un dos momentos concretos da mesma. Esto significa que o zambraniano non temos que asocialo unicamente con María Zambrano, que podemos extendelo a outros referentes desa súa esfera armilar, como pode ser por exemplo o caso do escritor cubano Lezama Lima, un autor de proximidade persoal extrema coa figura da filósofa española, un Lezama que é precisamente quen escribe *la luz es el primer animal visible de lo invisible*[33], un auténtico e definitorio aforismo que contén en si toda a búsqueda que acomete Vilariño coa súa arte. Pero son esas tamén as palabras coas que Gamoneda (de novo Gamoneda) abre a xeito de cita activa o seu libro «Cecilia» (ou sexa, os círculos concéntricos, a idea -se se quere- de ouroboros, por empregar un símil que se aproxime mellor ó universo vilariñano; ó réptil, ó animal símbólico por antonomasia). É case unha maneira de actuar que conleva imprescindibles esixencias para quen se planta diante dunha das súas obras, un tipo de esixencias que, claro está, non impiden manter diálogo, pero que aínda que sexa intuitivamente, sentimos. O espectador precisaría ser máis iconólogo, máis dendrólogo (poder ler os aneis da árbore, observar os accidentes, os acontecementos, ir avanzando de dentro a fóra ou viceversa). Semella case esa escaleira da que fala San Juan de la Cruz nos comentarios á súa propia poesía,[34] eses banzos que permiten ascender por ela e que fan imprescindible o anterior para poder acadar o seguinte.

Fig. 17.

Así chegou a *LII Bienal de Venecia de 2007* **(Fig.17)**. Encargóuselle a Ruiz de Samaniego comisariar a representación española e, pódese dicir que de xeito lóxico, Manuel Vilariño foi unha das cinco persoas seleccionadas para o evento. A montaxe contou cun motivo conductor, o Paraíso Fragmentado (Paradiso Spezzato), unha idea que se asentaba en certas referencias literarias minuciosamente seleccionadas, especialmente Ezra Pound, que serviron para articular un discurso co que conciliar as tan diversas propostas artísticas e, aínda máis, para implicalas todas coa propia cidade ou (talvez mais axeitadamente) cunha imaxe manifestamente mitificada (pola arte e pola literatura) da mesma. Esa idea central condensouse visualmente nun impresionante políptico de Vilariño **(Fig.18)**, unha obra de extraordinaria forza que non so se convertiu na imaxe máis icónica do Pabellón español, senon nunha das máis recoñecibles sinais de identidade da produción do artista.[35]

Para Manuel Vilariño a súa presencia en Venecia supuxo o momento definitivo do seu recoñecemento internacional, posto que lle abriu as portas de circuitos da arte ata entón inalcanzables.

E simultaneamente chegáballe o Premio Nacional de Fotografía, noticia que aparecía nos medios o día 20 de novembro dese 2007, xusto na víspera da clausura da bienal veneciana.

A nivel profesional o ano pechábase dun xeito extraordinario, a conxunción de acontecementos convertira ó artista nun referente obrigado da contemporaneidade, non se podería pedir máis. Pero a vida deparaba tamén momentos amargos. Non haberían de pasar moitos meses para que se producira a morte da súa muller como consecuencia dunha cruel enfermidade. O doloroso impacto emocional repercutiría visiblemente na súa obra, como non podía ser doutra maneira. Vilariño rompe entón co que el denomina a «mesa conventual»[36], o traballo feito na soedade do seu estudio, a elaboración das naturezas mortas, e lánzase á captura dos «espazos límite», ou sexa, fundamentalmente a montaña e o océano, é dicir, a paisaxe.

Fig. 18.- Paraíso fragmentado.

6

No 2011 publica o seu libro bilingüe «Ruínas ao espertar / Ruinas al despertar» en Espiral Maior **(Fig.19)**. O libro era a lóxica consecuencia dunha traxectoria marcada pola constante necesidade de poesía, era a evidencia definitiva de que o Premio Nacional de Fotografía era poeta. O libro era -é- un desesperado canto de amor e de dor (un ouveo, por dicilo dun xeito máis animal e evocador: Ginsberg está entre os seus referentes poéticos) provocados pola morte da súa parella. Ábrese cunha sinxela e espida dedicatoria: «a Niní». Desprégase tras unha cita de Paul Celan (toda unha declaración de intencións) en catro partes (realmente tres e un brevísimo epílogo). Nel está todo Vilariño, e todo significa todo: canto podía atoparse na súa obra plástica aparece transformado agora en versos (ou viceversa!), pero están tamén os seus vivos (Hiwot) e os seus mortos (Niní), o seu silencio e os seus sons (explicitamente Miles Davis a John Coltrane), o seu medo, a súa soedade, o seu desamparo. En verdade é un inventario de «*infinda dor entre ruínas*», de destrozos. O libro comeza «animal» e remata «morte», e non pode ser casual. Entre eses dous extremos trázase(nos) o camiño «sen retorno» (título da segunda parte do libro). Como moi ben di Castro Flórez, «Vilariño comprende que no hay consuelo, lo único que puede hacer es estar al filo del abismo [...], no hay nadie y tan sólo habla el silencio.»[37]

A súa poesía é a todas luces filla dunha liña poética coherente co seu pensamento. E ó revés tamén. Nela podemos recoñecer a proclamada admiración profesada a José Ángel Valente e que leva en consecuencia ó «paxaro solitario» da mística de San Juan de la Cruz. Esa é a fonte primordial, a esencia.

No ano 2012 no Círculo de Bellas Artes de Madrid tivo lugar a exposición chamada «Mar de afuera». Alí mostrábanse os resultados do novo xeito de facer(se). O asunto primordial non deixaba de ser a morte, como ocurriu sempre na arte deste creador, pero

agora modifícase a maneira de enfrontarse a ela. As súas naturezas mortas contiñan expresamente a presenza da materia mortal, do animal. Ese seu «estilo Vilariño», esa maneira de poetizar, desaparece. É certo que esporadicamente atoparémonos con algunhas excepcións, que nalgunha das súas obras retomará a presenza de fauna, pero vai ser un tipo de relación ben distinto **(Fig.20)**. Agora o animal vai ser mostrado case sempre como un espectro, unha pantasma de sombra e de tremor, acaso compartindo a visión da súa admirada María Zambrano .[38]

Pero o que ía predominar eran os grandes planos naturais sen sinais de vida, xeografías de intensa forza visual que semellan non ter sido nunca antes vistas polo ollo do home, auténticos simulacros dunha mítica orixe. A mirada é o único que nos fala da presenza, dunha presenza que se quere reducir ó máximo pero que paradoxalmente non pode desaparecer. O único posible, aquelo ó

Fig.- 19.

Fig. 20.- Abada.

Fig. 21.- *Lejano interior 23.*

Fig. 22.- *66º North 1.*

Fig. 23.- *Al despertar.*

que pode aspirarse, é que polo menos esa mirada sexa a máis limpa e inocente das miradas, que sexa a mirada do animal.[39] A primeira mirada. Talvez incluso máis, xustamente eso que expresou Simone Weil, ese desexo de «ver» sen estar[40] para evitar alterar, para non quebrar a absoluta pureza.

Irán aparecendo as series (ou non), unhas máis extensas e outras menos. Sabemos que están realizadas en lugares tan distintos e distantes como poden ser os espazos naturais de Galicia ou de Islandia, pero polo xeral non se concreta nunca o lugar, non é eso o que importa, é máis, precisamente é o que debe ser evitado para non distraer da verdadeira atención.

Con obras como as que conforman «Lejano interior»**(Fig.21)** ou «66º North» **(Fig.22)**, dúas das aludidas series, ou «Al despertar»**(Fig.23)** Vilariño obrigaba á crítica a buscar novos postulados cos que abordar a súa ruptura. E así foi, así podemos comprobar como se bota man dos románticos xermanos (Caspar David Friedrich, por exemplo), dos abstractos norteamericanos (Rothko) ou españois (Guerrero), como se evocan novos referentes literarios (filosóficos e poéticos).[41]

Fig. 24.

Na montaxe expositiva quedou de manifesto o que xa se apuntara con anterioridade: o campo artístico de Manuel Vilariño non era estrictamente o fotográfico. A preocupación polo diálogo cos espazos expositivos adquiría máis presenza, era máis evidente. Podemos falar da existencia de instalacións, de obras pon e para ese preciso lugar, obras nas que se fai uso de proxeccións, de versos, etc. Realmente o que estaba ocurrindo era que o artista parecía estar liberándose dunha certa represión, estaba sendo capaz de escapar das ataduras propias e alleas que dende sempre plantexaran que quen traballa coa fotografía é fotografo.[42]

A(s) nova(s) dinámica(s) quedaba(n) perfectamente trazada(s). O que foi acontecendo posteriormente refrendou tales posicionamentos. As montaxes expositivas máis importantes que irían aparecendo insistían unha e outra vez nun Vilariño que prestaba máis e máis atención á paisaxe, ás instalacións (que irían facéndose máis complexas) e, seguramente tamén, a unha relativa tendencia a

Fig. 25-. Exp. Mitoloxías MAC.

deixarse ver, a mostrarse.[43] Refírome a «Seda de caballo»**(Fig.24)**, no edificio Tabacalera de Madrid, e a «Mitoloxías» **(Fig.25)**, no Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa (MAC) da Coruña, ambas no 2013, comisariadas tamén as dúas por Fernando Castro Flórez, e, por último, a «Tectónica» **(Fig.26)**, no CGAC de novo, con Ruiz de Samaniego como comisario tamén de novo, no ano 2015. En todas elas apareceu erroneamente o concepto de «retrospectiva» á hora de definilas a crítica, pero o propio Vilariño unha e outra vez insistiu en negar tal intención, non debían ser entendidas así. E temos que aceptar que non, que non eran eso aínda que poideran parecelo, que moi posiblemente se trataba de replantexamentos máis que de retrospectivas, de propostas de lectura diversas ás que se foran facendo ata entón. Con estas tres montaxes Vilariño mostrou(se) sen complexos que el quería ser considerado artista e non estrictamente fotógrafo. Tal é así que no MAC proxectábanse directamente textos poéticos sobre as paredes ou ofrecíase unha videoinstalación na que unicamente aparecía unha candea consumíndose. En Tabacalera era moi impactante unha instalación na que se facía uso dunha morea considerable de cúrcuma en complicidade cunha proxección e un fondo sonoro coa linguaxe das baleas. En «Tectónica» o visitante do CGAC era recibido por unha gaiola de forma reticular e perfectamente cúbica concebida como unha escultura (Vilariño fala de «piritoedro») á que chamou «Celda» e coa que pretendidamente alude ó actual xeito de vivir atrapados pola rede de redes, tamén cilindros de cobre con versos gravados ou, nunha das paredes, desprega de xeito liñal mechóns de crin de cabalo enganchados por chaves de chelo, a peza titulada «Satori» **(Fig.27)**. E si, tal e como ben dicía Arantxa Romero no seu artigo «La jaula se ha vuelto pájaro», chegados a este punto da súa traxectoria, «sin duda el propio Vilariño se ha expuesto»[44], por completo, en todas e cada unha das acepcións do verbo. Moi probablemente esa mirada do animal que el sempre pretendeu, a de ese ese poético e tamén místico animal, atopou unha nova e misteriosa paisaxe que explorar, un territorio aparentemente coñecido pero sorprendentemente misterioso: o bosque formado pola súa propia obra.

Fig. 26.- Exp. Tectónica CGAC.

7

Outras moitas exposicións non mencionadas neste traballo foron xalonando o devir deste creador, moitos outros textos dedicados a analizar as súas propostas artísticas conforman unha extensísima bibliografía que non foi consultada na súa totalidade,

Fig. 27.- Satori (det.).

moitísimas das súas obras nin foron aludidas. Non se fixo tampouco referencia suficiente á extensa e intensa importancia que os/as poetas e as/os pensadoras/es, ou sexa, a filosofía, tiveron e teñen no entramado da súa obra. Non se incidiu dabondo na imprescindible e fundamental relación vital coa natureza. Non existe alusión a esa outra parcela da súa traxectoria máis exclusivamente fotográfica (a reportaxe, a ilustración de textos, a colaboración cos medios). Non...

Definitivamente, este artigo non pode ser considerado máis que como unha humilde aproximación á figura de Manuel Vilariño, agardando, eso si, que cando menos teña servido para achegar dalgunha maneira a súa arte a todas/os aquelas/es que un ano tras outro fan seguemento deste «Anuario Brigantino» para descubrir ou ensanchar facetas que conforman a nosa historia e a nosa arte, a nosa cultura; é dicir, que nos conforman.

8

[...]
alas de sombra derrotan
hacia el país del jamás.
Antonio Gamoneda

[…]
Escoito só
as fallas interiores da morte.
Invisíbel presinto a demolición.
Manuel Vilariño

NOTAS

[1]"Cuando escribí las páginas que siguen, o más bien la mayoría de ellas, vivía solo en los bosques, a una milla de distancia de cualquier vecino, en una casa que yo mismo había construído, a orillas de la laguna de Walden,, en Concord, Massachusetts, y me ganaba la vida únicamente con el trabajo de mis manos.» Así comeza «Walden», de Henry David Thoreau, un referente constante na vida de Manuel Vilariño. THOREAU, H.D. (2013): *Walden*, Errata Naturae, Madrid, pax.9.

[2]Ver SENDÓN, Manuel e SUÁREZ CANAL, Xosé Luís, *O feito fotográfico. A colección fotográfica do Concello de Vigo,* catálogo da exposición celebrada no MARCO de Vigo en 2004 en <https://manuelsendon.wordpress.com/o-feito-fotografico-vigo-1984-2000/>

[3]Catálogo da I Fotobienal. Vigo 1984. Imaxe tomada do mesmo.

[4]"...fotografía de autor, realizando obras abstractas onde especula coa forma e a cor e compaxínaa con outros traballos de macrofotografía.», como perfectamente indica o texto de presentación que aparece na páxina web de Abanca adicada á súa colección de arte: <http://coleccion.abanca.com/gl/Coleccion-de-arte/Artistas/ci.Manuel-Vilarino.formato7.html >.

[5]VILARIÑO, M. (1992): *«Das osamentas e dos soños»*, Bestias Involuntarias, CGAI.

[6]SEOANE, Xavier (1992):*»A obra de Manuel Vilariño: Alén do umbral».* Bestias Involuntarias.

[7]RIVAS, M. (1989): *Galicia , el bonsai atlántico*, El País-Aguilar, Madrid (1989), páx. 153.

[8]Di a artista Polly Morgan: «...at a time when natural history museums are moving away from taxidermy, there has been a resurgence of interest in popular culture -in internet blogs and image collections, in fashion, home décor, and advertising- as well as in art practice.» Ver <https://othercriteria.com/jp/blog/2016/01/28/polly-morgan-dead-animals>.

[9]Vilariño, M., op.cit.

[10]Véxase VV. AA. (2003): *A palabra e a súa sombra: José Ángel Valente, o poeta e as artes,* universidade de Santiago de Compostela, paxs. 59 e 60, nas que se describe o encontro de Vilariño cun arao común moribundo polo efecto dunha mrea negra na praia de Baldaio (talvez os efectos do naufraxio do Urquiola?).

[11]OLIVARES, Rosa: «Vilariño», *Revista Lápiz*, nº 153, maio de 1999, pax. ? : «...en estas fotografías más recientes Vilariño trabaja con el color, una faceta que no solamente nos sorprende sino que hasta cierto punto puede producir irritación, pues transgrede un vocabulario, una música de fondo ambiental que ya habíamos asimilado...».

[12]Entrevista con VAQUEIRO, Vítor: «A invisibilidade do visíbel», *Grial, 177* ; paxs. 113-123.

[13]É posible, pero non podo aquí aseguralo, que a atracción por este tipo de estructuras (sobre todo os dípticos e trípticos) teña relación coa admiración que sentía pola pintura de Francis Bacon, pintor do que recibiu un enorme impacto ó visitar unha exposición da súa obra poucos anos antes.

[14]Catálogo *VII Fotobienal – Vigo 96*, Deputación de Pontevedra, pax.21.

[15]Ver CASTRO FLÓREZ, Fernando (2013): «Huellas, sombras, silencio [Merodeos en torno al imaginario fotográfico y poético de Manuel Vilariño]», *Manuel Vilariño. Seda de caballo*, (catal.), Tabacalera/Espacio Promoción del arte, Madrid, pax.20.

[16]Esta cita e todas as que remiten ó mesmo texto están recollidas en JÜNGER, Ernst (1988): La emboscadura, Tusquets Editores, pax.125.

[17]Ídem, pax. 69.

[18]Ídem, pax. 59.

[19]Entrevista Vitor Vaqueiro, op. cit., pax116.

[20]O título é unha obvia homenaxe a Wallace Stevens, posto que a él pertence o verso (*...I am the necessaru angel of earth, / since, in my sight, you see the earth again.).* Pero tamén seguramente ó seu estimado José Ángel Valente, que emprega como frontispicio do seu «Las palabras de la tribu» un pequeño fragmento dun ensaio de Wallace Stevens que leva por título «The necessary angel».

[21]RUIZ DE SAMANIEGO, A. (2001): *El ángel necesario*, Galería bacelos, Vigo, pax. 10.

[22]RUIZ DE SAMANIEGO, A. (2004): «Entre el nido y la estrella. Apuntes sobre las crucifixiones de Manuel Vilariño», en *Manuel Vilariño. Señal en el aire* (catal.), Junta de Extremadura, pax 73.

[23]BARRO, David (2002): «Manuel Vilariño y el viaje hacia la inexistencia», *El Cultural* , 10 de outubro de 2002: «El título de la muestra (…) una tirantez que se debate entre la vida y la muerte. Rosa Olivares, na Revista das Letras: «O título alude a ese xogo fronteirizo entre a vida e a morte...». Dispoñible en <http://www.elcultural.com/revista/arte/Manuel-Vilarino-y-el-viaje-hacia-la-inexistencia/5578>

[24]Catálogo (2002): *Manuel Vilariño. Fío e sombra* , CGAC, pax. 15, onde se reproduce o poema completo que remata con esta petición expresa.

[25]Ídem, paxs. 184, 185 e 187.
[26]Comeza Heidegger o seu ensaio «A orixe da obra de arte» («Der Ursprung des Kunstwerkes», 1952) aclarando que «origem significa aquí aquilo a partir do qual e através do qual uma coisa é o que é, e como é.» HEIDEGGER, Martin (2016): *A origem da obra de art*e, Ediçoes 70, Lisboa, pax. 9.
[27]VARELA, Blanca (1996): *Canto villano: poesía reunida (1949 – 1994),* Fondo de Cultura Económica, México, pax. 161.

[28]O propio Messiaen explicou o terceiro movemento da súa composición «Cuarteto para o fin dos tempos» (*Quatuor pour la fin du temps)* titulado «Abismo dos paxaros» *(Abîme des oiseaux)* da seguinte maneira: «El abismo, que es el tiempo, con sus tristezas y sus laxitudes. Los pájaros, por el contrario, simbolizan nuestro deseo de luz, de estrellas, de arco iris y de jubilosas manifestaciones.» E hai que lembrar que foi esta unha obra nacida no mesmo inferno, xa que o compositor compúxoa e estreouna no campo de concentración Stalag VIII-A, perto de Görlitz, na actual Polonia, no ano 1941.
[29]En ROMERO, Arantxa (2015): *Imágenes poéticas en la fotografía española. Las visiones de Chema Madoz y Manuel Vilariño,* Cendeac, Murcia, pax.52. Aínda que esa afirmación verquida á entrevistadora é de 2014, non era nova, foi adquirindo dende moito antos presenza nas entrevistas ás que se someteu o artista.
[30]As referencias feitas aquí a persoas do círculo íntimo de Manuel Vilariño teñen como única finalidade plantexar argumentos que permiten comprender determinadas decisións a nivel artístico (salvando as distancias e obviando as diferencias, algo así como cando se realiza unha lectura dos cambios de estilo de Picasso vinculándoos ós seus cambios de parella). En todo caso son datos que se atopan na propia obra (en determinadas obras) e nas fontes bibliográficas (algúns catálogos) e medios de comunicación de distinto tipo (entrevistas de televisión ou prensa escrita).
[31]"...todo ante la vida, aun sin conciencia, aparece como dual, no como doble...». ZAMBRANO, María (2004):, *De la aurora*, Edit. Tabla Rasa , pax.43.
[32]Véxase entrevista de Ruiz de Samaniego a Vilariño en Minerva, revista do Círculo de Bellas Artes, maio de 2014, en <http://www.circulobellasartes.com/revistaminerva/articulo.php?id=582>.
[33]LEZAMA LIMA, José (1988): *Muerte de Narciso : Antología poética*, Alianza Editorial, pax.142.
[34]"...los grados de esta escala de amor por donde el alma de uno en otro va subiendo a Dios son diez.» DE LA CRUZ S. Juan (1996): *Poesía completa y comentarios en prosa*, Edit. Planeta, paxs. 135-138.
[35]A obra «Paraíso fragmentado» foi depositada por Vilariño no Museo de Belas Artes da Coruña no ano 2016.
[36]<http://oralmemories.com/manuel-vilarino/>
[37]CASTRO FLÓREZ, Fernando (2013): «Vagantis fabulae», *Mitologías*, MAC Gas natural Fenosa, pax.26.
[38]"Todo tiembla en este universo que habitamos. […] Tiembla todo lo vivo». ZAMBRANO, María, op. cit, pax. 126.
[39]Xa se fixo alusión a Rilke e a súa VIII Elexía, pero hai que citar tamén outra vez a Heidegger, que fala do home como o único animal que ten a facultade da linguaxe e eso provoca que sexa tamén o único en ter a facultade da morte: o animal non pode ter experiencia da morte.
[40]"Si tan sólo pudiera ver un paisaje tal como es cuando no estoy ahí. Pero cuando estoy en cualquier lugar, altero el silencio del cielo con el latir de mi corazón.» A cita está recollida en CARSON, Anne (2014): *Decreación*, Editorial Vaso Roto, pax.25.
[41]O catálogo conta coa participación de Ruiz de Samaniego (de novo comisario), Félix Duque e os poetas Antonio Gamoneda e Juan Barja, pero nel súmanse xa voces internacionais de indiscutible peso no eido do pensamento e da crítica (artística ou poética) como Vincenzo Vitiello e maria Filomena Molder.
[42]Nun texto seu, o titulado «Tránsito a través de las sombras», afirmaba e confirmaba a existencia dun uso novo e distinto da fotografía, un desenvolvemento da mesma caracterizado por plantexamentos de consciente hibridación, algo que se viña xestando polo achegamento de artistas conceptuais e que posibilitaba «la entrada de la fotografía en los circuitos del mundo del arte y la implantación del movimiento posmoderno. […] Estamos ante una nueva concepción de la práctica artística que no está definida en relación a un medio dado», tal e como defendía Rosalind Krauss coa súa teoría do «campo expandido» que o propio Vilariño invocaba para fundamentar a súa liña argumental. En VILARIÑO, Manuel (editor), *A fotografía na arte contemporánea*, CGAI, Xunta de Galicia, 1995, pax.185.
[43]Esta apreciación é preciso relativizala, pois se existen personaxes de certa relevancia pública que intenten manter a máxima discreción coa súa propia imaxe, que se manteñan afastados dos focos e do

espectáculo mediático, un exemplo indiscutible sería Vilariño. Mais sen rachar con esa determinada maneira de preservar a súa privacidade, é certo que pouco a pouco foi ofrecendo información que con anterioridade non existía. Por exemplo, algunhas montaxes de vídeo que emprega en certas instalacións e que mostran a Hiwot ou a el mesmo, ou tamén fotografías nas que aparece Hiwot (xa en Venecia existía unha obra con ela).

[44]ROMERO, Arantxa, La jaula se ha vuelto pájaro, *Descubrir el Arte*, xullo de 2015.

BIBLIOGRAFÍA

BARRO, David (2002): «Manuel Vilariño y el viaje hacia la inexistencia», *El Cultural* , 10 de outubro de 2002.

CARSON, Anne (2014): *Decreación*, Editorial Vaso Roto.

CASTRO FLÓREZ, Fernando (2013): «Vagantis fabulae», *Mitologías*, MAC Gas natural Fenosa.

CASTRO FLÓREZ, Fernando (2013): «Huellas, sombras, silencio [Merodeos en torno al imaginario fotográfico y poético de Manuel Vilariño]», *Manuel Vilariño. Seda de caballo*, (catal.), Tabacalera/ Espacio Promoción del arte, Madrid.

Catálogo (1984): *I Fotobienal. Vigo 1984,* Concello de Vigo – Xunta de Galicia.

Catálogo (1996): *VII Fotobienal – Vigo 96*, Deputación de Pontevedra.

Catálogo (2001): *El ángel necesario*, Galería Bacelos, Vigo, (textos de Alberto Ruiz de Samaniego y Manuel Vilariño).

Catálogo (2001): *El ángel necesario*, Galería Bacelos, Vigo, 2001 (textos de Alberto Ruiz de Samaniego y Manuel Vilariño).

Catálogo (2002): *Manuel Vilariño. Fío e sombra* , CGAC.

Catálogo (2002): *Manuel Vilariño. Fío e sombra,* Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela, (textos de Félix Duque, Antonio Gamoneda, Chantal Maillard, Alberto Ruiz de Samaniego y Manuel Vilariño).

Catálogo (2004): *Señal en el aire,* Museo Extremeño e Iberoamericano de Arte Contemporáneo, Badajoz, (textos de Félix Duque, José Jiménez, Alberto Ruiz de Samaniego y Manuel Vilariño).

Catálogo (2007): *Paraíso Fragmentado / Paradiso Spezzato,* Pabellón de España, 52ª Bienal de Venecia, Madrid.

Catálogo (2012): *Mar de Afuera,* Círculo de Bellas Artes, Madrid.

Catálogo (2013): *A obra elixida. Artistas galegos dos últimos 30 anos,* Museo Interactivo da Historia de Lugo.

Catálogo (2013): *Mitologías*, Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural, La Coruña, (textos de Fernando Castro Flórez, Elena Vozmediano, Magnus Bons y Manuel Vilariño).

Catálogo (2013): *Seda de caballo,* Ministerio de Cultura, Madrid, 2013 (textos de Fernando Castro Flórez, Alberto Ruiz de Samaniego y Miguel Ángel Hernández Navarro).

CRUZ, S. Juan de la (1996): *Poesía completa y comentarios en prosa*, Edit. Planeta.

HEIDEGGER, Martin (2016): *A origem da obra de art*e, Ediçoes 70, Lisboa.

JÜNGER, Ernst (1988): La emboscadura, Tusquets Editores.

LEZAMA LIMA, José (1988): *Muerte de Narciso : Antología poética*, Alianza Editoria.l

OLIVARES, Rosa (2002): *Manuel Vilariño, Biblioteca de fotógrafos españoles,* La Fábrica, Madrid.

OLIVARES, Rosa*: «Vilariño», Revista Lápiz, nº 153, maio de 1999.*

Patiño, Antón e Manuel Vilariño (1994): Conversación en «Cien x Cien Arte español. La palabra ocupa el lugar de la obra. El mundo de cien artistas en sus diálogos privados», *Lápiz,* Madrid, nº 99/100/101.

RIVAS, M. (1989): *Galicia , el bonsai atlántico*, El País-Aguilar, Madrid.

ROMERO, Arantxa (2015): *Imágenes poéticas en la fotografía española. Las visiones de Chema Madoz y Manuel Vilariño,* Cendeac, Murcia.

ROMERO, Arantxa, La jaula se ha vuelto pájaro, *Descubrir el Arte*, xullo de 2015.

RUIZ DE SAMANIEGO, A. (2001): *El ángel necesario*, Galería bacelos, Vigo.

RUIZ DE SAMANIEGO, A. (2004): «Entre el nido y la estrella. Apuntes sobre las crucifixiones de Manuel Vilariño», en *Manuel Vilariño. Señal en el aire* (catal.), Junta de Extremadura.

RUIZ DE SAMANIEGO, Alberto: La verdad es enigmática: hay que encontrarla. entrevista con Manuel Vilariño, *Revista Minerva*, Círculo de Bellas Artes, Madrid, dispoñible en: <http://www.circulobellasartes.com/revistaminerva/articulo.php?id=582>

SENDÓN, Manuel e SUÁREZ CANAL, Xosé Luís (2004): *O feito fotográfico. A colección fotográfica do Concello de Vigo, MARCO, dispoñible en liña: <https://manuelsendon.wordpress.com/o-feito-fotografico-vigo-1984-2000/>*

SEOANE, Xavier (1992):*»A obra de Manuel Vilariño: Alén do umbral»*. Bestias Involuntarias, CGAI.

STEVENS, Wallace (1994): *El ángel necesario. Ensayos sobre la realidad y la imaginación*, Visor, Madrid.

THOREAU, H.D. (2013): *Walden*, Errata Naturae, Madrid.

VALENTE, José Ángel (1994): *Las palabras de la tribu,* Tusquets Editores, Barcelona.

VAQUEIRO, Vítor: «A invisibilidade do visíbel», *Grial, 177*.

VILARIÑO, Manuel (1992): «Das osamentas e dos soños», *Bestias Involuntarias*, CGAI.

VILARIÑO, Manuel (1999): *Doce tumbas,* Ediciones Mestizo, Murcia.

VILARIÑO, Manuel (2011): *Ruínas ao espertar / Ruinas al despertar*, Edicións Espiral Maior, A Coruña.

VILARIÑO, Manuel (editor) (1995): *A fotografía na arte contemporánea*, CGAI, Xunta de Galicia, 1995

VV. AA. (2003)*: A palabra e a súa sombra: José Ángel Valente, o poeta e as artes,* universidade de Santiago de Compostela.

A poesía galega do século XIX nos xornais de Betanzos

MARTA GONZALEZ RODRIGUEZ*

Sumario
Neste traballo dase conta dos poemas, escritos en língoa galega, que foran publicados nos periódicos da cidade de Betanzos durante o século XIX.
Abstract
This work shows a collection of poems, written in galician language, which were published in Betanzos journals during the 19th century.

Neste sinxelo traballo pretendimos amosar, nunha publicación actual, os poemas, que foran escritos na língoa da nosa terra e que viran a lus, non por primeira vegada en tódo-los casos, nos xornais que houbo na cidade de Betanzos durante o século XIX.

As pezas poéticas poden ser de autores ben coñecidos ou de poetas afeccionados, tanto betanceiros coma doutras orixes; algúns dos traballos son anónimos ou ben atopámolos incompletos.Tratándose a poesía dunha maneira de expresión do esprito, tódo-los escritos verten emocións humáns de xeito versificado. Nalgúns deles, as sentidas verbas deixannos pendurados no ar, que aloumiña os fermosos paraxes de Galicia; noutras ocasións expoñen a vida cotiá nas súas diversas facetas coma se fosen pedras talladas con cadaséu colorido, tintado de moitos matices diferentes coma os sentimentos: amores, medos, dores, soidades, tristuras… mixturados coas tradicións, lendas, costumes, festas, andanzas de pícaros e tamén loubanzas e agradecementos.

As obras que poidemos atopar entre as páxinas dos vellos xornais da cidade fan un total de dezaoito. Van ser expostas na orde cronolóxica na que foran publicadas. Tamén respetamos as particularidades lingüísticas que tiña o idioma na época na que nos estamos a referir. Hai unha excepción: un poema de Eduardo Pondal, que transcribiremos tal como fora publicado por vez primeira quince anos antes.

Ten a honra de encabezar a lista de autores o poeta e periodista betanceiro **Severo Ares Mancera**. O seu fermosísimo poema, publicado en 1883 no periódico máis antigo de Betanzos, *El Censor*, fai-nos senti-la maxia da paisaxe nas ribeiras do río Mera. Nel, escoitamos a musicalidade dos chíos dos paxaros e do marmurio das augas, trasportados po-la airexa fresca, que mesmo arrinca pracenteiros sons ao abanea-la vexetación vizosa. Estimamos a tenreza das árbores, deixando cae-las súas follas ao pasar dunha moza, que, deste xeito, queda no centro dunha areola idílica, tal como a vían os ollos daquel que quedara engaiolado por ela.

***Marta González Rodríguez**, de familia betanceira, é médico especialista en Xinecoloxía e Obstetricia no Hospital Clinico de Santiago de Compostela e profesora de Xinecoloxía e Obstetricia na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

A UNHA NENA
NAS VEIRAS DO RIO MERA
Recordos

Com´a millor estrela que no ceo
Se ve naquel-as noites ques´tan craras,
Así te vin miniña no paseo
Cand´a veira do río paseabas.
Pura com´os suspiros q´ibas dando,
Garrida com´a marxen d´ese río
Sencilla com´as nenas que c´o gando
Van recorrendo ó castañar sombrío.
Mirábaste no espello que facía
Aquela auga limpa e transparente.
E os peixes todos que no fondo había
Parabans´a mirarte alegremente.
Despóis seguías chea d´hermosura
Por debaixo das álbres; e o ramaxe,
Por bridarche unha alfombra de verdura
Deixaba desprendel´o seu follaxe.
E máis adiante cabo d´un recodo
Que fan as augas cerca d´uns muiños;
Saludanbant´alí de certo modo
Bunitos e pintados paxariños.
¡Ay cantas flores! ¡Cantos ameneiros!
¡Que vento tan fino cor´alí!
¡Que música á das follas nos loureiros
Que se deitaban pra vert´a tí!
Todo sublime, todo grande era
Nas veiras d´ese río falador,
A tarde que te vi a´os pes do Mera
En que m´enchiche o corazón d´amor.[1]

O seguinte poema atopámolo tres anos despóis, no semanario *As Mariñas*, no que semella ía ser un aditamento de poesía na publicación, mais somentes no numero ó que nos estamos a referir. Non coñecemos como foi entitulada a obra. O seu autor é **Juan Manuel Pintos**.

Na súa poesía exprésa-nos a explosión da vida dos paxaros na primaveira, que enche o ceo de bandadas e nos agasalla cos cantos dos reiseñores, sublimados a coros celestiais.

Sin poder prender no sono
Cantas ahora no seu leito
C´o seu corazón colleito
Suspiran po-lo seu dono
Cun-ha espiña no seu peito!

E ouíndo o teu gorgoriño
Que fas da parexa á veira
Lle fire ó corazonciño,
Entrando cal gotexiño
Por dentro de un-ha fogueira!

Coitadiñas que celosas
Do seu perjuro consorte
Quixeran máis ve la morte
Os ollos, que ser esposas
De quen lles da a negra sorte.

Ti divino Reiseñor
Non das á femia cabuxos
Que morrerá de dolor
No ouíndo os teus aturuxos
Paranínfos do amor.

Así logra á súa niñada
E con ela ó bando voa
Enchese toda á enramada
De música, que resoa
Po-la redonda encantada.

Po-los mirtos, no loureiro,
Nas hedras, no pavial,
No carballo, é laranxeiro
Hay concerto filomeiro
Na ameixenda é castañal.

Po-lo Burgo, na Santiña,
No Socorro, é ó redor
De Lérez po-la veiguiña
Anda a jente paradiña
Te escuitando Reiseñor.

De min te pousas tan perto
Que sempre te estou ouindo,
Co teu canto vou durmindo,
E cando á mañá desperto
Ja ó canto estás repetindo.

Dios te fade ben angiño
Remedo dos que hay no ceo
Que terán o seu peitiño
De amores tamén recheo
Para adorar á Diosiño.

Adiós divino cantor,
non me deixes de cantar.
E cando queira eu compor
Un canto á versificar
Ven c´a tua voz me axudar
Meu divino Reiseñor.[2]

Po-lo ano 1887 publicábase en Betanzos un periódico escrito íntegramente en língoa galega. Titulábase *O antroido* e definíase deste xeito: *Trangallada pra tódo-los xueves de tóda-las semás de tódo-los anos. Amén.*

Atopamos nel este poema, firmado por A.V.T., o que se axusta as iniciais do direutor do semanario: **Anxél Vázquez Taboada**.

Neste seu poema expresa na boca de Momo as levidades humás ó abeiro do Antroido…

QUEN SON EU

Eu sonvos o fantasma d´as locas alegrías
co-as qu´esquencer seus males pretende a humanidá;
todo-los anos morro, mais pásame o qu´ó fenís,
e d´as miñas cinzas volvo á resocitar.

Alá cando de cóte vagaban pol-o espaceo
espirtos, meigas, trasnos asustand´o fogar,
pra bulra de erexes sacáronme d´a nada
fillo d´os seus rencores, feo como meus pais.

Tod´as estravagancias de sigros de loucura
e todol-os caprichos que ten a sociedá
puxéronmos n-a cara, sin ver que son espello
que resalta os defeutos que queren ocultar.

Son pretesto inocente durante o meu reinado
pra q´o cristián orbe, rompendo co-a moral,
n-o fango d´os praceres s´emborcall´e remexa,
e antes chegue o cansansio que non a saciedá.

Eu, tendo por padriño a fé d´aqueles sigros
en qu´era forza o douma n-a fogueira limpar,
din ó Inferno máis almas qu´os demos todos xuntos
en bailes, en orxías e lances c-o disfrás.

Son en finxir mayestro, curmán d´a hepocresía.
a miña carantoña continoa moda é xá,
que saben os mortales qu´n-o mundo qu´habitan
saca mellor tallada quen sabe engañar mais.

O escoitar meu nome de gozo brinc´a a xente,
fan un punto de polka a nena y-o galán,
glotós e bebedores relámense os fuciños
qu´á viño e lacoadas lles sabe o paladar.

Lárgalos, burros, cornos son dá miña cosecha,
e sinto qu´a xiringa prohibir´a outoridá,
qu´ainda que son vello tamén teñ´os meus gustos,
y entr´eles non teño outro com´o de xiringar.

En fin, si pol-as señas non dades c-o meu nome
non sodes do dios Momo seutarios de verdá,
que sodes uns monárquicos ó estilo d´hoxe en día
que solo s´antusiasman si lles dan credencial.

Anque son soberano, marchándome c-o sigro,
me fixen mais damócrata qu´o mesmo Castelar,
e a todol-os vasallos dou iguales direitos
sin outros privilexos qu´os qu´otorga o caudal.

Non quero quós ediles coticen alegría
comprando eso que chaman «antusiasmo oficial»
estim´os vosos vivas si berrades de valde
cand´o domingo próusimo fag´a entrada trunfal.

Vosoutros preguntades:—¿Qu´eres tí que te finxes
rey, mendigo, farsante, mentira e realidá?
Meu nome garantiza qu´é cert´o que vos digo:
Son o ANTROIDO, acramado por rey d´a bacanal.

No mesmo número deste periódico hai outro poema que vai asinado por **R. Pesqueira Crespo**, datado en Madrid en1887 e titúlase deste xeito:

N-O ALBUM D´A SIÑURITA
DOÑA RAFAELA RODRIGUES PRACER

Sin non tivese o curazón magoado
por ácedas lembranzas,
si poidera expricar tod´o que sinto
no máis fondo d´a y-alma…
eu rogaría ás musas que me desen
tan siquera unha cántiga
para laudar á dona de este libro
qu´a miña pruma aldraxa…;
e si elas atendesen o meu rogo
póndome bóa cara,

estonces diciría qu´os seus ollos
ó acebeche empanan,
porque son tan negriños com´a pena,
tan doces com´as bágoas,
tan lindos, estén tristes ou alegres,
coma o surrir d´a y-alba;
qu´os beiciños roubaron á frescura
da mañán orballada,
y-a tinta d´as cereixas bén compridas
ou mellor d´a escalrata;
qu´o cabelo que en crenchas arrecolle
mesmiñamente igoala
en cór ó empadecer d´un día sereo;
qu´os dentes dan ó nácar
envexa n-a brancura, e n-o xuntiños
á unha piña d´as mánsas;
y-ó seu corpiño que tan feito tén
non haxo comparanza.
Mais…¿qu´hei dicíla si non son poeta?,
¿si a inspiración me falta?,
¿e si vivo n-un mundo de recordos
e d´e ácedas lembranzas? [3]

A direción de *O Antroido* continuará, no mesmo ano, con outro periódico: *A Fuliada*, tamén escrito en língoa galega.

Nesta publicación imos achar este belido poema de **Eduardo Pondal** que xa vira a lús por ves primeira en Santiago de Compostela no ano 1872.

A FADA D´OS MONTES

Virgen divina,
De leves alas,
Que alegre voas
No doce Abril;
Fendendo ó vento
Con vellas galas;
Descoñecida,
Presta e gentil.

Virgen qu´as veces,
No espacio culto,
Das *verdes agras*
Costumas voar;
E as veces no aire
De monte inculto,
Te soes sin trazas
Evaporar.

Das tuas alas
O doce ruido;
E do teu paso
O grato son;
Que nó percibe
O atento oido,
Mais que só o sente,
O corazón.

Oín mil veces
Na minha infancia,
Nos patrios montes
Da verde *Erin*;
Da tua veste,
Senti á fragancia,
Cando pasabas,
Por xunta min.

Non sei quen eres,
Non sei á donde
Ou vas ou tornas,
Nin porque ley;
Nin sei se antes,
Nin como ou onde,
Nin en que antigo,
Tempo t´achey.

Se fuí na gandra
De *Carboeiro*,
Nos verdes d´*Oca*,
Ou de *Buxán*;
Ou nas alturas
De *Portomeiro*,
Ou entre as brétemas,
De *Barrañán*.

Se nas agrestes
Debesas d´o *Esto*,
No Chan de *Brántuas*
Ou d´*Angeriz*;
Se nas pendentes
De *Corcoesto*,
Ou sobre ó cume
Do *Gomariz*.

Na vespertina
Marina bruma,
Do prado mole
Na tenra cor,
D´algún escollo
Na branca espuma,
De casta estrela
No resplandor.

No son das follas
Armoniosas
Na voz dos pinos
Co vento *Soán*
No horror das furnas,
Na cor das rosas,
Ná cór das olas,
Do *San-Adrián*.

No sei…mais teño
A tua historia;
Non sei tampouco
Donde á aprendí;
Nin sei de certo
Por que a memoria,
Doces lembranzas
Garda de tí.

Quezáis celeste
Reminiscencia,
Es d´outra vida
Que pasei xa;
Non sei quen eres…
Quezais presagio,
D´outra existencia
Qu´inda virá.

Virgen dos celtas
D´amigos astros,
Dos nobles celtas,
Fortes é bós;
Quezais habitas
Nos verdes *castros*,
Génio dos nosos
Grandes avós.

E pois na cárcel
Que ó home encerra,
Pracer non acha
Tregua ou solaz;
Deten un pouco
na escura terra,
A tua fugente
Carreira audaz.

E adiós decindo
Ó escuro e denso
Confín que ó home
Sole habitar;
Nos lanzarémos
No espacio inmenso,
Do van collidos,
Voando a par.

No mesmo número deste xornal hai catro poemas máis, que non levan a sinatura do autor, en ningún dos casos.

Pola anotación tralo remate do derradeiro deles, que incluímos, e tamén o ter en conta a data do número da publicación, poderíamos dar por certo que foran escritos pra celebración da tradicional Festa dos Maios.

Os catro teñen un estilo desanoxado e ás veces burlón. O primeiro deles non leva título, e dí:

Teño eu unha rapariga
(quero dicir n-o entrecexo),
que ten a cutis tan branca,
que ten o pelo tan negro,
unha boquiña tan cuca,
uns ollos tan picarescos,
as meixelas rosadiñas,
labres frescos e bermellos;
un corpo qu´así se move
(despensar o movemento)
dende babor a estribor,
cal o pino cimbra o vento.
en fin, me quere a min tanto,
tanto , que ¡lévem´o demo!
si d´o nome d´o meu santo
s´acorda anqu´eu a cortexo.
Un mociño moi pranchado,
espigado anque tatexo
qu´as veces sole dicirlle:
«Ma-ma -noe-noel-a, te quero»
petóulle n-o corazón.
¡A saber que pensamento
se levará a rapariga
ó casarse c´un tatexo!
Eu sei que marchan os dous
de bracete e de paseyo,
cal si a femia d´o gorrion
s´axuntara c-o bencexo.
Di o refrán que Diol-os cria
e s´axuntan os xemelos,
y-eu digo qu´é mais verdá
que se buscan os estremos.
Ela é unha lebre corrida
que dorme c´un ollo aberto,
y-ó asegurar compañía
dará auciós ós *compañeiros*.

E VAYA D´HOVOS

Vendixom´a casa
O pasado Outono,
E libroum´a muller que tivera
Os demos no corpo,
Soasmente cantando uns latíns
Que chaman responsos.
¡Moito val, moito val o seu tío!
—Dixo Xan do Coto
A sobriña d´o crego qu´estaba
oubindo tal conto.—
—Eu non sei si lle dé de regalo
O rabo do porco,
Y- aló prá Pascoa
Un goxo d´hovos.
—Eso non,—lle repuxo a sobriña—
Pois xuralo podo,
Que tén o meu tío, como ningún outro,
Hovos abondo.

O terceira peza tamén ven sen título e dí:

Cando s´está detrás d´o mostrador
é menester gastar menos…*humor,*
qu´é unha gracia prá a venda desgraciada
soltar ó comprador a carcaxada,
e non pegan rilinchos d´égoa brava
n-a que fina se xusga e tal se graba.
Hoxe me calo ónde, quén e cándo
por si este aviso as pode ir enmendando;
mais si rinciden n-esa monería
á vergonza sairán calquer día.

O MAYO

Este é o Mayo
Rapazas garridas,
O mayo d´Arzúa
Qu´escreb´as Morriñas.
Vinde velo
Qu´home longo,
Que bonito
E que bó mozo.
Cantade meus queridiños
E facer fuliada,
Qu´anque montañés, ben sei,
Choscarll´ollo a´s rapazas,
Est´é o Mayo
De froles cheirosas,
Mal trasno te leve
Langrán da Rua-Nova.

Est´é o Mayo
Señora, é,
Que ven d´a montaña
Buscando parné.
Cantade queridiños
Hoxe non teño que darvos
N´hay rapaza que me pague
O títalo d´A …fogalo!
Est´é o Mayo
Rapás gonzaguista
Que foi *benemérito*
E dempois calrista
Vinde velo
Qu´home longo,
Ten boas barbas
Y- é bó mozo.

A nota que refirimos enriba, dicía:

Quen queira facer mellores *Mayos* que vaya poñendo faixas *«O sigro futuro»*, e ganará as tres pesetas d´o prémeo.[4]

Noutro número, do seguinte mes, atopamos este poemiña corto, de tintura romántica, dun namorado; unha declaración de amor na que a elexida pódese decatar que vai dirixido a éla e tamén calquera que a coñecera. Pola súa parte, o autor non se amosa, é por iso outro poema anónimo.

DENDE MADRIL

E unha nena bunita, os seus ollos
parecen duas estrelas,
Y-o alento que despide á sua boquiña
prefume d´azucenas.

Esbelto é o seu corpiño cal palmeira
d´os paises d´o Sur,
e ten un curazón y-us sentimentos
com´a mesma vertú.

¿Non sabedes quen é a que eleutriza
á miña y-alma toda?
Pois vive n´unha casa en que vos houbo
de nenas unha escola.[5]

No derradeiro número que dispoñemos dos periódicos, que xa fai un anaco tiñamos entre as máns, hai un longo poema saído da pluma de **Bieito Losada**, quen era daquela redactor e colabourador de *A Fuliada*.

Canta-nos, inspirado nun refrán popular, un lance que lle a conteceu a un mozo que indo á feira, saíu moi mal parado sin tan siquera chegar a ela.

¡BOA FEIRA!

Quen vai á festa,
rómpell´a testa
e perd´o que ten,
boa festa lle vén.
(Popular)

I

Salin eu d´a miña casa
un luns pol-a mañan cedo
á cabalo do meu faco,
qu´é lixeiro com´o vento.
Levaba n-a miña alforxa
un lacon cuáseque enteiro
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
e unha cabaza de viño,
un bon viño, viño vello.
N-a blusa levaba cartos
para mercar un xuvenco
na feira qu´o vinteseis
hay a carón de Lestedo.
Púxen o faco en camiño,
e dende chegando xa preto
de Marrosos, arredeime
pol-o medio d´os centeos
c-o fin de pillal-o atallo
e chegar á feira fresco.
Arrecadei o meu faco
pois o chan é moi barrento,
e estonces pideum´o corpo
botar un grolo, e boteino.

II

Eran asi com´as oito;
moi ausente estaba o tempo,
chiaban os paxariños,
o sol douraba os penedos;
entr´as herbas d´a curtiña
rebule a auga d´un rego.
Sobr´as follas d´os carballos,
d´as silvas, d´os castiñeiros,
moitas pingotas d´orballo,
que de noite foi caendo,
relocían coasemente,
como estrelas, dende lexos.
O ver tan garrid´o campo
¡pardiolas que daba xenio!

III

Chegand´o ó pé d´un muiño
vin sentada n-un portelo
a rapaza máis garrida
quá terra botou o céo.
Unha cariña máis branca
qu´un limpo pano de lenzo,
uns ollos qu´ alumeaban
mais qu´a lúa de Xaneiro.
Cando cheguei cabo d´ela
dixenlle:—Lévem´o demo
si vin ollos mais garridos
qu´eses ollos qu´estou vendo;
nin boca mais pequeniña,
nin uns labres mais vermellos,
nin un corpo mais xeitoso,
nin unhos pés mais pequenos.
¿Como te chaman roxiña?
—Cando estou moi lonxe á berros.
—¡Seique tes ganas de leria!
Fala, neniña, ¿tes medo?
—Bóo!..xa sei que me non comes
pois teño dur´o pelexo.
—Non molas, dim´o teu nome.
—¿Pra que queres tí sabelo?
Pois é o mesmo que me puxo

dempois de nacer, o crego.
Vaya, sigue o teu camiño
pois aquí perdel-o tempo.
—Abofellas! ¡vaya un conto!
Vidiña, non che dou creto.
¿Seras brava com´un toxo
tan garrida cara tendo?
Vamos, rapaza, sé boa,
e dime axiña n-un verbo,
cal é o nome que n-a pía
os padriños te puxeron.
—Pois ben: Chamome Xoana,
Marica, Pepa, Remedios,
Cristoba, Esteba, Farruca,
Catuxa…
—¡Tou tou, qué deño!
Dí que te chamas pronóstico
e mais presto acabaremos.
Pero, miña filla, abasta
de parolas, que xa lelo
me volves; fala ben, nena,
dim´o teu nome de certo.
—Boite! pois chamome Andresa
—Dende agora lle prometo
A san Andrés de Teixido
Unha festa n´este inverno.
Agora, pois, miña xoya,
Vamos, que inda teño tempo,
A votar xuntos un trago
E ademais un par de netos.
—Dios ch´o pague mais non como
Non tendo conocemento…
—¡Va va! Déixate de contos;
Un bon lacón aquí levo,
Pan e queixo, e levo un viño
Dáquel que da folg´ó peito.

IV

Por fin, foi aquela nena
Pouco á pouco amolecendo;
Collín as miñas alforxas,
Comemos como dous nenos
E botamos uns bons tragos
D´aquel viño milagreiro.
Oimos tocar as doce
N´a parroquia de Lestedo
Estábamos tan adiante…
Chegáramos a poñernos
Tan maduros como figos…
Cando (quixera esquencelo)
Apareceron dous mozos
Fórtes coma dous esteos,
E votaronsem´enrriba
Mallando en min tan a eito,
Que presto, nó chan caíme
Perdend´o conocemento.

V

¡Moi escura estaba a noite!
Recordei…e tiven medo,
Cando volvín a o sentido
C´os meus ollos entrabertos
Alembreime de Andresiña
D´os que o corpo me moeron,
D´o meu faco, d´as alforxas
Dá bursa d´o meu diñeiro.
Cacheéime…nin un carto;
E nin faco, nin alforxas:
Todo foi á dar ó inferno.
Erguinme, non sin traballo
Con tan negros pensamentos,
O corazón tan ferido,
Tan doloridol-os lomedros,
Que camiñar non podía
Aquí cayo, aló tropezo,
Poiden chegar hastr´a casa
Cando estaba amanecendo,
Atirisido de frio
E bén quent´o meu pelexo.

VI

Deprendan todos de min
Os rapaces d´estos tempos.
Quen quixer coller a froita
Ques´atopa no horto alleo,
Perde, como min, a besta
As alforxas, o diñeiro;
E, de contra, sac´o corpo
Que mesmo da noxo velo,
Con mais paus, que léva o liño
Para tirarll´os tormentos.[6]

Máis adiante, no semanario *El Escobón*, hai un poema no que se conta un deses «milagres» dos que tantos había naqueles tempos e como lle descubriran o conto…

Xa saberán os leutores,
(Y aquí va un trozo en gallego
En la dulce y tierna lengua
De nuestros caros abuelos)
Qu´estivo aló en Pontevedra,
E n´o hospital algún tempo,
Unha muller que non come
Fai dez anos mais ó menos.
O alcalde de Forcarey
Doull´á esta ó *Visto Bueno*
Asegurando non come
Nin pinga para un remedio.
O crego dixo outro tanto,
¡Qu´había dicil-ó crego!
Qu´estaba …en *gracia de Dios*
E qu´era un milagre ó feito.
Soupo esto á Diputación,
e, xa se vé, veu ó demo;
Mandouna ouserbar á modo
A presencia de tres médecos
E resultou qu´á santiña
Chupa, bebe…*é todo*, al pelo.

Santos de esta natureza
Hainos por acó á centos,
Que din que non comen nada
E comen eles… ó ceo
E teñen pan é porco
Porque mamal-ó dedo,
Qu´ó demais…¡mala centella!
Aunque falen de *caseiros*
E de rendas y outras cousas
Semellantes a *proyeutos,*
Habían facer cal fago
E cuase todos facemos:
Non voar con poucas aás
Pra que nunca ó leve ó demo.[7]

É o traballo que segue, a parte final dun poema que aparece no que sería un suplemento poético do xornal que o publica.

Trátase do relato do que aconteceu nunha festa.

…
Relocen que xénio dá;
Est´animo´ós compañeiros,
Outro enfuciña n-o chan
E o gaiteiro c-o roncón
Dá paus aquí acolá.
Un sangr´o mesmo qu´un cucho
Outr´escorr´e e vai á dar
Co-a testa contra d´ un valo
E cram´á Dios e seu pai,
Namentras qu´o noso mozo
Sin cear un páso atrás,
Reparte paus qu´é un milagre,
Quence as costas d´os demaís
E queda dono d´o campo
Co-as mozas de *Cortiñán*

IV
Alomean as estrelas,
Chirl´o moucho; oubean os cáns,
Canta o merlo n-o seu niño
E arul´aló antr´o pinal;
O gaiteiro á enchel´o fol
Volv´e escomenza á toear,
Todos berran e aturuxan,
Canta alegr´o a-lal-á,
Indo por outro camiño
Trouleand´á mais troulear
—¿E Marica?
—Sabe Diós
E o demo donde che vai…
—Vaiche co fillo de Goros—

Di Farruca a de Portal.
—Quédalle contando un conto…
—Bó conto lle salirá…
—O qu´o rapás non se perde.
—N-eso tirall´á seu pai…
E falando d´esta sorte
Van n-a compaña de Xán,
Por certo que cant´o galo
Cando chegan ó lugar.

V

Fai un ano qu´á esta festa
Fun con outros mozos máis,
E cando d´ela m´acordo
Bótome sempre´á escramar:
—¡Non che ten pouco traballo
O crego de *Cortiñán*! [8]

No semanario xoco-serio ¡*Ya somos tres*!, correspondente ao 16 de maio do 1889, aparecerá este fermoso poema cheo de tristura, que expresa a noite creativa dún poeta. Ven asinado por **Lisardo Barreiro** quen era redactor do periódico no que achamos a súa obra.

N´UN ABANICO

¿Ves cal as follas se cán d´os álbores
pol-o xaneiro?…
Así dá y-alma se desfollaron
meus pobres versos.
Soilo me queda o *aquel* d´os músecos
cando son vellos,

¡Ay, como queres, rula, que cante
s´estou enfermo!…
Pois cal-os dias qu´hay pol-ano
frios, eternos,
Entroume drento d´a miña y-alma
todo un inverno.

O seguinte pequeno poema nos conta o desacougo e o esforzo dunha nena galega, trasportada a un entorno que non sabe apreciar a bagaxe cultural que leva con ela.

Entrou Bertuca de Sanches
A servir d´ama de cria
C´uns señores de Madril
Pra coidar unha meniña.
O permeiro que dixeron
A gallega rapariga
Foy que deixar´esa fala
Qu´aprendera acó en Galicia,
Y ela d´estonces cumprindo,
Como debe, esta consina,
Un dia que lle choraba
A pequena señorita,
Decialle aloumiñándoa
Con sert´aquel, coitadiña:
«No llueres niña no llueres
Que eso no impuerta una china».[9]

No mesmo xornal, dous meses máis adiante e asinado por **Patricio Gamarra**, pseudónimo empregado por un dos redactores do semanario, atopamos un poema que fora premiado no certame de Betanzos. Somentes se conservan algunhas estrofas, do remate do mesmo. Non dispoñemos dos números anteriores do periódico, onde tería de estar publicada a meirande parte deste traballo poético, baseado nunha lenda galega.

A Y-ALMA D´ELENA

Eu tiven un nobre noivo
Que xurou que me quería;
O noivo díxome logo
Que par´á guerra partía.
—Ti vast´e tal ves non volvas.
—Volverei, miña vidiña,
E mentras ó noivo xura,
Dín quó vento repetía
¡Probe de quen en promesas
D´ home fía!
O marqués co-á xent´armada
D´o seu castelo salía
E seguiron´os meus ollos
Hastra perdelo de vista.
—¡Ay de min! O marqués vaise,
E vaise co-á honra miña!
Mentres a coitada chora
Din qu´o vento repetía
¡Probe de quen en promesas
D´home fía!
Morta trouxeronm´a coba
E pro mund´estou mortiña;
Oxe son soio unha y-alma
Que po-los ventos camiña
Hastra qu´alcontre aquel home
Que tanto quixen na vida.
Agora tamen repito
Cal o vento repetía:
¡Probe de quen en promesas
D´home fía!

VII

Dou volta da guerra, glorioso, e triunfante
Con alta fachenda ó marqués D. Xan;
Sayeu a-speralo dándolle mil vivas
Todiñ´o lugar.
Mais ¡ay! cando soupo que morrera Elena,
Cando soupo todo po-lo que pasou
Doridos verteron seus ollos mil bágoas,
Bágoas de dolor.
Pra sempre nubrouse ó sol da sua esperanza
Al glorias do mundo son nada pra él
Hastr´os mesmos campos de color da morte
Os seus ollos ven.
Sayeuse do pazo soliño un-ha tarde
Triste com´a noite pouc´a pouco foi
Car´o cementerio dona esta enterrada
A muller qu´amou
Po-la mañan cedo do siguiente día
Soupose enseguida que estaba D. Xan
Morto sobr´á coba donde t´ay Elena,
De bruzos no chan.

VIII

Préto de Betanzos,
Baixand´unha vreda,
Eu vin non hay moito
No adro d´a igresia
O sitio en que tuvo
Lugar esta lenda;
Un sitio que cando
Cheg´a primaveira
Cóbrese de froles
Roxas é marelas
Que dan á aquel adro
Vistosa guapeza
Mas ¡ay! non se sinte
A y-alma d´Elena
Dende que D. Xan
Fixo d´a sua entrega.[10]

Noutro dos principais periódicos da cidade de Betanzos, *El Valdoncel*, imos atopar unha peza ben pavera baixo a sinatura de **Adolfo Mosquera**:

¡OLLO!

Confesandos´un mozo certo día
có cura d´o lugar,
entr´outras cousas que calar debía,
descubreull´o rapaz
que falaba de noite po-la eira,
a carón d´o portal
con Catuxa, unha nena feiticeira
qu´había n´o lugar
Reprendeull´o o abade, incomodado,
tal ofensa moral,
e díxolle que tiñ´un gran pecado
s´a volvia a falar
Mais non contento co´isto o meu curiña,
pregunta: ¿E como fai
pra non deprocatar d´a Catuxiña
os seus celosos pais?
—Pois nada, dix´o mozo, cando quero
co-a rapaza falar
achégom´o portal, un pouco espero
e póñom´a ladrar
¡jau, jau, jau! mesmo así, y-o pouco tempo
acod´o meu chamar…
—Pois estás xa no inferno n-un momento
si volves a ladrar.
Canto debeu de palicarll´o cura,
que de noit´o rapaz
non quería, por certo con tristura,
co-a rapaza ir falar.
Máis por fin, xa fervendo, un pouco tarde
non aguantando mais,
marchou o prob´esperando que ll´agarde
a nena no portal.
Chega e fai ¡jau, jau, jau! como facía;
escoita, e por detrás
contéstalle outro drento en mala vía
repoñéndos´o can.
¡Oo…! fai con voz ronca o can d´a eira,
e conóceo o rapaz
qu´era o cura o qu´asi drento ruxía.
Arríncase co-as mans
os cabelos d´o cacho, e incomodado,
contestall´a berrar,
co-a pasion pond´os puños n-o cerrado
como quen quer pegar;
«Xa me rosmas, resoño, aind´hay duas horas
enseñeit´a ladrar…!»[11]

O dezasete de xuño de 1890, a sociedade betanceira Liceo Brigantino organizóu unha festa de confraternidade na paraxe de Os Caneiros. Nela **Fernando García Acuña**, colaborador de *El Mendo*, do cal acudiría unha representación, improvisóu as seguintes quintillas que recitóu entre os varios brindis que tiveron lugar durante a devandita celebración:

Eu ná copa d´o pracer
Puxen os labros un día,
E-o acabar de beber
Vin qu´a sorte n´o meu ser
En pracer se convertía.
E d´esta maneira creo
qu´á vir hoxe o paradixo
D´os Caneiros, déste ceo,
Que brindaredes de fixo
¡Viva a sociedad *Liceo*![12]

Dicíanos *El Mendo,* no seu número noventa e catro, verbo da publicación dun libro de poemas de **Alberto García Ferreiro** titulado *Chorimas*, no cal facía unha lembranza poética de antigos compañeros: Camilo Placer e Villar Rivas.

Da figura do malogrado Rafael Villar se amosa a última estrofa dun poema que a él fora adicado:

Caíu…¡inda mozo!
morreu…¡cuasequ´un neno!
y a pátrea marmula
bagullas vertendo:
¡Perdín outro fillo!
¡Que soila me vexo!

E do de Camilo Placer publicaron a seguinte :

¡Abrid´as historias
dó pobo dós soevos,
salvai ese nome
d´a noite do esquezo,
s´amades as grorias
d´os lares gallegos,
qu´o xénio non morre
y-o morto era un xénio![13]

Xa no outono de 1890, neste mesmo diario, facíase, na sección de bibliografía, por Fernando García Acuña, referencia doutro libro de poemas de **Jesús Rodríguez López**, xoven médico lucense, que fora publicado baixo o título *Cousas das mulleres*.

O poema, do que nos amosan algunhas estrofas na prensa brigantina, correspondía á segunda parte do libro: *Bágoas e risas*, e titulábase:

DALLE QUE DALLE

Sempre qu´a busco
pónseme diante
mais, vir´a cara
por non falarme,
é si por certas
casualidades
m´acerco á ela,
quer escaparme
tan mal me quere
que naide sabe
cantas peniñas
cantos pesares
e cantas, cantas
horas fatales
teño por ela
sufrido en valde.
Mais com´a quero
nadie se estrane,
de cote sigo
dalle que dalle.[14]

O vinteséis do mesmo mes e ano, celebróuse unha velada no Teatro Alfonsetti de Betanzos por mor de recadar fondos para a impresión dun drama en verso, escrito na língoa galega, por **Galo Salinas Rodríguez**, o cal acadara o premio no certame artístico que convocara a sociedade coruñesa Liceo Brigantino.

Nesa reunión deuse letura a fragmentos da obra premiada, recitaron os seus traballos varios poetas betanceiros, e o autor, en agradecemento, adicóu un poema a Betanzos e outro ao Orfeón Eslava e a tódolos que contribuiran ao esplendor da serán.

A BETANZOS

Saú, nobre doncela, casta e pura,
Tan limpa cal d´os mares ó cristal;
Saú, terra d´as lendas de ventura,
D´hestoria si valente, virxinal.
Ti, ll´inspirache notas de dozura
A miña lira que das sombras sal,
Y-o peito agradecido, eu te procramo
A musa d´ó meu númen, porque te-amo.

Eu tiña eiquí, n´o cráneo rebulindo
Ideas d´ambiceón, soños de gória;
D´a y-alma en huracás iban sobindo
Cousas…n´as sei…magoándom´á mamoria;
Busquei chorando, y-alcontrei sorrindo
Mais prá m´elevar, n-a tua hestoria…
¡Betanzos, ei me tés, tomam´a vida,
S´ainda eisisto por ti, tua y-é quirida.

N´a miña testa d´o loureir´ó ramo
De prata xa entre fios verdeguea…
N´o murcharei, ch´ó debo, e pois xa t´amo
D´ cantos deitará n´a miña idea.
O bardo homilde son, e asin m´o chamo,
Qu´agoniño en escura, ingrata aldea,
Mais sint´o corazón forza tan grande
Qu´ó mundo eu rolarei, s´hay quén m´ó mande.

Cantéi ós láudos d´a tu´edá pormeira
Que santa inspiraceón dóume teu nóme
Un héroe fun, queimándom´a lumeira
Qu´a Pátrea fai cand´os aceiros come.
D´as tuas tradiceós seguind´a beira
Neno finxime y-alcontreime home…
Y-é que d´a «Libertá» y amo as presas
E ódeo coma ti, servas cadeas.

Tiranos xa n´os hay, e o despotismo
A crench´asconde qu´anonciab´a guerra
Teberio e Bonaparte, aló, n´o abismo
Dormen cobertos d´olvidada terra.
Morre Sagunto c´ó exemplar heroismo
E Roma frida po-lo orgullo berra…
¡Atrás, atrás, despótecos dó «Grobo»
Hoxe n´hay mais qu´un «Rey» é ist´é o Pobo.

O pobo, sí, mais nón pobo enganado
Por mintireiras frases e promesas:
Eu quer pobo filís, dinificado,
Con pan n´os hórreos, gando n´as devesas.
Sin «caciques» qu´o tornen maleado,
Sin «xentes» c´ó soballen nas eirexas,
Qu´hay homes de proterva semonía
Qu´ó pobo, en ves de paz, danll´anarquía.

Mais non, qu´ó mondo segue-ó derroteiro
D´a santa ley qu´escravos xa os liberta.
Honor a Lavigerie-e seus parceiros,
Y-ó Pápa León Trece, dóce aperta.
Os capataces fóronse larpeiros
Y-ó mund´ós negros ten a port´aberta
Qu´a múseca d´ó Ceo, piedosa e grata
Mat´ó chasquer d´ó látego d´a trata.

E volv´a tí, Betanzos, nai amante
Que m´enches d´ilusiós á fantesía,
Que saturach´en brisa refrescante
A y-alma qu´en queixumes se morría
Chegar anseaba este filís istante
Pra te dicir en berros d´aligría
Gráceas, ¡Ou dona, m´inspirar quixeche
E gória dar á miña ben soupeche!

Y-ó cruzar d´os teus montes os verdores
Sintid´aturuxar con vós garrula
Os rapaces qu´ó vent´ós seus amores
Confian, cal seu canto triste rula;
Y-o sintir que dá vida ós seus calores
Vans´có-a neve qu´ó tempo desemula,
Direill´á Dios: —Eiquí morrer deseo
Qu´esta terra, Señor, terra é d´ó Ceo.

D´hoxe teu fillo son, querme naiciña
Nai meiguiceira me bicar consintas,
Quéu morro ¡ay Dios! por m´amarrar axiña
C´as d´a terneza tu-as soáves cintas.
E s´un dia sofrente d´a morriña
Lonxe de tí non vex´as tuas cintas,
Lémbrame ¡ou nai! qu s´é qu´eu vóu á Groria
Os santos contar-heilles tua hestoria.

Po-lo que atinxe a este poema, hai unha nota, engadida po-lo autor, pra entender o sintido d´as outavas 5ª, 6ª e 7ª que dí:

> Cando en soléne aodencia foi recebido n´o Vaticano o iscraricido Patréarca Cardenal Monseñor Lavigerie, o noso Santo Padre S. S. León XIII anemou aquel insigne homanista co-as siguentes palabras:
> «Vede se podedes saír adiante n´a vosa campaña antiescravista. Dirixidev´os-pra ló, á opinión púbrica e buscando o seu apoyo, por que realment´ela y-e a señora d´o mundo».

O diario *El Mendo* publicóu este, o seu poema, e outros que os poetas de Betanzos lle brindaron. Así mesmo déu a coñecer o que lle adicara o homenaxeado ao Orfeón, que é o que segue:

ODA

¿Que vis faguer eiquí? ¿que meiga ou fada
Guindou seus ecos, qu´as manseos d´o eter,
Sobrimes, inspírados,
Cicaís foron roubados
Pra-entolecer a mente desxeitada?
¿Vos deron as Orcadas seus acentos?
¿Ou Sirenas prestáronv´os seu canto?
Eu sinto-a -o vos oubire
N´a-y-alma rebulire
Trestezas e aligrías, risa e pranto
Queixumes de paseón, sopro devino.
Vexo d´a nena-o-amorós´encanto
O bico-o recebir d´o seu amado,
E-as penas ll´adevino
Se ve q´ó curazón foi enganado.
Oubo d´o demo-a gargallada empía
Qu´a gorxa-ó vento dá, cand´argulloso
A sua garra fría
N´o esprito cundanado, presoroso
Crava ferós con tetre´aligría.
E sinto d´os arcanxes seu sosurro
Qu´ó pé depoñen dó *Siñor* o tron,
En harmoneosos himnos virxinaes
D´os homes lle pidind´a salvaceón.
Todo isto sinto, vexo e m´anamora,
Oubind´a vosa voz arroladora.

Euterpe, hirmá xemela
E´a musa que me dou a poisía
Para cantar en narraceón sinxela
Epopeia brilante cal estrela
Aoxileado por Clío e por Thalía.
Euterpe eu te saudo
E con lingoaxe rudo
O teu altar alevo un pouco esprego,
Pois á cantar non chego
Co-a miña voz sin ecos nin cadencia,
Tanta sobrimidá qu´hay n´a tua cencia.
Facéde-o por min, vos, orfeonistas.
Qu´a-y-alma agradicid´antuseasmada
A o coro d´o que xa sodes artistas
Rindid´as gráceas dá n´ista velada.

Rondalla, Orquesta, e tí *popular Banda*
Que quixeches tamén me dar albricia
Seu aplaoso vos manda
O máis amante fillo d´a Galicia;
Qu´o fin de sepoltar o *Centralismo*,
As filas vai, do gran *Rexionalismo*.
Poetas d´a rexión, vos ademiro
Y-en vosos pátreos cantos eu m´inspiro.
E a vos, siñores todos, qu´aunegados
Vosa cooperaceón quiséseme dar
O curazón e-a y-alma, emoceonados
Nón poiden si non gráceas trebutar,
E vos dicir que d´hoxe os meus amores
S´en alg´os tendes, vosos son, Siñores.[15]

A peza ca que imos rematar esta mostra poética apareceu unha semana máis tarde noutro numero do periodico coma peche da reportaxe encol do devandito acto. Escribíuna o autor Sr. Salinas, de xeito improvisado, tamén en agradecemento, e adicouna á prensa betanceira:

Á PRENSA DE BETANZOS
EMPROVESACEÓN

Por tolo foi nomeado
Arquimedes, ó contar,
Que tend´un punto afincado
Fóra do mundo domeado
Faría á terra virar.

¡Por tolo!…torp´opineón
D´as turbas sempr´inconstantes:
Tolo, chaman á Colon,
A Galileo, A Cervantes
Sócrates é Cicerón.

E-un as terras descobrindo
Y-outros demostrand´a cencia
Racharon d´a intelixencia
Névoas qu´a viñan cobrindo
D´iñorancia e d´indixencia

Y-en troco d´anceos tan cheas
D´aunegación tan sobrime,
Co-a cicuta ún se redime
Y-os demaís, ferro e cadeas
Os asisina e oprime…

¡Iñorancia sempr´inxusta
D´os agoiros ind´en pos!
Dobleg´a tua test´adusta,
De tí-ó frente tes un Dios:
¡A *prensa* conscient´e xusta!

Ela xenerosa e franca
As superticeós t´arranca
E renov´o teu enxenio
Co-a viutereósa palanca,
Non d´Arquimedes, d´o xenio.

Ela t´insin´á pensar
Y-o lembrala, non risisto
As suas conquistas cantar…
Sol´fixo mais qu´ela, Cristo
O vir ó mundo á salvar.

—

Eiquí, país feiticeiro
Qu´ispir´o maxín que pensa
Niste ceo tan garruleiro
Dina tedes unha *prensa*
qu´honr´o pobo betanceiro.

Amála,- y-e obligaceón,
Sostentála, cas´urxente
Dántes que d´o temp´o són
Vexades neve n´a frente
Que vos xel´o curazón.

E póis *ela* dóume aberta
D´a grórea-a porta, por certa
Historea d´os tempos ranzos;
A ver..¡quen me da unha aperta
Po-l-a *prensa* de Betanzos![16]

NOTAS

[1]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Censor*:1 diciembre 1883]
[2]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*Las Mariñas*: 20 mayo 1886]
[3]<http//hemerotaca.betanzos.net>[*O Antroido*: 17 febrero 1887]
[4]<http//galiciana.xunta.es>[*A fada dos montes*]/<http//hemeroteca.betanzos.net>
[*A Fuliada*: 5 mayo 1887]
[5]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*A Fuliada*: 9 junio 1887]
[6]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*A Fuliada*: 29 julio 1887]
[7]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Escobón*: 22 septiembre 1888]
[8]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Escobón*: 27 octubre 1888]
[9]<http//hemeroteca.betanzos.net>[¡*Ya somos tres*!: 16 mayo 1889]
[10]<http//hemeroteca.betanzos.net>[¡*Ya somos tres*!: 29 agosto 1889]
[11]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Valdoncel*: 14 abril 1890]
[12]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Mendo*: 18 junio 1890]
[13]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Mendo*: 4 septiembre 1890]
[14]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Mendo*: 4 octubre 1890]
[15]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Mendo*: 22 octubre 1890]
[16]<http//hemeroteca.betanzos.net>[*El Mendo*: 29 octubre 1890]

AGRADECEMENTOS

A Alfredo Erias Martínez, director do Museo das Mariñas, da Biblioteca e Arquivo Municipais de Betanzos e do Anuario Brigantino, e tamén ós seus colaboradores, Hermita e Xosé María, pola axuda, amabilidade e pacencia sempre recibidas. A Francisco Vales Villamarín quen agasallou ó Arquivo Municipal de Betanzos coa súa colección dos antigos xornais da cidade, que foron a fonte necesaria para levar a cabo o pesente traballo de investigación. E neste punto, dicir tamén que xamais agradeceremos dabondo a Alfredo Erias o ter creado, para uso de todos, a web da Hemeroteca Municipal de Betanzos.

OMNIBUS DIARIO
Carrera de la Coruña á Betanzos.
EQUIPAGE.
Baul
Maleta
Saco
Sombrera

Foto dun billete do «OMNIBUS DIARIO» da *«Carrera de la Coruña á Betanzos»* (1840), xentileza de Lucía Golpe González.

Oliveira Guerra ao encontro da Galiza

XESÚS TORRES REGUEIRO*

«Pátria da minha Pátria, a Galiza...»
(Manuel Oliveira Guerra)

Sumario
Aproximación á vida e obra do escritor portugués Manuel Oliveira Guerra (1905-1964), moi vencellado a Galiza e á súa cultura, fundador e impulsor da revista *Céltica* (1960-1961) e promotor do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses para fomentar as relacións culturais entre Galiza e Portugal.
Abstract
Approach to the life and work of the Portuguese writer Manuel Oliveira Guerra (1905-1964), very close to Galiza and to its culture, founder and impeller of the magazine *Celtia*, (1960-1961) and promoter of the *Circulo de Estudios Galaico-Portugueses* to promote the cultural relations beteween Galiza and Portugal.

I. NOTICIA DE OLIVEIRA GUERRA

Manuel Oliveira Guerra naceu en Oliveira de Azeméis (concello tamén do famoso novelista Ferreira de Castro, de quen visitamos a súa casa natal en Ossela) en 1905, fillo dun operario vidreiro da Marinha Grande que se instalou como industrial do ramo naquel Concello. Curiosamente, a serea da fábrica de vidro «escóitase» (escóitaa o emigrante que parte) no romance *Emigrantes* de Ferreira de Castro. Dende a infancia Oliveira viuse acometido por unha doenza ósea que obrigou ao seu internamento nun sanatorio especializado en Valadares, no concello de Vila Nova de Gaia, arredor dos once anos. No establecemento sanitario pasaría nada menos que once anos da infancia e xuventude, realizando alí algúns estudos (apenas ata 2º curso de Liceo, sendo a súa formación autodidacta), publicando poemas, redactando un pequeno xornal e entrando en contacto coa cultura galega da que ficou enormemente apaixonado a través da leitura de xornais galegos que alí lle chegaban. Rosalía moi especialmente (retratos seus figuraban na súa casa en sitios de honra), Curros e tamén outros escritores galegos do momento formaron parte das súas leituras e devocións.

En 1924 funda no sanatorio *O Gira-Sol*, subtitulada «Folha literaria dos internados do ´Sanatorio Marítimo do Norte´ Valadares-Gaia». Será director e editor da publicación que posteriormente pasará a denominarse *O Girassol*, con leve cambio na grafía. Aínda por 1955 voltará a dirixir esta publicación, tan vencellada aos seus anos xuvenís, por razóns sentimentais e saudosas.

Á saída do sanatorio integrarase na empresa familiar para desempeñar xestións administrativas durante varios anos. Nunha visita oficial do xeneral Carmona e a súa casa militar ao Centro Vidreiro do Norte será Manuel quen reciba á primeira autoridade en representación do seu pai Augusto Oliveira Guerra.

*** Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos destes publicados no *Anuario Brigantino* dende 1983.**

Oliveira Guerra nun retrato de mocedade.

Casou novo Oliveira en 1928 con María Emilia Santos Teles. Axiña chegaron catro fillas unha tras doutra. Ademais, a empresa familiar e as viaxes por Europa e América do Sul, a subseguinte desaparición da empresa da órbita familiar, o verse desherdado e a obrigada dedicación ao comercio para subsistir... fixeron que a literatura e a paixón galega ficaran adormecidas durante anos. Tivo que ver tamén o escándalo que provocou e o desgusto familiar polo seu primeiro poemario *Padre… Nosso*, na liña crítica de Guerra Junqueiro e quizá dalgúns poemas do noso Curros.

Establecido no Porto, na rúa Pinto Bessa n.º 603, cun comercio do mesmo ramo que a fallida empresa familiar, foi esta actividade a que mantivo o resto da súa vida. No baixo da mesma casa onde moraba atendía o seu negocio de vidros. Só nos últimos anos voltou á literatura publicando en edición de autor varios libros, comenzando pola reedición da súa «escandalosa» obra prima e seguindo polo poemario *Ave Maria*, os contos de *Caminho Longo*, os poemarios *Algemas* e *Coisas desta negra vida*. Son os anos tamén da súa dedicación a Galiza, coa creación en 1960 do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses, que non pasou de interesante proxecto ben intencionado, e o gromo deste: a revista *Céltica*, «Caderno de Estudos Galaico-Portugueses», ambas iniciativas desaparecidas coa súa morte inagardada, ocorrida no Porto o 5 de xuño de 1964 aos poucos días de regresar de Nova Iorque, onde estivera a visitar a unha das fillas e fora homenaxeado pola Casa de Galicia desa cidade. Contaba 59 anos de idade.

Aínda que na actualidade a figura de Oliveira estea inxustamente esvaída entre nós, no seu momento foi un persoeiro estimado e querido na Galiza entre a xente da cultura e ben tratado polos medios de comunicación escrita. A súa morte foi moi sentida naquel tempo no que non sobraban publicacións culturais abertas á nosa lingua e cultura e persoas que pularan polo intercambio e irmandamento cultural entre Portugal e Galiza. Algúns xornais (*El Progreso*, *La Voz de Galicia*...) deron a mala nova do seu pasamento e foron varios os persoeiros que fixeron chegar o seu pésame á familia (Celso Emilio Ferreiro, Juan Naya, Leandro Carré, o alcalde da Coruña Sergio Peñamaría, Manuel Peña, Álvaro Paradela, Camilo Agrasar, Xosé Alexandre Cribeiro...), tal como consta no libro póstumo *Escritos. Dois Contos e Alguns Poemas*, que reproduce algunhas desas comunicacións lutuosas.

Cómpre chamar a atención sobre este home, auténtico namorado da Galiza, e sobre a súa obra de aproximación cultural entre os pobos galego e portugués que, por historia, cultura e lingua común nunca deberan darse de costas e si ollarse de fronte, fecundando mutuamente a semente das orixes comúns.

No pasado 2005 cumpriuse o centenario do nacemento deste grande amigo da Galiza, que lamentabelmente pasou case inxusta e completamente esquecido entre nós. Apenas unha urxente nota de lembranza que lle dediquei no semanario *A Nosa Terra*, complemen-

tado con outra logo na revista *A Xanela*, e un traballo de Concepción Delgado no *Anuario Brigantino* 2004 (publicado en 2005), foi todo o que vimos naquel momento[1]. Posteriormente, a finais do 2006, Fernando Díaz-Castroverde publicou un traballo na revista *A Trabe de Ouro*[2] e outro Carlos Quiroga na revista *Agália* [3]. E teño que dicir que o meu coñecemento de Oliveira Guerra e a súa obra, case nulo antes do seu centenario, chegoume por intermedio da súa propia filla, a poeta Maria Virgínia Monteiro, a máis interesada na vindicación de seu pai, que entrou en contacto epistolar comigo a través do común amigo Montezuma de Carvalho e logo devolveume en Betanzos a visita que eu lle fixera na súa casa, fornecéndome máis información da xa exhaustiva que me enviara por correo. Ademais, combinamos para que se distribuíse na Galiza o pequeno fondo remanente daquela engaiolante aventura editorial que foi a *Céltica* «Cadernos de estudos galaico-portugueses» a través da Asociación Cultural Eira Vella.[4]

Caricatura de Oliveira, asinada polo seu amigo Amarelle en 1925, que aparece nas súas primeiras obras.

Entre nós botamos en falta a Oliveira e, aínda máis a revista que creou e nos fai seus debedores, en publicacións e obras de consulta nas que non debera faltar: enciclopedias, manuais e catálogos de publicacións literarias, etc., algúns ben recentes. Descoñecemento, ingratitude e desleixo son as palabras que se nos ocorren. Pola banda portuguesa o descoñecemento correu parello, apenas paliado ultimamente polos esforzos de Maria Virgínia e, no que toca á revista *Céltica,* polos interesantes traballos de Cristino Cortes.[5]

Céltica cítase a veces erroneamente como *Céltiga*, quizais porque este título ten máis sona nas nosas letras. Lembremos a colección así titulada que se publicou nos anos vinte

---

[1] X. Torres Regueiro: «O centenario esquecido de Oliveira Guera», *A Nosa Terra*, n.º 1.185, do 21 ao 27 de xullo de 2005. Do mesmo autor: «No centenario do seu promotor. Oliveira Guerra e a *Céltica*», *A Xanela*, Outono 2005, n.º 20. Concepción Delgado Corral: «Manuel Oliveira Guerra e a revista *Céltica* no camiño da irmandade galego-portuguesa», *Anuario Brigantino* 2004, n.º 27, Betanzos, 2005. Na mesma publicación (AB 2003, n.º 26) ocupouse da poesía da súa filla Maria Virgínia.

[2] «U-la Atlántida?: Céltica. Caderno de estudos galaico-portugueses. (50 anos de oprobio)». *A trabe de ouro*, tomo IV, ano XVII, Outubro-Novembro-Decembro 2006.

[3] C. Quiroga: «Oliveira Guerra, escritor e intermediario». *Agália*, Publicaçom internacional da Associaçom Galega da Lingua, nº 85/86, 1.º semestre 2006.

[4] Esta entidade lembrou en 2008 a Oliveira Guerra traendo a Betanzos unha exposición itinerante e celebrando unha charla sobre el, por conta de Fernando Díaz-Castroverde e de min propio.

[5] «Uma aventura literária há 40 anos: a Céltica de Oliveira Guerra» e «Os poetas da ´Céltica´: breve apresentação a 40 anos de distância», na revista *Mealibra* de Viana do Castelo n.ºs 14 e 15, Verão e Inverno de 2004 e a seguir no suplemento literário do jornal *O Primeiro de Janeiro* a, respectivamente, 14, 21 e 28 de Março e 11, 18 e 25 de Abril de 2005. A segunda parte, no que se refire aos poetas galegos, conta coa colaboración de Concepción Delgado.

ou a revista que se facía na emigración arxentina tamén por eses anos. E porque *Céltica* non é suficientemente coñecida. Mais o seu creador chamoulle *Céltica* pois Oliveira sentíase céltico, integrante e descendente dun territorio e cultura que quizais se corresponda coa antiga Gallaecia. Para el, a Galiza era unha continuación natural das súas terras durienses.

II. OLIVEIRA GUERRA, POETA

Nos anos hospitalarios escribiu Oliveira os seus primeiros poemas, publicados en periódicos locais. En 1932 vai aparecer a súa obra prima, *Padre... Nosso*, conxunto de sonetos satíricos, nunha liña de denuncia dende o cristianismo da hipocrisía relixiosa e das xerarquías eclesiásticas. O tema está na tradición dun Guerra Junqueiro, imitado entre nós por Curros Enríquez. O poemario é un pequeno libro cunha capa ilustrada por Tom e dentro inserta unha caricatura do autor por Amarelhe [6] e un prefacio de Ramada Curto [7]. Di este:

> Os versos d´este pequeno livro são versos de comete, principalmente. Sente-se n´elles a atitude combativa, violenta, d´um homem novo que detesta as coisas falsas, as imposturas, as mentiras convencionaes. Eu creio que o autor, sendo, porque o é, um poeta, não pode deixar de ser um espiritualista — quer dizer, uma sensibilidade que, principalmente, aprecia os valores do espírito. E exactamente porque os aprecia, tôdo se indigna e se revolta, contra os homens e as instituições que os atraiçoam. E, assim, nestes versos onde se fala em Cristo e na sua bondade, na sua piedade infinita pelos humildes, pelos pobres, pelos vencidos, combatem-se violentamente os padres. Está certo e é lógico.

Logo de sinalar a Junqueiro como precursor e mestre de Oliveira, considera a actitude do mozo poeta:

> Há por vezes n´esse ataque rancor? É natural. Pode-se amar o Cristo e detestar os falsos apóstolos. Eu julgo até que esses dois sentimentos se excluem. (...) Mas o escritor, o poeta, que emprega o seu zelo a flagelar ´os escribas e os fariseus hypocritas´ é, pelo menos em Portugal e n´este momento, d´uma grande utilidade. Porque os escribas e os fariseus, hoje triunfantes precisam de umas satíricas que os fustiguem...». Nesta presentación que sinala «a aparição d´um novo de valor nas letras portuguesas», Ramada sinala os trazos do poeta: «Tem energia, ritmo, vivacidade, colorido, ironia, talento emfim.

Ábrese o poemario cunha «Oferta» que é outro soneto que comeza deste xeito:

Aos pobres e oprimidos ofereço
O magro feixe destes versos meus;
E, se a ofrenda lhes apraz, eu peço
Que a guardem e amem sem temor a Deus
(...)

Algúns títulos dos sonetos desta primeira obra indican dalgún xeito o contido: «Resignação», «Se Jesus voltasse», «Milagre», «Visita Pascal», «Excomungados», «Vida Santa...», «A Excomunhão»...

---

[6] Quizais se trate do caricaturista portuense Américo da Silva Amarelhe (1892-1946).

[7] Amílcar da Silva Ramada Curto (Lisboa, 1886-1961). Figura popular do meio teatral e jornalístico lisboeta da primeira metade do século XX, advogado e jornalista. (Ramada Curto. In Infopédia [Em linha]. Porto: Porto Editora, 2003-2008. Consult. 02-04-2008.)

Parece que os sonetos foron escritos nun breve período de tempo: do 6 de agosto ao 15 de setembro de 1932, segundo fai constar na portada interior e como acreditará o propio autor nunhas verbas limiares anos despois ao reeditar a obra:

> Mas um dia, subitamente, apareceu-me alguém que fazía vida jornalística e vagamente editorial e que, lendo por casualidade um soneto meu de feição um tanto caustica e sabendo duma rasoável facilidade de que eu dispunha para realizar peças daquele jaez, me manifestou (não sei com que sinceridade ou com que intenções de me aliciar para umas concessões de publicidade que ele de mim pretendia) o desejo aparentemente muito sincero de me editar um volume de sonetos que estivessem mais ou menos dentro daquela feição satirica do que eu lhe deixar ler.
>
> Predisposto a aceitar a sugestão, embora ela não se inscrevesse no àmbito da minha arquitectura literária, escrevi de 6 de Agosto a 15 de Setembro de 1932 este pequeno livro, que, falhando depois o promitente editor nem porisso deixou de entrar na oficina, e quando foi posto à venda já estava preparado outro que deveria seguir-se-lhe.

Oliveira refirese nesas verbas limiares á libraria lisboeta de Silva Pinto como responsábel da primeira edición que non coñecemos. A publicación da obra, que se vai esgotar en dúas semanas, abrirá unha polémica entre dous xornais (*Correio de Azeméis* e *Opinião* de Águeda) e traeralle ao autor problemas relixiosos e políticos, e sobre todo familiares, ocasionando un enfrontamento co pai. Este faralle prometer o abandono das actividades literarias e deste tipo de obras, cando xa estaba a preparar unha segunda que levaría o título de *Ave Maria* e que ficará inédita por espazo de case tres décadas. Os desexos que expresara Ramada Curto no prefacio, de «Que a sua musa depois de se saciar de ironia e de sátira, tente as azas para mais alto», terán que agardar case trinta anos para obter confirmación.

Vai ser nos derradeiros anos da súa vida, xa coas fillas maiores, cando retome a actividade literaria logo dun interregno de vinte e oito anos dende a publicación do *Padre... Nosso*. A reedición desta obra en 1960 vai inaugurar unha serie de publicacións, poéticas na súa maioría.

Como descoñecemos a forma física da primeira edición fixarémonos na segunda, que vai imprimir no Porto na Tipografia Mendonça (Rúa Jorge Viterbo Ferreira, 12-2.º). Logo da caricatura de Amarelhe, explica en cinco páxinas a historia do poemario e as razóns da reedición: «O meu caso». Mantén o breve prefacio de Ramada Curto «Dúas palavras» e, a continuación, insírense trinta e nove sonetos, que reparten o texto en dúas páxinas: os

cuartetos na impar e os tercetos á volta da páxina par. Quizá como estratexia tipográfica para darlle máis corpo ao pequeno volume.

Nese mesmo ano aparecerá *AVE MARIA*, frustrada na súa publicación en setembro de1932, data que figura na portada interior. A estética e disposición do libro, impreso no mesmo obradoiro, é a mesma que a do primeiro, repetindo tamén a caricatura do autor de corpo enteiro por Amarelhe e incluso o deseño da portada, da autoría de Tom.[8]

Cincuenta sonetos precedidos por un poema inicial «Maria», dedicado a «Maria de Nazareth, / maravilhosa mãe» que «É a coisa mais rara / que Deus ao mundo deitou...» e «o que me faz cristão / e poeta também...» Pódese dicir que os dous forman unha obra unitaria, compartindo temática, intención e ironía. Libros xemelgos, xa dende a capa.

Nas palabras xustificativas da reedición de *Padre... Nosso* explica Oliveira Guerra:

> Regresso então à juventude. Retomo este livro e faço-lhe uma segunda edição que há 3 dezenas de anos não quis fazer. Publico ao mesmo tempo o que se lhe devia ter seguido e nunca foi publicado. Faço pequenas tiragens, para oferecer a alguns amigos, dos dois pequenos e maus volumes, que eu não escreveria hoje, mas que não renego. ¿Deverá um Pai queimar um filho porque ele nasceu aleijado?

Ao ano seguinte, 1963, dará á imprenta tres libros: os poemarios *Coisas desta Negra Vida* e *Algemas*, e *Caminho Longo*, este unha colección de contos autobiográficos que teñen por protagonista ao propio autor na súa infancia. Toda esta produción, sobre todo poética, revela que en realidade Oliveira Guerra nunca deixara de escribir. Aínda que se teñen dado para algúns deles as datas de edición de 1960 e 1962, o certo é que os tres levan o retrato do autor polo seu amigo Carlos Carneiro, asinado en 1963, e este é o único dato que permite datalos.

Despois da súa morte, van aparecer por iniciativa da súa filla Maria Virgínia Guerra (tamén poeta, asinando Maria Virgínia Monteiro, e empeñada no rescate literario de seu pai[9]) tres libros, polo momento: *Esta cidade que eu amo* (1998), *Escritos: Dois contos e alguns poemas* (2002) e *Caminho Longo. Antologia de Sonetos* (2007). O primeiro é unha homenaxe á cidade do Porto e recolle poemas dos anos cincuenta e sesenta. O segundo recolle dous relatos e unha antoloxía de poemas de todos os seus libros, ademais de «Inéditos e Dispersos». O terceiro, co mesmo título que o libro de contos aparecido en 1963, é unha selección dos sonetos publicados en vida do autor e algúns outros inéditos.

---

[8] Thomaz José de Mello (1906-1990), pintor, deseñador, decorador e artista gráfico, case da idade de Oliveira, é unha referencia na arte pictórica en Portugal. En 1932 abriu con António Pedro a primeira galería de arte moderna en Lisboa, a UP.

[9] Maria Virginia é autora dos poemarios *Mulher de Loth* (1992), *...Ribeiro, teu indício* (1995), O *Silêncio Todo* (2000), *as cinzas e as brisas* (2002), *Ce quelques lettres Portugaises* (2002), *Precário registo* (2003), *As palavras, este canto, este rio* (2004), *Poemas imperfeitos* (2006), *som in/verso* (2008), *...nesta luz que a tarde esfria* (2009), *Longo é o Tempo* (2010), *Voz submersa* (2013), *Canto Quântico* (2014). Todos eles recollidos en *Obra Poética* (2016), a celebrar o 85.º aniversario da autora.

COISAS DESTA NEGRA VIDA (POEMAS) foi como todas as súas unha edición de autor. Figura como publicación das Edições da «Céltica», con enderezo na rúa portuense de Pinto Bessa, 603 (o domicilio do autor) e impreso na mesma oficina tipográfica de São José, sita na rúa de Alexandre Herculano da cidade do Porto, na que vai imprimir todos os seus libros. A única datación é a que figura ao pé do seu retrato, asinado por Carlos Carneiro en «963». A capa ten unha tipografía a dúas cores: vermella e negra; xogando así co título: a palabra negra vai nesta cor e as outras do título en vermello. É un poemario de 128 páxinas cun total de 91 poemas repartidos en dous apartados: «Aguarelas» (33 poemas) e «Carvões» (58 poemas), ademais dun tríptico inicial dedicado á Poesía, é dicir, á súa concepción da palabra poética. Negra coidaba Oliveira que fora a vida para el, ou polo menos determinados episodios da súa vida. Sen embargo, os poemas do primeiro apartado son máis ou menos ledos e versan aspectos da vida cotiá, da rúa e personaxes populares, da paisaxe... En moitos deles abandona o soneto e adopta formas máis tradicionais. En tanto, os do segundo apartado revisten aspectos máis comprometidos e de crítica social, mantendo na metade deles a forma do soneto mentres que na outra metade adopta formas variadas.

ALGEMAS (POEMAS) comparte co anterior características físicas e técnicas: edición de autor, no mesmo obradoiro, o mesmo retrato por Carlos Carneiro, a mesma dedicatoria: «A vós todos, os que tendes por mim alguma estima, ofereço humildemente este livro sem outro merecimento que não seja o da sinceridade emocional que o ditou.»

«Algemas» ten o significado de grillóns ou esposas e de opresión nun senso figurado. Ábrese cunha especie de autocita:

Algemas, desapertai-vos
e dai-me a liberdade
da asa que voa
em plena claridade...

Algemas, desapertai-vos...

E un poema, «À procura», no que o autor confesa:

— Ando à procura de mim,
que sou o mais dificil de encontrar...

O poemario, cun total de 124 poemas, aparece repartido en dúas seccións: «Gôndola negra», composto de 33 sonetos, e «Batel perdido» con 91 composicións nas que o autor abandona totalmente a forma do soneto. Boa parte dos títulos dos poemas son ben indicativos (se temos en conta a «sinceridade emocional» que reclama nos seus poemarios) do estado de ánimo en que transcorreu unha boa parte da vida do autor: «Desalento», «Tristeza», «Sem rumo», «Que importa?», «Cansaço», «Medos», «Para quê...?», «Não me importo», «Andas, Tristeza», «Monólogo», «Fatalidade», «Insónia», «Ausente de mim», «Indiferença», «Quando tu chegas, tristeza», «Não sei o que tenho», «Tristeza longínqua», «Esperança morta», «Amargura». Ou o premonitorio «Fim permaturo». «Sempre fui triste sem saber porquê» comeza un destes sonetos nos que o autor se ispe e nos amosa as súas emocións e sentimentos máis íntimos.

Para o crítico portugués Ramiro Teixeira é este o libro maior de Oliveira Guerra,

> principalmente os sonetos que inclui, obra onde mais visivelmente se *sente* a singularidade do autor, ainda que subordinada à tentativa de afirmação de ser, mas, em todo o caso, liberta já do estilo ou temática Junqueirista, que me parece ter-lhe servido de modelo nas publicações iniciais.

Un dos receptores en Galiza da poesía de Oliveira Guerra foi en 1963 o entón mozo poeta Manuel María, quen nun artigo no xornal lucense *El Progreso* [10] analizou someramente tres libros de poesía que lle enviara o autor: a segunda edición de *Padre... Nosso*, *Coisas desta negras vida* e *Algemas*. O primeiro é para o poeta chairego un libro «asombrosamente actual» trinta anos despois da súa aparición, «cuando todavía no se hablaba ni remotamente de poesía social o de literatura comprometida». Emparenta esta obra coa de Guerra Junqueiro e con boa parte da poesía galega (Rosalía, Curros, Cabanillas..., e o coetáneo Celso Emilio Ferreiro). O segundo segue en parte a liña poética comezada no anterior, mentres outra parte do libro é «esencialmente lírica». *Algemas* «es un volumen que se abre todo él hacia la intimidad del poeta. Es un libro de poemas lírico, tremendamente subjetivos en los que sentimos latir un corazón humano que va herido por todas las tristezas del mundo y deslumbrado por la belleza de la Creación.». Na reseña amistosa do poeta chairego

> Manuel de Oliveira Guerra es un poeta formalista en el sentido de que sigue apegado a las viejas formas métricas y gusta poco del verso libre que ya ganó su batalla definitiva en el campo de la expresión poética. A pesar de esto su poesía es viva y actual. Lo de menos es la forma que adopte la poesía. Lo importante es que los versos tengan auténtica emoción. Un libro de versos o es poesía o no la es. Este es, simplemente, el problema. Y Oliveira Guerra es un verdadero poeta. Un delicado y finísimo poeta lírico que pone, a veces, en sus versos una inteligente ironía. Gusta el poeta portugués del uso del soneto que de su pluma salen con una suma perfección. Los sonetos de Oliveira Guerra son tan magistralmente perfectos que alguien lo calificó como el mejor sonetista con que actualmente cuentan las letras portuguesas. Los versos de este poeta desbordan emoción y amor. Están llenos de una inmensa comprensión hacia sus semejantes. Son, en una palabra, Poesía.

Porén, non foi, certamente, Oliveira Guerra un poeta de primeira fila nas letras lusas. O feito de publicar a maioría dos seus poemarios tardiamente e en pequenas edicións de autor escasamente distribuídas, colocábao xa á marxe do discurso poético do seu tempo. Todo iso conlevaría ao pouco coñecemento e valorización do autor dentro da literatura portuguesa, esquecido o pequeno escándalo provocado pola aparición da súa obra prima. El mesmo era perfectamente consciente desa posición marxinal como expresa neste soneto:

Eu sei poeta, que não lograrás
matar a fome negra com o talento
e que, por certo, un dia morrerás
imerso num profundo esquecimento.

[10] «Letras portuguesas. La poesía de Manuel Oliveira Guerra», por Manuel María, en *El Progreso*, Lugo, 15 de San Martiño de 1963. Os artigos de Manuel María, pagos, na prensa galega nesta época publicábanse en español por esixencia das empresas xornalísticas, como el mesmo nos ten manifestado.

Mas também sei que, se o Destino faz
mercê a alguém dum bem de que é avarento,
dessa mercê mal digno tu serás
se lhe não deres emprego e valimento.
Trabalha a tua língua con fervor
que, embora tarde, um dia o teu valor
há-de ser tido como maravilha.

... Se um diamante se perder na estrada,
há-de encontrá-lo mão aventurada,
porque entre as pedras negras ele brilha.

Coidamos que semella apropiado á sua persoa o soneto que escribiu sua filla Virgínia co título *D. Quijote* e que comeza así:

Nunca serás dos escolhidos, dos primeiros
(dos bem amados senhores do Absoluto!).
Vestido chegas de saudade, por janeiros,
e arrastas longos teus farrapos e o teu luto.

Mesmo a especie de dedicatoria presente nos tres libros de 1963 abonda nesa posición marxinal, dun escritor que se sabe pouco recoñecido: «A vós todos, os que tendes por mim alguma estima, ofereço humildemente este livro sem outro merecimento que não seja o da sinceridade emocional que o ditou.»

Esa concepción sinxela e ao mellor inxenua da poesia, está explícita neste duplo poema:

A POESÍA

I

Não se faz Poesia,
a Poesia existe.
Existe na luz do dia,
lânguida e triste.
Existe na luz da noite,
flácida ou sombria.
Existe no teu olhar
e no olhar daquele cão
que nos está a fitar.
Por toda a parte onde há luz,
desde um píncaro da serra
onde ergueram uma cruz
aos recôncavos do monte
onde rebenta uma fonte,
por toda a parte ela existe.
Não se faz Poesia,
por toda a parte ela existe.
O que é perciso é vê-la
e senti-la
e colhê-la...

II

Mas não vás atrás dela
que ela te fugirá
como esquiva donzela
que não se dá...
Tu não vás atrás dela,
porque ela te fugirá...
Espera que ela venha ter contigo
de olhar vago, indeciso,
ou com um firme riso amigo
e então abre-lhe os braços
com o teu melhor sorriso,
e então abre-lhe os braços
com toda a tua alegria,
e então abre-lhe os braços
e aceita o que te der a Poesia...

III. OUTRAS OBRAS

No poemario *Algemas* aparecen anunciados baixo o rubro «Livros a publicar» os seguintes: *Terreiro da Sé* (Poemas), *Terra Nai* (Poemas), *Terra Nai* (Prosa), *Caminho de Amor* (Poemas) e *Caminho Longo* (Impressões de viajem). Tamén ao pé duns poemas que publica no 2.º caderno da *Céltica* dise que pertencen ao «livro a publicar *Grilheta*», aínda que entendemos que este título ben podería ser mudado en *Algemas*, de significado similar[11]. Ningún dos anunciados en *Algemas* chegaría a publicar o autor. Aínda que si publicou ao mesmo tempo que aquel poemario o libro de relatos *Caminho Longo (Contos)*.

CAMINHO LONGO (CONTOS) aparece tamén, como os poemarios que o precederan, en 1963 mantendo as mesmas carácterísticas físicas e técnicas daqueles: capa con estética similar, edición de autor camuflada como Edições da «Céltica», editado no mesmo obradoiro portuense, o mesmo retrato por Carlos Carneiro, a mesma dedicatoria que xa reproducimos reclamando a «sinceridade emocional» como único mérito.

Trátase dunhas lembranzas de infancia e comezo da adolescencia narradas en terceira persoa. Comeza falando dos antepasados máis próximos ao non poder, como sería o seu desexo, ir máis atrás no tempo á procura do «filão longínquo dos que deram este sangue que corre nas minhas veias…»:

> Encontrei deles a saudosa lembrança, a fazenda e a família (minha avó D. Rosa, minha mae e minhas tias, tios-avós e primos) e não podendo falar dos que não conheci, apeteceu-me dizer alguma coisa dos que viveram no meu tempo e com os quais privei, alguma coisa insignificante àcerca de gente insignificante, mas que contém o meu mundo de afecto, de crítica e penumbrosa tristeza.

O protagonista, Manuel Gomes «o Manecas», é o propio autor: «Também falo de mim mesmo e doutros que vieram ao encontro da minha infância e da minha adolescência…». O autobiográfico fica patente na ocupación do pai do protagonista (operario cualificado convertido en empresario) e no ingreso do neno no hospital aqueixado do Mal de Pott e o longo tratamento de Helioterápia. Remata a obra cunha primeira experiencia erótica e o espertar á sexualidade do Manecas.

IV. OS LIBROS PÓSTUMOS

ESTA CIDADE QUE EU AMO aparece en 1999 recollendo quince poemas dedicados á paisaxe e ás rúas do Porto, a cidade que Oliveira habitou durante tres décadas. No interior o título acrecéntase co subtítulo «O poeta e a cidade (Porto – anos 50/60)» que enmarca cronoloxicamente os poemas. A capa é unha acuarela de Abílio Guimarães, quen asina tamén oito deseños no interior. Incorpora tamén o sempiterno retrato de Oliveira polo seu amigo Carlos Carneiro. Un texto de «Abertura» vai asinado por Salvato Trigo, mentres que unha nota biográfica do autor e «Alguns depoimentos, de 1960 a 1963, sobre Céltica – Cadernos de Cultura Galaico-Portuguesa» fechan este pequeno volume. Estes depoimentos, que non veñen aquí moito a conto, corresponden ao embaixador de Espanha, a Juan Naya Pérez, Gonzalo Rey Alar, José Díaz Jácome e o poeta portugués António Norton. Aínda nas solapas recóllense opinións dos escritores portugueses Jorge Listopad, Alexandre Babo e Américo Oliveira Santos. Sen pé de imprenta, a edición é da propia Maria Virgínia Guerra cunha tirada de 500 exemplares.

---

[11] Grilheta.- «Grande anel de ferro no extremo de uma cadeia do mesmo metal, a que se prendíam os condenados a trabalhos forçados.» Dicionário e-Estraviz – agal-gz.org.

ESCRITOS. DOIS CONTOS E ALGUNS POEMAS publícase en 2002 cunha tirada de 500 exemplares no Jornal «*A Voz de Azeméis*». A capa reproduce un esbozo do artista Carlos Carneiro con Oliveira escribindo a máquina. Na contracapa, e sobre unha montaxe fotográfica cunha imaxe do poeta, imprímese en negativo un soneto «Incitamento» mecanoscrito e coa sinatura do autor. A coordinación e selección é de Alexandra Farela Ramos, quen é autora dunha introducción titulada «A poesia dos afectos». Hai aínda pequenos textos introdutorios da súa filla Maria Virgínia Guerra, Jorge Listopad, Salvato Trigo e de Alexandre Babo. Nun texto previo explícase moi ben o contido do volume:

> Este livro inclui dois contos, um inédito e outro publicado em Caminho Longo, alguns poemas inéditos e outros já publicados nos livros Padre Nosso, Algemas, Coisas desta negra vida, Ave Maria, Esta cidade que eu amo. Fazem ainda parte deste livro alguns outros poemas que se destinavam à publicação dos livros Terra Nai e Maruxa cuja impressão ficou inviabilizada devido à morte do autor e também os que iriam fazer parte de Passos Incertos.

O conto inédito «Por Terras de Arouca» está datado en 1942. Nun apartado «Para a Galiza» recolle once poemas: «Destino», «Criação do mar», «Galiza», «Luar em Santiago», «Cantábrico», «Núpcias», «A luz das Rías Baixas», «Noiva do mar», «Não me tentes, Corunha...», «Rias Baixas» e «Estrada de S. Tiago».

«Inéditos e Dispersos» recolle trinta e dous poemas nun primeiro apartado e quince poemas nun segundo apartado. Un último apartado «In memoriam» recolle diversos documentos (cartas de pésame, notas de prensa) sobre o autor.

CAMINHO LONGO. Antologia de sonetos de Manuel Oliveira Guerra, é por agora a última achega nese labor de recuperación do escritor. Un completo volume de 278 páxinas, editado por Papiro, editora portuense, no pasado novembro de 2006 cunha tirada de 670 exemplares. A capa reproduce, como non! o tantas veces citado retrato de Oliveira por Carlos Carneiro. A antoloxía recolle sonetos de todos os poemarios publicados e aínda dos inéditos e dispersos. Leva un prefacio de Salvato Trigo e un Posfácio de Jorge Listopad. Tivo presentacións por conta do profesor Salvato Trigo en Vila Nova de Gaia, Porto e Viana do Castelo, esta última en xullo de 2007 na que tivemos ocasión de asistir a convite da súa filla María Virgínia.

V. OLIVEIRA GUERRA E GALIZA

A paixón xuvenil pola Galiza do mozo Oliveira Guerra, alimentada con lecturas diversas, e adormecida durante anos nos que a loita pola subsistencia impúñase a outras arelas, vai reverdecer de novo na madurez da vida con proxectos ilusionantes que tentará facer realidade na medida das súas posibilidades.

A partir de certa altura Oliveira Guerra e a súa esposa acudirán con frecuencia a Galiza para que Maria Emilia fixese cura de augas no balneario de Guitiriz. Isto ocorría xa antes de 1948. Nunha carta de febreiro dese ano[12] para un amigo ausente na Suíza, Oliveira fálalle da súa paixón por Galiza, dunha recente estadía de quince días en Guitiriz e das amizades que tiña nesta vila balnear:

> Aquêles meus amigos de Guitiriz não são meus amigos: São meus irmãos, e os filhos são meus sobrinhos. Quando nos deixamos, eu venho a chorar e êles ficam a chorar. Êles fican no terreiro da casa, mudos e quêdos, e eu entro no carro com a garganta atufada de soluços e ao

[12] Carta facilitada ao autor pola súa filla Maria Virgínia Guerra e datada a «9.2.948».

chegar cá fico a contar pêlos dedos quantos mezes faltam para voltar lá – em Agosto. Nao sei, porem, se resistirei e se não irei lá passar um fim de semana a meio do tempo que falta para a nova cura de águas que têmos de ir lá fazer, eu e minha mulher…

Entre eses amigos de Guitiriz estarían a familia Martínez da casa onde paraba o matrimonio nas súas estadías e, sobre todo, José Díaz Castroverde, a quen Oliveira dedicará algúns poemas e textos.

Oliveira Guerra desprazábase á Galiza no seu propio automóbil e acompañábase dunha vella máquina Remigton na que escribía os artigos que enviaba para xornais portugueses, especialmente o *Notícias de Guimarães*. Neste ten publicado algúns falando de Parga ou de Guitiriz. Ao amigo António Pinheiro Guimarães enviaralle dende aquí unha simpática «Carta de Guitiriz» en verso, datada o 24 de xaneiro de 1958:

Carta de Guitiriz
Caro António — aquí estou
entre neves e frios parados
— que são menos custosos e rijos
que os dos nossos lados...

Aqui estou entre humildes e tristes
— na Galiza só vive a Tristeça,
vai connosco na rua, entra em casa
e senta-se à mesa...

Rosalia percorre as distancias,
vai de aldeia em aldeia
espreita os casais, pensativa,
melancólica e feia...
«Aires... airinhos...» diz ela
e o sonho divaga
e percorre a Galiza
e enternece e afaga...

Caro António, aquí ´stou
mail´a minha mulher
e esta máquina velha, Remigton
que não posso deixar ou perder
porque há mais de vinte anos que vai
a todas as partes comigo
como se fôra, entre tudo,
o melhor companheiro ou amigo...

Em São Tiago comprei
o Lorca, edição do Aguilar
que se dizia «Impossivel
achar...»

Eu calava, sabendo que o Lorca
tinha ali, para mim,
este livro e o guardava
ali, onde vim...

Caro António, aqui ´stou
calmo e triste, com êle ao meu lado,
nesta sala pequena de amigos,
escrevendo, calado...
O sol entra, mais brando que a luz
dum olhar moribundo
e lá fora branquejam as neves
... e está longe o mundo...

Frente a mim, tambem ´screve
a minha mulher.
Quando longe das filhas não cansa
de lhes escrever...
É o seu fraco, ai! de mim...
tenho às vezes ciume
como seu eu precisasse
de todo o seu lume...

Caro António, termino por hoje.
Beijo a mão à Cilinha
e mais à menina
(ela está mais gordinha?...)
e um abraço, mais outro, p´ra si
do amigo fiel
que faz versos com rima e sem graça
e se chama
Manuel

VI. A REVISTA CÉLTICA

Oliveira Guerra vai poñer en marcha unha revista cultural, titulada *Céltica* e subtitulada «Caderno de Estudos Galaico-Portugueses». Aínda na cuberta interior amplíase ese subtítulo con esta lenda: «Iniciação para a formação do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses em projecto e estudo». A organización literaria e editorial é do propio Oliveira, quen así figura na mesma portada, e ademais o enderezo da revista (Rua de Pinto Bessa, 603, Porto) é o do propio Oliveira. A «Colaboração Literária e Artística de alguns amigos da Galiza e de Portugal». O arranxo gráfico, entendemos que o deseño é moderno para o seu tempo, é de António Leite.

Foron catro os números que apareceron de *Céltica*, apenas coa variación da cor da súa capa, entre 1960 e 1961, anos complicados, con ditaduras nos dous países: Salazar en Portugal e Franco en España. O primeiro —de cor crema— debeu aparecer na primavera de 1960 (algunhas colaboracións están asinadas en marzo dese ano), o segundo —de cor

verde— no verán do mesmo ano e o terceiro —de cor azul— en decembro. O último caderno —de cor rosa— publicaríase nos primeiros días de agosto de 1961, segundo o propio Oliveira[13]. E, aínda que en 1963, Oliveira na reanudación dos seus proxectos contaba con voltar a publicar a revista (como sabemos por unha carta a Pura Vázquez), esta xa non voltaría a saír. A súa peculiar estética incluía a falla de data e numeración e unha paxinación continuada nos catro números, como unha especie de obra en proceso, facendo un total de trescentas trinta e seis páxinas. Tampouco contaba con publicidade nin figuraba ningunha caste de axuda oficial. O enderezo da revista era o propio domicilio de Oliveira, imprimíndose tamén no Porto, na Escola Tipográfica da Oficina de S. José. A revista era moi debedora dos intereses, relacións e amizades do seu coordenador. Se ben, pola parte galega Oliveira accedeu a un grupo de autores novos que terían grande transcendencia na nosa literatura, non foi ese o caso polo que respecta á parte portuguesa. Esta eiva foille botada en cara por algúns dos seus compatriotas, que o acusaron de personalismo, ferindo a sensibilidade de Oliveira Guerra.

Entendemos que, dalgún xeito, a *Céltica* viña continuar a iniciativa de *4 Ventos* «Revista lusíada de literatura e arte», publicada en Braga entre os anos 1954 e 1957 cunha dirección compartida galaico-portuguesa-brasileira. Nas dúas están presentes os Carré e Manuel María, por exemplo.

A literatura galega está presente en *Céltica* cos amplos estudos de Hugo Rocha (xornalista, autor de dous libros sobre Galiza) arredor dos poetas do noso Rexurdimento (Rosalía, Pondal, o precursor Añón) e da época das Irmandades da Fala (Noriega Varela, Cabanillas). E nas colaboracións dunha boa nómina de autores contemporáneos da revista: os irmáns Lois, Uxío e Leandro Carré Alvarellos (con estudos diversos sobre aspectos da cultura galega, a novela e o teatro), Avelino Abuin de Tembra (o único vivo actualmente de todos eles), Celso Emilio Ferreiro, Manuel María (que publica o *Auto do Mariñeiro*)[14], Pura Vázquez («Purinha», «a menina bonita de Ourense», así presentada por Oliveira), Xosé M.ª Álvarez Blázquez, Xohana Torres, Antón Tovar, Isidro Conde (traducido ao portugués do

[13] «Este projecto de Estatuto, incluído na `Céltica´que se publicou nos primeiros dias dêste mêz de Agosto», di na comunicación enviada á Segunda Asamblea Lusitano-Gallega celebrada na Coruña a mediados de agosto de 1961. En *El Ideal Gallego*, sección «Publicaciones», deuse reseña deste número o día 23 de agosto de 1961.

[14] Desta obra farase ademais unha separata. Curiosamente, Manuel María non fala de Oliveira nin da *Céltica* nas alusións a Portugal nas *Conversas con Manuel María* de Xosé M. Del Caño (Edicións Xerais, Vigo, 1990). Tampouco lle oímos nunca falar del, mentres si que se ten referido en múltiples conversas connosco, ao longo de moitos anos, a outros escritores portugueses que coñeceu e tratou.

seu español orixinal), Victoria Armesto, Xosé Díaz Jácome..., a maioría deles con textos poéticos. En castelán publican textos en prosa as irmás Pura e Dora Vázquez, José Antonio Novais, Diego Bernal, José María Castroviejo, e en verso Miguel González Garcés... Outra presenza é a dos pintores galegos Pesqueira e González Collado, dos que se reproduce obra, aínda que o ilustrador da revista é Tomás Casals Marginet, catalán afincado no Porto.[15]

cadernos de estudos galaicos-portugueses

propriedade, edição e orientação de
manuel de oliveira guerra

tel. 51929 - rua de pinto bessa, 603 - porto - portugal

No editorial do cuarto caderno da *Céltica*, «Ao que venho...», Oliveira Guerra quéixase de problemas de distribución da revista na Galiza. O cuarto volume retrasou a saída, en parte por «ter falhado pela terceira vez a máquina que devia realizar na Galiza a distribuição da Céltica, das suas separatas e de quaisquer outras edições a realizar e de eu ter considerado, e, comigo, os que consultei sobre o assunto, que era um contras-senso fazer largos dispendios em trabalhos sem o proveito de os ver distribuidos e a cumprirem a sua função». A tal fin realizará unha viaxe con Hugo Rocha a Vigo o 30 de abril de 1961, conseguindo solventar o problema da distribución e regresando así «à actividade optimista e a este *movimento em marcha...*». Froito desa actividade será o cuarto caderno que aparece en agosto dese ano.

A *Céltica* debeu ter boa acollida na prensa galega da época. Non está nas nosas mans agora facer un baleirado dos diarios galegos para ver como foi esa acollida. Sabemos que na revista *Vida Gallega* foi saudada por Manuel María (na sección «Comentarios, por M.M.»):

> He aquí el número uno de una revista portuguesa, editada en Porto, llena de entusiasmo y de interés por Galicia. La dirige el poeta Oliveira Guerra y está magníficamente presentada. / Este número nos llena de alegría y de esperanza. En esta revista las cosas de Galicia están tratadas con amor. Y el propósito de la revista, puramente cultural, es el mutuo conocimiento de Galicia y de Portugal. Las páginas de la revista se abren, generosas, a los escritores gallegos que quieran colaborar en esta empresa. Este camino, de mutua comprensión entre gallegos y portugueses, tuvo ya un hermoso intento en la revista *4 Ventos* y en el número que *Vida Gallega* dedicó a Portugal...[16]

Na mesma revista, Benito Varela Jácome na súa sección «Movimiento cultural de Galicia», daba noticia da saída do segundo caderno e tamén do que sería o cuarto e último.[17]

Os galegos do exilio mexicano vencellados ao Padroado da Cultura Galega, tamén saudaron, dende a espléndida revista *Vieiros*, a aparición de *Céltica*, sequera cunha breve reseña asinada por Luis Soto (*Vieiros*, 2, México, outono, 1962).

Xa despois de levar un par de anos sen saír, no mesmo artigo citado no que daba conta no lucense *El Progreso* da poesía de Oliveira Guerra, lembraba Manuel María «con verdadera y honda nostalgia» a revista *Céltica* na que tiña colaborado, agardando o seu renacer:

---

[15] Sobre os contidos de Céltica profundizou Concepción Delgado Corral no seu traballo xa citado sobre Oliveira e publicado no *Anuario Brigantino* 2004, n.º 27.
[16] *Vida Gallega*, n.º 759, Lugo, xuño 1960.
[17] *Vida Gallega*, n.º 761, agosto de 1960, e n.º 773, Lugo, xaneiro de 1962.

Oliveira Guerra nun retrato dos anos 60.

«era el mirador común —y por cierto magnífico— al que se asomaban los escritores y artistas portugueses y gallegos, en entrañable hermandad.». Amosábase esperanzado o poeta chairego: «Esperamos que ese hermoso sueño, que tuvo sólo una breve realidad, de Oliveira Guerra y nuestro, renazca nuevamente.» Infelizmente, o fermoso soño do amigo da Galiza —«y nuestro», como dicía o inesquecíbel Manuel María— non renaceu. Morreu con el.

VII. O «CÍRCULO DE ESTUDOS GALAICO-PORTUGUESES»

Os catro cadernos da *Céltica* ábrense cunha especie de editorial asinada polo propio Oliveira Guerra e co título «Ao que venho…». Tenta explicar en xeito poético e metafórico as razóns do distanciamento espiritual e cultural de Portugal e a Galiza, e aínda recoñecendo que «se têm feito valiosas tentativas de aproximação, observação e estudo, de compreensão e permuta», nada diso foi suficiente «pois continuamos ignorando-nos, esquecidos uns dos outros». A empresa peculiar e persoalísima de Oliveira fica ben explícita na propia redación do texto:

> arrastado por un velho sonho que não sei de donde me vem mas que é talvez de raizes ancestrais, eu quis juntar a minha pedra às pedras já colocadas pelos outros, eu quis concitar amizades, reunir corações, fazer também qualquer coisa, ainda que poucochinho, ainda que de pouca valia. E aqui estou, meus irmãos galaico-portugueses. Aquií estou com a alma a sorrir de esperança, com o peito entumescido, com as mãos estendidas e com o coração nas mãos…

Remata dicindo: «…Aqui estou e a todos que queiram ajudar-me, muito e muito obrigado!».

No segundo caderno, e no editorial oficioso «Ao que venho…», logo de falar das raíces históricas da separación de Portugal da Galiza, «das duas partes da Galiza», pregúntase, «se tinhamos de viver separados (…) porque haviam de ficar a Galiza e Portugal como visinhos indiferentes». Repite argumentos do primeiro, e fala de «estabelecer laços de maior e mais fraterna comunhão espiritual com eles, os braços estendidos por cima da fronteira…» E, preguntamos nós: hoxe que non hai fronteira oficial —ou polo menos alfándega— qué se fai? Remata Oliveira amosándose optimista diante da acollida que o aparecimento da *Céltica* tivo na Galiza (cartas, abrazos e aplausos, artigos nos xornais…) e «dão-me a medida exacta de quanto esta ideia se torna risonha e acolhedora». E, pregúntamonos nós, en Portugal? ou mellor no norde de Portugal, como foi a acolhida? Quizais non foi tan riseira e acolledora, coas excepcións consabidas, tal a do romancista João da Silva Correia como se colixe na carta a Oliveira que este publica xusto a continuación do seu editorial.

No caderno terceiro Oliveira engádelle ao título «Ao que venho…» o antetítulo

«Movimento em marcha» e comeza xa preguntándose: «Mas, afinal o que pretendo eu?» Recoñécese como «Galaicomaníaco», clasificación que lle apuxeron polos seus entusiasmos galegos e esboza unha serie de actividades para desenvolver:

> Visitas de observação e estudo; festivais folclóricos bem organisados; realizações teatrais e cinematográficas; conferências sobre Etnografia, Arte, Literatura, História, Arqueoloxia, etc.; exposições bibliográficas; congresos etnográficos; exposições de Artesanato e Artes Plásticas; Jogos Florais e Concursos Literários e Jornalísticos; Congressos intelectuais; Publicação de Livros de autores sem editor; Intensificação da venda do Livro espanhol e nomeadamente galego em Portugal e do Livro Português na Espanha e nomeadamente na Galiza»; e, por último, a «Publicação dum boletim ou Porta-Voz, fazendo a propaganda dos valores, dando conta das actividades realizadas e propondo outras, e contendo colaboração de artistas e intelectuais galegos e portugueses.

Oliveira Guerra nun deseño do artista portuense Carlos Carneiro (1900-1971).

Xustifica a aparición da *Céltica*, último elo dese proxecto e consecuencia de todo para Oliveira, e que pasa a ser un axente aglutinador do mesmo, por unha suxerencia que se lle fixo e «que de começo me pareceu absurda». Troca a denominación Grupo de estudos polo de Círculo de estudos «que é nome mais amplo que grupo», Círculo que «segundo o meu critério, aglutinará a camada pensante e céltica da velha região do Noroeste, da região compreendida entre o Finisterra e o Douro», mais adiante fala da faixa entre o Cantábrico e o Douro, «o Ocidente Sensitivo» que alguén denominara. Mais sen pecharse totalmente neses límites, pois «aceitará todos os concursos, todas as ajudas, todas as colaborações, venham donde vierem, do resto de Portugal, de Castela ou de Catalunha.» De feito, no caderno anterior publicara un artigo sobre o románico catalán do seu amigo o artista Marginet, como publicará neste caderno un texto en francés. Non diferenciará, pois, Oliveira Guerra entre os autores galegos que se expresan en galego ou en castelán (algúns eran mesmo bilingües, caso das irmáns Pura e Dora Vázquez, por exemplo); a todos acollerá no seu proxecto. En todo caso, «estará sempre de braços abertos para as comunicações com todas as demais gentes ibéricas, como estará sempre integrado no espírito das boas relações hispanicas.» Adiántandose, ou respostando, a certas críticas sobre todo do lado portu-

gués, afirma Oliveira que non ten a pretensión «de agrupar nomes fulgurantes, de primeira plana, ou de seleccionar antologias magnificas de obras superiores» senón «a de reunir espíritos justos, orientados para um fito nobre e leal, que todos fica bem defender…»

No cuarto e derradeiro caderno da *Céltica,* Oliveira refírese no seu «editorial» á viaxe que realizou a Vigo en decembro para levar o seu proxecto de Estatuto e sometelo á apreciación dos seus amigos e entidades galegas, «entre as quais sobresaía a *Asociación de la Prensa de Vigo* pela voz do seu Presidente D. Gonzalo Rey Alar». Fala de como os achaques de saúde manifestados a comezos de xaneiro, obrigárono a reducir a súa actividade e pospoñer a reunión prevista para febreiro na sede da Associação da Imprensa e Homens de Letras do Porto de cara a discutir o seu proxecto de Estatuto e que só se celebraría, de xeito máis restritivo e con carácter privado, no seu domicilio o día 4 de marzo. Con todo, «fizeram-se representar por meio de procurações algumas dezenas de intelectuais e amigos de Além e de Aquém Minho», dando relación deles:

> o escultor Mestre Barata Feyo, o pintor Carlos Carneiro, o escritor e jornalista Dr. Ramos de Almeida, o poeta António Norton, o escritor e entre nós galeguista nº 1 Hugo Rocha, o escritor Rebêlo Bonito, o jornalista Costa Barreto, o Engº. Henrique Shereck, director do Radio Club Português, o escritor Dr. Julio Almoyna, Director do Colegio Oficial Espanhol, a escritora da Rádio D. Maria José Teixeira de Vasconcelos (Pascoais), D. José María Illa, Director do jornal Ecos de España, o Dr. António Emílio de Magalhães, Presidente da Liga de Profilaxia Social do Porto, O Dr. Bertino Daciano, os escritores-jornalistas Jorge e Julieta Listopad, o Dr. Raul Gonçalves, D. Maria de la Purificación Lugris Freire, o poeta Luis Ribeira Seca, o pintor Jaime Isidoro, o poeta António Lousada, o pintor António Leite, o escultor Casals Marginet, D. Elisa de Carvalho, Directora do Jornal Feminino, ausente em África, mas representada por seu filho, o poeta António Pinheiro Guimarães, representado por D. Maria Virginia Monteiro, o ensaista Eduardo V. da Fonseca, etc...

De todos eles, só dous galegos: M.ª Purificación Lugrís e, probablemente, Julio [Martínez] Almoyna, Académico non numerario da Real Academia Galega e autor dun exitoso dicionario español-portugués. Refírese tamén Oliveira á guerra colonial que se viña de declarar en Angola como circunstancias, xunto coa súa doenza, que demoraran as actividades en curso «que já vinham sendo morosas». E mentres que á doenza apenas dedica unha liña e media, á guerra colonial que comeza en febreiro de 1961 dedica vinte e sete liñas.

A continuación publica ás páxinas 247-256 o «Projecto de Estatuto» do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses con sede no Porto. Logo dun preámbulo no que se esbozan brevemente as razóns da constitución da entidade, desglósanse os diferentes capítulos e articulado dos estatutos. O capítulo I refírese á «Denominação, objectivos e meios». O capítulo II trata «Dos Sócios (Admissão, classes, direitos, deveres, penalidades)». «Dos Orgãos Directivos» o capítulo III. O capítulo IV «Do Conselho Fiscal». O capítulo V «Da Assembleia Geral» e o VI «Do fundo Social».

No seu artigo 2.º dise que o Círculo

> tem o objectivo de procurar por todos os meios legítimos ao seu alcance a criação dum ambiente de maior conhecimento mútuo e de mais íntima cordialidade entre as gentes que, oriundas da velha Galícia, habitam a velha região do Noroeste, ou seja a Galiza actual e a parte do Norte de Portugal, isto para além ou acima das fronteiras nacionais que as separam, integrado no espírito das boas relações hispânicas e com pleno respeito pelos poderes Constituidos.

No ámbito da acción, o artigo 3º recollía unha extensa relación de actividades, «de carácter sentimental, espiritual e cultural» que paga a pena expor polo miúdo:

«a) Visitas de amizade, observação e estudo.

b) Conferências em terras potuguesas e galegas sobre Prehistória, História, Etnografia, Arqueologia, Filologia, Lingüística, Literatura, Poética, Música, Dança, tradições, usos e costumes e lendas, Artes Plásticas, Artesanato, etc.

c) Festivais Folclóricos organizados con superior critério e respeito pelo folclore autênticamente tradicional e popular.

d) Manifestações teatrais, recitais poéticos, concertos musicais, realizações cinematográficas, programações radiofónicas, esforços no sentido de ser obtida a montagem da televisão em cadeia, ligando as duas regiões, desenvolvimento da gravação de discos, etc.

e) Jogos florais e concursos de Arte, com prémios.

f) Exposições de artes plásticas e de artesanato.

g) Criação de bolsas de estudo para favorecer o estudo de tudo quanto diga respeito à região da velha Galiza e de prémios para galardoar esforços conduncentes a um melhor conhecimento dessa região.

h) Reedição de livros galaico-portugueses com interesse que estejam esgotados ou inéditos, publicação de documentos de valor também inéditos, edição de autores actuais que nao tenham editor nem meios pecuniários para custear as suas edições.

i) Exposições bibliográficas e esforços atinentes ao aumento da venda em Espanha (e sobretudo na Galiza) dos livros portugueses e dos livros espanhois (e sobre tudo galegos) em Portugal.

j) Permuta de noticiários e de colaboração literária para os periódicos e revistas.

k) Organização de congressos intelectuais.

l) Organização de bibliotecas públicas de livros galegos e portugueses, a começar pela da Séde do CÍRCULO e para quantos as queiram utilizar, associados ou nao associados, no último caso mediante uma pequena taxa especial que se destinará à compra de novos livros.

m) Organização de discotecas, a começar pela da Séde do CÍRCULO, com os mesmos objectivos e nas mesmas condições.

n) Manutenção dum boletim regular que dê conta das actividades desenvolvidas, que ventile problemas, proponha soluções e que inclua colaboração artística e literária de galegos e portugueses (ou de quaisquer outros hispânicos) em qualquer língua e em qualquer dialecto regional mas, como é evidente, sobretudo em galego, castelhano e português.»

En fin, como se pode evidenciar, todo un completo proxecto de intercambio cultural, con ambiciosos obxectivos (radio, televisión común nunha época en que se estaba a iniciar), nunha etapa ademais na que os dous países padecían ditaduras fascistas e na que os únicos intercambios culturais eran académicos e oficialistas: congresos etnográficos e arqueolóxicos. Un complexo proxecto, que aínda hoxe cun goberno «autónomo» na Galiza está lonxe de iniciarse dun xeito claro e decidido, actualizando, ampliando e mellorando o que for necesario ás necesidades actuais. Galiza e o Portugal (nomeadamente o norte de Portugal) seguen oficialmente de costas nos eidos da cultura (que é o que tratamos), situación apenas mitigada por iniciativas persoais e particulares, algunhas ben loábeis e

Oliveira coa poeta ourensá Pura Vázquez, e na segunda, os dous acompañados de M.ª Emília, esposa de Oliveira.

desinteresadas (a iniciativa «Ponte nas Ondas», por exemplo, que saúdamos afervoa-damente). Aínda niso, a Estremadura española está a levarnos ventaxe.

Nunha disposición transitoria constítúese unha comisión de cinco socios fundadores encargada de realizar as dilixencias conducentes á aprobación oficial do Estatuto e proceder á organización e instalación do Círculo. A comisión estaba composta por Maria Purificación Lugrís Freire, Hugo Rocha, José María Illa Ocaña, Abílio de Souza Faria (que morrerá pouco despois: a súa necrolóxica inclúese no cuarto caderno da *Céltica*) e o propio Manuel Oliveira Guerra. A primeira, única representante galega na comisión, era filla de Manuel Lugrís Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940), quen fora presidente da Academia Galega, e residía no Porto onde casara.

Mais o Círculo seguirá inevitablemente ligado ao seu inspirador e promotor, até o punto de que a enfermidade e avatares económicos de Oliveira Guerra incidirán na paralización daquel, que devirá definitivamente truncado coa morte do escritor. Convidado a participar na Segunda Asamblea Lusitano-Gallega celebrada na Coruña (no marco dunha «Semana portuguesa» dentro das festas coruñesas) os días 14, 15 e 16 de agosto de 1961, Oliveira trasladarase á cidade herculina e lerá unha comunicación titulada «A minha mensagem» (que só vai ser publicada en 1967 após a súa morte), na que inclúe o capítulo I do articulado do Estatuto do Círculo. Con todo, Oliveira Guerra amósase cauto: «Não sei se é documento que possa satisfazer inteiramente as aspirações de todos. Não sei se não terá de ser alterado em qualquer ocasião. Não sei se será aprovado pelos governantes dos dois paizes a que pertencemos nós, galegos e portugueses.»

No Portazgo, na finca de González Garcés, 1961.
Pola esquerda: Laura (filla) e Miguel González Garcés, Saleta (muller de Manuel María), M.ª Emilia (muller de Oliveira), a muller de González Garcés, Manuel María e Oliveira Guerra.

Nesta asemblea coruñesa, da que deu conta a prensa local, participaron tamén dous portugueses ligados ao proxecto do Círculo e da *Céltica*: Rebelo Bonito e Hugo Rocha. No libro que recolleu os traballos desta Asemblea (xuntamente cos da primeira, celebrada en Braga seis anos antes) dise da de Oliveira Guerra que é unha «admirable comunicación» e a súa intervención «sobria, elegante, magnífica, fue premiada con una gran salva de aplausos»[18]. Este incluso sería protagonista dunha entrevista en *La Voz de Galicia* a dúas columnas e ilustrada cun retrato seu.[19]

A comezos de 1961 varios escritores galegos deran noticia na prensa da constitución do Círculo: Manuel María en *El Progreso*, Varela Jácome e Pura Vázquez en *Vida Gallega*. E a partir de aquí prodúcese un «impasse».[20]

Datada o 13 de maio de 1963, Oliveira Guerra dirixía unha especie de «circular», con membrete da Céltica, aos «Queridos Galegos» (en realidade pon «Queridos Galegas») laiándose de non poder adicarse dende 1961 aos afáns que viña entregándose:

> Quase dois anos passaram desde que um grave caso de saúde e uns acidentes de carácter económico me levaram a abandonar temporàriamente as actividades em que eu andei envol-

[18] *Primera y Segunda Asambleas Lusitano-Gallega. Actas y Comunicaciones*. Editora Nacional. Madrid, 1967.
[19] Vicencio: «5 minutos de charla: Oliveira Guerra», en *La Voz de Galicia*, 17 de agosto de 1961.
[20] *El Progreso*, Lugo, 13-1-19161. *Vida Gallega*, n.º 766, Lugo, xaneiro 1961, páxs 57 e 60 respect.

> vido, atinentes ao estabelecimento dum melhor conhecimento intelectual entre as gentes de Aquem e de Alem Minho.
>
> Desde então não voltou a publicar-se a «CÉLTICA», não chegou a ser submetido à aprovação, quer em Espanha quer em Portugal, o projecto de Estatuto do «Circulo de Estudos Galaico-Portugueses», quebrou-se o ritmo da correspondência que eu mantinha há tanto tempo com muitas dezenas de intelectuais galegos, não trabalhei mais para a publicação dos livros que tenho para publicar e, o que é mais impressionante, não voltei à Galiza! A última vez, salvo erro, que tanspuz a fronteira foi para trazer de Vigo ao Porto a querida Purinha Vazquez, que depois de alguns dias entre nós levei a Lisboa, para embarcar com destino à Venezuela.

Liga o regreso da poeta galega coa reanudación dos traballos. Polo de pronto pensa ir a Vigo a recibir á poeta ourensá e levala a Ourense, el que a despedira na partida a Caracas: «E volto não sei com que esperança de que vou poder retomar a minha actividade antiga, restabelecer o meu contacto, levar por diante o meu sonho de tantos anos, voltar a publicar a CÉLTICA e dar corpo jurídico e real ao Círculo de Estudos». Para iso, Oliveira conta coa axuda de Pura Vázquez, regresada á Terra:

> Purinha nas suas cartas vindas de Caracas, falou-me sempre no desejo de voltar à sua Galiza e de me ajudar na realização da empreitada que eu me impusera e sustentei durante quase dois anos, e eu não sei se devo a esse incentivo a predisposição de voltar a lutar…

Mais Olivera Guerra morrerá un ano despois de enviada esta circular, o 5 de xuño de 1964. Pura Vázquez (que asina Purinha, como a chamaba Oliveira) escribelle á viúva dende Ourense, a onde regresara despois dunha tempada en Madrid, o día 11. Logo das palabras de dor e pesar, dille que escribiu un artigo para *La Noche*, de Santiago, que lle ha enviar se se publica: «Sugiero la idea de un homenaje de todos los escritores y artistas gallegos para él, un homenaje póstumo, que bien se lo merecía y debieron de hacérselo ya cuando vivía.»[21]

Tamén, segundo referencias e pouco despois da súa morte, Álvaro Paradela propuxo en *La Noche* que se lle dedicase a Oliveira unha praza ou rúa «nalgures do noso país», petición que nunca se concretizou.

Hugo Rocha, grande amigo de Oliveira e tamén asíduo ao balneario de Guitiriz, vai publicar en *La Voz de Galicia* unha sentida «Elegía a Manuel de Oliveira Guerra, Poeta de Portugal que mucho amó a Galicia»[22]. Curiosamente, a elexía redactouna Rocha non en portugués, senón en castelán e está datada en «Fraga de La Soledad (Guitiriz)» a 20-21 de agosto de 1964. O nome da fraga é ficticio mais en soedade é como se sentía Rocha en Gutiriz sen a compaña do seu amigo Oliveira Guerra.

VIII. OS POEMAS «GALEGOS» DE OLIVEIRA GUERRA

Temos contabilizado un total de 13 poemas que Oliveira dedicou a Galiza e a temas galegos. Parece que estaba no seu ánimo recollelos nun poemario que levaría o título de *Maruxa*. Así o fai constar ao pé dalgúns: (Para o livro a publicar «Maruxa»). Aínda que posteriormente, quizá pensaba titulalo *Terra Nai*, título que recolle entre os seus libros a publicar en 1963, cando edita *Cousas desta negra vida*. Con ese título pensaba editar dous:

---

[21] Carta de Pura Vázquez á viúva de Oliveira, facilitada ao autor pola súa filla Maria Virgínia.
[22] *La Voz de Galicia*, 2 de setembro de 1964, páx. 10.

Terra Nai (Poemas) e *Terra Nai (Prosa*). Descoñezo de que prosa se trataría, caso de tratar de Galiza.

Estes trece poemas son:

— «Destino». Datado o «3 de Janeiro de 1959».
— «Noiva do mar». Datado o «4 de Outubro de 1959». Referido a Betanzos.
— «Senhora do Padron», dedicado A Maria del Carmen Allegue Varela.
— «Galiza». Dedicado a José Díaz Castroverde. Datado o «16.2.958.»
— «A luz das Rias Baixas», dedicado «A D. Maria Victoria Armesto»
— «Irmá Galícia».
— «Creação do mar». Datado en «Porto, Abril de 1960».
— «Luar em Santiago».
— «Cantábrico»
— «Núpcias»
— «Não me tentes, Corunha…»
— «Rias Baixas»
— «Estrada de São Tiago»

A xénese da súa aparición é a seguinte:

No *Jornal Femenino*, do Porto, de 1 de novembro de 1959, baixo o título de «Mensagens para a Galiza» publícanse tres poemas: «Senhora do Padron»; «Galicia», que volverá publicarse como separata en *Céltica*, no terceiro dos catro cadernos, e «A luz das Rias Baixas». Ademais, polo mesmo tempo, no número 752-753, dedicado case integramente a Portugal, correspondente a novembro-decembro de 1959, da revista *Vida Gallega*, que entón se editaba en Lugo, van aparecer, esta vez baixo o rubro «Mensagens de Portugal» que o autor solicitaba, eses tres poemas acompañados dun retrato de Rosalía por Barata Feyo (destacado escultor, autor do monumento a Rosalía na Praza de Galiza do Porto, inaugurado en 1954) e dunha carta do propio Oliveira, datada no Porto a 9 de outubro de 1959, explicando a súa petición.

No *Jornal Femenino*, de 1 de xaneiro de 1960, tamén baixo a cabeceira de «Mensagens para a Galiza» publícase «Luar em Santiago», datado en «Compostela, 1955.» Recorte do xornal que deixa incompleta a cabeceira, indicativo de que podería acoller outros textos. Este volve publicarse como separata en *Céltica*, no seu cuarto caderno.

Ademais na revista «*Céltica*» deu a coñecer «Irmá Galícia» no primeiro caderno da publicación e en separata en papel amarelo acompañado dunha xilogravura de Marginet. e da indicación «Para o livro a publicar «MARUXA». No segundo caderno apareceu «Creação do mar», en separata en papel de cor similar á capa da revista, acompañado tamén dunha xilogravura de Marginet e encabezado pola palabra GALIZA repetida seis veces en diagonal. Datado en «Porto, Abril, 60» e coa indicación «(Para o livro a publicar «Maruxa»)»

O libro póstumo *ESCRITOS. Dois Contos e Alguns Poemas*, 2002, dentro do apartado «Para a Galiza», recolle os poemas: «Destino», «Criação do mar», «Galiza», «Luar em Santiago», «Cantábrico», «Núpcias», «A luz das Rias Baixas», «Noiva do mar», «Não me tentes, Corunha...», «Rias Baixas», e «Estrada de S. Tiago», facendo un total de once. En cambio, «Senhora do Padron» e «Irmá Galícia» non están recompilados neste libro.

Oliveira Guerra escribiu varios poemas máis de tema galego que non chegou a publicar e que conserva a súa filla Maria Virgínia entre os documentos e papeis do seu pai.

Senhora do Padron

A María del Carmen Allegue Varela

Senhora do Padron, aquí´stou eu
na tua terra natal.
Uma vez mais eu passo, comovido,
á beira do teu portal...

É noite e eu vejo sombras pelas ruas,
dispersas, vagueando,
tal vez dos sonhos teu por cá deixados
que vão perpasando...

E eu falo então com elas,
com as sombras que eu vejo ou adivinho,
com os teus sonhos diáfanos e brancos,
vestidos da côr do linho...

Sorrío e vou dizendo mentalmente
versos que tu deixastes
e outros que talvez não escrevêsses
mas sonhaste...

Lá em baixo a Casa Grande
dorme un somno de lenda
e beija-a um luar que te beijou
e e que á noite faz renda...

E o Sar murmura á sombra destas árvores
que o cobrem de escuridão
e pulsa o líquido entre as suas margens
como um coração...

Anda daí, Rosalía,
vem comigo onde eu vou:
Não quero andar sem ti, pela Galícia
eu sem ti nada sou...

Rosalía, a «Senhora do Padron»
en interpretación do Mestre Barata Feyo
reproducida en Vida Gallega
acompañando este poema
e logo en Céltica nº1.

Já me faz falta a tua companhia,
a tua voz nostálgica, dolente,
para que eu possa sentir a tua terra
inteiramente...

Anda, daí, Rosalía,
vem-me dizendo ao ouvido
os teus versos galegos,
de acento tão galego e tão dorido...

Galiza

A D. Jose Díaz Castroverde

Senhora e Camponesa,
eu beijo a tua mão fidalga e pobre...
A fidalguia tem-l´a no espírito
e a pobreza no traje que te cobre...

Senhora e Camponesa,
cavando a terra de dia
e á noite dizendo versos doloridos
da triste Rosalía...

Senhora e Camponesa,
ganhando um pão mal pago
e à luz da lua branca vagueando
nas ruas de S. Tiago...

Senhora, Senhora minha,
rendo-me a ti,
que outra mais bela e nobre e humilde e casta
eu nunca vi...

Eu sou o enamorado cavaleiro
por quem passou a Vida indesejada
e que chegando ao termo te encontrou,
doce visão encantada,
e encantado ficou...
Eu sou o cavaleiro enamorado
que não pode viver outra vida
além da que viveu sem ter parado,
porque se outra vivesse, eu, por quem sou,
eu juro: A viveria para ti,
porque mais bela e nobre e humilde e casta
Senhora, eu nunca vi...

16.2.958

Este poema publicouse antes co título «Galícia» e con variantes na segunda e terceira estrofas:

Senhora e Camponesa,
Cavando terra de dia
E à noite dizendo versos
Da triste Rosalia...

Senhora e Camponesa,
Nos campos dia a dia mourejando
E nas orlas das rias penumbrosas
À tardinha sonhando...

Tamén na última estrofa, sétimo verso, engadiuse «uma», ficando así:
Que não pode viver uma outra vida.

Luar em Santiago

...Anda o luar rondando as arcarias,
pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...
Põe os olhos nos beirais
e deixa-os escorrer pelas fachadas,
com a sua luz toda transparente
dá largas pinceladas...
Passam os vultos na sombra, onde não chega
a esteira de luar,
vultos dormindo que parecem ter
medo de acordar...
Não falam, não gesticulam
são sombras do Passado, diluídas,
relembrando, sonhando
passadas vidas...

...Anda o luar rondando as arcarias,
pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...

Descaiem de quando em quando badaladas
dos cimos da Catedral,
doridas, lentas, sonoras,
com ressonância abismal...
com essa ressonância que os sons têm
no vazio dos claustros sonolentos,
desertos e mergulhados
em esquecimento...
com essa ressonância estranha e triste
das ruas mediévicas e tortas
nas horas do silêncio recolhido,
nas horas mortas...

...Anda o luar rondando as arcarias,
pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...

Ergueram-se dos túmulos os vultos
dos senhores feudais,
de condes e de bispos e de monges,
de trovadores e jograis...
Ergueram-se dos túmulos os vultos
de espadachins e estudantes,
de sábios e de santos e doutores
e burgueses traficantes...
E passam invisíveis e ninguém
os vê passar,
de capa ou de burel, de espada à cinta
a arrastar...

...Anda o luar rondando as arcarias,
pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...

Vindos de longe, à luz da Via-Láctea,
pelo Caminho Francês,
por todos os caminhos que há no mundo,
por todos os caminhos que Deus fez,
os peregrinos passam
em multidões imensas, infinitas...
E peregrinos foram reis e príncipes
e cavaleiros, bispos, heremitas,
homens e mulheres
he todas as condições
que dobaram as teias da amargura
em volta dos corações...

...Anda o luar rondando as arcarias,
pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...

Mestre Mateo na pedra sonha e canta
o seu poema esculpido
de rima altissonante e num ritmo
nunca dantes sentido...
E nas estrofes conta-nos a história
da sua religião,
da que foi feita para os desgraçados
que pedem perdão...
E sonha no Obradoiro, calmo e doce,
Mestre Mateo,
o sonho do poeta e dramaturgo
que na pedra escreveu...

...anda o luar rondando as arcadarias,
Pára aqui... pára além...
absorto, distante e branco,
poeta e sonhador como ninguém...

Compostela, 1955

Destino

Celtas perdidos nas brumas da memória
e dos tempos passados,
que glória a vossa, humildes, rudes homens,
aqui chegados!
Aqui, à beira-mar, ao mar da nossa terra
ao mar que vos deteve os passos vagabundos
e mais tarde, um dia, abrindo-vos os braços,
nos vossos pôs mais mundos...

Celtas humildes, rudes montanheses,
homens de falas sérias, repousadas
pastores de ovelhas brancas e de sonhos
flautistas de árias brandas, moduladas...
...Que rumo o Destino deu aos lentos passos
das vossas clãs dispersas, vagarosas,
trazendo-as até aqui, ganhando espaços
frente ao mar oceano, de ondas clamorosas...

Fundiu-se o vosso olhar parado e manso
com o largo mar
e sobre os montes ficaste, o olhar vago,
pastoreando, a cismar.

E os séculos passaram, novos povos
surgiram doutros lados; e as nações
nasceram e morreram, na órbita da História
em haustos e convulsões.
Depois fostes vergados,
mas esse belo espírito ficou

3 de Janeiro de 1959

Xilogravura de Marginet na separata do terceiro caderno da Céltica.

CORUNHA, môça gentil,
recostada á beira mar,
pulando de praia em praia
subindo e descendo montes,
correndo sem descançar...
Corunha de pele queimada
e sangue ardendo nas veias
e de olhos mordendo a gente
como dentes de sereias...
Corunha alegre e risonha
de boca sempre sorrindo
um sorrir brando e mordaz
que enternece e vai ferindo...
Corunha, Corunha minha,
quem te pudesse prender
entre os braços e beijar-te
e nesse beijo morrer...

(Inédito.)

Núpcias

A luz morreu além, numa agonia
de fogo que se extingue a pouco e pouco
fazendo-nos pensar numa pintura
dum pintor louco

E a sombra vai chegando
com asa de veludo, escura, escura
da cor dum sonho mau
ou duma sepultura.

E a sombra vai chegando
e estende-se ao comprido, lés a lés
por sobre a Natureza, latejando
com o mar aos pés

Perderam-se de vista as vastidões
de água dormente em que mergulha a terra
e lá por cima, próximo dos céus
de mãos erguidas, reza ardente a terra

Nunca o noivado entre a Galiza e o Mar
é tão perfeito e íntimo e total
como de noite, em que se abraçam e esquecem
num sono de cansaço nupcial

Confundem-se os corpos enlaçados
sob o lençol macio do Infinito
e nem um estertor quebra o silêncio
nem o mais débil grito

Todo o murmúrio branco das estrelas
se extinguiu
pr´a que os Amantes durman repousados
já que Deus os uniu.

Noiva do mar

Betanzos, noiva do Mar
a quem o Mar fugiu...
Tira o vestido branco de noivado
que não serviu
e guarda-o na arca velha da família
num desses palácios opulentos
onde os minutos da história
bateram lentos

Betanzos, mira o seu ceptro
que está no seu escrínio de princesa
que há muito foi destronada
há muito sem realeza

Betanzos, de fronte erguida
no jeito de quem usou coroa
julgando que nas abóbadas
a marcha das trombetas ´inda ecoa

Betanzos, de olhos distantes
num sono vago e perdido
um sono azul diluído
em roupagens flutuantes
Betanzos sonhando branca
á luz branca do luar
o nobre reino perdido
perdido o Reino do Mar

4 de Outubro de 1959

A luz das Rias Baixas

A dona María Victoria Armesto

Que luz maravilhosa, Rias Baixas,
essa luz,
quando á noitinha, sobre as vossas águas,
desce o olhar cinsento de Jesus.
Vós sois os dêdos longos, luminosos
da mão de Deus,
refletindo na Terra
a Paz dos Ceus...
Calam-se as vozes, no recolhimento
sombrio e claustral
dos arvorêdos verdes,
e, numa silencio abismal
que invade as grandes margens recortadas
e as águas que deslisam para o Mar,
os olhos vão perdidos atraz delas
e apetece resar...
Inclinam os pinheiros nas encostas
as cabeleiras escuras
e, quietos e mudos, escutam
cicios, branduras...
Quasi faz mêdo, o silencio
que pára e se recolhe
e sonha e nos penétra
e nos dá o vago e nos tolhe...
E a luz cinsenta casa-se com êle,
com o silêncio dos olhos recolhidos,
e abraçam-se e ficam, moribundos,
longíquos, perdidos...
...Que luz maravilhosa, Rias Baixas,
essa luz,
quando á noitinha, sobre as vossas águas,
desce o olhar cinsento de Jesus...

Este poema publicouse despois no libro póstumo *Escritos. Dois Contos e Alguns Poemas* notoriamente modificado, reducido no número de versos e sin a dedicatoria. Podemos falar de dúas versións do mesmo poema, polo que optamos por incluír ambas.

Xilogravura de Marginet na separata do segundo caderno da Céltica.

A luz das Rias Baixas

Que luz maravilhosa, Rias Baixas
que doce luz,
quando à noitinha, a cor densa das águas
relembra o olhar cinzento de Jesus

Calam-se as vozes em recolhimento
sombrio e claustral
dos pinheiros dobrados nas encostas
em silêncio abismal
nas grandes margens recortadas verdes
vão as águas deslizando mansas
e perdidos os olhos atrás delas
em rezas e em esperanças

Inclinam os pinheiros nas encostas
as cabeleiras escuras
e quietos e mudos, vão escutando
murmúrios e branduras
quase faz medo, este silêncio
que pára e se recolhe
e sonha e nos penetra
e devagar nos tolhe

E a luz cinzenta casa-se com ele
com o silêncio dos olhos recolhidos
e abraçam-se e ficam, moribundos
longínquos e perdidos

Estrada de São Tiago

Para além daquela serra
para além, passa a correr
a estrada de São Tiago
que a S. Tiago vai ter

Àquela estrada vão
todas as outras estradas
e muitas vêm de tan longe
que são ja velhas, cansadas

Atravessaram idades
e povos e gerações
cheias de passos difíceis
e incansáveis devoções

Por elas veio o bordao
duma fé que nao morreu
e que fugindo do inferno
ía a caminho do céu

Numa jornada tão longa
tão longa e tão dolorida
que para tanto não chega
muitas vezes toda a vida

Para além daquela serra
para além, passa a correr
a estrada de São Tiago
que a S. Tiago vai ter

Abençoados aqueles
que a percorreram com fé
e não sentiram por isso
o cansaço de ir a pé

Felizes os que pisaram
pegadas de São Tiago
e da longa caminhada
retiraram, dele, o pago

Para além daquela serra
para além, passar a correr
a estrada de São Tiago
que a S. Tiago vai ter

Cantábrico

Longe, longe, ouve-se ao longe
um Mar que é diferente deste Mar
que eu tenho ao pé de mim, dentro de mim
de noite e dia a clamar

Longe, longe, longe ele conversa
ele murmura
um não sei quê de falas de paixão
e de ternura

Longe, longe, longe, ele se abraça
á doce terra branca, à bem amada
risonha sereia branca
no seu abraço líquido aninhada

Longe, longe, longe, noite e dia
ele, esse Mar, não cessa de beijá-la
nesses beijos de espuma intermináveis
a sua brancura fala

Longe, longe, longe, ele se agita
e às vezes muda o jeito
e enfurece-se e grita
e ergue a cabeça altiva e eleva o peito
e atira-se revolto e exasperado
a dona do seu amor
e esmaga-se nas mãos líquidas, frenéticas
com volúpia e com dor

Mas quer a beije com murmúrios brancos
quer a fustigue como um furacão
asua voz de Adamastor hercúleo
e sempre como a voz dum coração

Rias Baixas

O sol aquece estas terras
com um fulgor maior
o aquecimento cósmico
é aqui amor

É amor o que ilumina os campos meigos
macios de verdura
e cada planta, cada flor recebe
e retribui doçura

É amor o que alumia os rostos celtas
de olhos deslumbrados
mesmo quando doloridos, tristes
e fatigados

É amor o que se espelha nestas rias
que estendem longas mãos esbeltas
em ánsias de chegar, em braços — deltas
até ao mar

E é cheia de lirismo, doce e amiga
a terra litoral
harmonia triste, écloga antiga
fluindo, natural

Por isso os olhares reflectem luz
essa luz de alma que alumia
e como em sementeira de beleza
espalham poesia

Xilogravura de Marginet acompañando o poema «Creação do mar» na separata do segundo caderno da Céltica.

Creação do mar

Alma de artista, creador, o Mar
um dia, inspirado,
entrou de modelar com sábio geito
o barro duro e quente e atrigueirado
talvez posto por Deus à sua frente
para ser modelado;
e ora com firmeza rude e brava,
ora com branda ternura,
o Mar foi modelando
a sua nova escultura...
A pouco e pouco entao,
o barro duro e quente e atrigueirado,
foi-se doirando de beleza e graça
e foi tomando a forma fascinante
que uma só vez na vida se realisa:
e um dia, um dia, enfim,
tu surgiste, Galiza...

Mulher e feiticeira
de olhos compridos, carnes matinais
tu és, terra de Além,
a tentação das almas siderais,
daquelas almas que andam pelo mundo
de olhar perdido, vago, procurando
a Pátria feminina do seu sonho
e com ela sonhando...
Mulher e feiticeira de alma céltica,
dada a mistérios e encantos
das mais longínquas eras e depois
rendida cristamente à voz dos santos,
tu és a terra bendita
de que a minh´alma, tua irmã, precisa,
tu és, terra de sonho,
Pátria da minha Pátria, a Galiza...

Porto, Abril, 60

Irmã Galícia

Nossa irmã gémea, dôce e terna irmã,
amiga do coração,
acôlho-me aos teus braços fraternais
como parente, como teu irmão...
O teu solar modesto, claro e calmo
é a mais fácil guarida
para quem busca, longe da própria casa,
algum socêgo para a sua vida...
Nele me esqueço e esqueço aqueles males
que atormentam a gente,
que sem dó nos perseguem,
que nos perseguem desabridamente...

Pobre irmã nossa, em tudo és como nós:
Na tristeza sem par,
lírica e dôce,
tecida em noites altas de luar...
Na dura disposição para o trabalho
de cada dia
que é o firme companheiro da tristeza
e muito poucas vezes da alegria...
No saudosismo vago, permanente,
de tudo o que passou
e que não volta mais à nossa vida
porque a vida o levou...
E sobretudo e sempre na pobreza
humilde e resignada
que nos traz sempre as almas em fadiga
e cara fatigada...

Nossa irmã gemea, doce e terna irmã,
amiga do coração,
acolho-me aos teus braços fraternais,
como parente, como teu irmão...

Para o livro a publicar «Maruxa»

Não me tentes, Corunha...

Tu não me tentes, Corunha,
com o teu riso atrevido, jovial,
vê que a Tristeza recolhida e calma
e o meu jeito normal.

É em São Tiago,
na rua del Vilar
por cima de «suportales»
num primeiro andar

É em São Tiago
que eu hei-de um dia viver
ede olhos iluminados em Beleza,
morrer

É em São Tiago...
(...Nao te molestes, oh! Corunha amada,
mas eu irei também passar contigo
uma risonha e doce temporada...)

É em Sao Tiago, entre as ruelas velhas
de sonho e lenda,
que o meu dorido espírito repousa
como que envolto num luar de renda.

Xilogravura de Marginet que acompañaba o poema «Irmã Galícia» na separata do primeiro caderno da Céltica.

Anexo I.

Relación de socios do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses elaborado polo propio Oliveira Guerra. (Xentileza da súa filla Maria Virgínia). Con asterisco os membros galegos (engádega nosa).

CÍRCULO DE ESTUDOS GALAICO-PORTUGUESES

Sócios fundadores recrutados entre os que deram colaboração para a «Celtica», pêla ordem porque aparecem nas 240 paginas dos seus trez números publicados, e, em seguida, por aquêles que prestaram ajuda e apoio á constituição do «Circulo de Estudos» e á «Celtica».

Nº 1 MANUEL DE OLIVEIRA GUERRA
2 ANTÓNIO LEITE
3 LOIS CARRÉ ALVARELLOS *
4 SALVADOR BARATA FEYO
5 MARÍA VICTORIA ARMESTO *
6 ENGº REBELO BONITO
7 HUGO ROCHA
8 JOSÉ LUIS CASTROVERDE *
9 BERTINO DACIANO DA SILVA GUIMARÃES
10 JOSÉ ANTONIO NOVAIS
11 MÁRIO DIAS RAMOS
12 LEONOR DE ALMEIDA
13 AVELINO ABUIN DE TEMBRA *
14 MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS *
15 CELSO EMILIO FERREIRO *
16 JOSÉ GONZÁLEZ COLLADO *
17 TOMAZ CASALS MARGINET
18 JOÃO DA SILVA CORREIA
19 JOSÉ MARIA CASTROVIEJO *
20 MANUEL MARIA F. TEIXEIRO *
21 ERNESTO VEIGA DE OLIVEIRA
22 LEANDRO CARRÉ *
23 CARLOS CARNEIRO
24 JAIME IZIDORO
25 ANTÓNIO PINHEIRO GUIMARÃES
26 MANUEL V. PEÑA *
27 PURA VÁZQUEZ *
28 ANTONIO CALEM (ANTÓNIO LOUSADA)
29 JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ *
30 ISIDRO CONDE BOTAS
31 MANUEL DE BOAVENTURA
32 EDUARDO V. DA FONSECA
33 F. JAVIER CARRO *
34 ANTONIO TOVAR BOBILLO *
35 SERAFIM FERREIRA

36 COSTA BARRETO
37 LUIS FILIPE DE GUSMAO CORTES RODRIGUES (LUIS RIBEIRA SECA)
38 DORA VÁZQUEZ IGLESIAS *
39 JOSÉ DIAZ JÁCOME *
40 ANRIQUE MASSÓ BOLIVAR *
41 HENRIQUE CHAO ESPINA *
42 ALVARO PARADELA *
43 JOSÉ GONZÁLEZ LÓPEZ *

Anexo II.

Relación de persoas e entidades galegas de América ás que era enviada a revista Céltica, elaborada polo propio Oliveira Guerra. (Xentileza da súa filla Maria Virgínia).

Sebastián González Paz. Decano Facultad Humanidades Universidade de Puerto Rico.
Elixio Rodriguez. Centro Gallego. México DF.
Centro Gallego de Caracas.
Banco de Galicia. Montevideo. Uruguai.
Centro Ourensano. Buenos Aires. Argentina.
Centro Gallego. Buenos Aires.
Centro Pontevedrés. Buenos Aires.
Centro Corunhês. Buenos Aires
Federación de Sociedades Gallegas. Buenos Aires.
Centro Gallego. Habana. Cuba.
Patronato de Cultura Gallega. México.
Centro Lucense. Buenos Aires.
Ramón Martínez López. Prof. University of Austin. Estado de Texas. U.S.A.
Leonardo Santamarina. Chairman Department of Romance Languages. Douglas College. Rutgers University. New Jersey. U.S.A.
Ernesto Guerra da Cal. Hispanish Department New York University. U.S.A.
Emilio González López. Department of Romance Languages. Hunter College, 695, Park Avenue, New York 21, New York. U.S.A.
Casa de Galicia. New York, 36. U.S.A.
Centro Gallego de New York. New York. U.S.A.
Casa de Galicia. Caracas. Venezuela.

NOTA FINAL: O autor agradece o agasallo de libros e a cesión de fotografías, cartas e documentos por parte da filla de Oliveira Guerra, a tamén escritora María Virgínia Monteiro, utilizados neste traballo, ao tempo que recoñece o seu incesante labor na recuperación da obra de seu pai e da importante actividade de achegamento entre a cultura galega e portuguesa que este levou a cabo.

Francisco Antonio Espino Rodríguez
funcionario e erudito compostelán
(1832-1896)

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ[1]

Sumario

Francisco A. Espino Rodríguez non publicou nada, mais dedicou parte da súa vida a recoller datos históricos relacionados con Santiago de Compostela, entre os que destaca a primeira relación que se coñece das cruces e cruceiros que había na cidade naquela época (1882). Foi oficial encargado da contabilidade do Asilo de Mendicidade e Xuntas parroquiais de Beneficiencia e, posteriormente, funcionario municipal. Á súa morte (1896), legou os manuscritos á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, que foron depositados en 1917 na Bibioteca Xeral da Universidade compostelá.

Abstract

Francisco A. Espino Rodríguez did not publish anything, but devoted part of his life to collecting historical data related to Santiago de Compostela, among which the first known relation of the crosses and *cruceiros* (stone crosses) in the city at that time stands out (1882). He was an officer in charge of the accounts of the Mendicity Asylum and Parish Charity Boards and, later, municipal official. At his death (1896), he bequeathed the manuscripts to the Economic Society of Friends of the Country of Santiago, which were deposited in 1917 in the Library of the University of Santiago de Compostela.

1. INTRODUCIÓN

Os que temos investigado verbo dos cruceiros e, en particular, dos da cidade de Santiago de Compostela, o primeiro estudo que se cita é o de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela (Santiago, 1850 - A Coruña, 1904), «Monumentos Populares: Las Cruces y los Cruceros», publicado na revista *Galicia Diplomática* (Santiago, IV, núms. 12, 24-III; 19, 12-V; 20, 19-V; 21, 26-V, 1889), pero tamén é onde figura a primeira nota biográfica de Francisco Antonio Espino, curta pero importante, que amosa que o devandito artigo debera estar asinado por ambos os dous, por ser el quen fixo o traballo de campo antes do ano 1882:

> *Un inteligente y curioso aficionado y amigo, el Sr. D. Francisco Espino, oficial de la Secretaría de nuestro Excmo. Ayuntamiento, tuvo paciencia suficiente para recorrerlos uno á uno, tomando algunas notas que le parecieron bastantes para dirigirnos un informe.*

---

1 **Clodio González Pérez** é natural de Cenlle (Ourense), 1947. É mestre, historiador e etnógrafo. Académico correspondente da Real Academia Galega; membro do padroado do Museo do Pobo Galego, da extinta Comisión de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego, etc. Premio nacional de prensa «Artes y Tradiciones Populares» do Ministerio de Cultura, os anos 1983, 1984, 1985 e 1986, polas colaboracións en *La Voz de Galicia;* premio de Investigación da Deputación Provincial de Pontevedra por *A festa dos maios en Galicia. Unha aproximación histórica-antropolóxica ó Ciclo de Maio* (1987) e *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (1992); premio de Investigacións Etnográficas da Deputación Provincial de Ourense por *As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro,* en colaboración con X. R. Marín Martínez (2008); premio «Lois Peña Novo» (2013), etc.

GALICIA DIPLOMÁTICA
HISTORIA ARQUEOLOGÍA HERÁLDICA
LITERATURA CIENCIAS Y ARTES
REVISTA SEMANAL DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS
AÑO IV.—NÚM. 13.
REDACCIÓN Y ADMINISTRACIÓN
Virgen de la Cerca, 30.
Santiago 31 de Marzo de 1889.
DIRECTOR-FUNDADOR,
BERNARDO BARREIRO DE V. V.
SANTIAGO.
PRECIO DE SUSCRIPCIÓN.
Cuba y Puerto-Rico, id. 3 pesos.
Filipinas, id. 6 id.
Sur América, Méjico y Estados-Unidos, id. 4 id.
SUMARIO.
sin principio ni fin reinais en todas partes, que resistes con vigor á los soberbios y á Satanás su capitán anegaís en el abismo deshaciendo su or-

Bernardo Barreiro de Vázquez Varela publicou «Monumentos Populares: Las Cruces y los Cruceros», na revista *Galicia Diplomática* ao longo de 1889.

Las notas nos fueron entregadas con fecha 23 de Abril de 1882 para que figurasen en esta publicación; pero las hemos guardado hasta el presente deseosos, no sólo de ampliarlas con algunos datos más respecto del mérito y circunstancias histórico-artísticas de cada monumento, sinó acompañar estas notas y descripciones con algunos oportunos dibujos, verdaderamente interesantes, como lo hemos hecho ya del crucero del Home santo de Bonaval[2].

Desgraciadamente, nuestra ausencia de Santiago nos impide la realización de estos pensamientos de dibujo y vista, cuando la urgencia de llamar la atención de los amantes de Galicia sobre estos monumentos que con frecuencia se profanan, y derrocan, nos obliga á emprender la tarea suspendida guiándonos por los recuerdos que tenemos y por las citadas notas del Sr. Espino […]

Hecho este pequeño y desaliñado pero necesario preámbulo, aunque se trate de simples noticias que, por hallarse acumuladas en las columnas de un periódico, no por ello dejan de ser importantes para los eruditos, vamos á insertar la lista de los cincuenta cruceros que se hallan en pié en la ciudad de Santiago y sus alrededores, la mayor parte de los cuales tienen gran intervención en su historia, guiándonos, como queda dicho, por nuestros propios recuerdos y por las notas del Sr. Espino, á quien damos las más cumplidas gracias[3].

2 «La Cruz del Home-Santo», *Galicia Diplomática,* III, núm. 9, Santiago, 1888. Os deseños son do gravador e acibecheiro compostelán *E. Mayer* (Enrique Mayer Castro) (1861-1931).
3 *Galicia Diplomántica,* IV, núms. 12, 24-III-1889, pp. 92-93.

Ata agora isto era todo canto se sabía da vida e obra de Francisco Espino e descoñecíanse todos os demais datos, mesmo o segundo apelido.

2. NOTAS BIOGRÁFICAS

Francisco Antonio Eugenio Espino Rodríguez, que así consta na partida de bautismo, naceu na rúa de Belvís da compostelá parroquia de Santa María de Sar o 18 de novembro de 1832. Era fillo natural de Antonia Espino Rodriguez, de San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (Arzúa), e neto de Vicente Espino e Marina Rodríguez, o primeiro xa defunto, e como non debeu haber ningún home que quixese ser padriño, unicamente tivo madriña, que foi a súa tía María Espino. Non consta en ningún documento que o recoñecese o pai e figura sempre como fillo natural, un estigma que marcaba á persoa de por vida e moito máis daquela, a comezos do século XIX (Apénd. 1).

O que resulta estraño é que con esta condición e, case seguro, fillo dunha criada, acadase un nivel cultural que se pode considerar alto para a época: escribir correctamente e con boa caligrafía, saber desenvolver as abreviaturas das inscricións antigas e amosar tanto interese por recadar datos verbo da historia da súa cidade. Malia que non o saibamos, quizais contou coa axuda do pai ou dalgún familiar que dispoñía de medios como para que o neno fose á escola. O caso é que no mes de xaneiro de 1869, cando xa pasaba dos 37 anos, era *oficial encargado de la contabilidad y demas trabajos del Asilo de Mendicidad y Juntas parroquiales de Beneficencia* de Santiago.

Por decretos do 4 e 17 de decembro de 1868 do Goberno Provisional, o Ministerio da Gobernación suprimiu as devanditas xuntas e transferiu as competencias das mesmas ás deputacións provinciais e aos concellos, que tiveron que incluír nos orzamentos estes servizos, ao tempo que declaraba *cesantes á todos los dependientes de las mencionadas Juntas,* quedando sen traballo, entre outros, Francisco Antonio Espino.

Ante tal situación, o concello compostelán na sesión do 12 de xaneiro de 1869, poucos días despois do cese, *á propuesta de la Comision de Beneficencia, acordó confirmar á favor de V.* [é dicir, de Espino] *el nombramiento de oficial encargado de la Contabilidad y demas trabajos del Asilo de Mendicidad y Juntas parroquiales de Beneficencia de esta poblacion que desde antes de ahora viene desempeñando, con el sueldo de 800 milésimas de escudo diarios que deberá percibir desde 1º del corriente mes, por hallarse sirviendo dicho destino.* Pero non era coa condición de empregado municipal, como manifesta a solicitude que envía á corporación o 6 de agosto de 1883 pedindo a actualización do soldo coma o dos funcionarios:

> *El oficial único del ramo de Beneficencia, con cedula personal número 4141, ante V.S. expone: que en la escala gradual de sueldos entre los empleados de la Secretaria Municipal, ha quedado él que representa sin ventaja alguna proporcional en el suyo.*
> *Por mas de que el expresado no és empleado de plantilla en la Secretaria de la Excma. Corporacion, presta constantemente en la misma sus servicios y ausilia por lo tanto los trabajos en todos los asuntos que incumben á la Municipalidad; asi lo tuvo por conveniente reconocer la comision de presupuestos, al emitir dictamen sobre la concesion de la gratificacion de una mensualidad á los empleados de Secretaria, dictamen que fué aprobado por la Exmâ. Corporación.*
> *Suplico á V.S. que, teniendo en consideracion lo relacionado, y con vista de antecedentes, se sirva ordenar que previa la tramitacion correspondiente sea incluido su presupuesto, al suplicante, el aumento que tenga por conveniente concederle, por la doble circunstancia de*

no guardar tampoco relacion con su sueldo el asignado al escribiente primero del Director de los Establecimientos Municipales de Beneficencia.
Santiago 6 de Agosto de 1883.
Francisco Ant°. Espino (rubricado)

Sinatura de Francisco A. Espino (AHUS: Concello de Santiago, Expedientes persoais).

Non sabemos se se lle concedeu, pois na sesión ordinaria do 9 de agosto de 1883 o único que se acordou foi que pasase *á la Comision de Presupuestos y Contabilidad para que se sirva proponer lo que tenga por conveniente*. Malia ao dito, debeu rematar acadando a consideración de funcionario, tendo en conta o último escrito que obra no seu expediente:

El Excmô Ayuntamiento en sesion celebrada el 12 de los corrientes, se ha servido ascender a V. al empleo de oficial 3°. de la Secretaria de la Corporacion municipal, con el sueldo de 1.450 ptas anuales asignado á dicho destino en el presupuesto vigente.
Lo que tengo el gusto de participar a V. pª. su satisfaccion y efectos oportunos.
Sant°. 20 de Julio 1893.
Sr. D. Franc°. Antonio Espino Rodriguez[4]

No aspecto familiar unicamente hai novas de que tivo un fillo cunha viúva -ou que quizais daquela aínda non o era-, Dolores García Casares, nado en 1869, que ao comezo apelidábase José María López García, polo seu marido, pero logo ao ser recoñecido por Francisco Antonio pasou a Espino García. Este caso, moi curioso por certo, ben merece ser coñecido:

Segundo o asento que obra no folio 214 do libro de bautizados da parroquia de Santa María de Sar, naceu o 28 de outubro de 1869 na casa número 19 da rúa do Poxigo de Arriba, recibindo as augas bautismais o día 30 como fillo lexítimo do matrimonio formado por Manuel López, xa defunto, de oficio barbeiro, e Dolores García, o primeiro natural da mesma parroquia de Sar e a segunda da de San Miguel de Castro (A Estrada). Os avós paternos eran Fernando López *del Real Hospital* (entendemos que quere dicir expósito) e Antonia Corbeira da freguesía de Santiago da cidade de Lugo, e os maternos, Andrés García de San

4 AHUS: Concello de Santiago, Expedientes persoais, 1869-1893, Espino Rodríguez, Francisco.

Salvador de Cervaña (Silleda) e Benita Casares de Santa María de Loimil (A Estrada). Pero na marxe o ecónomo, Francisco González Gómez, escribiu que *el padre de este niño falleció en esta parroquia de Sar el dia veintinueve de Enero del actual año de mil ochocientos sesenta y nueve, ó sea hace 272 dias,* ao que se engadiu oito anos máis tarde:

> *Hoy 5 de Febrero de 1878 yo D. Francisco Antonio Espino soltero natural de Sar y vecino de Sta. Maria del Camino empleado municipal, hijo naturl. de Antonia Espino Rodrigz., oriunda de S. Martin de Calvos, difta. y de padre incógnito, consigna que el niño de esta partida José María es mio, y por tal le reconozco, y habido de Dolores Garcia Casares, viuda…, y sietemesino, firmandolo ante el Sr. Rector y testigos, haciendole mio a ruego de la citada madre presencial á este acto…*[5]

Dolores faleceu pouco despois, o 23 de decembro de 1880, recibindo sepultura no cemiterio xeral de Bonaval[6].

Este fillo no mes de outubro de 1894 era prateiro e vivía en Ourense, onde casou con Teresa Cid Ríos, logo de asinar o pai o correspondente permiso no mes de maio do devandito ano:

> *Por la presente,*
> *Como padre y único ascendiente de D. José Espino García, natural de esta Ciudad, ejerciendo su oficio de platero en Orense, le concedo el permiso que se requiera para que pueda contraer matrimonio cuando lo tenga por conveniente; cuidando de elijir que la compañera pobre ó acomodada, sea de conducta intachable.*
> *16 de Mayo 1894*

Casaron o 15 de setembro, pero á voda, segundo unha carta do día 12 anterior, o pai non puido asistir, coidamos que por problemas de saúde: *V. por lo que me mandó a decir no puede venir lo cual siento…*[7]

Seis anos despois do pasamento de Dolores contraeu matrimonio con Juana Otero Mozo, ás seis e media da mañá do xoves 22 de xullo de 1886 na igrexa de Santa María de Sar:

> *Dn. Francisco Antonio Espino, soltero de cincuenta y cuatro años de edad, empleado municipal, vecino y feligrés de la contigua Santa Maria del Camino, casa número trece de la Rua Traviesa* […] *con mi feligresa Dª Juana Otero Mozo, soltera, modista, de cincuenta y cuatro años de edad, vecina de la Rua de San Pedro, casa número doce, nacida y bautizada en la referida del Camino el dia veintitres de Febrero del treinta y dos, é hija legitima de legitimo matrimonio de Dn. José Otero Sisay, procurador del Juzgado de primera instancia, y Dª. Manuela Mozo Arias, difuntos, naturales esta de Pontevedra y aquel de Santiago en donde estuvieron por muchos años avecinados y fallecieron…*[8]

O 28 de febreiro de 1896, polo perigo inminente dun desenlace fatal, dita o testamento por ante o notario compostelán Manuel Martínez Fernández, no que *confiesa y declara*

---

5 AHDS: Santiago, Santa María de Sar, Libro de bautizados, 1865-1870, fs. 214v – 215 r.

6 O 9 de outubro de 1894, Francisco Antonio Espino pagou 7,50 pesetas importe de tres anualidades, pola *ocupación temporal de una sepultura de primera clase, situada en el salón principal mano izquierda numero 57, del Cementerio general, y señalada con una cruz de hierro, donde reposan las cenizas de Dª. Dolores García Casares desde veinti y tres de Diciembre de mil ochocientos ochenta* (USC-BX: *José María Espino García,* RSE. ESPINO. Foll. 20/11).

7 USC-BX: *José María Espino García,* RSE. ESPINO. Foll. 20/11.

8 AHDS: Santiago de Compostela, Santa María de Sar, Libro de matrimonios, 1882-1900, fs. 69 e 69v.

que de su propiedad solo tiene su ropa de vestir, una comoda pequeña, dos mesitas y unas cuantas sillas, así como unos legajos de apuntes historicos y curiosos, pues su sueldo y ganancias lo venia invirtiendo en alimentación, inquilinato de casa y vestirse, sin que tuviese ahorros, y de consiguientes es un hecho que no tienen los dos esposos gananciales algunos… (Apénd. 2).

A doenza era grave, aínda que asina e rubrica da súa man, pois aos dous días falecía na casa número 28 da rúa de Entremuros, *á consecuencia de hemorragia cerebral,* recibindo sepultura o catro de marzo no cemiterio xeral de Bonaval, logo da correspondente *función de entierro* na igrexa e ao día seguinte *en la misma la de honras y septimo día con asistencia de trece Señores Sacerdotes, dos cantores y un Fagot en ambos actos* (Apénd. 3).

3. OS APUNTAMENTOS

Non hai constancia de que chegase a publicar algo, nin tan sequera algún artigo na prensa, que ben o podía facer tendo en conta os datos que achegara ao longo da vida. Tampouco sabemos cando lle entrou tal afección, e se foi por decisión propia ou por consello de alguén, agás que o 23 de abril de 1882 xa fixera o traballo de campo sobre as cruces e cruceiros composteláns, a teor do que deixou dito Bernardo Barreiro[9].

Cuberta do manuscrito dos cruceiros composteláns (USC-BX: RSE. Espino. FOLL 4/4)-

Os apuntamentos, maiormente en papeis soltos, foinos clasificado por temas en carpetiñas, facendo nalgúns casos de cartafol ou cuberta cartóns aproveitados. Así, por exemplo, a que contén as papeletas das cruces e cruceiros composteláns ten unha envoltura do papel de fío fabricado por Julián Fournier de Burgos (un irmán, Heraclio, en 1870 estableceu en Vitoria-Gasteiz un taller litográfico, orixe da actual empresa de igual nome dedicada maiormente á fabricación de naipes). Sobre ela ten pegadas dúas tiriñas de papel branco, a primeira co número *251* e a segunda coa palabra *Cruceros*. O mesmo número e palabra repítense na folla interior co cuño estampado a tinta azul da *Sociedad Económica de Amigos del País. Santiago.*

Esta sociedade foi quen herdou os seus papeis por decisión testamentaria asinada o 28 de febreiro de 1896:

9 *Galicia Diplomática,* IV, núms. 12, 24-III-1889, pp. 92-93.

Apuntamentos de Espino Rodríguez: «Lázaros» e «Hospitalillos» (USC-BX: RSE. Espino).

Cuarto.- (…) *confiesa y declara que de su propiedad solo tiene su ropa de vestir, una comoda pequeña dos mesitas y unas cuantas sillas, así como unos legajos de apuntes historicos y curiosos. Quinto.- Lega y manda los dichos legajos de apuntes historicos y curioso á la Sociedad Economica de Amigos del Pais de Santiago…*

Na seguinte sesión ordinaria da Sociedade ao pasamento de Francisco Antonio, celebrada o 20 de marzo de 1896, deuse conta da recepción destes, cualificando o legado de *valioso donativo toda vez que la familia del referido Sr. Espino no disfruta de posicion tan desahogada qe. le permita un acto de tanta abnegacion, como lo es el desprenderse de los unicos objetos de valor inestimable que pertenecian á su consorte.* Ademais de darlle as grazas á viúva, tamén se acordou que a Sociedade *recompense como le sea dable tan generoso desprendimiento* (Apénd. 4).

Os apuntamentos estiveron en poder da Sociedad Econónica ata o ano 1917 en que pasaron en concepto de depósito á biblioteca da Universidade Compostelá, onde permaneceron deica 1955 en que foron retirados para a entón Biblioteca Pública de Santiago, na que estiveron ata 1963 en que se acordou devolvelos á biblioteca da Universidade, onde seguen hoxe en día a disposición dos investigadores.

Actualmente están repartidos en 85 carpetiñas, máis unha ao nome do fillo, José María Espino García, na que se recollen algúns papeis persoais, entre eles varias cartas que este lle mandou ao pai dende Ourense. Non imos dar a relación exhaustiva dos mesmos, tendo en conta que os estudosos poden acceder ao catálogo da Biblioteca Xeral da Universidade (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>, Catálogo Iacobus), ou consultar o libro publi-

Constituciones.
y
Estatutos.
De la Yglesia y Rl. colegiata
dela Ciudad de la Coruña.
Echas el año de 1588.
Con una breve instruccion dele
que debe practicar el Maestro
de Ceremonias de dicha
Yglesia.

Copia das *Constituciones y Estatutos de la... colegiata de la ciudad de la Coruña*, 1588 (USC-BX: RSE. Espino).

cado por María Virtudes Pardo Gómez: *Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela: Catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral* (Santiago, 1998, pp. 145 a 155). Todos están escritos en castelán e, agás poucas excepcións, sempre se refiren á súa cidade natal:

- **Santiago de Compostela**: iluminación e serenos; fábrica de gas e antigas carnicerías; matadoiro; bancos de ferrar; alfóndega; picota; praza de abastos; noticias de diferentes épocas; rúas; cárcere; Audiencia do Criminal de Santiago; alameda, etc.

- **Concello de Santiago**: novas de diferentes épocas (2 carpetas); proclamación de Carlos IV (1789); novas curiosas dalgúns consistorios (1416-1808); acordos do Concello, s. XVII e XIX (2); listas de concelleiros de Santiago (1874-1885).

- **Padróns e contribucións**: padróns de habitantes (2 carpetas); «amillaramentos» (4).

- **Sanidade, seguros, beneficencia e cemiterios**: asilo de anciáns desamparados; hospitais de San Lázaro e Santa Marta (3 carpetas); hospitaliños (2); socorros e seguros mutuos (2); casa-hospicio (5); asilos (2); Cociña Económica; beneficencia (3); convento e manicomio de Conxo; cemiterios (2).

- **Monumentos e outras construcións**: cruceiros; portas e poxigos.

- **Ensino e cultura**: colexios; colexio de San Clemente.

- **Relixión**: episcopoloxio compostelán (2 carpetas); catedral: Porta Santa, Xubileu; mosteiros e conventos (San Pedro de Afora, Ensino, San Lourenzo, San Francisco, Conxo, Mercedarias); igrexas, mosteiros e conventos da cidade e da antiga provincia de Santiago; capela da Peregrina; Inquisición; apostolado; templarios, etc.

- **Gremios, congregacións, confrarías e obras pías**: (2 carpetas).

- **Feiras, festas e teatro**: feira do Apóstolo; entroidos; teatro.

- **Sociedades**: *Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago.

- **Exército**: aloxamento de tropas e bagaxes; cuarteis; listas de recrutamento do exército (1880-1894).

- **Temas non compostelans**: Reino de Galicia; noticias de diferentes épocas sobre varias poboacións galegas.

- **Lexislación e disposicións**: cemiterios; Lei de Beneficencia de 1849; lei e decreto de 1869 sobre procedementos contra 1º e 2º contribuíntes; contribucións («amillaramentos»); sanidade, etc.

- **Varia**: ordes de arquitectura; moedas e medidas, etc.

- **Obras, poesías, regulamentos, etc.**, copias manuscritas:

-*A la muerte del Marqués de la Romana / Un patriota gallego*.

-*Constituciones y Estatutos de la Insigne y Rl. Colegiata de la Ciudad de La Coruña echos en el año de 1588...*

- Fariña y Quiroga, Manuel: *Plan de Policía sobre recoger y socorrer los mendigos…*

-Fernández Somoza, Manuel: *Sermón acerca de la muerte de San Vicente de Paul…* (1882).

-Moncín, Luis Antonio José: *Herir por los mismos filos: Melodrama en un acto y en verso* (1852).

-Prado Vallo, Manuel: *Numeración antigua y moderna de las casas y edificios de la Ciudad de Santiago…* (188-).

-*Reglamento Música Casa-Hospicio* (1876).

-*Reglamento para la Casa-Hospicio y sus dependencias de la ciudad de Santiago* (1876).

-Rodríguez Seoane, Luis: *La Caridad: Para las provincias de España que sufrieron en la inundación,* 1879, poesía.

-J. S. de C.: *Plan que convendrá seguirse en las Cortes Generales del Reyno para proponer y aprobar los asuntos de que en ellas se trata*.

Carpeta coas notas sobre a *Casa Asilo de mendicidad* (USC-BX: RSE. Espino).

-Semmedo, Joao Curbo: *Notas de los Secretos médicos del Dr. D. Juan Curbo Semmedo traducidos del portugués al castellano…* (1731).

-*Tesoro de pobres* (remedios e receitas caseiras).

-*Villancicos que la Capilla de música de la santa Yglesia Catedral de Santiago canta al Santísimo Sacramento en la fiesta de Corpus de este año santo de 1819*.

-Zea, Francisco: *La batalla de Clavijo: Drama en un acto* (185-).

- Poesías de varios autores.

APÉNDICE DOCUMENTAL

1.Partida de bautismo

Franc°. Antonio Eugenio Espino

En diez y ocho de Nobiembre de mil ocho cientos treinta y dos, yo dn. Manuel Cerdeyra Presb°. Vecino de esta Parroq^a^. de St^a^. Maria la Real de Sar con licencia de Dn. Juan Rubio Cura Economo de ella en el Partido de adentro[10] *bautize solemnemte. a un Niño que nacio el mismo dia, y le puse los nombres de Franc°. Ant°. Eugenio hijo natl. de Antonia Espino soltera natl. de Sn. Martin de Sobrecamino*[11] *y vecina de esta de Sar en la Calle de Belvis, de Padre inconito. Los Abs. Paternos inconitos. Maternos Vicente Espino difunto y Marina Rodriguez, fue su Madrina Maria Espino tia Materna del Niño a quien le adverti el nuevo Parentesco y mas obligaciones y con el Sr. Cura Economo lo firmo*

Juan Rubio — *Manuel Cerdeyra*

(rubricado) — (rubricado)

(AHDS: Santiago, Santa María de Sar, Libro de bautizados, 1827-1834, fol. 193v).

2. Testamento

En la Ciudad de Santiago á veintiocho de Febrero de mil ochocientos noventa y seis: ante mi D. Manuel Martinez Fernandez, Notario del Colegio de la Coruña con residencia y vecindad en este pueblo, presente D. Francisco Espino mayor de sesenta años, casado con D^a^. Juana Otero y Mozo, natural de la parroquia de Sar de esta Ciudad, empleado en el Ayuntamiento y por consiguiente de esta vecindad, hijo de D^a^. Antonia y de padre desconocido, provisto de la cedula personal, señalada con el número dosmil ochocientos setenta y siete.

Y aunque se halla enfermo en cama, considerablemente yo el Notario y testigos en el uso de su razón y cabal entendimiento, y por consiguiente con capacidad legal para testar, dice: que otorga su testamento y declara su ultima y deliberada voluntad de la manera siguiente.

Primero.- Declara que es Catolico, Apostolico, Romano, y manda que el amortajamiento y entierro de su cadaver asi como los funerales y sufragios por su alma, se hagan según lo determine su esposa Dª Juana Otero y Mozo, procurando mucha sencillez entre otras razones, por la de no tener bienes de fortuna el testador.

Segundo.- Declara que tiene un hijo natural llamado José Espino García de veintiseis años de edad, al cual ha reconocido en la partida de bautismo, y ademas á medio de este testamento lo reconoce de nuevo como tal hijo natural suyo.

Tercero.- Declara que todo cuanto existe en su casa de muebles, ropas, ajuar y todo lo demás es de la esclusiva propiedad y pertenencia de su esposa Dª Juana Otero y Mozo, asi como tambien lo es el dinero que ha prestado la misma y su esposo el otorgante ante el infraescrito Notario, y el que la Dª Juana Otero facilitó confidencialmente á algunas personas, pues todo lo ha aportado al matrimonio; y ordena y manda que asi se reconozca sin que quepa contra ella reclamacion alguna.

Cuarto.- D. Francisco Espino confiesa y declara que de su propiedad solo tiene su ropa de vestir, una comoda pequeña dos mesitas y unas cuantas sillas, así como unos legajos de apuntes historicos y curiosos, pues su sueldo y ganancias lo venia invirtiendo en alimentación inquilinato de casa y vestirse, sin que tuviese ahorros, y de consiguientes es un hecho que no tienen los dos esposos gananciales algunos.

Quinto.- Lega y manda los dichos legajos de apuntes historicos y curioso á la Sociedad Economica de Amigos del Pais de Santiago, y manda, que con lo que dé en venta su ropa de vestir é insignificantes

10 A freguesía, como era moi grande, estaba dividida en varios «partidos», entre eles o de «Adentro» que era a parte máis próximo á igrexa e á cidade. O párroco tiña un presbítero encargado en cada «partido».
11 San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (Arzúa).

muebles dichos, despues de sacado el importe del entierro y sufragio que será nada ó poquisimo lo lleve su hijo José Espino por ser lo unico que con arreglo á la ley le puede corresponder, y lo unico que puede quedar del testador, pues que todo lo demas que aparezca como dicho queda es de la esclusiva propiedad y pertenencia de su esposa Dª Juana Otero y Mozo, á la cual nombra por su cumplidora y albacea, autorizandola para que ocurrida la muerte del testador se apodere esclusivamente de todo cuanto exista en casa y fuera de ella como verdadera propietaria y dueña de todo ello, á no ser los legajos de apuntes, ropa de vestir y pequeños muebles indicados que les dará el destino antedicho. Y prohive tanto á su hijo como á otras cualesquiera personas que no inquieten ni perturben en nada ni para nada á la Dª Juana Otero y Mozo.

Sesto.- Reboca y anula cualquier otro testamento anterior al dia de hoy y prohive todo recuento é intervención judicial.

Asi lo dijo y otorga en presencia de los testigos mayores de edad, de esta vecindad sin escepción legal D. Enrique Martinez Gonzalez D. Angel Rey Lorenzo y D. Damaso Rodriguez Montoya.

Lei integramente y en voz alta este instrumento publico enterando á todos del derecho que tienen á leerlo por si y lo aprobaron; manifestando D. Francisco Espino, que lo en el contenido es su testamento y su ultima y deliberada voluntad en prueba de los cual lo firma asi como los testigos; de todo lo cual, de que conozco al testador, de que los testigos me aseguraron le conocen tambien y de que todas estas formalidades han tenido lugar en un solo acto sin interrupción siendo las cinco de la tarde de este dia al principio espresado yo Notario doy fé.

Francisco A. Espino (rubricado) — *Enrique Martinez* (rubricado)

Angel Rey (rubricado) — *Damaso Rodriguez Montoya* (rubricado)

Manuel Martinez Fernandez (rubricado)

(AHUS: Protocolos de Santiago de Compostela: Martínez Fernández, Manuel, S-9.106, fols. 241, 241v, 242 e 242v).

3. Partida de defunción

Dn. Francisco Antonio Espino Rodriguez

En el Cementerio general de la Ciudad de Santiago el dia cuatro de Marzo de mil ochocientos noventa y seis, se dio sepultura Eccã. al cadáver del adulto Dn. Francisco Antonio Espino Rodriguez de sesenta y cuatro años de edad, empleado en la Secretaria de este Ayuntamiento, casado con Dª. Juana Otero Mozo y fallecido el día dos á consecuencia de hemorragia cerebral en la casa núm°. veintiocho de la Calle de Entremuros despues de recibir los Sacramentos de la Penitencia y Sta. Extremaunción. Era oriundo de esta Ciudad é hijo natural de Antonia Espino Rodriguez. No deja sucesión é hizo testamento el veintiocho de Febrero del corriente año por ante el Notario D. Manuel Martínez. El mismo /día/ que se le dio sepultura hubo en la Iglesia de Santa María del Camino la función de entierro y al siguiente en la misma la de honras y septimo día con asistencia de trece Señores Sacerdotes, dos cantores y un Fagot en ambos actos. Para que así conste, firmo la presente como cura ecónomo: fecha ut supra = Entre lineas = día = Vale.

José Olivares Sauco (rubricado)

(AHDS: Santiago, Santa María do Camiño, Libro de defuntos, 1882-1897, fol. 265v).

4. «Real Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago», acta da sesión do 20 de marzo de 1896

Sesion ordinaria de 20 de Marzo de 1896

Presidencia del Ilmo. Sr. D. Ramiro Rueda, Director de la Sociedad.

[…] *Terminado el despacho ordinario dió cuenta el Sr. Director de un importante legado que la Sociedad acaba de recibir: era este el del archivo particular que poseia el celoso empleado del Ayuntamiento de esta ciudad Sr. Espino, fallecido hace pocos dias.*

El Sr. Fernandez (D. Manuel B.) manifiesta la importancia del referido legado y pide que la Sociedad procure recompensar tan valioso donativo toda vez que la familia del referido Sr. Espino no disfruta de posicion tan desahogada qe. le permita un acto de tanta abnegacion, como lo es el desprenderse de los unicos objetos de valor inestimable que pertenecian á su consorte. Los tres Andrade, Marcon y Gutierrez Tostado se asocian á la peticion del Sr. Fernandez, elogiando de paso el importantisimo acto realizado por el Sr. Espino.

El Sr. Director propone en vista de las manifestaciones hechas, que se nombre una comision á quien le confiera el encargo especial de dar las gracias en nombre de la Economica á la viuda y demas familia del citado Sr. Espino, y de averiguar al mismo tiempo los medios que conceptue mas convenientes para que la Sociedad recompense como le sea dable tan generoso desprendimiento. La Sociedad unanimente asi lo acuerda, confiando al Sr. Director el nombramiento de la repetida comisión […]

(AG: «Real Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago», Actas de sesións, libro 6°, 1891-1896, fols. 246 e 247).

BIBLIOGRAFÍA

Fontes documentais

AG (Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela):

- Real Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago.

AHDS (Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela):

Santiago: - Santa María do Camiño: Libro de defuntos, 1882-1897, fol. 265v.

- Santa María de Sar: Libro de bautizados, 1827-1834, fol. 193v; Libro de bautizados, 1865-1870, fols. 214v – 215; Libro de matrimonios, 1882-1900, fols. 69 e 69v.

AHUS (Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela):

Concello de Santiago:

- Actas de sesións: 12-xaneiro-1869; 9-agosto-1883; 20-xullo-1893.
- Expedientes persoais, 1869-1893: Espino Rodríguez, Francisco.

Protocolos notariais:

- Martínez Fernández, Manuel, S-9.106, fols. 241, 241v, 242 e 242v.

USC-BX (Universidade de Santiago de Compostela – Biblioteca Xeral):

-Papeis de Francisco A. Espino

-Papeis de José María Espino García.

Publicacións

BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, Bernardo (1889): «Monumentos Populares. Las Cruces y los Cruceros». *Galicia Diplomática,* IV, Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: «Os viacrucis da cidade de Santiago de Compostela». *Actas do VIII Congreso Galego de Cruceiros* (no prelo).

PARDO GÓMEZ, María Virtudes (1998): *Catálogo de Manuscritos da Biblioteca Xeral. Biblioteca Universitaria,* Universidade de Santiago de Compostela.

O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo (1985-2002)

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO[1]

Adicado a **José Barreiro**, ilustre lucense (xa finado), fundador da Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda.

Sumario

Neste artigo expoño os trazos máis esenciais do Enterro da Sardiña na cidade de Lugo, distinguindo dúas etapas: a do último tercio do século XX, que ten como novidade a recuperación do Enterro da Sardiña por parte do persoeiro lucense D. José Barreiro, logo de máis de cincuenta anos de non saír ás rúas. A segunda etapa comezaría no ano 2000 coordinada por Mercedes Barreiro González e o seu esposo Andrés Rubino Fernández, fillos do devandito persoeiro, quenes continuan ata o intre actual coa tarefa iniciada polo seu proxenitor.

Abstract

On this article I expose the essential features of the Burial of the Sardine in the city of Lugo, distinguishing two steps: the one at the last third of the twentieth century, which presents, as a novelty, the recovery of the Burial of the Sardine by the Lucensian celebrity D. José Barreiro, after over fifty years of not coming out to the streets. The second step began in 2000 coordinated by Mercedes Barreiro González (daughter of D. José Barreiro) and her spouse Andrés Rubino Fernández, who continue at this day the job started by their ancestor.

I. INICIOS DO ENTERRO DA SARDIÑA E O SEU DESENVOLVEMENTO EN GALICIA

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica, mais logo co paso dos anos construiuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida polo crego -o Gran Espetón- que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as choronas, as autoridades e, finalmente, os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan burla, ironía, sarcasmo e crítica, e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica (Lugo), nunha incineración (Burela, Vilalba, Viveiro) ou nunha inmersión no río (Monforte de Lemos) ou no mar (Marín, Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid a onde no reinado do monarca borbónico ***Carlos III*** [2], procedente dalgún porto do norte de España, un cargamento de sardiña en mal estado, polo que as autoridades competentes, malia as condicións de pobreza da poboación, acordaron enterralas na «Casa de Campo». O pobo, aínda que ao comezo protestou e provocou algúns incidentes, logo participou cun tono burlesco e sarcástico en dito enterro, que sería recordado anualmente. Outra

1 **José Manuel Blanco Prado** é doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de Antropoloxía Cultural, Etnografía e Historia en revistas especializadas.

variante sería a dos ilustrados madrileños que tomando como motivo estes acontecementos da fame popular, parodiaron o enterro do peixe e repetírono en anos sucesivos.[3]

Posiblemente a descrición máis antiga que se conserva deste ritual madrileño sexa a de ***Ramón de Mesonero Romanos***, autor costumista madrileño que na súa obra *Escenas matritenses* fai mención ao Enterro da Sardiña do seguinte xeito *«O cortexo procedía do barrio da Latina e baixou pola Porta de Toledo ata a ponte do mesmo nome, rodeando o Manzanares. Na comparsa ía de todo; desde disfrazados con cabezas postizas ata romanos, pasando por berberiscos e penitentes. A mascarada facía ostentación da súa astrosidade e mal gusto. Abondaban as vasoiras molladas en viño a modo de hisopos, berros e cantos incoherentes, e amenizaban o conxunto catro ou seis gatazos negros atados polas patas na punta dun pau e enarborados en alto a xeito de pendóns… A sardiña auténtica ía na boca dun monicreque, o señor Marcos, levado nun grotesco ataúde…Na procesión formaban varios coros coas clases máis humildes da cidade, cabalos, cans que ouveaban e máscaras espantosas»*[4].

Tamén ***Pascual Madoz*** alude a este ritual da seguinte maneira: *«Se reduce a disfrazarse varias parejas, por lo regular de gente ordinaria, de frailes, curas y demás empleados de iglesia, llevando pendones, estandartes y mangas parroquiales estrañas, con escobones o jeringas por hisopo, orinales por calderilla y otras insignias burlescas. Estas turbas conducen al hombro, en unas angarillas, un pellejo o bota de vino con una careta, o un pelele en cuya boca ponen una sardina, y de este modo, precedidos de un tambor o de clarines y bocinas, recorren muchas veces la pradera, cantando lúgubremente, imitando a los cánticos de los entierros y aspergeando a los circunstantes en sus fingidos responsos con los escobones llenos de agua. Cansados, concluyen por enterrar en un hoyo la sardina y ponerse a merendar y beberse el vino del pellejo que hizo de muerto…»*.[5]

O Enterro da Sardiña está reflectido no cadro do mesmo nome realizado polo pintor aragonés ***Francisco de Goya*** entre os anos 1812 e 1819. Nel o pintor plasma a vitalidade popular, a ledicia de vivir do pobo, que goza de liberdade e pode manifestarse sen ningún tipo de restrición, aínda que sexa nun tempo curto no que as leis e as institucións quedan abolidas.[6]

Aparentemente, o Enterro do Entroido debía simbolizarse enterrando carne e non peixe, que vai ser algo moi habitual na dieta gastronómica da Coresma, debido ao período de abstinencia e xaxún, que hai segundo o precepto cristián. Agora ben, na antigüidade, cando se comía de vixilia durante toda a Coresma, adoitábase enterrar un costillar de porco ao que se lle daba o nome de sardiña, distorsionándose o seu significado polo que no intre actual ten de peixe.[7] Sen embargo, ***Federico Cocho***, dínos que esta interpretación non é obxectiva, debido a que non hai respostas axeitadas á persoa, lugar e momento no que se usou o termo sardiña cun significado diferente ao que ten hoxe. [8]. Outra interpretación fai referencia a un sentido ambivalente da sardiña. Así, por unha banda simbolizaría á Coresma ao ser un peixe, mais por outra podería representar ao Entroido xa que ao comela salgada estimularía o consumo de viño.[9]

Con respecto a Galicia e dun xeito preferencial a Ourense, ***Vicente Risco*** fai as seguintes alusións: *«Chamaban á xente cun bando, no que disputa que quen quixera ir, se presentase no sitio envolto nunha saba branca e cunha vela de sebo. Saía o enterro de noite, con pendóns e estandartes feitos con follas de bacallau levadas en canas, unha gran choca, que arremedaba a antiga campaíña dos enterros, incensarios imitados con braseiros onde ían queimando zapatos vellos e cousas que cheirasen mal, deixando*

Ano 1985. José Barreiro á fronte da banda da música.

atrás do enterro un fedor que non se resistía; os cregos cantando; un sacristán cun caldeiro de auga de fregar e unha basoira facendo de hisopo; os agarrantes levando a caixa ou cadalsito; as pranxideiras ou choronas berrando detrás; os do duelo, moitas veces de chistera e coroza, e, por fin, o acompañamento.»[10]

Así mesmo, ***Taboada Chivite*** menciona *« que a morte i enterro do Entroido simboliza a expulsión do Inverno e a instauración da Primaveira. O lanzamento do moneco á iauga, con pranto e cantares alusivos, lembra ó pelele que as Vestales de Roma tiraban ao Tiber en rito catártico…»* [11]. Pola súa banda, para ***Clodio González*** o Enterro da Sardiña é unha escenificación dun enterro segundo o rito cristián, no que hai cregos, autoridades, choronas, e persoas de toda índole formando parte da comitiva. Ésta adoita deterse nunha praza onde se leva a cabo a lectura de diferentes estrofas ou salmodias, que amosan un carácter burlesco e satírico. Finalmente, o cadaleito coa sardiña no seu interior pode ser enterrado, queimado e mesmo tirado a un río.[12]

Este ritual comezou a implantarse nalgunhas cidades e vilas galegas a partir da segunda metade do século XIX. O motivo esencial foi debido ao desexo de incorporar costumes e tradicións da capital do Estado por parte daqueles grupos sociais que exercían unha maior influencia na poboación.

Polo que respecta á provincia de Lugo, temos constancia da existencia deste ritual na cidade de Lugo e nalgunhas vilas como Burela, Monforte, Vilalba e Viveiro. Noutras, como Chantada e Sarria, a súa implantación foi meramente temporal.

II. O ENTERRO DA SARDIÑA EN LUGO NO ÚLTIMO TERCIO DO SÉCULO XX

1. O Enterro da Sardiña no ano 1985

En Lugo, capital, logo de cincuenta anos de ausencia, volveu a celebrarse o Enterro da Sardiña no ano 1985 da man de ***José Barreiro***, fundador da *«Real Confraría da Parranda»,* e do Departamento de Cultura do Concello. A comitiva saiu do Círculo das Artes ás oito da noite, integrada na súa maioría polos membros da *«Real Confraría da Parranda»*. Abría a procesión *«o gran pendón»,* levando un estandarte cunha caraúta do Antroido, franqueado por dous capuchóns, tamén con sendos estandartes nos que figuraba *«o porco de San Antón»* e *«o burro do Antroido»,* aos que se dedicaban sendos estribillos nas cantigas:

ESTE É O BURRO DO ANTROIDO
LEVÁNTALLE O RABO
E BÍCALLE O COIRO
BÍCALLO BEN
ATA O ANO QUE VÉN.

ESTE É O PORCO DE SAN ANTÓN
DESDE O FUCIÑO
ATA O XAMÓN
TODO ÉL SABE BEN
IN SECULA SECULORUM. AMÉN.

Logo dunha ringleira de confrades ía *O gran Espetón,* representado por ***Antonio Penedo*** [13], o *moro Muza* e os mariñeiros protexendo á sardiña ben ensartada nun tridente. Os incensarios acompañaban a *Dº Carnal* e a *Dª Cuaresma*, sen que faltasen á cita as choronas, que ían de luto, chorando a perda irreparable da sardiña. A continuación, camiñaban as autoridades coas sus elegantes donas e encabezadas polo rexidor da cidade, seguidas da banda e o coro. Pechaba a comitiva o público desexoso de participar no evento.[14]

1.1. O percorrido do Enterro da Sardiña

O percorrido iníciábase na Alameda ao carón do Círculo das Artes, onde se entonaba o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. Logo proseguía por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde adoitaban deterse diante do bar Anda, para dedicarlle a súa peña unha das estrofas do *«Canto Patético»,* interpretado na procesión.

A primeira parada importante tiña lugar na Praza do Campo, onde o *Gran Espetón*, representado por ***Antonio Penedo***, recitaba as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno.

A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuaba a súa marcha pola Ruanova ata chegar á Praza da Soidade, onde se detiña de novo para dedicarlle outras estrofas á Praza do Rastro e á capela da Soidade. Así ao ***San Antón Abade*** pedíaselle que resolvera os problemas, que temos no noso Concello.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Reina, a comitiva dirixíase, atravesando a Alameda, ao templete da música, onde se atopaba o cadaleito da sardiña por riba dun catafalco.

Neste lugar, ao igoal que fixera na Praza do Campo e da Soidade, o *Gran Espetón,* ***Antonio Penedo***, recitaba un longo repertorio de «ferretes» onde a crítica ao Concello constituía a nota esencial.

Finalizada a interpretación da última salmodia, o director da confraría ***Pepe Barreiro***, que ía acompañando á banda, vestido de capuchón e cun semáforo en ristre, procedía a enterrar á sardiña entre os lamentos das choronas.

Como colofón ao acto, o alcalde ***Vicente Quiroga*** fixo entrega dunha placa conmemorativa a ***José Barreiro*** no nome da Corporación Municipal, en recoñecemento ao seu labor por recuperar, logo de cincuenta anos, o enterro da sardiña.[15]

Ano 1985. José Barreiro co seu semáforo na man.

Detalle do enterro da sardiña do ano 1985.

A comitiva fúnebre na Praza de España.

Persoeiros do Enterro da Sardiña.

Enterro da sardiña do ano 1985. O moro Muza. Os pescadores acompañando á Sardiña e o numeroso público contemplando o evento.

A Sardiña baixando as escaleiras do Círculo das Artes, entidade colaboradora co evento. Ano 1985.

1.2. Ferretes que recitou o gran Espetón no transcurso do Enterro da Sardiña do ano 1985

1.2.1. CANTO PATÉTICO PARA INTERPRETAR NA PROCESIÓN

Oid los tristes arpegios
de la salmodia (bis)
que anuncian el comienzo
de esta parodia.

ESTRIBILLO. Recita a confraría.
ESCUCHAD MI CANTO.
ESCUCHAD MI CANTO.
Y DE LAS PLAÑIDERAS
SU TRISTE LLANTO. (1)

Están las amas de casa
tristes y mudas (bis)
al quedar la Cuaresma
sen cabezudas. (1) Estribillo.

Quedó el gato mohino
en la cocina (bis)
al no ver en el plato
a la sardina. (1)

Celebra la Cofradía
este esperpento (bis)
al darle a la sardina
el pasamento. (1)

Cantad homiños de Lugo
el sonsonete (bis)
que lleva a la sardina
hasta el templete. (1)

Luce crespones de luto
la Peña Anda (bis)
para honrar el festejo
de la parranda. (1)
Loor a Goya y Luciente
genio del arte (bis)
que nos dejó en prenda
este estandarte. (1)

Se ha muerto la sardina
esta mañana (bis)
al tomar la ceniza
¡qué ceniza! (1)

Gloriemos al rey castizo
Carlos III (bis)
promotor en España
de este entierro. (1)

Mirad la Plaza de Abastos
mustia y silente (bis)
por ser hoy la sardina
la gran ausente. (1)

Con este canto postrero
así termina (bis)
la procesión del entierro
de la sardina. (1)

Un confrade
portando o escarpiante.

1.2.2. ESTROFAS OU FERRETES QUE RECITA O GRAN ESPETÓN NA PRAZA DO CAMPO

¡ Alto ya!, deténgase la gente
en esta típica Plaza;
que por ser rincón famoso
es estación obligada.

ESTRIBILLO. Recita a confraría
ESTE É O BURRO DO ANTROIDO
LEVÁNTALLE O RABO
E BÍCALLE O COIRO
BÍCALLO BEN
HASTA O ANO QUE VEN. (1)

De los negocios de antaño
quedan solamente dos,
la librería de Alonso
y el figón de Ferreirós. (1) Estribillo.

Quieren hoy sus regidores
demostrar sus sentimientos
colocando en sus balcones
lienzos con crespones negros. (1)

Bella plaza porticada
que de Lugo sois ombligo;
zoco, ágora, mentidero
y taberna de buen vino. (1)

Gesto que les enaltece
al honrar así el sepelio
e la honorable sardina
prima hermana del jurelo. (1)

Cuna de cantores,
de un obispo y un poeta, Fray
Plácido Rey Lemos
y Aureliano José Pereira. (1)

Fue en otrora la fuente,
redundante panteón,
donde moró la sardina
en el fondo del pilón. (1)

Plaza alegre y confiada
del amor sois antesala:
a cien metros de la fuente
ya está la «Rinconada». (1)

Pero quiere hoy la Cofradía
que nuestra humilde hermana
tenga por marco el Cantón
y el templete por morada. (1)

Llamado «Barrio Galante»
por «Simón el cagarría»
que en román paladino
barrio es de putería. (1)

Perdona la procacidad
¡oh! glorioso San Vicente.
Por cita tan vergonzosa
sé con nosotros clemente. (1)

Aquí termina esta oda,
nostálgica y parrandera
abandonemos la Plaza
sigamos por la Ruanueva. (1)

O Gran Espetón recitando algúns ferretes na Praza do Campo.

1.2.3.ESTROFAS OU FERRETES QUE RECITA O GRAN ESPETÓN NA PRAZA DA SOIDADE

Ya estamos en el Rastro
o Plaza de la Soledad;
y en esta pobre capilla
ubicado en su celdilla
está San Antonio Abad.

ESTRIBILLO. Recita a confraría.

ESTE É O PORCO DE SAN ANTÓN
DESDE O FUCIÑO
HASTA O XAMÓN
TODO ÉL SABE BEN
INSÉCULA SECULORUM. AMÉN. (1)

Que Patrón es este Santo
de todos los animales
desde el cerdo al ruiseñor
pasando por el Regidor
y todos sus concejales. (1) **Estribillo**.

Queremos pedirle al Santo
-aprovechando este evento-
que resuelva los problemas
que tenemos por docenas
en nuestro Ayuntamiento. (1)

Terminado el breve inciso
continuemos el calvario;
prosiga, la Cofradía,
recite ya la letanía
y eche humo al incensario. (1)

Digamos a la Plaza, adiós
a San Antonio Lacoeiro,
a la iglesia Parroquial,
al Museo Provincial
Y al Carril do Carboeiro. (1)

O alcalde Vicente Quiroga entregando unha placa a José Barreiro pola recuperación do Enterro da Sardiña no ano 1985. Ao seu carón o líder da oposición socialista naqueles intres, Varela Flores.

Ano 2003. Os confrades do Santo Enterro lendo os ferretes, acompañados da orquestra e do público en xeral.

1.2.4.ESTROFAS OU FERRETES QUE RECITA «O GRAN ESPETÓN» NO TEMPLETE DE MÚSICA DA PRAZA DE ESPAÑA.

A todo el pueblo de Lugo
y al personal forastero.
Escuchad con atención a
Vuesto hermano Espetón
el ferrete parrandero.

ESTRIBILLO. Recita a confraría
e o pobo en xeral.

NIN CO ALCALDE QUIROGA
E SEN A XENTE DO BLOQUE
SIGUE SENDO O AXUNTAMENTO
A CASA DE TÓCAMERROQUE. (1)

Dijo el alcalde Quiroga
cuando tomo posesión
hagamos un Lugo nuevo
aunque ello nos cueste un huevo
y sólo nos quede un riñón. (1) **Estribillo.**

Pero la realidad fue otra:
que llegando a estas fechas
Lugo está peor que antes,
y es que estos bergantes
no dan una a derechas. (1) **Estribillo.**

Las calles, llenas de baches,
de tristes noches oscuras;
la ciudad es un muladar,
un paupérrimo aduar,
un almacén de basuras. (1) **Estribillo.**

Le lavaron con premura
la cara al Ayuntamiento,
y es lo que dice la gente:
¿ No sería más urgente
que lo lavasen por dentro? (1) **Estribillo.**

¡Oh Ciudad del Sacramento!
quien te ha visto y te recuerda
en paz, tranquila y serena,
limpia cual áurea patena
hoy llena de fango y mierda. (1) **Estribillo.**

En mayo del ochenta y tres
Lugo estrenaba concejo
con alcalde aliancista,
oposición socialista,
de porvenir muy complejo. (1) **Estribillo.**

Pero hubo total consenso
en las primeiras sesiones;
todo fueron alegrías
se repartieron canonjías
y fijaron mogollones. (1) **Estribillo.**

Poco después del consenso
se trocó en discrepancia
entre Varela y Quiroga,
asunto que aún trae cola
de capital importancia. (1) **Estribillo.**

Desde entonces hasta hoy
son las sesiones del pleno
una enconada batalla,
una auténtica morralla,
una Babel en pequeño. (1) **Estribillo.**

(Babel que tiene su torre
que quedó cual barquillera,
al cometer el dislate
de suprimirle el remate,
que ostentaba por cimera). (1) **Estribillo.**

Cada cual va a lo suyo;
del pueblo, ¡ xa nin se sabe!
Pero en otras elecciones
a esta grey de «mandilones»
los va a votar su padre. (1) **Estribillo.**

Y si os pasó por el magín
el volver a la Alcaldía,
podéis esperar sentados
en esos bancos cagados
del parque de Rosalía. **(1) Estribillo.**

Para hinchar el protocolo
en los actos oficiales,
pretenden estos cipayos
adquirir siete caballos
diestros en aires marciales. **(1) Estribillo.**

Y es opinión general
que para estas andaduras,
se habiliten siete ediles,
pues para los desfiles
no precisan herraduras. (1) **Estribillo.**

Dejad a un lado el boato
protocolo y etiqueta;
Vestir el traje corriente
que así más fácilmente
podréis cambiar de chaqueta. (1) **Estribillo.**

Que más quisiera el pueblo
que esta paz se realizara
en un abrazo sincero
como el de Maroto a Espartero:
¡ El abrazo de Vergara! (1) **Estribillo.**

Sufrido pueblo lucense
aquí acaba el repertorio..
En verdad os prometemos
que el próximo año estaremos
aquí frente al Consistorio. (1) **Estribillo.**

Tres de la tarde, la noche;
tras de la noche, la aurora;
con la luna por testigo,
gritad todos conmigo
¡ Viva la madre superiora! (1) **Estribillo.**

HACED DE NUEVO LAS PACES
Y CUMPLID VUESTRAS PROMESAS;
MIRAD QUE ES MUCHA LA MIES,
NO GOBERNÉIS CON LOS PIES
HACEDLO CON LA CABEZA. (1) **Estribillo.**

RITUAL QUE SE REALIZA NO MOMENTO DO ENTERRO DA SARDIÑA

ESTRIBILLO
(Música de los llorones de los Gavilanes)
No hay por qué sufrir
no hay por qué llorar
por esta sardina
que vamos a enterrar.
No hay por qué sufrir
no hay por qué llorar.
si al final de todo
habrá de resucitar (1)

1ª ESTROFA

Desde Vivero
a nuestro pueblo
otros pescados nos
llegarán
y en la Cuaresma
habrá abstinencia
pulpo y merluzas en San Froilán. (1) **Estribillo.**

2ª ESTROFA

Aquí acaba la parranda
con este cómpito funeral
con la sardina
Cada cual va a lo suyo;
así termina
por este año el Carnaval. (1) **Estribillo.**

2. O Enterro da Sardiña nos anos 1986-1987

No mes de Xaneiro do ano 1986 constituíuse dun xeito oficial na casa do Concello a xestora da *«Confraría do Enterro da Sardiña»*. Estaba formada por ***Alejandro***, en representación do Círculo das Artes; ***Manolo Granxeiro***, ***Juan Méndez***, ***Sevilla***, ***Luís «el gordo»***, ***Antonio Penedo***, ***Jorge Rivera***, ***Gerardo Pardo de Vera***, ***Francisco Rivera e José Barreiro***. [16]

A confraría está rexida por cinco principios básicos: apertura a todos os grupos sociais; ser un bo lucense; posuír sentido do humor; ser afeccionado á música e ao canto; e consolar ao triste.[17]

Denantes do día do enterro realizáronse varios ensaios no Círculo das Artes [18] coa finalidade de que cada confrade soubese o rol que tiña que desempeñar o día propio da celebración do ritual. Este ano houbo dúas modificacións con respecto ao ano anterior.

Unha afectaba ao percorrido do Enterro, que ía ser máis curto, transcorrendo pola Alameda, Conde Pallares, Cruz, Praza da Soidade, Teniente Coronel Teijeiro, Armaña, Dr. Castro, Cantón e templete da Praza de España. *«El recorrido, que se iniciará, como en la anterior ocasión, a la altura del Círculo de las Artes, será más corto, discurriendo por las calles típicas, las del viejo Lugo»*.[19]

A outra modificación estaba ligada á incorporación da carroza fúnebre.*» El «Estandarte Insignia abría la marcha con otros curiosos estandartes; después, las filas de confrades, el «Gran Espetón», la carroza funeraria, los incensarios, la sardina, como «Gran Escarpinante», los marineros, don Carnal, doña Cuaresma, el coro de plañideras, las autoridades, la banda, el coro y todo el público que seguía tras de la procesión»*. [20]

Con respecto ás melodías non hai variacións, agás os ferretes que *«O Gran Espetón»* recita desde o templete da música, e que fan alusión á cidade e aos seus rexidores. Terán unha boa carga de crítica e burla, dirixida preferentemente á corporación municipal, mais sempre nos límites da elegancia e da corrección. Polo que respecta ao *«Canto Patético»*, as melodías que se recitan na Praza do Campo e da Soidade, e a música dos choróns da zarzuela «Los Gavilanes» vai ser a mesma.

2.1.Ferretes do Enterro da Sardiña do ano 1986

Nas estrofas ou salmodias que *«O Gran Espetón»* menciona desde a Praza de España, faise mención á política sen mínimos pactos coa oposición, que poida garantizar, algunha realización práctica para a cidade. De aí que o estribillo cantado por toda a «Confraría do Enterro» sexa o reflexo da actual situación de deficiencia do noso concello.

Ano 2003. Elementos de crítica da comitiva fúnebre.

Ano 2011. Os portadores do cadaleiro da sardiña amosándoo ao público.

Inclito pueblo de Lugo
cachondo y sentimental.
pueblo que hoy se aglutina
para enterrar la sardina
y dar fin al Carnaval.

Como quien somos, cumplimos,
que cumplimos es notorio;
ya estamos en el templete
para lanzar el ferrete
contra nuestro Consistorio

Estribillo:

POR CULPA DA OPOSICIÓN
E DO ALCALDE QUIROGA
É O NOSO AYUNTAMIENTO
PIOR CA CASA DA TROYA (1)

Le dijimos hace un año
al concejo municipal:
haber si sois capaces
de hacer pronto las paces
para bien del personal. **(1). Estribillo.**

También se les rogaba
que no hicieran más el oso;
que gobierno y oposición
zanjaran toda cuestión
en un abrazo amistoso. **(1).**

Pero al hacer caso omiso
a nuestros buenos consejos
a Lugo hacen la puñeta,
sólo van por la peseta
este «fato» de pendejos. **(1).**

Y ante tanta felonía
y la falta de consenso,
a nadie ya causa asombro
que vaya manga por hombro
todo en el Ayuntamiento. **(1).**

Sabido es que el alcalde
en tarde de Abril aciaga
del brazo de Mosteirín,
se fue a Portomarín
e ingresó en la «Alquitara». **(1).**

Con ello quiso Vicente
agradar al señor Fraga
buen quemador de aguardiente,
a quien conoce la gente
por el Rey de la queimada. **(1).**

Entre lo de la «Alquitara»
y la falta de comprensión,
va transcurriendo el mandato
sin hacer nada sensato
en bien de la población. **(1).**

¡ Es la guerra: Más madera!
En el seno de Alianza
estalló la gran movida:
fue la lista sumergida
la que originó la danza. **(1).**

Para lavar el Partido
hizo Carro una gestora
que preparó la colada;
se lo dijeron a Fraga
y a Rita la Cantadora. **(1).**

Tiene que lidiar Quiroga
además de la oposición
un IVA que su partido
como valor añadido
le metió como aguijón. **(1).**

En Madrid sobre un sofá
Felipe y Manolo Fraga
repusieron el Tenorio,
hizo la Brígida, Gregorio:
don Gregorio Peces Barba**.(1)**

En cambio en nuestra ciudad
no fue posible el injerto;
no se encontró la resina,
tampoco la Celestina
que se los llevara al huerto. **(1)**

Se celebra el Corpus Christi
con gran fausto y esplendor,
Quiroga en nombre del pueblo
hará la Ofrenda en gallego
delante del Altar Mayor. **(1)**

Vistieron con nueva gala
a la Guardia Municipal
el día de la Infraoctava.
La gente se preguntaba
si todo el año es Carnaval. **(1)**

Parecía la guardia mora
de la era Franciscana:
con capa, lanza y morrión,
iban en la procesión
como guardia pretoriana. **(1)**

Le seguía la mesnada
con negras batas de cola;
con sus bastones de mando,
y con los ojos en blanco
pensando en la comilona. **(1)**

Pronto se irán al carajo
los satélites y el Astro;
por lo que, el próximo año,
este singular rebaño
irá en busca de otro pasto. **(1)**

A todos como consuelo
les darán un chupa chup
para que sigan chupando;
para que de vez en cuando
vayan a tomar… por Moscú. **(1)**

Sufrido pueblo lucense.
Aquí acaba el repertorio.
En verdad os prometemos
que el próximo año estaremos
aquí frente al Consistorio. **(1)**

Tras de la tarde, la noche;
tras de la noche, la aurora;
con la luna por testigo
gritad todos conmigo
¡Viva la Madre Superiora!

Algúns confrades lendo os ferretes na Praza do Campo

A comitiva fúnebre pola rúa da Raíña.

O Enterro da Sardiña do ano 1987 correu a cargo a nivel organizativo da *«Muy noble confraría da Parranda»,* que contou como no ano anterior co patrocinio do Concello e a colaboración do Círculo das Artes.[21]. Polo que respecta a comitiva da procesión, ao seu percorrido, e ao recitado das salmodias houbo a mesma planificación que nos anos anteriores. Únicamente a novidade recaeu sempre nos «ferretes» que *«O Gran Espetón»* pronunciaba e segue pronunciando todos os anos desde o templete da música e que varian con respecto aos anos anteriores, xa que son un medio indispensable para realizar unha crítica burlona, sarcástica e satírica, mais dentro duns límites, as institucións estatais, autonómicas e locais, sendo estas últimas sobre as que máis se incide.

2.2. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 1987

Nos ferretes que *«O Gran Espetón»* recita desde a Praza de España faise unha critica a certos políticos como ***Ramón, Mosteirin, Marina Cillero…*** e sobre todo á viaxe que a Corporación Municipal fixo a Arxentina con diñeiro público.

Me han pedido y acepto emocionado
que diga el ferrete en Carnaval.
Hablar aquí me deja acojonado.
Me dispongo a ello, pueblo bien amado,
Si, a oirme, está dispuesto el personal.

Lo hago en verso, que conste ¡ qué carajo!,
que hacerlo en prosa es cosa muy sencilla,
aunque, en verso, me cueste más trabajo.

Quitadle a los disfraces, la polilla:
la vieja que se ajuste su refajo
y el viejo recomponga el calzoncillo
y la niña quinceañera su sostén.
Que no lo haga ya, de tapadillo.
(Pasaba eso en tiempos del Caudillo,
que en gloria esté in saeculorum. Amén).

Que los suegros reajusten la sonrisa
y la suegras se cepillen el bigote
y que el punky se lave la camisa
y, de paso, la cara, de rebote…
¡No hay Dios que los aguante de esa guisa…!

Paso,ahora,pues ya he hecho un inciso
a hablaros de nuestro Ayuntamiento.
¡Atentos, concejales…Os aviso
que voy a hablar. Y bien que lo lamento
el olvidar pediros el permiso.

¿Qué tendrá esta casa y su poltrona
que quien gusta de ella se embrutece
y la ansia y la sueña y se enmemece
e, incluso, -¿lo digo?- se abribona
si, en ella, tras gustarla, no se mece?.

El caso es bien sencillo. Está Ramón
que, lustros y más lustros, la está usando.
La gente ya lo dice: ¿Hasta cuando
gozarás la poltrona, picarón…?
El asiento, Ramón, ¿está muy blando?.

La gozaste, Ramón, en el franquismo.
Con el centro también y aún ahora
que estamos en pleno socialismo.
Es ya hora de dejarla. ¡Es la hora…!
Lo tuyo, Ramón, es de egoismo…¡.
¿Hablar de Mosteirín…? ¡Cosa sabida…!
Alfredo Horacio está en la movida.
Se crece, nos enrosca, nos ahoga
-que lo diga el Alcalde D. Quiroga-
que tiene la lección bien aprendida.

Y, hablando del Alcalde D. Vicente…
¿Qué nos trajo el Alcalde-Presidente
-o qué llevó- en su viaje a la Argentina…?
A ver: ¿ Quién es el guapo que adivina…?
¡ que nos de una respuesta convincente…!.

¿Qué pasó en el Río de la Plata?.
¿No habrá quién lo diga y te delate…?
¡ Ah pillín…! Te quitaste la corbata
y te fuiste a tomar, quizás, un mate
con una tanguista. ¿O fue un cubata…?

Hay quien dice que el edil Granxeiro
bailó un tango canalla, de arrabal
-tocaba el acordeón don Luís Cordeiro-
y Julio Giz, un vaso de ribeiro
se bebía y decía: «No está mal…»

No faltó, tampoco, Sánchez Carro
que fue a la Argentina a dar la lata.
Don Alfredo le trajo a su Cacharro,
por supuesto, le trajo…una corbata.
(Y creo que pilló un buen catarro…).

¿Qué hizo, por la Pampa, la Cillero
y Pepe, el del «staff» y Julio Giz?.
¿En qué se gastó tanto dinero…?
Confiésalo, Vicente, y sé sincero…
El mal olor ya llega a mi nariz…

En este viaje.¡ay! en este viaje
se llenó de mierda todo el Pleno.
Lo que me era en un principio un homenaje
terminó en Brasil, en desenfreno
y eso jode, Vicente, y da coraje.

Esta casa es puro cachondeo.
Yo diría, más bien, que es de locura.
Que os fuisteis a Argentina de burreo.
De juerga. A tanguear. De pendoneo.
Y ahora os pasa el pueblo la factura.

Termino ya. En Lugo es Carnaval.
Enterremos, alegres, la sardina.
Todo se permite y hasta es normal
Contar lo que ocurrió en la Argentina
que fue una honesta bacanal.

Y concluyo. Esto es broma. Estoy de guasa.
La gente de esta casa es buena gente…
a la hora de comer y en su casa.
Y yo –lo juro- un tonto irreverente
que, a veces, sin quererlo, es que se pasa.

Comience la Cuaresma arrepentidos,
Que,yo, arrepentido, estoy también.
Se oyen de los gatos los maullidos
que piden la sardina. Y sus bufidos.

Decid conmigo, ahora… Todos: «Amén».

ANTONIO ESTEBAN. Marzo 1987.

Dous confrades, Manolo e Dorita, amosando a súa crítica.

A comitiva fúnebre accedendo á Praza de España.

3. O Enterro da Sardiña nos anos 1989-1990-1991

No ano 1988 non puido saír o Enterro da Sardiña por problemas persoais dalgúns membros da confraría, que participaban habitualmente.

No ano 1989 ***Manolo Granxeiro***, aceptando o encargo de ***José Barreiro***, foi nomeado presidente da Confraría do Enterro da Sardiña. Os seus membros ensaiaron varios días no Círculo das Artes para ter todo a punto o mércores de cinza.

O Enterro da Sardiña saiu, como todos os anos, ás oito da tarde do Círculo das Artes. Este evento estivo organizado pola *Muy Noble Confraría da Parranda*, colaborando tamén o Concello e o Círculo das Artes. Estivo acompañada, como en anos anteriores, por estandartes, incensarios, mariñeiros, choronas, coro e música. Como figuras notables: *O Gran Espetón, O Gran Escarpinante, Don Carnal e Dona Coresma*. No percorrido, que foi o habitual destes últimos anos cantouse o Canto Patético, tanto na Praza do Campo como na da Soidade. Logo, a comitiva fúnebre accedeu á Praza de España polas rúas de Armañá e Doutor Castro. Alí, o Gran Espetón, que era ***Gerardo Pardo de Vera***, procedeu á lectura dos ferretes. Algúns reflectían o enfrontamento existente entre ***Vicente Quiroga*** *e* ***Cacharro Pardo.***

No me meteré en la obra
ni con él trabajaré,
que para lío me sobra
el que viene con AP [22].

Hombres que blanquean dineros
a base de excavaciones
van a ser los primeros
en pillarse los muñones.

De los negocios subterráneos,
de las economías sumergidas,
de piratas mediterráneos,
y de lealtades fingidas…
y de todo mal,
libranos Don Carnal.

O Gran Escarpinante, o Gran Espetón e varios estandartes.

Ao rematar o enterro a confrade ***Pilar Revilla***, en representación dos demais, impuxo a ***José Barreiro*** a primeira insignia de ouro do Enterro da Sardiña. Xa durante o desfile un confrade adicoulle un ferrete que dicía:

Permitanme si no ofendo
que haga un inciso genial
para elevar a un señor
que es quien mueve el carnaval.
¡Que viva Pepe Barreiro,
que es primo de don Carnal!

No enterro do ano 1990, tanto a organización, como a comitiva, percorrido, canto patético e a música dos choróns dos Gabiláns é a mesma que nos anos anteriores. A novidade radica nos ferretes que *«O Gran Espetón»* pronuncia desde o templete da música, situado na Praza de España.

3.1. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 1990

Foron elaborados por ***Gerardo Pardo de Vera***, que fixo o papel do *«Gran Espetón»* no presente ano.

Almoneda de librero
será la triste memoria
de este loco Ayuntamiento
que quedará, tras el tiempo
en el desván de la historia.

En alcobas amatorias
de nuestra Diputación
en oscuros entreactos
se cocinaban los pactos
que nos cuestan un riñón

Quiroga se manifiesta
por fin contras sus patrones.
Arruinan su conciencia
y le minan la paciencia
tirando de sus calzones.

Y el romance y la pelota
que pregonó el mutuo afecto
de los chicos quiroguistas
traicionó a los socialistas
que ampararon al Prefecto.

El amor volvió en secreto.
Se pegó el gran revolcón:
Ulloa cambió el pijama,
Cacharro puso la cama
y don Vicente el colchón.

Vecinos, cosas veredes,
que colman vuestras paciencias:
contables muy distraídos,
que ahora llaman los más vivos,
traficantes de influencias

Varios confrades amosan estandartes e outros elementos de critica.

A orquestra do «Enterro da Sardiña».

O Enterro da Sardiña do ano 1991 repetiu a mesma organización, os mesmos criterios para dispoñer a comitiva, o mesmo percorrido e as mesmas cantigas que en anos anteriores. Mesmo os ferretes, que se mencionaban desde o templete da música e que adoitaban ser diferentes aos anos anteriores, neste ano por enfermidade do que os fixo son os mesmos que o ano anterior.

A comitiva fúnebre estivo dirixida polo xerente do Patronato de Cultura do Concello de Lugo, ***Francisco Rivera Cela***, que recitou diferentes salmodias do *«Canto Patético»* tanto na Praza do Campo como na da Soidade. Ao chegaren o desfile funerario á Praza de España, Francisco Rivera citou uns breves pareados adicados ao alcalde e aos concelleiros ***Xullo Méndez e Cándido Sánchez Castiñeiras***. Finalmente, ***Jorge Rivera*** desde o templete da música volveu rememorar os ferretes que o ano anterior elaborara ***Gerardo Pardo de Vera.***

4. O Enterro da Sardiña nos anos 1994 e 1996

Tras un paréntese de dous anos, o Enterro da Sardiña volveu saír no ano 1994, organizado polo *Patronato de Cultura do Concello* e a recén creada *Asociación de amigos do Antroido*. A comitiva fúnebre saiu ás 20,30 horas do Círculo das Artes. O percorrido do enterro, a disposición da comitiva fúnebre, e as salmodias que se pronunciaban nas Prazas do Campo e da Soidade, eran as mesmas de anos anteriores. A única variante eran os ferretes que se cantaban desde o templete da música. Este ano a Asociación de amigos do Entroido cantou unha copla, que pretendía ser un resumo de todo o acontecido na cidade o pasado ano. Así, había referencias a Continente, ás eleccións galegas e ás corruptelas políticas. Tamén houbo algúns ferretes adicados ao edil socialista ***José Antonio Mouronte Neira.***

En la Casa Consistorial
aquello era un infierno
y la cosa iba muy mal
por falta de gobierno.

Y entonces con mucha fe
se esclareció el horizonte
en cuanto los del PP
se atrajeron a Mouronte.[23]

Asimesmo tamén houbo algunhas críticas contra o alcalde Notario.

Que no sólo son tapones
que el desperfecto es muy vario
por muchas de las razones
que nos quiera dar Notario.

Ademais, este evento aproveitouse para establecer un paralelismo entre o Liceo barcelonés e a muralla romana.

Mientras se llora sobre las ruinas (que más bien parecen cenizas de falla),
en nuestra ciudad de Lucus Augusti,
sin que a nadie importe
se cae la Muralla.

Venga usted a Lugo, señorita Alborch.
Venga usted, ministra de sonrisa clara
venga a condolerse, como en Barcelona
al ver el estado de nuestra muralla.

No ano 1995 non houbo enterro, mais si volveu saír cunha climatoloxía adversa no ano 1996, repetindo a mesma organización; os mesmos criterios para dispoñer a comitiva; o mesmo percorrido e as mesmas cantigas, tanto na Praza do Campo como na da Soidade, que en anos anteriores. Varios membros da coral de San Antonio cantaron algunhas coplas referidas aos concelleiros, que integraban o grupo de goberno.

III. O ENTERRO DA SARDIÑA NO SÉCULO XXI

1. Ano 2000

No ano 2000 ***Mercedes Barreiro González***, filla de ***José Barreiro***, e o seu esposo ***Andrés Rubino*** decidiron recuperar a *«Confraría do Enterro da Sardiña»*[24] como fundamento imprescindible para que este peixe puidera seguir enterrándose simbolicamente coma sempre. Inicialmente, contaban co apoio inestimable do concelleiro de Cultura, naqueles intres o ***Sr. Eguibar***, e do Círculo das Artes. Tamén desde o primeiro momento tiveron o apoio de coñecidos; de membros da devandita confraría, e de moitas persoas en xeral, xa que vían con agrado a recuperación dun evento que tivera moita repercusión social na cidade de Lugo.

Pois ben, este mesmo ano, decidiron sacar de novo o Enterro da Sardiña polas rúas da capital lucense. Por tal motivo, comezaron cos preparativos e os ensaios pertinentes. Estes últimos fixéronse, coma sempre, no Círculo das Artes, de onde o mércores de cinza saiu a comitiva fúnebre ás oito da tarde.

O desfile do enterro ía encabezado polo estandarte da *Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda*, que é unha réplica do mascarón pintado por Goya. A continuación, *o «Gran Espetón»,* especie de sumo sacerdote, vestido cunha roupaxe de cor negro -capa e capuchón- e vermello, que é o encargado de recitar os ferretes no transcurso do percorrido procesional e, logo, ao seu remate no templete da música, vai acompañado námbolos dous lados dunha parella de acólitos provistos de incensarios. Logo, vén a sardiña de cartón cravada nun tridente, e en ámbolos dous lados unha parella de confrades cos carteis, que fan alusión ao Círculo e ao Concello, como entidades colaboradoras do evento. Posteriormente, o cadaleito da sardiña levado nas súas andas por seis pescadores cos seus traxes de faena de cor amarelo; vai acompañado de dous confrades, que portan os estandartes alusivos a D. Carnal e a Dª Coresma, e de dúas ringleiras de confrades vestidos con roupas de cor negro. No centro da comitiva fúnebre vai a banda; os seus integrantes van vestidos con roupaxe de cor vermello. Na parte final do enterro adoitan ir os seguintes estandartes: o do gato, coa sua tixola baleira de peixe; outro, coa grella; e finalmente, os do burro e o porco, que levan inscritos dous ferretes que a confraría adoita cantar nas Prazas do Campo e a Soidade, respectivamente.

ESTANDARTE DO BURRO

ESTE É O BURRO DO ENTROIDO,
LEVÁNTALLE O RABO
E BÍCALLE O COIRO,
BÍCALLO BEN,
ATA O ANO QUE BEN.

ESTANDARTE DO PORCO

ESTE É O CERDO DE SAN ANTÓN,
DENDE O FUCIÑO
ATA O XAMÓN,
TODO ÉL SABE BEN,
IN SECULA SECULORUM. AMÉN

O cadaleito da sardiña portado nas andas por catro mariñeiros.

Pechaba a comitiva fúnebre o coro xeral e o público acompañante.

Con respecto ao percorrido iníciábase na Alameda ao carón do Círculo das Artes, onde se entonaba o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. Logo proseguía por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde adoitaban deterse diante do bar Anda, para dedicarlle a súa peña unha das estrofas do *«Canto Patético»,* interpretado na procesión.

A primeira parada importante tiña lugar na Praza do Campo, onde *o Gran Espetón,* recitaba as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, relacionado co estandarte do burro.

A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuaba a súa marcha pola Ruanova ata chegar á Praza da Soidade, onde se detiña de novo. Aquí o *«Gran Espetón»* volvía a pronunciar outras estrofas adicadas á Praza do Rastro e á capela da Soidade, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, mais esta vez relacionado co estandarte do porco.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raíña, a comitiva dirixíase, atravesando a Alameda, ao templete da música. Neste lugar, ao igoal que fixera na Praza do Campo e da Soidade, *o Gran Espetón* recitaba un amplo repertorio de «ferretes» onde a crítica ao Concello era a nota esencial. Finalizada a interpretación da última salmodia, procedíase a enterrar simbolicamente á sardiña entre os lamentos das choronas.

No momento actual, tanto a estructura da comitiva fúnebre como o percorrido que realiza, segue sendo o mesmo. Hai pequenas variacións en canto que a participación e máis numerosa, e logo poden incorporarse carteis alusivos a problemas moi puntuais.

En relación aos ferretes, todos estaban e siguen estando escritos en galego. Sen embargo, no Canto Patético houbo no transcurso destes anos algúns cambios:

Uns estiveron relacionados coa participación de moitos bares, situados no casco vello da cidade. Polo tanto, non resulta estraño que se elaboraran estrofas alusivas a esta colaboración, e que foran recitadas durante algúns anos, ata que se decidiu conceder aos bares colaboradores uns diplomas acreditativos.

1. 1. Coplas adicadas aos bares colaboradores

Paramos a procesión
que ninguén siga (bis)
pois nesta estación,
temos o «VIGAS» (bis)

Chegamos á Catedral
para rezar, (bis)
pero antes no «DANIEL»,
imos parar. (bis)

Bebamos todos no «CAMPOS»
máis no «TOSAR», (bis)
que tamén no «BAR ANTAS»
van convidar. (bis)

Sigamos a andadura
na «NOSA TERRA»,(bis)
que o «MESÓN DA RÚA»
xa nos espera. (bis).

Loce crespóns de loito
a «PENA ANDA» (bis)
para honrar o festexo
da sía «parranda» (bis).

Entramos todos na praza
co San Vicente, (bis)
que aquí tamén «O POTE»
está presente. (bis)

Do «XARRA» e máis do «KOKA»
trae un groliño, (bis)
e pola Rúa Nova
vai a modiño. (bis).

A partir do ano 2009, elaborouse un novo Canto Patético, que recolle algunhas estrofas do anterior.

1. 2. Canto Patético para interpretar na procesión

ESTRIBILLO:

ESCOITADE O MEU CANTO
ESCOITADE O MEU CANTO
E DAS FRIDAS CHORONAS
O SEU TRISTE PRANTO. (1)

Oíde os tristes arpegios
desta salmodia (bis)
que anuncian o comezo
da gran parodia (bis) (1)

Celebra a confraría
este esperpento (bis)
ó darlle á sardiña
o paramento. (1)

O Gran Espetón na comitiva fúnebre acompañado de dous acólitos.

O cadaleito levamos
con gran tristura (bis)
coa cuaresma vaise
tanta fartura (bis) (1)

Facemos o vía crucis
imos rezar (bis)
o camiño da Cruz
hai que empezar (bis) (1)

Baixando a rúa da Cruz
segue o camiño (bis)
para matar a sede
veña un groliño (bis) (1)

É obrigada parada
a Praza do Campo (bis)
xunto ao San Vicente
fai un descanso (bis). (1)

1.3. Estrofas pronunciadas polo « GRAN ESPETÓN» na Praza do Campo

ESTRIBILLO.

ESTE É O BURRO DO ENTROIDO
LEVÁNTALLE O RABO
E BÍCALLE O COIRO
BÍCALLO BEN
ATA O ANO QUE VÉN.(1)

Comer e beber na praza
e forzas coller (bis)
para seguir o vía crucis
sen padecer (bis) (1)

E temos moitas capelas
pra visitar (bis)
que pola Rúa Nova
has de parar (bis) **(1)**

Sigamos a andadura
coa nosa oración (bis)
na Praza da Soidade
colle o porrón (bis) (1)

Morreu a triste sardiña
esta mañá (bis)
o mércores de cinza
vana enterrar (bis) (1)

Cantade homiños de Lugo
a cancioncita (bis)
que ata o novo quiosco
leva a sardiña (bis) **(1)**

1.4. Estrofas pronunciadas polo «GRAN ESPETÓN» na Praza da Soidade

ESTRIBILLO

ESTE É O POCO DE SAN ANTÓN
DENDE O FOCIÑO
ATA O XAMÓN
TODO EL SABE BEN
IN SECULA SECULORUM. AMÉN (1)

Mirade a Praza de Abastos
murcha e silente (bis)
por ser hoxe a sardiña
este estandarte (bis) (1)

Están as donas da casa
Tristes e mudas (bis)
ó quedar a coresma
sen cabezudas (bis) (1)

Quedou o gato amoucado
«n'outa» cociña (bis)
«ó noon» ver no prato
a súa sardiña (bis) (1)

Comeza a abstinencia
con grande door (bis)
enerxía pra pasadla
danos Señor (bis). (1)
Loor a Goya e Lucientes
xenio da arte (bis)
que nos deixou impoñer
este estandarte (bis) (1)

Gloriemos ó rei castizo
Carlos III (bis)
promotor en España
deste enterro (bis) (1)

Co seu canto derradeiro
remata axiña (bis)
a procesión do enterro
desta sardiña (bis) (1)

Comeza a abstinencia
con grande door (bis)
enerxía pra pasadla
danos Señor (bis). (1)

Adeus cachola e dente
chourizo e xamón (bis)
tamén nos despedimos
do bo lacón (bis) (1)

Polo que respecta aos ferretes que *«O Gran Espetón»* pronuncia desde o templete da música da Praza de España[25] varían todos os anos, xa que a nota esencial dos mesmos é a crítica que se fai das autoridades estatais, autonómicas e sobre todo municipais.

1. 5. Ferretes pronunciados polo «GRAN ESPETÓN» na Praza de España. Ano 2000

Nas salmodias ou ferretes, que vai pronunciar *«O Gran Espetón»* na Praza de España, reflíctese unha critica á política municipal e á da Xunta con respecto á ubicación do Hospital Xeral. Unha censura en canto aos problemas existentes no edificio Multiusos da Xunta relacionados coa ventilación. Finalmente, tamén, un xuízo desfavorable con respecto aos terreos da Ronda Norte**…**

A todo pobo de Lugo
ó persoal forasteiro
escoitade con atención
ó voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos**.

NO CONCELLO DE LUGO
NON SE SABE QUEN MANDA
SE OROZCO REXE MOITO
MOITO MÁIS GOBERNA BRANCA

A xente con inquedanza
a negra data esmorece
e queda sempre temerosa
o fatal número trece. (1) **Estribillo.**

Máis ollade para o P.P.
¡ que bo peliño lles loce!
…pois quedáronse de pé
ó quedar só con doce. (1)

E zúmballe o boneco
e o boneco zumba
no Concello de Lugo
o P.P. xa non retumba. (1)

Os partidos progresistas
tralo pacto decisorio
afóutanxe xunta-las listas
para mandar no consistorio. (1)

As virtudes dos partidos
non cambian «nin por esas»
en canto están no cume
presto escuecen as promesas. (1)

E o pobo segue igual
ninguén lle muda o embigo
que unha cousa é predicar
e outra cousa é dar trigo. (1)

Máis con esta nova rúa
de solo xa non hai falla
que moita xente especula
aló pola Garaballa. (1)

Dixeron os que gobernan
que con votos abondosos
en quince ou vinte días
adeus pasos perigosos. (1)

Por riba do Castro de Lugo
furan e fan retratos
das canles e das vivendas
dos sobriños de Pilatos. (1)

Nin a Xunta nin o Concello
poden coa especulación
en temas da construcción
só manda a Asociación. (1)

O novo Hospital Xeral
Non se sabe quen o argalla
xa veredes como ó final
lévano para Baralla. (1)

Non atinan coa solución.
E ármase o gran cacao
nin se fai en Montirón
nin alí en San Cibrao. (1)

No multiusos da Xunta
traballan con mascariñas
¿quizabes mellor non estaban
nas antigas oficinas? (1)

Tamén esixen fiestras
porque aire puro fai falla
poden colle-las carpetas
e traballar na Muralla. (1)

Con tanto mudar de terreo
para o cuartel de San Fernando
se non nos están a enganar
é que nos están toleando. (1)

Faremos unha novena,
un triduo e responsorio
a ver se ó final sae á escena
o prometido Auditorio. (1)

A Ronda Norte de Lugo
endosáronlla a Fomento
pois para pagar as terras
non hai cartos no Concello. (1)

Ó lado, no Monterrey,
indagan vestigios e razas
e os restos cos que topan
son xarras, vasos e tazas. (1)

A Avenida da Coruña
acaban de rematala
a ver se antes de tres meses
non volven xa a furala. (1)

Esteamos sempre unidos
esta é a nosa cidade
e á muralla que a fagan xa
patrimonio da Humanidade. (1)

Cidadáns de Lugo enteiro
acábanse estas letriñas
¡ Ata o ano vindeiro
noutro enterro da Sardiña! (1)

2. Ano 2001

2.1 Ferretes do Enterro da Sardiña

Nas estrofas ás que vai aludir *«O Gran Espetón»* desde o palco dá música da Praza de España, criticanse certos problemas, que afectan á cidadanía de Lugo. Así, faise mención á contaminación do río Miño; á especulación do casco urbano e da ronda exterior; aos obstáculos do Concello para rehabilitar a Praza do Campo; aos problemas de tráfico. Tamén se fai referencia aos problemas entre os políticos do PP. – ***Cacharro e Iravedra- …***

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO*. (1). Recitar todos.**

ONTE FOROS POPULARES
HOXE BLOQUE E SOCIALISTAS
QUEN GOBERNA ESTE CONCELLO
SEMPRE SON OS CONTRATISTAS.

Na cidade de Lugo
hai moitas caralladas
todo o río leva lixo,
e as casas suxeitadas. (1) **Estribillo.**

Lugo é, sen lugar a dúbidas,
«cuna» de especulación,
das cidades desta España
é innominia e valdón,
non só do casco urbano
e da ronda exterior,
¡ Qué vergoña Carrefour
e o recinto exposición! (1)

Asesinaron con saña
ó sofrido Padre Miño,
deixárono sen carballos,
sucio, agónico e podrido,
coa indefensión dun «niño». (1)

Un pedazo da torta
do noso gran murallón,
reparalo xa costou
medio ovo e un «riñón»,
Supóñase o auditorio
porque chámanlle auditorio,
que o ovo e medio que queda
o «riñón» e o corazón,
non serían suficientes
«pa» desbrozar de follaxe
todo este gran torreón. (1)

Uns dende os Paxariños,
e outros dende a Piringalla,
todos puxeron libriños
no Cumulum da muralla. (1)

No Concello de Lugo
toda a xente se pregunta
¡ Por qué o Alcalde promete
e non dá nada nunca?
Pedimos un auditorio
¿ E para cando será?
entre dimes y diretes
xa quizais non chegará. (1)

As funcións do Auditorio
teñen moitos achegados
pero di a oposición:
«non hai asentos numerados».
é que se fai pequeño,
que fagan outro máis grande
«pa» que entre Lugo enteiro. (1)

Eguibar non ten pelo
de tanto traballar,
que chame a Xoán Méndez
«pa» que lle veña axudar. (1)

Xoán Méndez dí sempre:
«todo é improvisación»
pois que chame aos seus colegas
e menudo colocón. (1)

No PP manda Iravedra,
que moitos males o aflixen.
En cousas desta provincia
Cacharro é o que dirixe. (1)

Como se apelida Arias,
o bo de don Ramón,
que no goberno central
deixárono sen «sillón»,
e así por ese motivo,
está que bufa o señor. (1)

¡ Señores do Concello
que falades tanto!
calade e amañade,
a nosa Praza do Campo,
¡e se asiña non o faceis…!
por tenerla deste xeito
proponemos que se colgue
cada mes a un Concelleiro. (1)

Xentes cheas de coraxe,
de ilusión e de cariño,
abriron con gran valor
e tamén con moito tino,
un local de hostelería,
cheo de gusto e sentido
na zona máis maltratada
desta cidade de Lugo,
despellejada e ruinosa,
na mesma rúa do Miño.
¿Qué pasa cos nosos gobernos
que non nos deixan medrar,
rehabilitando con xeito,
zona tan particular?
¿Ou é que pretenden de novo
o volver a especular? (1)

A Muralla é un Patrimonio
que sempre tivemos en Lugo,
a Unesco quixo que fora,
un ben para todo o mundo,
que é Patrimonio Mundial
a susodita sí nolo dixo,
¡como se non o soubéramos xa! (1)

O ciclo de teatro clásico
e tamén a Caixa Nova,
actualizaron con triunfo,
nesa cousa, que non sei…
porque chámanlle auditorio,
xa o dixo Concha Velasco
chea de frío e rabiosa
Isto si que sigue sendo
un completo matadoiro». (1)

Xa protestan os pedáneos
que non os atende Orozco,
recorren a dona Branca,
«pa» que desfaga os entornos. (1)
Se lle din a Xosé Clemente
estando de profesor,
que Branca lle ía a tomar
diariamente a lección,
mandaría ata á merda
a cadeira e o bastón. (1)

Se Orozco di que si
e Branca di que non
con esta disquisición
vaise o mico de collón. (1)

Pedímoslle a Liñares
que saia axiña á rúa
e que o tráfico amañe
sen chamar tanto á grúa. (1)

De político en discordia
actor de cinematógrafo.
Fraga vai ser contratado
nun papel estelar
para protagonizar
Parque Jurásico 2. (1)

A oposición berra e berra
e non deixa de berrar.
¿Qué fixeron eles antes?
que lle pregunten a Xoán. (1)

No Incio e tamén en Sarria,
xa apareceron dúas vacas
desas que chaman tolas,
mais eso é «una cosita»
que case a ninguén lle importa.[26]
¿Tampouco nos va a importar,
aínda que pode traer cola…,
que no goberno central
teñan outra inoperante,
que non sei si é outra vaca
pero si sei que está tola? (1)

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡ VIVA O ENTROIDO!

3. Ano 2002

3.1. Ferretes do Enterro da Sardiña

Nos ferretes que *«O Gran Espetón»* vai pronunciar na Praza de España faise unha crítica ao príncipe; ao exceso de coches que se atopan polas rúas; á falta de seguridade en Lugo en canto ao roubo de coches… Pola contra, tamén hai unha louvanza, que recibe a Corporación municipal, por dar luz verde ao problema da Tinería.[27]

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO*. (1). Recitar todos.**

O CONCELLO DE LUGO
É O ULTIMO DO CARRO
DIN CA CULPA TENA OROZCO
E TAMÉN PACO CACHARRO (1)

Con afrentas e dislates
non se amaña a situación,
noso pobo necesita
xente de máis comprensión. (1) **Estribillo.**

Hai peixes «Gordos»
que solo miran
o noso ben…
vivindo sempre
do «aire sano»
que nos mantén. (1)

Mouros na Costa
«España va bien»
¿e a nosa Flota
quen a mantén? (1)

Vaino a ter moi difícil,
con o PP candidato
de profesión Zapatero
se non me falla o dato. (1)

Ante o seu novo pisito
o principe sonreíu
¡ Eu me pregunto abraiado!
¿E todo este despilfarro
de onde coño saíu? (1)

Múltiples bravos lles damos
seus fillos agradecidos
a nosa Corporación.
Que despois de tantos anos
parece que conseguíu
o que este pobo quería:
Que toda a Tinería
deixe de ser un rincón
e pola rúa do Miño
se poida pasear un meniño
sen medo nin precaución. (1)

«Levántate e anda»
Lázaro poido escoltar,
Levantado está todo Lugo,
mais andar non se pode andar. (1)

Polas rúas de Lugo,
non se pode camiñar,
de tantos coches que nela
están sempre a aparcar. (1)

Pedímoslle ó señor Liñares,
que arranxe este percal,
que poña aos municipais,
onda eles teñen que estar. (1)

A seguridade que ofrece
este Lugo singular,
¡é que lle rouben o coche
ó concelleiro principal…! (1)

Parece ser que Eva Sanum
xa non vai ser princesita
desamores amañados
eso é o que han tramado
¡ Que llo conten a Rita» (1)

O Buque Insignia de Lugo,
é a Muralla e o Breogán,
por eso Paco Cacharro
non deixa de «traballar»… (1)

E vostede señor Presidente
da gloriosa Reputación,
non faga oídos sordos
ás chamadas de atención. (1)

Se o «Progreso» se nos reduce
para o ano 2010
¿ Que coño fai neste pobo
a Corporación a tres? (1)

En fin, bailen todos, os tres,
PP, PSOE e BLOQUE,
que os lucenses melloraremos
cando a sorte nos toque. (1)

Non fagan caso, señores,
que aquí se vive moi ben,
fai as festas Manolita
e as queimadas D. Manuel. (1)

Todo o Concello quere
sanear a poboación,
e o pobo agradécello
todo cheo de emoción.
Botellas, cacharros e cascos
¡ todos ó contenedor! (1)

Para falar do monumento
da magna Humanidade,
agora xa os lucenses,
presumimos de cidade. (1)

Ser seremos os últimos
en riqueza e benestar,
pero quedamos primeiros
coa Muralla a rebentar. (1)

Que aquí non chega o tren
nin hai comunicación…,
¿Para onde imos marchar?
¿Onde se vive mellor? (1)

A Señora Branca Pazos
que descanse unha miguiña
que tampouco amaña tanto
por ir moito máis asiña,
que coma algo de cocido,
que lle perdoa o Señor
aínda que seña Coresma
logo vén a contrición. (1)

Pero o noso alcalde que teña
coidado co pantalón,
que logo o cinto non lle ata
con tanta satisfacción. (1)

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡ VIVA O ENTROIDO!

En resumo, podemos dicir que o Enterro da Sardiña amosa certos trazos de liberdade -que algúns poden confundir con irreverencia-, de inversión de roles. É unha oportunidade propicia para manifestar libremente e nun tono humorístico, de bulra, sarcasmo, a crítica as autoridades e normas sociais.

NOTAS

[2] O seu reinado estendeuse desde o ano 1759 ata o ano 1788.
[3] COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia,* Vigo: Xerais, 1992, páx. 281.
[4] MESONERO ROMANOS, R.: *Escenas matritenses*, Madrid: Espasa Calpe, Madrid, 1986.
[5] MADOZ, Pascual.: *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España, t. X*, Madrid: 1847, páx. 1075, a-b.
[6] BOZAL, Valeriano.: *Francisco de Goya, vida y obras (2 vols.),* Madrid: 2005, páxs. 172-176.
[7] MADOZ, Pascual.: Ob. cit., páx. 1075.
[8] COCHO, Federico.: Ob. cit., páx. 282.
[9] MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *O Entroido ou os praceres da carne*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. Castro, 2003, páx. 157.
[10] RISCO, Vicente.: «Etnografía: Cultura espiritual», en *Historia de Galicia*. T. I,Madrid, Akal, 1979, pp. 225-763.
[11] CHIVITE, Taboada.: *Etnografía Galega. Cultura Espritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx.60.
[12] GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2, 1991, páx. 49.
[13] Importante carnavalista durante moitos anos no Círculo das Artes, onde gañou moitos premios. Participou nalgún desfile na discoteca de Iguazú.

[14] BARREIRO VARELA, José.: Anecdotario Lucense. Lugo: Biblioteca «El Progreso», nº2, 1993, pax.72
[15] BARREIRO VARELA, José.: Anecdotario Lucense. Lugo: Biblioteca «El Progreso», nº 2,1993, px.73.
[16] Diario « El Progreso», 11-1-1986, páx.4.
[17] Diario «El Progreso», 16-2-1986.
[18] Entidade colaboradora ao igoal que o Concello.
[19] Diario «La Voz de Galicia», 21-1-1986.
[20] Diario «El Progreso», 13-2-1986, páx.4.
[21] Diario «La Voz de Galicia»,5-3-1987.
[22] Diario «El Progreso, 9-2-1989, páx.8.
[23] Dario «El Progreso», 15-2-1994.
[24] Fundada no ano 1985 por José Barreiro, xa finado. Tamén chamada «Moi nobre e festiva Confraría da Parranda».
[25] Algúns anos por obras no templete da música , levouse a cabo nun palco construído ao carón do Concello.
[26] BARREIRO GONZÁLEZ, Mercedes e RUBINO, Andrés.
[27] BARREIRO GONZÁLEZ, Mercedes e RUBINO, Andrés.
[28] Desde o ano 2004 poden participar os cidadáns lucenses nos ferretes, que o «Gran Espetón» vai leer desde o templete da música.

BIBLIOGRAFÍA SOBRE O TRABALLO

BARREIRO VARELA, José (1993): «Anecdotario Lucense». *El Progreso*, nº2.
BOZAL, Valeriano (2005): *Francisco de Goya, vida y obras* (2 vols.). Madrid.
COCHO, Federico (1992): *O Carnaval en Galicia.* Xerais, Vigo.
CHIVITE, Taboada (1972): *Etnografía Galega. Cultura Espritual*. Galaxia, Vigo.
DIARIOS GALEGOS: *EL PROGRESO* e *LA VOZ DE GALICIA.*
GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1991): *As festas cíclicas do ano*. Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2. Santiago de Compostela.
MADOZ, Pascual (1847): *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España, t. X.* Madrid.
MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (2003): *O Entroido ou os praceres da carne*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. Castro, Sada (A Coruña).
MESONERO ROMANOS, R. (1986): *Escenas matritenses*. Espasa Calpe, Madrid.
RISCO, Vicente (1979): «Etnografía: Cultura espiritual», en *Historia de Galicia.* T. I. Akal, Madrid.
ASOCIACIÓN CULTURAL «VAL DE FRANCOS» (1993): *Máis de media ducia de escritores chairegos e o antroido.* Gráficas Lucenses, Lugo. Coord. Xosé Manuel Carballo.
BLANCO PRADO, José Manuel (2005): «1ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo». *Boletín do Museo Provincial de Lugo.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, páxs. 203-222.
BLANCO PRADO, X.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2006): «O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso». En *Tempos de Festa.* T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, páxs.127-137.
BLANCO PRADO, X.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme (2009): «Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI». *Rev. Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga), nº 19*, páxs. 58-84.
BLANCO PRADO, X.M. (2009): «O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada». En *Lucensia* (Biblioteca Seminario Diocesano), nº 39, Lugo, páxs. 363-370.
BLANCO PRADO, X.M. (2010): «O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo». En *Lucensia* (Biblioteca Seminario Diocesano), nº 40, Lugo, páxs. 163-172.

BLANCO PRADO, X.M. (2012): «2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo». En *Boletín do Museo Provincial de Lugo.* Servizo de Publicacións da Deputación Provincial. No prelo.
BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme (2012): «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)». En *Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga), nº 22*, páxs. 78-105.
BLANCO PRADO, X.M. (2012): «O Entroido na Diócese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». En *Rev. Lucensia*, nº 45, páxs. 378-389.
BLANCO PRADO, X.M. (2013): *O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística Provincial.
BLANCO PRADO, José Manuel (2014): Autor da foto da portada do libro «O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboa de Brollón)», Deputación Provincial de Lugo, 2014.
BLANCO PRADO, X.M. (2015): «Aportacións sobre o Entroido Lucense». En *Anuario Brigantino* nº 36, Betanzos (A Coruña), páxs. 495-513.
CARO BAROJA, J. (1983): *El Carnaval.* Taurus, Madrid.
COCHO, Federico (1992): *O Carnaval en Galicia.* Xerais, Vigo, 2ª ed.
GATO SOENGAS, Antonio (1992): *O Entroido de «Casa de Naia»*. Lugo, Deputación Provincial.
GONDAR PORTASANY, Marcial (1993): «As máscaras do Poder. A linguaxe do carnaval». En *Crítica da Razón Galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. A Nosa Terra*, Vigo, páxs. 161-166.
GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R.: *Entroido en Galicia.* A Coruña, Deputación, 1985.
GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (1997): *Guía de festas populares de Galicia.* Galaxia, Vigo.
LISÓN TOLOSANA, C. (1971): *Antropología Cultural de Galicia.* Ed. Siglo XXI, Madrid.
LISÓN TOLOSANA, C. (1974): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega.* Akal, Madrid.
MARIÑO FERRO, X.R. (2003): *O Entroido ou os praceres da carne.* Ed. do Castro, Sada, 2ª ed.
RISCO, Vicente (1979): «Etnografía: Cultura espiritual». En *Historia de Galicia,* t. I. Akal, Madrid, pp. 225-763.
SABELA FIGUEIRA TENREIRO (2008): «O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudo desta festividade na Terra Chá». *Revista de Investigación de Galicia Encantada*. Revista electrónica de investigación / ISSN 1887-2859. Lugo.
TABOADA CHIVITE, Xesús (1972): *Etnografía Galega. Cultura Espritual.* Galaxia, Vigo.
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel (1995): «O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa». En *Boletín do Museo Provincial de Lugo,* t. VII, vol. 2, pp. 249-258.

NOTA DE AGRADECEMENO
Este traballo sería bastante difícil de levar a cabo se non fose pola colaboración aberta e xenerosa de ***Mercedes Barreiro González*** e do seu esposo, ***Andrés Rubino Fernández.***

Glaciar Benito Moreno. Foto: Christof Berger.

Riesgos globales ubicuos en España

DELFÍN MARIÑO ESPIÑEIRA*

Sumario

Son abordadas las amenazas externas de carácter global que dan lugar a riesgos concretos en España, y sus plazas de soberanía, con diversa probabilidad de materialización. Entre ellas cabe citar el Calentamiento Global derivado del Cambio Climático, la Contaminación Marina causada por los flujos de residuos plásticos, industriales, urbanos, agrícolas, y navieros, además de la Contaminación de Cursos de Agua dulce y Acuíferos Terrestres.

Abstract

External threats of a global nature that give rise to specific risks in Spain, and squares of sovereignty, with different probability of realization are dealt with. They include Global Wrming resulting from Climate Change, the Marine Pollution caused by flows of waste plastic, industrial, urban, agricultural, and shipping, as well as the Contamination of Fresh Water Courses and Ground Aquifers.

INTRODUCCIÓN

Según la Real Academia de la Lengua Española (RAE),el término 'ubicuo' va ligado a la facultad divina de estar en todas partes a la vez, y aplicado a lo humano se acepta como virtud personal de movilidad constante, o no estar quieto en parte alguna. Aplicado al planeta que habitamos, la movilidad constante de los gases contaminantes y las partículas provenientes de los motores de combustión interna, las centrales energéticas, la minería y la industria, así como toda clase de residuos, producidos en los diversos continentes e islas, pasan a la atmósfera, a los cursos de agua y al océano, es decir; se tornan 'ubicuos'.

---

* **Delfín Mariño Espiñeira** es Ingeniero de Telecomunicaciones, Teniente Coronel del Cuerpo de Ingenieros Politécnicos (Ejército de Tierra, especialidades; Construcción, y Telecomunicaciones), y ex-Consejero Técnico del Ministerio de Presidencia del Gobierno. Tras su jubilación, en 2016, forma parte del voluntariado de Alianza por el Clima, y colabora con la Tertulia de Pensamiento Estratégico. Ha publicado tres artículos en el Anuario Brigantino, sobre el 'Pasatiempo' de Betanzos.

Entre otras amenazas, estas emisiones alteran las concentraciones de gases de 'efecto invernadero' causantes del Cambio Climático, con el indeseado y amenazador Calentamiento Global.

A los efectos del presente trabajo, son 'ubicuos' aquellos riesgos que provenientes de amenazas externas, p.e. una crisis bancaria internacional (Bolsa de New York, Honkong, etc.), o un corte abrupto de circuitos satelitales (GPS, TV, Comunicaciones, etc.), o de transporte (bloqueo del canal de Suéz, etc.), entre otros, con independencia de su origen y causas (el Cambio Climático entre ellas), España solo puede mitigar actuando en su territorio y con sus propios medios.

Por otra parte, las amenazas globales aquí abordadas no son nuevas. Se conocen desde que las ciudades comenzaron a experimentar los efectos de la contaminación del aire producida por el consumo masivo del carbón para uso doméstico, el transporte y la industria. Los paisajes devastados por la extracción minera eran ya conocidos en la Europa del siglo XIX, además de la contaminación industrial, que el mismo Julio Verne describe en 1879 con su novela 'Los Quinientos Millones de la Begún'.

Pese a los turbios vaticinios finiseculares, la creencia en la inagotable capacidad del ingenio tecnológico alcanzó un furor inusitado en las décadas iniciales de la 'Guerra Fría', cuyo clímax fue marcado por la campaña 'Átomos para la Paz'. Coincidiendo con la adolescencia del autor de estas líneas, la campaña 'Átomos para la Paz' pronosticaba un futuro de aplicaciones sin fin para la emergente cornucopia energética, que iba desde barcos movidos por minicentrales nucleares, pasando por aviones, locomotoras, automóviles, cocinas, lavadoras, televisores y... mecheros de lujo. El más reciente eco de aquellos entusiasmos progresistas rebotó en la saga cinematográfica 'Regreso al Futuro', cuya tercera entrega (1990) situaba en 2015 a su protagonista callejeando sobre un patín de levitación magnética. Entrado el año 2015, varios seguidores del 'Regreso' consultaron los catálogos de Internet para solicitar el prometido patín, y no dieron con tal oferta. Su desencanto fue objeto de burla, pero la esperanza nunca se pierde.

Semejante desfase entre futuribles y realidades la ofrecen las ciudades actuales, las del siglo XXI, comparadas con las imágenes que de ellas se publicaban en la revistas ilustradas desde principios del siglo XX; coches volando desde las azoteas, tubos transportadores, urbanizaciones marcianas y lunares, y un largo etcétera que tal vez interesase a quienes hayan comprado una parcela selenita, que los hay. La capacidad real del planeta Tierra para materializar los sueños de la Humanidad, sean patines de levitación magnética como colonias siderales, es finita.

La más destacada disciplina en asumir la finitud del planeta que habitamos es la Geoestrategia. Desde su nacimiento tuvo en cuenta la limitación y distribución geográfica de los recursos naturales, objeto de la codicia imperial e impulsora de sus planes de conquista. No así los creyentes en el progreso técnico-científico, grandes detractores de cualquier mención a los confinamientos impuestos por los límites planetarios. El anunciado fracaso de la 'Guerra de la Galaxias', patrocinada por el Presidente norteamericano Ronald Reagan, obedecía al más crudo sentido común respecto de la capacidad del dólar para superar los límites del planeta. Más de uno ha pensado que el auténtico adversario de la vertiginosa carrera de Hitler hacia el Este fue...la exigua capacidad de Alemania para extraer y procesar el petróleo necesario, pero esa es otra historia más dentro de la Geoestrategia.

No solo son finitos los recursos del planeta, también lo es su capacidad para reciclar los residuos procedentes de su explotación. Y esta limitación del reciclaje natural de los

residuos de las acciones humanas también debe ser tenida en cuenta por la Geoestrategia, pues forma parte de las las Amenazas Globales. Lo que sigue puede ser considerado un somero buceo sobre tan profunda transición académica.

PERFIL DE LOS RIESGOS GLOBALES UBICUOS EN ESPAÑA

Entre las amenazas globales externas de carácter ubicuo que dan lugar a riesgos concretos en España, y sus plazas de soberanía, con diversa probabilidad de materialización cabe citar el Cambio Climático derivado del calentamiento global, la Contaminación Marina causada por los flujos de residuos plásticos, industriales, urbanos, agrícolas, y navieros, además de la Contaminación de Cursos de Agua dulce y Acuíferos terrestres. La causa de estas amenazas proviene del incremento exponencial de la población humana, gracias al imparable avance industrial desde finales del siglo XIX y el incesante consumo de materias primas, lo que lleva asociada otra mayor; el Agotamiento de las Reservas Naturales del Planeta Tierra.

Sobre la dependencia energética de España respecto de los combustibles fósiles, con el 40% de las importaciones provenientes de Argelia (tan bien conocida como su previsible agotamiento a medio plazo), cabe añadir que los riesgos globales 'ubicuos' asociados a esta enorme vulnerabilidad incluyen los que puedan afectar al Norte de África. Cabe destacar que el efecto de encadenamiento geográfico de los riesgos globales contribuye, de manera impalpable, a su 'ubicuidad'. Prosigamos con las demás amenazas.

Por ser el sector pesquero español uno de los principales del mundo en volumen de capturas, como en el consumo de la mayor variedad de especies marinas, el riesgo de agotamiento de los caladeros resulta especialmente dañino para el futuro de las familias que viven directamente del mar y de la comercialización internacional de los productos derivados. Los consumidores, a su vez, padecerían una insufrible escasez alimentaria.

Respecto del Calentamiento Global experimentado en los glaciares terrestres cuyo descenso causa, paso a paso, la subida del nivel del mar, el sector turístico español resulta especialmente afectado en las zonas costeras. El litoral español, sea peninsular o isleño, constituye el mayor atractivo para los millones de visitantes foráneos que acuden a sus playas año tras año. Grande es el riesgo que corre la extensión y calidad de las instalaciones turísticas españolas frente a una constante subida del mar, con su acompañamiento de galernas invernales más destructivas año tras año.

La Dependencia Tecnológica cada vez más visible, en intensidad y extensión, de sistemas de gestión global de servicios, como el transporte, las comunicaciones, la distribución de electricidad, la banca y el comercio, también aporta un plus de riesgos ubicuos. La tan de moda ‘ciberseguridad’ es solo una llamada de atención para afrontar tal clase de amenazas, aunque de nada sirve contra la variedad de residuos de cohetes espaciales, satélites artificiales fuera de uso, campos de meteoritos erráticos, y fallos de control de constelaciones artificiales tipo GPS, que pueden colisionar entre sí. España quedaría afectada por una interrupción severa de tales servicios satelitales, sea en el corto, medio, o largo plazo. La combinación de las amenazas globales arriba señaladas, o una desafortunada e imprevisible coincidencia de errores al tratar de controlar una ‘situación de crisis’ provocada por alguna de ellas, constituye una fuente considerable de riesgos ‘ubicuos’.

A España le afecta la ubicuidad de los riesgos derivados de las amenazas que implican tanto la existencia de Arsenales de Armas Atómicas como el despliegue de Plataformas de

Misiles Atómicos en océanos y bases terrestres, así como las Centrales Nucleares y los Depósitos de Residuos Radiactivos, no solamente como país perteneciente a la OTAN, sino también por la presencia de centrales nucleares en su territorio.

Con la política de 'disuasión nuclear' en curso, practicada por las, ¿nueve?, potencias atómicas actuales, el hecho a destacar es que resulta ineficaz para frenar la imparable proliferación de materiales radiactivos, ni la de instalaciones de proceso de enriquecimiento. Hace ya tiempo que la Geoestrategia dejó de ocuparse de un 'impensable' conflicto nuclear entre aquéllas potencias y/o sus respectivos aliados, y se dan a olvido posibles efectos de 'ubicuidad' sobre España tan diferentes como una conflagración atómica en Nepal, o en África Central. Por lo que el puro instinto de supervivencia parece ser la vía por donde ha discurrido el asendereado tránsito que aisla las explosiones de Hiroshima y Nagasaki, en agosto de 1945, del presente.

Si se prescinde de los millones de millones de dólares gastados hasta la fecha para tener bajo control tan letal armamento en los Arsenales Nucleares y el despliegue de sus Plataformas (sobre 300 millones de dólares al día, solo en servicios de mantenimiento), y se corre un tupido velo sobre los centenares de miles de víctimas que padecen los efectos derivados de aquéllas explosiones y de las innumerables pruebas nucleares que le siguieron, podría parecer un resultado muy alentador. Pero ese panorama cambia de aspecto bajo la creciente 'ubicuidad' del riesgo.

La Cruz Roja Internacional ya declaró en 2013 que no existe capacidad alguna para prestar asistencia en caso de una explosión nuclear, a lo que se añade la percepción de que dado el caso, ninguna de las potencias atómicas daría el primer paso para reconocer su autoría, ni menos aún apelar al Derecho Internacional para afrontar semejante crisis. Cada nación deberá afrontar por sus propios medios la parte que le afecte en esas circunstancias, España entre ellas.

También produce riesgos clasificables como ubicuos la extrema vulnerabilidad de ciertas zonas de nuestro planeta frente a las amenazas arriba mencionadas. En España ya estamos bajo la presión de Migraciones Masivas desde África y Oriente Medio, debido a conflictos violentos, agudizados por la sequía, en torno a determinados cursos de agua en Siria, Mesopotamia y el Sahel. A los enclaves norteafricanos de Ceuta y Melilla, además de Canarias y las costas peninsulares en torno al Estrecho de Gibraltar, arriban cada día centenares de refugiados en condiciones de extrema necesidad, supervivientes de un viaje donde algunos dejan su vida. Tanto la vigilancia y el control de ese tráfico vergonzoso, como los servicios de auxilio y acogida requeridos por sus víctimas, exigen recursos hospitalarios, asistenciales, y administrativos cada vez más gravosos para el erario público español. A su vez, muchos de los refugiados que por vía legal son devueltos a sus países de origen, contribuyen a incrementar ése tráfico, sea reincidiendo en el temible viaje o dando ánimos a los que todavía no lo han intentado.

El tan publicado 'efecto llamada' resume la indeseada consecuencia del gasto que se invierte en hacer mas eficaz la asistencia, lo cual muestra que no se está siguiendo el camino adecuado para contener esa amenaza. No obstante, la capacidad estimada de España para compensar su caída poblacional, bastaría para incorporar hasta 10 millones de emigrantes. Quede así la parte relativa a los riesgos.

LA ESTRUCTURA ESPAÑOLA DE SEGURIDAD

Mediante la Ley Orgánica de Seguridad Nacional, aprobada en 2015 dentro del marco de la Estrategia de Seguridad Nacional 2013, se define la estructura institucional que aborda las Amenazas Globales. El principal objetivo de esta ley es definir la Seguridad Nacional como un nuevo campo de actuación público que agrupará y coordinará toda la política relacionada con los objetivos, recursos y políticas ya existentes en materia de seguridad.

La responsabilidad de las actuaciones se deberá compartir entre las Cortes y los restantes órganos constitucionales, las distintas Administraciones territoriales, el sector privado y la sociedad civil. La Ley Orgánica de Seguridad Nacional pone especial rigor en la coordinación entre las distintas Administraciones estatal, autonómica y local a los efectos de hacer frente a las amenazas derivadas de la actual situación global. En sus 12 páginas aborda la necesidad de una 'Cultura de Defensa', o de 'Seguridad Nacional', que implique a la ciudadanía, también mencionada como 'Sociedad Civil'.

Los ámbitos de especial interés para la Seguridad Nacional son «aquellos que requieren una atención específica por resultar básicos para preservar los derechos y libertades, así como el bienestar de los ciudadanos, y para garantizar el suministro de los servicios y recursos esenciales». Entre ellos menciona: ciberseguridad, seguridad económica y financiera, seguridad marítima, seguridad del espacio aéreo y ultraterrestre, seguridad energética, seguridad sanitaria y preservación del medio ambiente». Constituye, por tanto, el marco legal de referencia para afrontar los riesgos debidos a las Amenazas Globales Ubicuas objeto de esta ponencia.

El Informe Anual de Seguridad Nacional de 2016, que constituye la tercera entrega desde su primera edición en 2013, sobrepasa las 150 páginas recogiendo los diversos progresos obtenidos en la materialización de las actuaciones ordenadas por la Ley Orgánica de Seguridad Nacional. Son mencionadas en el citado Informe varias de las amenazas arriba descritas, si bien conviene señalar aquéllas que todavía permanecen ausentes:

-Ante la Dependencia Energética, no se menciona la Transición Energética hacia energías autóctonas renovables.

-No se menciona el Cambio Climático, ni el papel de la actual Oficina de Cambio Climático en la posible estrategia a seguir

-No se trata la Dependencia Tecnológica como amenaza

-No se trata la Amenaza Nuclear como generadora de riesgos

-No se articula una 'Cultura de Seguridad' en la 'Sociedad Civil'

-No se definen Índices de Control de Riesgos para evaluar la Estrategia de Seguridad Nacional

Volvendo a experiencias da miña nenez en Betanzos, lembro que algúns días, os amigos optabamos por rodar en bicicleta polas rúas concéntricas e chairas. Subir e baixar as costas pendentes do casco histórico, como supoño fariades todos vós para chegar a esta cima, a croa dun antigo castro, resulta exercicio esforzado. A min gustábame facer o circuíto empezando desde a «Porta da Vila» e, tirando pola Rúa Travesa, determe ao chegar ao adro de Santa María do Azougue. Alí observaba a paixón con que os nenos do barrio xogaban ao fútbol. Eu tamén participaba, cando mo permitían, pois xogar en espazo privilexiado noutro barrio, non era cousa doada. A porta principal da igrexa facía de portería. Menos mal que os cartos non chegaban entón para mercar duros balóns de coiro ao que dar patadas, porque as interesantes imaxes dos capiteis, tímpano e arquivoltas -nas que convido a fixarse con atención no paseo por esta Feira- terminarían moito máis deterioradas.

Naqueles anos non estaba moi estendida a necesaria sensibilidade para respectar o patrimonio histórico e artístico. Por aqueles espazos marabillosos de Santa María e San Francisco, andaban tamén, abandonadas á súa sorte, pedras dalgúns sepulcros medievais de enorme valor histórico, como o de Afonso de Carballido, aquel «mercador» rico betanceiro do século XV quen, como «Alcalde de Irmandade», participara na violenta segunda guerra irmandiña, manifestación dunha mentalidade xusticieira, antifeudal e igualitaria. Os irmandiños, liberándose do medo colectivo, loitaron contra os abusos, espolios, ultraxes e atropelos dos grandes señores da época que intensificaran a explotación dos vasalos, como se rememora mañá nesta Feira.

Arume

Estas terras das Mariñas, dominadas pola poderosa familia dos Andrade, foi un dos escenarios destacados da revolta irmandiña, que algúns historiadores chegan a cualificar como a primeira gran revolución antifeudal de Europa con carácter burgués, anunciando a crise do mundo medieval e a orixe da modernidade. Un veciño de Betanzos, testemuña visual dos sucesos en 1467, describía nunha fermosa metáfora a revolta popular referíndose a como os vasalos (os «gorrións» insubmisos) expulsaban do reino os grandes señores feudais (os «falcóns» explotadores) polas inxustizas cometidas: «les oía dezir que los gorriones abían de correr tras los falcones». «Gorrións» liderados por xentes de Betanzos como Xoán Branco, notario e escribán, ou Alonso de Lanzós, fidalgo marxinado do poder e con torre e palacio a uns metros desta praza fronte á igrexa de Santiago, e «alcaldes de irmandade» como o citado Afonso de Carballido. A ampla participación social foi reflexo da alianza entre capas sociais e mesmo contou inicialmente con apoio do rei Enrique IV que lle deu carácter legal ao alzamento pregoándose a carta real de constitución da Irmandade nesta praza. No mesmo ano de 1467 este monarca, recoñecendo o protagonismo irmandiño de Betanzos, concede á cidade a celebración dunha «Feira Franca Anual» de trinta días de duración e que hoxe rememoramos. Unha feira con grandes privilexios reais e que se desenvolveu con grande afluencia, moito trato e comercio, xuntándose mercadores de diferentes lugares.

Nunha das miñas escapadas de pequeno ata a igrexa de Santa María, tras o remate dun partido de fútbol no seu adro, entrei sen compañía, cal explorador atrevido, na igrexa conventual de San Francisco, moi preto tamén desta praza onde nos atopamos. Fixeime inmediatamente nunhas grandes figuras en pedra cerca da porta de entrada e quedei abraiado e fascinado. Lembrei que nun día de festa asistira a un espectáculo con animais, entre eles un oso enorme que me chamou poderosamente a atención. Pois alí, naquel templo franciscano, aparecía representado un gran oso en granito, e outro animal do mesmo tamaño que me pareceu un xabarín. Tamén me fixei que no conxunto aparecían representados en relevo outros animais e homes, algúns montados a cabalo. Pregunteime que farían nese espazo, aqueles personaxes e aquelas feras e aves. Unha escaleira de madeira convida a elevarse, e animeime a subir por ela. Observei que na parte superior daquela peza en pedra labrada aparecía representado un home que levaba armadura, unha espada cunha estrela de seis puntas, e esporas. A vestimenta tiña certo parecido coas de personaxes dunha película dos tempos medievais que vira no antigo Cine Alfonsetti. Aquela figura aparecía cos ollos pechados e semellaba morto. Por que estaría alí, nun lugar sagrado, aquela escultura? Por que se representaban escenas que parecían de caza nos laterais daquela caixa de pedra?

Aquel conxunto que tanta impresión me causara pertencía ao monumento funerario de Fernán Pérez de Andrade «O Boo», un «señor da guerra», amosándose como un elixido da divindade, un «soldado de Deus», que moi probablemente gustaba das novelas de cabalaría pois encargara unha copia ao galego da «Crónica Troiana». Fernán Pérez, morrera no ano 1397 e o seu sepulcro representa un certo ideal cabaleiresco da época baixo unha concepción fortemente xerarquizada da sociedade. A caza servía aos cabaleiros de exercicio de preparación para a guerra nunha sociedade onde campaba a agresividade e a violencia nas relacións humanas. Pero a caza considerábana civilizada, unha oportunidade tamén para actuacións valentes vencendo as perigosas feras como os osos e xabaríns extendidos nos nosos bosques atlánticos naquela época; toda unha metáfora da vitoria do ben sobre o mal en defensa dunha determinada visión do mundo que encumbraba os cabaleiros. Por outra parte, a pompa e a notoriedade de ritos funerarios, os lugares destacados de enterramento, os grandes sepulcros deseñados e labrados con coidado e outras representacións nas propias igrexas betanceiras eran manifestación da vontade dos privilexiados de seren recoñecidos despois da morte cos mesmos privilexios dos que gozaron en vida, fuxindo do anonimato dos cemiterios, máis cerca do paraíso soñado do que tanto falaban os frades producindo grande excitación e dirixindo a atención da xente a imaxes vivas e impactantes como as do tímpano da porta norte de Santa María do Azougue, ou as do arco de ingreso á ábsida de San Francisco, referíndose ao pecado e ás tentacións, á morte, ao xuízo final (moi representado co arcanxo San Miguel, pesando as almas), ao inferno e á gloria tan presentes na mentalidade medieval, sobre todo cando se espallaban a peste e outras enfermidades, a fame e a guerra. Algunhas escenas da expulsión dos leprosos que se representa no domingo nesta Feira son expresión desta mentalidade.

Todas estas cousas do mundo medieval, e moitas máis sobre ese tempo, sobre todo a alegría e o bulicio das feiras, podedes recrealas nun paseo polos espazos desta XIX Feira Franca Medieval.

Quero pregoar, con paixón, que Betanzos ofrécese, hospitalaria coma sempre, para o gozo dos sentidos, para o encontro cordial e o intercambio comercial. Pero tamén para fascinarse cos seus monumentos, rúas e prazas, coa súa historia, lendas e mitos, e para reflexionar sobre pasado, presente e futuro.

Pensando nese futuro, quero anunciar tamén algúns desexos: que a rehabilitación integral deste fermoso casco histórico se faga realidade, e que nas súas rúas e prazas se desenvolva unha intensa vida social e comercial todo o ano, como sucedía nos tempos medievais e tamén cando eu era un neno e disfrutaba a cotío, con amigos e veciños, nestes queridos espazos, fermosos depositarios do tempo ido. Tamén que moitas marabillas do noso patrimonio histórico e artístico, como os fermosos capiteis do derrubado claustro do mosteiro de San Francisco de Betanzos ou a casa medieval da rúa da Cerca, a máis antiga que se conservaba na cidade, se recuperen para o deleite público e en defensa da memoria e da dignidade colectivas.

Desexo tamén que coa vosa presenza estes días de Feira Franca Medieval se alimenten as esperanzas de mellora para este casco histórico. Por iso quero preguntarvos, a todos e todas, para que respondades, berrando ben alto: Compartides os desexos deste humilde pregoeiro?

Pois entón, «todas a unha», como proclamaban os antepasados irmandiños betanceiros co seu capitán á fronte. Todos e todas a procurar o ben común.

Que soen as nosas gaitas, que dancen os nosos bailaríns e que gocedes moito, como merecedes, nesta XIX Feira Franca Medieval Betanceira!

Eduardo Xosé Fuentes Abeledo

15-26 de xullo de 2016

Tivo lugar un Grupo de Traballo promovido pola directora Xeral de Xuventude, a betanceira Cecilia Vázquez, que levou a cabo labores de recuperación e limpeza da Fonte das Catro Estacións no Pasatempo.

17 de xullo de 2016
Nas prazas da Constitución e do Campo celebráronse as actuacións do *I Festival de Artes Escénicas na Rúa* organizado polo Concello de Betanzos.

18 de xullo ao 28 de agosto de 2016
Ao longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as obras participantes na XV Bienal Balconadas, organizada polo Concello. O primeiro premio foi para o artista valenciano Pascual Jimeno Montalar coa súa obra «Camino hacia la playa». Os accésits foron para Lara Díaz Pintos e Francisco Javier Granados Centeno.

20 de xullo de 2016
A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, acompañada do director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez, foron recibidos polo alcalde e varios concelleiros para asinar o convenio de colaboración para mellorar a rede de abastecemento de auga potable do Concello.

20 de xullo de 2016
José Domingo Vales Villamarín Vía e o alcalde, Ramón García, asinaron un acordo de cesión para o Museo das Mariñas de varias medallas conmemorativas e un manuscrito da poetisa Sofía Casanova.

César

26-28 de xullo de 2016
Desenvolveuse ao longo destes días a XVI Semana Internacional do Cine de Betanzos, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos, a Secretaría de Medios da Xunta de Galicia, o CGAI, supermercados GADIS e o Corte Inglés. Este ano estivo dedicada á produtora, guionista e directora cinematográfica galega Zaza Ceballos, baixo o título «Zaza Ceballos, cinema de muller».

29 de xullo de 2016
O ilustrador e mestre betanceiro Xosé Tomás presentou na Libraría Biblos o libro «Manual de Escola». No acto participaron Xoán Costa, editor da publicación e Fabricio Caivano.

29-31 de xullo de 2016
Celebrouse ao longo destes días o «V Festival BetanJazz», organizado polo Concello de Betanzos como homenaxe a Antonio Cal «Purriños». Na Praza da Constitución tiveron lugar os concertos dos grupos: *Grupo MGV Cuarteto, Grupo Roberto Somoza Trío e Radio Cos.*

dacoruna.gal

4 de agosto de 2016
A vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, realizou unha visita institucional para coñecer os equipamentos culturais do Concello. Estivo acompañada polo Alcalde, Ramón García, e varios concelleiros.

Veiga

4-25 de agosto de 2016
Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición «San Roque patrón de Betanzos, VI centenario» realizada polo persoal do Arquivo Municipal.
6 de agosto de 2016
Organizada polo Concello celebrouse a xira «Caneiros en familia» co obxectivo de difundir e inculcar os valores tradicionais desta romaría.
6 de agosto de 2016
No Paseo da Tolerancia tivo lugar a «Noite de Djs», organizada pola OMIX do Concello de Betanzos.
10 de agosto de 2016
O doutor Venancio Chantada, Xefe de Uroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña impartiu unha conferencia no edificio Liceo, dentro do ciclo organizado polo Rotary Club e o Concello.

Arume

12-31 de agosto de 2016
No edificio Liceo tivo lugar a exposición «Historia do ciclismo en Betanzos en fotografías», coordinada por José García Varela e realizada co apoio do Club Ciclista Betanzos e Btt Caimanes Betanzos e co patrocinio do Concello.
13 de agosto de 2014
Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos* coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Betanzos.
14 de agosto de 2016
Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Ángela Novo García. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do director da «Vuelta a España», Javier Guillén. Este acto representou o comezo oficial das festas.

Pregón das Festas de San Roque

Betanceiros y Betanceiras, visitantes, amigos y amigas, de corazón os doy las gracias, muchas gracias, por invitarme a ser parte de este maravilloso pueblo en un día tan grande y tan especial como este, dentro de un año tan significativo, nada menos que cuando se cumplen 600 años de éstas, vuestras fiestas, las mejores fiestas del mundo.

Arume

Imagino que para los que no somos de Betanzos sería muy fácil decir que nos sentimos orgullosos de poder participar en vuestras fiestas. Que es un motivo de extrema alegría que os hayáis acordado de nosotros y que aquí, gracias a vuestra amabilidad y cariño, nos sentimos casi mejor que en nuestra propia casa.

Pero os aseguro que en mi caso es así.

Antes de seguir, quiero detenerme para agradecer al Ayuntamiento de Betanzos que haya querido que sea yo la persona encargada de dar el pregón este año.

Como Director General de la Vuelta a España me encuentro, sinceramente, encantado, no, encantadísimo, de que hayáis querido que yo pueda formar parte de unos días tan entrañables como estos en una comunidad que siempre me trata mucho mejor de lo que realmente merezco.

En mis innumerables encuentros con Galicia, por cierto, a mi siempre me parecen pocos, Betanzos siempre ha sido un sitio en el que he tenido la suerte de detenerme, y gracias a ello, es por lo que puedo afirmar, que tras varias visitas, no he conocido a nadie, y realmente os digo que no me extraña nada, que tenga un sola mala palabra para esta extraordinaria tierra.

Los que nacieron en Betanzos presumen de haberlo hecho y eso es motivo suficiente para sentiros orgullosos. Betanzos destaca por su grandeza, por su historia, por su monumentalidad, en cada rincón de este pueblo está escrita la trascendencia de su paso por la historia, basta un recorrido por sus calles para saber de su importancia como una de las capitales que fue del Reino de Galicia. Recorrido que igualmente invita a la paz, al sosiego y a la tranquilidad, gracias por cuidar y conservar vuestra historia, por mimas vuestro municipio para deleite de propios y extraños, gracias por darnos

Arume

Arume

la oportunidad de conocer lo que es sin duda una de las joyas de Galicia, que es tanto como decir, una de las joyas de este mundo.

Por causa de la Vuelta a España son muchos los lugares que visito, muchos los pueblos que conozco y muchas las gentes que me encuentro. Debido a ello, creo saber bien de este país, una España que me encanta y me seduce, una nación llena de rincones, diversa en sus gentes y en sus territorios, llena de contrastes, pero un elemento común, el amor de cada vecino por sus raíces, por el sitio que le vio nacer y crecer. Y en esa pasión por sus orígenes, los Betanceiros sois porque así os lo ha dado vuestra cuna, los mejores embajadores de vuestro pueblo, si a alguien le habláis de Betanzos y de sus fiestas, quiere venir y cuando viene, no se quiere ir o siempre quiere repetir.

Y es que es aquí donde está el secreto de Betanzos, en vosotros. En todos y cada uno de los que habéis tenido el privilegio de nacer aquí y aunque algunos hayáis tenido que marcharos, me consta, que siempre que podéis, volvéis. Es el momento de dejar a un lado todas y cada una de las preocupaciones que tenemos para disfrutar, como todos os merecéis, de Betanzos y de sus fiestas.

Aquí hay mucho y bueno que ver, que comer y que beber. Si tuviera que recomendar a la gente que viniera a Betanzos no sabía cómo empezar.

Creo saber un poco de vuestro municipio, la excusa para venir, os confieso que en mi caso no fue la Vuelta, fue vuestra tortilla, pero una vez aquí, te das cuenta de que hay mucho que hacer y recorrer, lugares como vuestro casco histórico, sus calles, sus mágicas iglesia, el enigmático parque del pasatiempos, pero de todo lo que conozco, me quedo sin duda con el extraordinario ambiente que se respira en vuestra tierra y en especial en estas fiestas, las cuales no me son ajenas, en ellas se haya todo lo que es y quiere ser la Vuelta, alegría, color, convivencias y experiencias, también principios, valores y tradición, La Vuelta y Betanzos no solo se encuentran en la carretera, lo hacen mejor en la esencia de lo que son.

Y en esa esencia nos encontramos también con San Roque, santo peregrino, que protege vuestro pueblo, de la misma manera que protege a esos admirados peregrinos que son los ciclistas de La Vuelta, y que este año y en su camino hacia la meta, a 3.200 Km de su salida oficial, recalarán aquí, donde ahora nos encontramos.

Eso será el próximo 23 de agosto, como quien dice, ya mismo, y para ni como máximo responsable de la organización de la Vuelta, es todo un motivo de orgullo y emoción, el saber que la magia, la hospitalidad, la belleza y la calidad de vuestro pueblo y vuestras gentes, va a ser el anfitrión de una

carrera que es de todos, vuestra que por supuesto que también, una prueba que siempre quiere ser mejor, y para ello, es necesario estar con los mejores, y ahí, creo que como pueblo y como grupo, os aseguro, que no os gana nadie.

Desde aquí y en estas fiestas se lanza, con vocación de llegar a lo más alto, el globo de papel más grande del mundo, y así quiere ser nuestra etapa del día 23 de agosto, una etapa que saliendo de Betanzos, llegue a los más alto, como así hará al terminar en el mirador de Teixido, lugar donde se encuentran los acantilados más altos de la Europa continental, va a ser sin duda una de las etapas que mejor recuerdo y más belleza estética dejen en la retina de los más de 360 millones de espectadores que siguen La Vuelta cada año.

Ahora toca pasarlo bien, yo con cariño y con toda humildad, os sugiero que lo hagáis como lo que sois, y como sois generosos, hacerlo con generosidad, y como sois alegres, hacerlo con alegría y como sois y estáis orgullosos de vuestro pueblo, hacerlo con el orgullo de sentiros y de estar en Betanzos.

Queridos amigos y amigas, Betanzos se escribe con B, con B de bondad, de bienestar y bienvenida de la misma forma que la Vuelta se escribe con V, V de vecindad, de vitalidad y de venir, venir a Betanzos, que eso es lo que hay que hacer, venir aquí, venir a convivir, reír y disfrutar, por mi parte os deseo lo mejor y desde lo más profundo de mi corazón me despido gritando lo que ya todo el mundo siente:

¡Vivan Las Fiestas de San Roque! ¡Viva Betanzos! ¡Muchísimas gracias!

14 de agosto de 2016

Fíxose entrega dos premios Garelos 2014: En Educación e Cultura, ao ilustrador e mestre betanceiro, Xosé Tomás; en Deporte, para o Clube Kwon Betanzos; en Industria, Comercio e Creatividade, ao establecemento Docería Rábade. Entregouse un Garelo Especial ao Grupo de Baile Azougue.

Arume

15 de agosto de 2014

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Laura Buide Gilsanz, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, o mozo Alonso Martín Encinas deu lectura ao pregón infantil.

Arume

Arume

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Tal día coma hoxe, hai 600 anos, o noso Concello proclamoute patrón tutelar de Betanzos e fixo voto de celebrar perpetuamente unha función relixiosa o día da túa festa.

Segundo a fonte máis antiga, a *Acta breviora*, e outras obras, naciches en Montpellier arredor de 1300, ficaches orfo e vendiches a herdanza de teus pais para darlla aos pobres e peregrinos que ían a Roma. En Toscana, en Acquapendente, servivches no hospital aos apestados e lograches curacións milagrosas. Continuaches atendendo aos doentes en Rimini e Piacenda, e contaxiátesche, nesta última cidade, motivo polo que te retiraches a un bosque. Entre as árbores recibías cada día a visita dun can que che levaba un pan na boca. Curado polos coidados do dono do can ou pola lambedura deste nas feridas, marchaches a Montpellier, e fuches prendido no norte de Italia, en Anguera, acusado de espía. Alí morriches no cárcere entre 1376 e 1379, aínda que outra versión di que finaches en Montpellier e que os teus restos se trasladaron a Arles.

Canonizado quizais no Concilio de Constanza no ano 1414, os dominicos estenderon o tei culto como intercesor contra a peste e todo tipo de epidemias, sendo un dos santos máis populares do mundo cristián.

O tempo pasou mais o teu exemplo segue vivo entre nós e moitas persoas seguen dedicando a súa vida aos pobres e aos doentes en todo o mundo, un mundo que continúa a estar envolto en tebras. Por iso a túa lembranza e a túa presenza é hoxe un modelo de comportamento necesario para todos e todas, especialmente para a xente dos países ricos que, por non perde ningún dos seus privilexios, é quen de volverlle as costas a milleiros de persoas que foxen aterrorizadas da pobreza, de guerra e da barbarie de todo tipo.

Como é posible que na Europa milenaria e próspera, na Europa modelo de cultura para o mundo, se pechen fronteiras, se poña aramio de espiño por todas partes e se deixe ao outro lado nais e nenos, vellos e pais que só queren unha pequena oportunidade para vivir, un pouco de humildade? Axúdanos, pois, Señor San Roque a non perder esa humanidade que nos diferenza das feras e a facer de Europa un lugar de acollida e de futuro como o foron outras partes do mundo cando nós tivemos que fuxir.

E para Galicia, para As Mariñas e para Betanzos, prégoche, coma sempre, que nos axudes a construír un futuro de certezas positivas e de esperanza. Pídoche por todos e todas, especialmente

César

polos máis necesitados, sexa cal sexa a súa condición social e sexa cal sexa a causa da sua doenza e da súa tristura. Implóroche polos nosos emigrantes que un día coma hoxe teñen o seu corazón morriñento. Pídoche polo mundo do traballo nun marco de cambios tecnolóxicos demasiado rápidos para ser asumidos pola sociedade. E prégoche moi especialmente pola nosa xente moza para que o seu camiño se vexa claro e luminoso e poida construír unha vida digna, un futuro, unha esperanza.

Señor San Roque, os betanceiros e as betanceiras continuaremos estando aquí o ano que vén e os séculos que veñen para agradecerche a túa permanente axuda, o teu exemplo, e para pedirche que sigas a iluminarnos o camiño como o fixeches ao longo destes 600 anos.

O noso voto de gratitude é perpetuo.

16 de agosto de 2014

O Globo de San Roque, que realizou a familia Pita, iniciou un ano máis a súa viaxe cara ao ceo brigantino diante de numeroso público. Nesta ocasión voou ata As Pontes.

18 e 25 de agosto de 2014

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade.

19 de agosto de 2016

Tiveron lugar ao longo destes meses as distintas actuacións do Festival Brigamusic, organizado polo Concello de Betanzos, coa participación dos grupos North West, Los inesperados, Luga, Pablo Martín.

23 de agosto de 2016

A praza do Campo de Betanzos foi o punto de saída da cuarta etapa da Volta Ciclista a España que congregou a numeroso público que se achegou para ver este acontecemento histórico na cidade. Chamaba a atención, ademais dos ciclistas máis coñecidos como Contador, Quintana ou Froom, a infraestrutura montada na Praza do Campo.

Arume

27 de agosto ao 11 de setembro de 2016
Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Plumillas», do artista Eduardo Tejerina.

masters.abloque.com

3 de setembro de 2016
Javier de la Fuente, corredor do Club Ciclista Betanzos, acadou o Campionato de España master 50 de estrada, na proba celebrada na localidade de Reinosa.

Arume

10-11 de setembro de 2016
Celebrouse na praza do Campo unha nova edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.

10 de setembro de 2016
Na praza da Constitución tivo lugar o concerto do grupo Hércules Brass Quinteto de Metais dentro do programa «Galicia Culturea» da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Setembro de 2016
Os concellos de Abegondo, Coirós, Paderne e Betanzos comezaron neste mes o obradoiro de emprego «Integración Social e Coidado á Dependencia» no que participaron vinte persoas desempregadas.

13-25 de setembro de 2016
Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «XII Premio de creación fotográfica Luis Ksado», organizada pola Deputación da Coruña.

Arume

17 de setembro de 2016
Como vén sendo habitual, os/as betanceiros/as que cumpriron 50 anos xuntáronse para celebralo.

Arume

17-18 de setembro de 2016
Na praza do Campo celebrouse a IV edición da Mostra de Viños e Produtos das Mariñas no que participaron cinco adegas con viño da indicación xeográfica protexida «Viño da Terra de Betanzos» e unha vintena de produtores. O evento foi organizado pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e o Concello, que contaron coa colaboración de «Iniciativa Xove» e a Xunta de Galicia.

17 e 25 de setembro de 2016
Desenvolveuse nestes días a V Semana de Custodia do Territorio organizada pola Fundación Fragas do Mandeo e pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos coa colaboración de outras asociación e colectivos. O programa incluíu conferencias, actividades de voluntariado e unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.

28 de setembro ao 10 de outubro de 2016
Na Sala de Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego», da que é autor Iago Vázquez Mosteiro.

Arume

30 de setembro de 2016
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do *Anuario Brigantino 2015* n. 38. O acto estivo presidido polo alcalde, Ramón García, a quen acompañaba a concelleira de cultura, María Barral e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do profesor e investigador betanceiro, Xesús Torres Regueiro.

Outubro de 2016
Na Biblioteca Municipal de Betanzos «A. Castelao» puido verse a mostra bibliográfica sobre a vida e obra de Agustín Fernández Paz.

3-5 de outubro de 2016
Desenvolveuse no edificio Liceo o XII Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicreques 2016), no que participaron os seguintes grupos: *Tres Tigres Teatro* (Argentina), *Víctor Biau* (México) e *Tárbol Teatro de Títeres* (Perú).

6 de outubro de 2016
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto do grupo *Fado 1111* (Guimaraes, Portugal), dentro das actividades do «Encuentro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2016» que organizou a Asociación Cultural *Pórtico das Artes*, coa colaboración do Concello.

Outubro de 2016
O Concello asinou no edifico Liceo convenios de colaboración con dezaoito asociacións e entidades deportivas e culturais do Concello.

laopinioncoruna.es

Outubro de 2016
Iago Codesido Centoira, alumno do IES Francisco Aguiar e natural de Abegondo, foi galardoado co Premio Extraordinario de Bacharelato que concede a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

5 de outubro de 2016
Tivo lugar unha xornada dedicada á prevención de incendios na que participou o alumnado dos colexios da cidade. Esta foi unha iniciativa apoiada pola Deputación Provincial e impulsada por MAPFRE e a Asociación Profesional de Técnicos de Bombeiros. Foi preserntada polo presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o alcalde, Ramón García.
7 de outubro de 2016
No edificio Liceo proxectouse a longametraxe documental «O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego». Paralelamente realizouse unha exposición fotográfica sobre a historia do teatro galego.
Outubro de 2016
Rematáronse as obras de mellora do recinto feiral de Bellavista.
7 de outubro de 2016
No Cine Alfonsetti tivo lugar o «II Certame de Monólogos Cómicos de Betanzos» organizado pola OMIX do Concello de Betanzos. Miguel Sincero acadou o primeiro premio e Mario Horro, o segundo e o premio do público.

Arume

7-16 de outubro de 2016
Ao longo destes días celebrouse a VI Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vinteseis establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu no *Mesón O Progreso*. Este ano, por primeira vez, outorgouse un premio por votación popular que foi para *Taberna 1931*.
9 de outubro de 2016
Persoal de *Eroski Center de Betanzos*, co patrocinio de *Vegalsa-Eroski* e a colaboración de varias entidades e do Concello de Betanzos, organizou unha «Andaina Solidaria» baixo o lema «Hoxe camiñamos por…salud mental».
15 de outubro de 2016
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Foucellas» interpretada pola compañía *Talía Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
21-22 de outubro de 2016
Celebrouse o V Memorial Carlos López García-Picos, organizado polo Concello de Betanzos. Con este motivo tivo lugar un concerto do Dúo de clarinete e piano «Saavedra-Ares», con obras, algunhas delas, estreas

absolutas do autor betanceiro. No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *Carlos López-García Picos. Música a orillas del Atlántico* do que é autor Javier Ares Espiño.

29 de outubro de 2016

Na igrexa de Santa María do Azougue tivo lugar un concerto da Orquesta Gaos, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación dos solistas Daniel Vlashi (violín) e Millán Abeledo (violonchelo). Foi organizado pola Deputación en colaboración co Concello de Betanzos.

Novembro-decembro de 2016

Ao longo destes meses na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar unha Mostra bibliográfica sobre o autor de libros infantís Charles Perrault.

4 de novembrobro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto do Grupo de Zanfoñas da Tradescola**,** organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

5 de novembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Noiteboa» interpretada pola compañía *Redrum Producciones*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

11 de novembro de 2016

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do disco «Travesía» e do libro titulado «Preludios Atlánticos. Ensayos sobre música y comunicación», do músico e investigador betanceiro Javier Ares Yebra.

18 de decembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo Máxico Nadal organizado por *Danzarte Betanzos SC*.

24 de novembro de 2016

Un club de taekwuondo da ciudade de Muju en Corea do Sur realizou en Betanzos unha exhibición. Os seus membros foron recibidos polo Alcalde, Ramón García e polo concelleiro de deportes, Andrés Hermida no edificio Liceo.

25 de novembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo tivo lugar, dentro do programa DAC Outono Cultural da Deputación da Coruña, a Gala das Irmandades da Fala coa presenza de artistas como O Mago Teto, Caxade, Mónica de Nut+Ánxela Blanco, Os Quinquilláns, Luís Iglesias e Xavier Deibe, xunto co Grupo Azougue da Escola Municipal de Foclore de Betanzos.

26 de novembro de 2016

No cine Alfonsetti tivo lugar a representación teatral do «Espírito Burlón» interpretada polo grupo de teatro eumés DCTQ, organizada pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

Decembro de 2016

En todo este mes e parte de xaneiro de 2017 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e

colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Nuria Beiro Oldán, do IES Francisco Aguiar, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal do Concello.

Decembro de 2016

Neste mes veuse celebrando o VIII ciclo de Teatro en Familia, incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. As obras representadas foron: «Luppo» pola compañía *Baobab Teatro,* «Feo!» pola compañía Caramuxo Teatro, «O poder de Amabel» pola compañía Pérez&Fernández e «O último dragón» interpretada pola compañía Sarabela Teatro.

2-18 de decembro de 2016

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición de fotografía realizada polo alumnado do IES Francisco Aguiar titulada «Betanzos histórico. Así éramos, así somos».

3 de decembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Don Quixote, unha comedia gastronómica» interpretada pola compañía Limiar Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

5-11 de decembro de 2016

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 23 establecementos, e o petisco da Taberna 1931 foi o escollido.

10 de decembro de 2016

Na Igrexa de San Domingos tivo lugar un concerto da *Orquesta de Niños de la Sinfónica de Galicia (ONSG)***.** Foi organizado pola Orquesta Sinfónica de Galicia coa colaboración da Unidad Pastoral de Betanzos e do Concello de Betanzos.

11-21 de decembro de 2016

Ao longo destes días desenvolvéronse nos centros educativos da cidade diversos concertos, obradoiros e espectáculos nos que participaron o *Quinteto Rubato, Teatro del Andamio, As Driadas, Grupo de Metais Santa Cecilia*, *Les Croquettes*, grupo Valentín García Rodríguez e dos magos Javier Muro, Martín Camiña, Román e Rafa, organizados dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

13 de decembro de 2016

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

16 de decembro de 2016
Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.
16 de decembro de 2016
No Cine Alfonsetti tivo lugar unha actuación de música e tradicións da Asociación Cultural *Bolboreta Fiandeira*, organizada pola Asociación Cultural *Roxín Roxal*.
20 de decembro de 2016
A partir deste día puido visitarse na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.
22 de decembro de 2016
Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo celebrouse a I Gala do Deporte**,** organizada polo Concello, na que se recoñeceron varios deportistas e entidades locais destacadas no ano 2016.
22-30 de decembro de 2016
No edificio do Antigo Matadoiro tivo lugar *CREATAS, I Feira de arte independente*, organizada polos colectivos *arTeu* e *La Madriguera,* que contaron coa colaboración do Concello de Betanzos.

21 de decembro de 2016
A empresa *Viaqua de Galicia* fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinada a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten coma finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis». Recibiron a doazón o alcalde, Ramón García Vázquez, a concelleira de Servizos Sociais, María Barral, e voluntariado de Cruz Vermella.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema
O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

Publicación
Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato e soporte
Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións
Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma
A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores
Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*
Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto
Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.
Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.
As aspas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.
As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].
As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas
Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).
Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)
Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...
Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica,* v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do/a editor /a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega entrecomiñado», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología,* XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <http://hemeroteca.betanzos.net> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.

ESTE *ANUARIO BRIGANTINO* 2016, N. 39
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2017

Celestino Poza pintando no Pazo de Mariñán en abril de 2007.
Foto e composición de Alfredo Erias. *In memoriam*.